

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 118

Sesión plenaria
21 de marzo de 2023

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto 1. Comparecencia

1.1 51357 (11/CPP-000120)

Da conselleira do Mar, por petición propia, para avaliar as catro comunicacións en materia de pesca feitas o 21 de febreiro de 2023

Publicación da iniciativa, BOPG nº 467, do 15.03.2023

Punto 2. Mocións

2.1 51243 (11/MOC-000146)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana

Sobre a rexeneración dos bancos marisqueiros das rías (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 48403, publicada no BOPG núm. 446, do 1 de febreiro de 2023, e debatida na sesión plenaria do 7 de marzo de 2023)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 467, do 15.03.2023

2.2 51247 (11/MOC-000147)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia

Sobre a igualdade nos centros de ensino (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 47667, publicada no BOPG núm. 441, do 25 de xaneiro de 2023, e debatida na sesión plenaria do 7 de marzo de 2023)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 467, do 15.03.2023

2.3 51257 (E C.E. 51288) (11/MOC-000148)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia

Sobre a creación dun observatorio de igualdade de xénero no sector pesqueiro (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 30749, publicada no BOPG núm. 282, do 24 de febreiro de 2022, e debatida na sesión plenaria do 7 de marzo de 2023)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 467, do 15.03.2023



Punto 3. Propositions non de lei

3.1 45199 (11/PNP-003838)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa reparación dos danos causados polos incendios que se produciron en Galicia no mes de xullo de 2022

Publicación da iniciativa, BOPG nº 428, do 28.12.2022

3.2 46507 (11/PNP-003878)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Nóvoa Iglesias, Marta e seis deputados/as máis

Sobre a demanda que debe facer a Xunta de Galicia ante o Goberno central para garantir investimentos estratéxicos no sector téxtil en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 435, do 11.01.2023

3.3 49894 (11/PNP-004111)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e seis deputados/as máis

Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España respecto da reconstrución do viaduto do Castro, da autovía do Noroeste

Publicación da iniciativa, BOPG nº 458, do 22.02.2023

3.4 50396 (11/PNP-004156)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ojea Arias, Eduardo e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para presentar un informe respecto das cantidades executadas e os logros acadados co desenvolvemento das liñas estratéxicas do Pacto de vivenda de Galicia 2021-2025

Publicación da iniciativa, BOPG nº 461, do 01.03.2023

3.5 50721 (11/PNP-004190)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para aumentar os recursos humanos na área de saúde mental do sistema sanitario público, nomeadamente nas unidades infanto-xuvenís

Publicación da iniciativa, BOPG nº 465, do 08.03.2023

3.6 50946 (11/PNP-004210)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e dezaioito deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para manter a actividade e o emprego do Grupo Ganomagoga

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 465, do 08.03.2023



Punto 4. Interpelacións

4.1 6169 (11/INT-000413)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e dezoito deputados/as máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coa planta xudicial en Galicia.

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 59, do 09.12.2020

4.2 50359 (11/INT-002412)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e dous deputados/as máis

Sobre a aprobación do Consello de Informativos e o Estatuto profesional na Corporación de Radio e Televisión de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 461, do 01.03.2023

4.3 50750 (11/INT-002432)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e dous deputados/as máis

Sobre o mercado de traballo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 465, do 08.03.2023

Punto 5. Preguntas para resposta oral do residente da Xunta de Galicia

5.1 51348 (11/POPX-000099)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as medidas de axuda que ten previsto adoptar o Goberno galego para mellorar a situación económica actual da sociedade galega

Publicación da iniciativa, BOPG nº 467, do 15.03.2023

5.2 51355 (11/POPX-000100)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana

Sobre as previsións de solicitarlle ao Goberno central a retirada do Plan de Ordenación do Espazo Marítimo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 467, do 15.03.2023

Punto 6. Preguntas ao Goberno

6.1 51321 (11/PUP-000314)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Sanz Arias, Cristina e seis deputados/as máis

Sobre a valoración polo Goberno galego da falla de confirmación por parte do Goberno de España da financiamento e localización dunha fábrica de fibras téxtiles de Altri

Publicación da iniciativa, BOPG nº 467, do 15.03.2023



6.2 49925 (11/POP-007725)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e tres deputados/as máis**

Sobre as previsións do Goberno galego de iniciar o procedemento para declarar o monte do Gato como parque natural

Publicación da iniciativa, BOPG nº 458, do 22.02.2023

6.3 50456 (11/POP-007854)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e tres deputados/as máis**

Sobre a avaliación da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do impacto das infraestruturas do parque eólico Castro Valente no xacemento arqueolóxico do mesmo nome, en Padrón

Publicación da iniciativa, BOPG nº 461, do 01.03.2023

6.4 49162 (11/POP-007582)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Balseiro Orol, José Manuel e seis deputados/as máis**

Sobre a información da que dispón a Xunta de Galicia respecto de cando van estar en funcionamento os trens Avril e de cantos serán os que se destinen a Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 454, do 15.02.2023

6.5 50516 (11/POP-007863)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Freire Vázquez, María Begoña e nove deputados/as máis**

Sobre a situación na que se atopan os trámites necesarios para a execución da obra do novo Complexo Hospitalario Universitario da Coruña

Publicación da iniciativa, BOPG nº 465, do 08.03.2023

6.6 51341 (11/PUP-000315)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Gallego Sanromán, María Leticia**

Sobre o establecemento dunha liña de transporte público directa entre O Morrazo e os complexos hospitalarios do Meixoeiro e do Álvaro Cunqueiro

Publicación da iniciativa, BOPG nº 467, do 15.03.2023

6.7 50731 (11/POP-007888)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez López, Daniel e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir a continuidade do centro privado de educación especial Aspaber, situado na Brea, no concello de Carballo, que atende a comarca de Bergantiños e arredores

Publicación da iniciativa, BOPG nº 465, do 08.03.2023



6.8 51316 (11/PUP-000313)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Alfonso, Ramón**

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia para contribuír a unha saída negociada do conflito existente no almacén loxístico da empresa LIDL, no polígono Río do Pozo de Narón
Publicación da iniciativa, BOPG nº 467, do 15.03.2023

6.9 49674 (11/POP-007655)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Seco García, Martín e dous deputados/as máis**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia de construír un centro de atención residencial no concello de Ponteceso
Publicación da iniciativa, BOPG nº 458, do 22.02.2023



SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

Comparecencia da Sra. conselleira do Mar, por petición propia, para avaliar as catro comunicacións en materia de pesca feitas o 21 de febreiro de 2023. (Punto primeiro da orde do día.)

Intervención do Goberno: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo).* (Páx. 12.)

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sra. Otero Rodríguez (S)* (Páx. 19.), *Sra. Pérez Fernández (BNG)* (Páx. 22.) e *Sra. Egerique Mosquera (P).* (Páx. 26.)

Réplica do Goberno: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo).* (Páx. 29.)

A señora presidenta abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 33.) *Nesta rolda interveñen a señora Otero Rodríguez (S)* (Páx. 33.), *a señora Pérez Fernández (BNG)* (Páx. 35.), *a señora Egerique Mosquera (P)* (Páx. 37.) e *a señora conselleira do Mar (Quintana Carballo).* (Páx. 39.)

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Rosana Pérez Fernández, sobre a rexeneración dos bancos marisqueiros das rías. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Pérez Fernández (BNG).* (Páx. 42.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Torrado Quintela (S)* (Páx. 44.) e *Sra. Egerique Mosquera (P).* (Páx. 48.)

Nova intervención da señora Pérez Fernández (BNG). (Páx. 52.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noelia Otero Lago, sobre a igualdade nos centros de ensino. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Otero Lago (S).* (Páx. 54.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)* (Páx. 57.) e *Sra. Díaz Moureira (P).* (Páx. 60.)

Nova intervención da señora Otero Lago (S). (Páx. 63.)



Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Otero Rodríguez, sobre a creación dun observatorio de igualdade de xénero no sector pesqueiro. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Otero Rodríguez (S).* (Páx. 65.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. González Iglesias (BNG)* (Páx. 68.) *e Sra. Suárez Sarmiento (P).* (Páx. 71.)

Nova intervención da señora Otero Rodríguez (S). (Páx. 74.)

Votación das mocións

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Rosana Pérez Fernández, sobre a rexeneración dos bancos marisqueiros das rías: *rexeitada por 33 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 76.)

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noelia Otero Lago, sobre a igualdade nos centros de ensino: *rexeitada por 33 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 77.)

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Otero Rodríguez, sobre a creación dun observatorio de igualdade de xénero no sector pesqueiro: *rexeitada por 33 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 77.)

Suspéndese a sesión ás dúas da tarde e retómase ás catro e tres minutos.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María González Albert e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa reparación dos danos causados polos incendios que se produciron en Galicia no mes de xullo de 2022. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. González Albert (BNG).* (Páx. 77.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Rodríguez Dacosta (S)* (Páx. 81.) *e Sr. Armada Pérez (P).* (Páx. 84.)

Nova intervención da señora González Albert (BNG). (Páx. 87.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Marta Nóvoa Iglesias e seis deputados/as máis, sobre a demanda que debe facer a Xunta de Galicia ante o Goberno central para garantir investimentos estratéxicos no sector téxtil en Galicia. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 89.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Sanz Arias (P).* (Páx. 90.)



Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sr. Seco García (S) (Páx. 93.) e Sr. Fernández Alfonso (BNG). (Páx. 96.)

A señora Sanz Arias (P) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 100.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Balseiro Orol e seis deputados/as máis, sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España respecto da reconstrución do viaduto do Castro, da autovía do Noroeste. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 102.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. Balseiro Orol (P). (Páx. 103.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: Sr. Bará Torres (BNG). (Páx. 105.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: Sra. Otero Rodríguez (S). (Páx. 107.)

O señor Balseiro Orol (P) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 110.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Eduardo Ojea Arias e D^a Patricia Otero Rodríguez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para presentar un informe respecto das cantidades executadas e os logros acadados co desenvolvemento das liñas estratéxicas do Pacto de vivenda de Galicia 2021-2025. (Punto terceiro da orde do día.)

A señora presidenta (Candia López) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 112.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. Ojea Arias (S). (Páx. 113.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: Sra. Freire Vázquez (P). (Páx. 116.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: Sra. Fernández Gómez (BNG). (Páx. 119.)

O señor Ojea Arias (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 122.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e D^a Marina Ortega Otero, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para aumentar os recursos humanos na área de saúde mental do sistema sanitario público, nomeadamente nas unidades infantojuvenís. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 124.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. Torrado Quintela (S). (Páx. 125.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: Sra. Prado Cores (BNG). (Páx. 128.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: Sra. Rodríguez-Vispo Rodríguez (P). (Páx. 132.)

O señor Torrado Quintela (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 134.)



Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Pontón Mondelo e dezaoto deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para manter a actividade e o emprego do grupo Ganomagoga. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica que existe unha autoemenda do grupo autor da proposición non de lei. (Páx. 137.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. Fernández Alfonzo. (BNG). (Páx. 137.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sra. Castro Rey (S) (Páx. 141.) e Sra. Rodríguez Carrera (P). (Páx. 144.)

Nova intervención do señor Fernández Alfonzo (BNG). (Páx. 147.)

Votación das proposicións non de lei

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María González Albert e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa reparación dos danos causados polos incendios que se produciron en Galicia no mes de xullo de 2022: *rexeitada por 33 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 148.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Marta Nóvoa Iglesias e seis deputados/as máis, sobre a demanda que debe facer a Xunta de Galicia ante o Goberno central para garantir investimentos estratéxicos no sector téxtil en Galicia: *aprobada por 58 votos a favor, ningún voto en contra e 14 abstencións.* (Páx. 149.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Balseiro Orol e seis deputados/as máis, sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España respecto da reconstrución do viaduto do Castro, da autovía do Noroeste: *aprobada por 72 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 149.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Eduardo Ojea Arias e D^a Patricia Otero Rodríguez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para presentar un informe respecto das cantidades executadas e os logros acadados co desenvolvemento das liñas estratéxicas do Pacto de vivenda de Galicia 2021-2025: *aprobada por 72 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 149.)

A señora Rodríguez-Vispo Rodríguez (P) pide a palabra e intervén para solicitar a votación por puntos da proposición non de lei presentada polo G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do señor Torrado Quintela e da señora Ortega Otero (Páx. 150.). O señor Torrado Quintela intervén para posicionarse respecto desta solicitude. (Páx. 150.)



Votación do texto transaccionado dos puntos 1, 2, 3 e 4 da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e D^a Marina Ortega Otero, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para aumentar os recursos humanos na área de saúde mental do sistema sanitario público, nomeadamente nas unidades infanto-xuvenís: *aprobado por 72 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 151.)

Votación da Proposición non de lei, agás os puntos xa votados (1, 2, 3 e 4), do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e D^a Marina Ortega Otero, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para aumentar os recursos humanos na área de saúde mental do sistema sanitario público, nomeadamente nas unidades infanto-xuvenís: *rexeitada por 33 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 151.)

Votación do texto autoemendado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Pontón Mondelo e dezoito deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para manter a actividade e o emprego do Grupo Ganomagoga: *aprobado por 71 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 152.)

Suspéndese a sesión ás oito e dezanove minutos do serán.



Ábrese a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, polo que non procedemos á súa lectura.

Non hai xustificación de inasistencias e, sen máis, entramos na orde do día.

O punto primeiro é a comparecencia, neste caso, da conselleira do Mar, por petición propia, para avaliar as catro comunicacións en materia de pesca feitas o 21 de febreiro de 2023.

Comparecencia da Sra. conselleira do Mar, por petición propia, para avaliar as catro comunicacións en materia de pesca feitas o 21 de febreiro de 2023

O señor PRESIDENTE: Para dar conta desta comparecencia ten a palabra a conselleira do Mar, dona Rosa María Quintana Carballo.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Bos días.

Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, moi bo día a todos.

Comparezo hoxe nesta Cámara, por petición propia, para dar conta da que é a definitiva e desilusionante confirmación do desequilibrado medioambientalismo que na actualidade impera na Comisión Europea; un golpe de temón que puxo a política común de pesca ao servizo dun só dos tres piares que debe rexela. Isto quedou así de manifesto, no día de onte, na clamorosa fronte común dos vinte e sete países do Consello contra os plans da Comisión.

A deriva ambiental da que falo obvia as dimensións sociais e económicas da pesca. Esta quedou marcada, nun primeiro momento, pola veda ás artes de fondo nas 87 zonas decretadas por Bruxelas. Este veto, en vigor desde o pasado mes de outubro, respondía a unha decisión totalmente arbitraria, sen xustificación científica de ningún tipo e sen a análise de impacto sobre a frota; un veto do que se reclamou non só a revisión, senón a suspensión e a retirada. Pero, ante o nulo interese da Comisión Europea nos efectos das súas decisións sobre os nosos pescadores, Galicia actuou man a man xunto con expertos xuristas e co sector. Definimos así unha folla de ruta de intenso traballo co obxectivo de tombar estes vetos pola vía xudicial.

Metidos de cheo aínda neste proceso, o pasado 21 de febreiro de 2023, a Comisión Europea presentaba a súa propia folla de ruta, pero co obxectivo contrario: o de eliminar a pesca de fondo con artes móbiles —como o arrastre— de todas as zonas mariñas protexidas da Unión Europea para 2030. Catro foron os documentos que presentou hai exactamente un mes o



comisario europeo de Medio Ambiente, Océanos e —perdoen que o poña cada vez máis en dúbida— de Pesca, Virginijus Sinkevičius.

Son estes tres que aquí lles traio —unha avaliación da política pesqueira común; outra sobre a organización común de mercado dos produtos da pesca e da acuicultura; un plan de acción para protexer e restaurar os ecosistemas mariños para unha pesca sustentable— e unha estratexia para a transición enerxética do sector pesqueiro da Unión Europea. Dos catro deixo copia ao presidente. *(A señora conselleira do Mar, Quintana Carballo, déixalle unha serie de documentos ao presidente.)*

Desde o mesmo momento en que se deron a coñecer as comunicacións en Bruxelas, realizáronse as primeiras análises de urxencia desde a Dirección Xeral de Pesca e encargouse un informe aos expertos da Fundación MarInnLeg. Tamén se convocou, para abordar a estratexia antiarrastre da Unión Europea, o Consello Galego de Pesca. O encontro foi celebrado o pasado 6 de marzo.

As conclusións ás que chegamos son claras: queda máis que patente que a proposta de Bruxelas pon definitivamente o aspecto ambiental por riba, e como guía, da política pesqueira común. E deberían estar ao mesmo nivel e en igualdade a actividade extractiva e o medio ambiente. Estas dúas son políticas ao mesmo nivel, algo que parece obviar o comisario Sinkevičius. Estamos ante unha proba máis do mundo desconectado da realidade no que están instalados certos departamentos da Comisión Europea; unha perspectiva que ignora a importancia crecente dun sector económico e socialmente fundamental para a Unión Europea; un sector que fornece de alimentos a sociedade e que traballa de forma responsable e sostible.

Señorías, a proposta de revisión da política pesqueira común é incoherente porque articula medidas sen ter datos ou demanda avaliacións posteriores. É incompleta porque carece de análises de moitos aspectos que inflúen de forma significativa no sector, como os factores ambientais non provocados polo home ou a dimensión internacional da pesca. É ineficaz porque carece de medidas tanxibles, realistas e aplicables para avanzar en serio nos problemas que ten o sector e a política común de pesca. É inxusta porque carga sobre os ombreiros do sector novos pasos e sacrificios namentres que reparte as medallas dos logros que se conseguiron entre as xentes do mar e a sociedade e, en xeral, a Administración. É inconexa porque fala de que as accións ambientais para protexer os recursos provocaron a existencia de mercados sostibles e eficientes, ademais de estables. Pero non foi así. Sufriuse a incoherencia coas políticas comerciais da Unión Europea que romperon parte do *level playing field*, da igualdade de condicións, cos produtos que chegan doutros mercados, unha igualdade que vimos exixindo nos últimos anos.

Esta proposta de revisión está feita sen autocritica nin medidas de corrección da política pesqueira común, baseándose en posturas —como dixen— incoherentes. Algúns exemplos:

O caso dos descartes, no que segue falando de posta en común do problema entre sectores científicos sen achegar solucións nin abordar a verdadeira orixe do problema.

O caso da gobernanza, no que fala da importancia dos consellos consultivos e do seu asesoramento, e, en cambio, vemos como unha e outra vez a Comisión Europea ignora as súas propostas e as súas opinións.



O caso da petición de transparencia, unha cuestión que piden para a asignación de cotas en cada Estado membro pero que eles non citan sequera —na análise dos efectos do *Brexit*— na determinación das cotas compartidas co Reino Unido e con outros Estados.

O caso da demanda de información e da aplicación da ciencia, cuestión que ignoran cando se apunta que non se deben pospoñer medidas por falta de datos.

O caso da defensa da seguridade alimentaria dos produtos locais, cando recorta a capacidade pesqueira europea e deixa aberta a porta a produtos de importación sen facer referencia á igualdade de condicións que debe rexer para aquilo que chega de fóra das nosas fronteiras.

E o caso máis grave é o total desprezo polo aspecto social. Este aspecto da actividade pesqueira e acuícola debería ser clave, e de feito no documento menciona o social, pero faino de pasada só en dúas ocasións nas 21 páxinas; e sen medidas tanxibles, proactivas e dotadas de efectividade.

Fala de claves para facer atractivo o sector para os mozos que carecen de sentido ou influencia real, como a mellora da eficiencia enerxética, a minoración da pegada de carbono ou o emprego de artes sostibles. Deixa, en cambio, para ao final, coma se non fose esencial, a seguridade e mellora do benestar a bordo.

Tamén fala de apostar o futuro á diversificación da economía azul e a desenvolver novos negocios de base tecnolóxica, pero non apunta en ningún momento cara a conservación da estrutura pesqueira e acuícola preexistente como sustento de futuro. Fala de adecuar os barcos mediante o investimento privado, e sempre dentro dos niveis de frota que cada Estado membro ten dispoñibles, polo que contrapón esta situación de «arránxate ti mesmo como poidas» á remisión constante aos fondos europeos para adoptar medidas ambientais.

Fala do social, e só un reto dos oito que se marca —o da remuda xeracional— aparece como cuarto piar, pero por detrás de cuestións como o cambio estrutural cara á defensa do medio ambiente ou a mellora da eficiencia enerxética. Resulta tamén incoherente que o último reto sexa que o Comité Científico Técnico e Económico da Pesca forneza de indicadores socioeconómicos para mellorar a xestión da pesca, porque o fai como elemento de futuro e non propugna que se dispoña deles *a priori* e antes de aplicar medidas de gran calado como estas propostas que elaborou.

No que ten que ver co futuro da política pesqueira na Unión Europea resérvase como gran papel dos pescadores o de servir de *steward*, é dicir, gardiáns ou maiordomos do mar, algo que supón unha falla de respecto ante a xente que se preocupa polo mar pero que tamén se ocupan no mar e deben poder vivir del. Ademais, semella que o gran proxecto desta proposta de revisión da política pesqueira común é o pacto polos océanos e a pesca, un suposto gran paso que carece de fundamentos prácticos e tanxibles. Fala de obxectivos xenéricos e de cuestións sen aplicación a curto prazo ou ligados a problemas existentes e reais. Este pacto é tamén basicamente ambiental, pois fala de buscar sinerxías coa natureza, reducir o impacto no medio mariño e minorar o emprego de recursos por parte da pesca e da acuicultura. Tamén desatende os ámbitos sociais e económicos, xa que fala de facer o sector sustentable



e resiliente, algo ao que non lle quedou máis remedio, pero sen falar do necesario rendemento que debe ter en termos de actividade económica.

O pacto preconiza o emprego da tecnoloxía pero de novo o fai dunha forma sectaria. A aposta tecnolóxica de Bruxelas lígase a cuestións como a selectividade das artes de pesca, a transición enerxética e a diversificación a través da economía azul. Ademais, baséase en cuestións xa en marcha e que deberían ser xa parte do presente e non relegadas ao futuro. Entre elas, a cogobernanza entre o sector e a Administración —e a transparencia desta—, o cumprimento da normativa como elemento de sustentabilidade e a aplicación da I+D+i como elemento de competitividade cara ao futuro. Con todos estes fundamentos e sen plantexar medidas prácticas, podemos dicir que esta ferramenta non será útil nin resolve problema ningún, estando moi lonxe do que o sector marítimo-pesqueiro galego expresou e demandou no seu ditame sobre esta revisión.

Os dous grandes bloques que o comisario Sinkevičius engadiu á revisión da política pesqueira, anunciados como medidas de futuro, tamén se limitan ao piar ambiental: o Plan de acción para protexer e restaurar os ecosistemas mariños e a transición enerxética no sector da pesca e da acuicultura. O plan de acción é o que máis afecta o sector da pesca e a máis curto prazo, potenciando e elevando a un novo nivel o veto nas 87 zonas para protexer os ecosistemas mariños vulnerables. Constitúe un torpedo contra a liña de flotación da frota do arrastre. Esta estratexia centra os obxectivos en recuperar a biodiversidade e loitar contra o cambio climático sen dicir como ou por que pode axudar a limitación do arrastre a acadalos.

Os obxectivos concretos do plan da Comisión Europea estarían sustentados na protección do 30 % dos océanos e albíscase tamén a restauración do 30 % do espazo oceánico degradado. Ocorre, como pasou co veto das 87 zonas ás artes de fondo, que carece de datos; mesmo se recoñece que non se achegan porque falta información sobre o impacto da actividade pesqueira sobre os hábitats e as especies.

É sorprendente que mesmo se remite a fundamentación das medidas a un estudo que realizará o ICES, e que se presentará a finais de 2023. Como elementos clave desta proposta figuran a loita contra a liberación de anhídrido carbónico fixado no substrato mariño que hipoteticamente faría o arrastre e a influencia que tería esta arte para pór en risco a sustentabilidade dos caladoiros e a disposición de pesca a longo prazo. As dúas cuestións non están probadas e carecen de sustento.

Con todo, Bruxelas non move un ápice o seu punto de mira sobre o arrastre e pretende que se prohiba ou que, polo menos, se minore —nas zonas mariñas protexidas, tanto actuais como naquelas de nova creación, no ano 2030; e no 20 % dos espazos mariños de cada Estado membro xa en 2024—. Para acometer este drástico cambio, non valorado nin estudado como é debido e ilexítimo, postúlanse os apoios á I+D+i dos Estados e do FEMPA a través das medidas ambientais ligadas coa economía azul.

No plano ambiental, o Plan de acción define tres novas reviravoltas:

A primeira, aplicando novas medidas técnicas orientadas cara a unha maior selectividade e un menor impacto dos aparellos no fondo, e basean esta nova adecuación nunha demanda



de informes ao Comité Científico, Técnico e Económico de Pesca sobre as tallas de pesca, a mellora dos aparellos e as especies en perigo. O caso é que este órgano non ten capacidade técnica neste plano.

A segunda, cuantificando os servizos ecosistémicos do medio mariño, que se orienta a contrapoñer o seu valor e a perda provocada pola pesca. O problema é que se pretende aplicar mediante análises e informes do ICES, do ETECF, da Axencia Europea do Medio Ambiente e da Rede Europea de Observación e Datos Mariños —que son todos eles incapaces de determinar con exactitude a batimetría das 87 zonas vedadas no Atlántico— o estado dun recurso. Parece imposible, polo tanto, que vaian poder aportar un dato tan complexo como aquí se lles demanda.

A terceira, estimulando a demanda de peixe sustentable para poñer en valor aqueles produtos do mar con menor pegada de carbono e menor impacto no medio mariño na súa captura ou produción. A base desta proposta é a boa consideración das etiquetas privadas que certifican esta sustentabilidade, pero facendo constar que deben revisarse para evitar falsos marchamos verdes. Desde Galicia entendemos que sería mellor que se definise e puxese en marcha unha etiqueta pública que certificase aqueles produtos que cumpren as normas europeas, pois entendemos que as normas da Unión Europea son garantes da sustentabilidade desta actividade.

O último dos documentos é o Plan para a transición enerxética, que centra os seus obxectivos, na pesca e na acuicultura —no que é xenérico—, na neutralidade da emisión de carbono en 2050, e outro máis específico que pasa por reducir un 15 % o fuel empregado por cada quilogramo de produto do mar extraído en 2030. Preténdense empregar con este fin todos os medios dispoñibles, desde a capacidade de deseño dos propios estaleiros á capacidade da ciencia para determinar medidas e as achegas do sector pesqueiro.

Tamén se menciona a implicación das sinerxías xeradas desde áreas como as enerxías renovables mariñas. O camiño para acadar estes obxectivos enerxéticos no mar estaría centrado en dúas vías: a redución do consumo e a mellora da eficiencia enerxética mediante a aplicación de medidas xa coñecidas —como a evolución das formas dos buques, o emprego de bulbos hidrodinámicos ou hélices de maior impulso, entre outras— e o cambio e disposición de novas enerxías, a maior parte das cales ten pendente constatar a súa aplicabilidade xeral e a súa viabilidade técnica e económica a gran escala —amoníaco, hidróxeno, vela ou placas solares—.

O que nos están a propoñer é chegar ao barco do futuro. O sorprendente é que o fan sen definir o «como» e tamén había que pensar no «para que» investir en novas embarcacións visto o marco pesqueiro tan restritivo que se está a promover desde Bruxelas. Entenden desde a Comisión Europea que existen problemas que solucionar pero que nos presentan como xa resoltos. Se o tamaño dos buques dificulta incorporar novos motores, a solución pasa por construír barcos con tonelaxe sobrannte en cada Estado membro. Se hai problemas co financiamento, pódense cubrir coas ferramentas que o Fempa dispón para a mellora enerxética e as obras a bordo. Se non existen estímulos para facer cambios nos medios de motorización ou outros máis verdes, pois pódense motivar eses intereses con medidas como a



Directiva de taxa na enerxía, que axudaría a saír do uso de combustibles fósiles gravando estes últimos. Resulta, cando menos, pouco serio que se pretenda impulsar estas transformacións e adaptacións das embarcacións sen ofrecer ningún tipo de apoio adicional aos ordinarios e sen máis incentivos que o castigo a través de taxas para que non se utilice este combustible.

Como motor do avance neste eido promóvese o plan da Unión Europea cara ao 2050, que se basea en 27 medidas e 4 áreas xerais de actuación: a gobernanza e coordinación do sector e a Administración, o uso da tecnoloxía e a I+D+i, a formación e o coñecemento e o financiamento. Como clave, dende Bruxelas postulan a Asociación para a Transición Enerxética na Pesca e na Acuicultura, onde non figura nada tanxible en canto a avances prácticos, só a discusión e a unión de forzas. Inclúe propostas como conferencias, declaracións, consultas, plataformas, estudos ou recompilación de datos.

Recapitulando, para saber ao que nos enfrontamos, dende Bruxelas estannos a reclamar que se aborde a conservación da biodiversidade e a mellora do estado dos océanos a través da política común de pesca e de ferramentas conexas a ela baseadas na loita contra a contaminación e a minoración do lixo mariño, na loita contra o cambio climático, pero sen abordar liñas xerais para outros sectores con implicación no medio mariño, e na minoración e a reversión da perda da biodiversidade, pero sen citar qué parte deste proceso ten causa na pesca. O gran paradoxo de todo isto é que pretenden mellorar a seguridade alimentaria e o benestar dos pescadores na Unión Europea, pero non sabemos como, porque as medidas que propoñen van xustamente na dirección contraria.

Con menos novidades preséntase o informe sobre o funcionamento da Organización Común de Mercados no relativo aos produtos da pesca e da acuicultura. É fundamentalmente un balance positivo que se pode compartir en maior ou menor medida. E digo isto porque non afonda en que é fundamental garantir a equidade e idénticas regras de xogo fronte a outros mercados. A nosa xente do mar ten que poder defender e poñer en valor os seus produtos en igualdade de condicións. Aos terceiros países hai que esixirilles as mesmas condicións e normas de comercialización para non prexudicar a competitividade da nosa frota, máxime cando hoxe en día o 70 % dos produtos pesqueiros que consome a Unión Europea proceden do exterior. Non sobra, polo tanto, ningunha man nin ningún barco á hora de contribuír a alimentar o vello continente.

Estamos ante unha sorte de novo despotismo ilustrado adaptándoo aos nosos mares: todo para os pescadores pero sen os pescadores. Non imos permitilo, porque ese fundamentalismo ambiental que se esquece das persoas que viven do mar choca tanto fronte ao espírito comunitario como coa lexislación europea en vigor. Por iso, a primeira lectura quixémola facer no seo do Consello Galego de Pesca co informe dos expertos xuristas da Fundación MarInnleg que nos acompañaron tamén na batalla legal contra o veto ás 87 zonas.

No encontro do pasado día 6 trasladouse ao sector que as comunicacións que lanzou Bruxelas en febreiro e se puxeron sobre a mesa onte no Consello de Ministros de Pesca da Unión Europea en Bruxelas non teñen rango normativo; polo tanto, para que saian adiante terán que plasmarse nun desenvolvemento lexislativo posterior. Non obstante, o estudo preliminar de



MarInnleg indica que as directrices elaboradas polo executivo comunitario contan con numerosas eivas; entre elas, que non se pode considerar que a eliminación de artes como o arrastre nas áreas mariñas protexidas sexa gradual, non en van establece que ten que ser, a máis tardar, en 2030, pero xa poñen certas restricións dende o 2024. Estamos a falar, señorías, do próximo ano. Os xuristas tamén advirten de que semella que nestas propostas non se tivo en conta que os investimentos en buques de pesca son cuantiosos e que as súas amortizacións requiren prazos amplos, polo que estas limitacións inminentes supoñen un importante prexuízo para as empresas do sector.

E, máis alá da deriva ambientalista, as comunicacións enviadas desde Bruxelas deixan entrever que non se prevé modificar a política pesqueira común ante os múltiples retos que sería necesario abordar, eses retos que defende Galicia —desde a remuda xeracional á obriga de desembarque, pasando pola igualdade de condicións entre as distintas frotas, entre outras moitas cuestións—. Todo o anterior fai que sexa imprescindible a creación dunha fronte común forte a nivel europeo contra as pretensións da Comisión Europea, estas pretensións de restrinxir en augas comunitarias artes de pesca como o arrastre. Non podemos permitir que acaben saíndo adiante decisións arbitrarias e inxustificadas como o veto á pesca de fondo aprobado o ano pasado.

Imos actuar e facer un intenso labor propio e tamén apoiar a busca de aliados por parte de España noutros países con intereses pesqueiros. O obxectivo será o de tratar de frear a posible posta en marcha de normativas desde Bruxelas que lle permitan executar os seus plans. Involucraremos os eurodeputados que defenden o sector e recolleremos a posición galega nun manifesto que denuncie esta nova ameaza, porque a Comisión volve obviar a forma correcta de facer as cousas.

No veto vixente recorrido por España ante o Tribunal de Xustiza de Luxemburgo e tamén polos armadores de Burela —aos que acompañamos como parte coadxuvante— Bruxelas fixo un pleno en negativo; primeiro, ao pasar por alto os métodos de observación, mostraxe e análise para cuantificar con base científica o estado ambiental dos hábitats do fondo mariño, e, segundo, porque tomou unha decisión arbitraria na que esqueceu unha das máximas da política pesqueira común, a que di que calquera acto legislativo ten que ser coherente coas implicacións socioeconómicas da actividade nestas zonas.

Señorías, hai tres alicerces que deben sustentar a política pesqueira: o medioambiental, o social e o económico. E imos demostrar que a súa compatibilidade non só é factible, é imprescindible.

Agardamos contar con todas e todos vostedes na defensa do noso sector pesqueiro para que, lonxe de calquera sigla, sirvamos como o seu altofalante desde esta Cámara, desde as Cortes e desde a Eurocámara para que nos escoiten ben claro na Comisión. Imos poñer en valor que Galicia sabe a mar porque os seus profesionais respectan os océanos, e a defender que do mar ten que poder vivirse. ¡Comisario Sinkevičius, do mar vívese!

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

Grazas, conselleira.



Rolda dos grupos parlamentarios.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Bos días.

Benvida, conselleira.

Vaia por diante que nós tampouco compartimos o enfoque xeral do plantexamento da Comisión Europea con estas catro propostas normativas que están enriba da mesa. De feito, o propio ministro Planas onte, no Consello Europeo de Ministros de Pesca, deixou patente esta oposición de España a estas decisións; e, sobre todo, a como se pretenden levar adiante. Vostede facía referencia á busca de aliados doutros países. Niso tamén se traballou onte e os días anteriores a ese consello de ministros de pesca.

Vostede dicía que a Xunta de Galicia vai actuar. E, claro, temos moi recente un exemplo con ese veto da Comisión Europea á pesca de fondo. E, permítame, señora conselleira, pero nós, dende o meu grupo, consideramos que foron moitos titulares de prensa pero poucas actuacións concretas por parte da Xunta de Galicia. É preciso pasar das palabras aos feitos. E tamén agora con estas novas propostas da Comisión Europea. Quero recordarlle, señora conselleira, que, cando se facía pública esa inminente entrada dese veto da Comisión Europea á pesca de fondo, vostede, nomeadamente, dixo que a Xunta de Galicia presentaría o recurso ante a xustiza europea independentemente do que fixese o Goberno de España. Posteriormente recuaron e dixeron que presentarían ese recurso única e exclusivamente se non o presentaba o Goberno do Estado. Aí está o recurso presentado polo Goberno do Estado. E posteriormente vostedes dixeron que irían como parte coadjuvante no que presentase o propio sector. Vostede sabe que o PP de Burela presentou ese recurso en decembro —que foi publicado o seis de febreiro de 2023—, e na propia páxina da Xunta de Galicia facían referencia a que a Xunta de Galicia tiña de prazo ata o 20 de marzo —ou sexa, ata onte— para poder actuar como parte coadjuvante. Pero nada máis soubemos desa actuación. E queremos hoxe saber se vostedes, que facían referencia a ese prazo do 20 de marzo, cumpriron esa última promesa que fixeron e se participan e van acompañar o sector como parte coadjuvante nese recurso. *(Aplausos.)*

Dende logo que nós compartimos a preocupación ambiental que pode haber, pero, dende logo, esa preocupación medioambiental ten que estar compartida tamén coa económica e coa social. E botamos tamén de menos neses documentos que presenta a Comisión Europea unha análise socioeconómica do conxunto das propostas. Ademais, vostede tamén facía referencia a que parece centrarse moito en cuestións só, case só, medioambientais, pero o sector, dende logo, precisa medidas máis ambiciosas —como vostede tamén dicía— que dean resposta a retos tan importantes como temos por diante, como a rendibilidade económica do sector, o relevo xeracional ou outros aspectos sociais.

A pesca tamén xoga —consideramos nós— un papel fundamental na seguridade alimentaria. Os pescadores teñen que poder seguir faenando, xa que nos provén dunha proteína de cali-



dade e, dende logo, eles son os que están máis comprometidos co mantemento da biodiversidade mariña. Por iso nós tamén lamentamos a cualificación que fan por parte da Comisión Europea da arte de arrastre de fondo como destrutora do fondo mariño. Consideramos, ademais, que existe unha variedade importante de prácticas de arrastre que merecen analizarse dunha forma máis rigorosa e que non o está a facer a Comisión Europea

Non obstante, noutros dos documentos que presenta a Comisión Europea valoramos o documento sobre transición enerxética, posto que recolle os principios xerais que hai que ter en conta para levar a cabo a transición enerxética na pesca e na acuicultura. Resultará moi útil a identificación das barreiras que van dificultar o avance de ambos sectores cara a ese obxectivo, pero tamén botamos en falta que non sexa máis ambicioso, que non teña máis financiamento, para poder acadar estes obxectivos. Pero debemos de efectuar —sobre todo a Comisión Europea debe efectuar— unha profunda reflexión sobre a limitación da capacidade, xa que supón unha dificultade adicional á implantación de alternativas tecnolóxicas existentes que favorezan a eficiencia enerxética da frota e a súa descarbonización.

As propostas —como ben dicía vostede— terán que ser agora discutidas e negociadas nas correspondentes institucións comunitarias antes de converterse en textos xurídicos. Polo tanto, hai moito traballo por diante. Aí a unidade e a busca de alianzas é fundamental. E preocúpanos moito tamén a nós ese calendario de prazos que se plantexa. A verdade é que vostede falaba de que se fai referencia ao ano 2030, pero algunhas medidas xa se queren implantar no ano 2024. Polo tanto, queda moito traballo por diante para modular e equilibrar esas medidas propostas. E, xa que vostede pedía o apoio, aquí terá tamén o apoio do PSdeG para defender a nosa frota de arrastre. *(Aplausos.)*

Como dicía vostede, onte tivo lugar ese consello de ministros de pesca e a posición do Goberno de España é clara. Non comparte tampouco ese enfoque xeral. E hai cuestións coas que está —e nós tamén estamos dende o PSdeG— totalmente en desacordo, como é con esa estigmatización, esa demonización, do arrastre de fondo, así como tamén con esa cronoloxía que nós consideramos precipitada, pouco realista, para tomar decisións de tan fondo calado. Ademais, vólvese carecer dese respaldo do traballo científico sólido e dunha análise precisa do impacto socioeconómico.

Tamén nos preocupa —vostede dicíao na súa intervención— que hai que ter en conta que as dúas terceiras partes dos produtos da pesca que se consomen agora en Europa proceden de terceiros países, cuns criterios de sostibilidade moi diferentes aos que se aplican aquí en Europa, e sobre todo en España e en Galicia. E cremos que estas medidas que propón a Comisión Europea aínda abrirán máis a porta a que poidan entrar eses produtos de terceiros países.

Creo que temos argumentos sólidos para poder defender ese efecto positivo da pesca de arrastre de fondo en España, porque dende hai décadas España apostou polo arrastre de fondo como unha arte de pesca sostible e prohibiu expresamente o arrastre peláxico, ou semipeláxico, que practican as frotas doutros países, doutros Estados membros, polas maiores implicacións negativas que isto supón para a captura de especies peláxicas como o atún branco, así como polo evidente maior nivel de interacción con mamíferos mariños. De feito, o arrastre de fondo céntrase en especies cun maior valor engadido, que son o motor social e



económico da gran maioría de portos e lonxas da nosa comunidade costeira —que se verían enormemente afectados e impactados pola súa desaparición—. Ademais, esta actividade xa se atopa moi limitada a nivel espacial nas augas españolas, xa que non se pode levar a cabo, por exemplo, en fondos menores de cen metros no Cantábrico e noroeste, en fondos menores de cincuenta metros no golfo de Cádiz, ademais de que non se permite que se exerza en profundidades superiores a oitocentos metros por regulamento comunitario.

Xa se atopa limitado a nivel espacial —como dicía— e tamén a nivel técnico. Tanto a nivel comunitario como a nivel nacional prohibese o uso de sistemas deseñados para o seu emprego en fondos rochosos e arrecifes, polo que só resulta práctico empregalo en fondos brandos, areosos ou fangosos, xa que nos primeiros non resultaría factible porque a rede rompería. E por iso, por esa causa, o impacto do Regulamento de execución polos ecosistemas mariños vulnerables da Comisión Europea sobre a frota española de arrastre de fondo é moi baixo ou case nulo. Polo tanto, nos fondos onde é factible faenar para o arrastre de fondo lévase facendo décadas —e incluso séculos—. Son fondos que contan cunha riqueza biolóxica inferior a outros pero que se mantén intacta en gran medida despois de todo este tempo. E non existe, ademais —porque parece que en Europa pois non o teñen en conta—, un contacto constante co fondo desta arte de pesca, senón fluctuante, para moitas das pesqueiras polas súas especies obxectivo. Proba diso é a situación dos recursos explotados por esta modalidade, que están en boa situación biolóxica a gran maioría ou en situación de mellora noutras especies. Polo tanto, o efecto do arrastre de fondo sobre os ecosistemas areosos ou fangosos non resulta prexudicial para o medio mariño porque se produce incluso una renovación do dito medio, que beneficia a toda a comunidade biolóxica e ao ecosistema, incluíndo outras actividades produtivas como a acuicultura de organismos filtradores que se desenrola nalgunha das zonas relativamente cercanas.

A introdución en moitos casos —porque o propio sector está comprometido— de innovacións técnicas, como o incremento das luces de malla ou o uso das portas voadoras, por parte de decenas de arrastreiros españois, está a supoñer un menor gasto de combustible e un maior control na interacción da arte co fondo mariño —aínda máis, se cabe, en comparación coas portas de arrastre tradicionais—. Existen tamén determinadas especies pesqueiras de gran impacto e valor nutritivo e gastronómico que non poderían estar dispoñibles para os consumidores por seren capturadas, case exclusivamente, con esta técnica do arrastre de fondo, como crustáceos e tamén determinados peixes. Sen a actividade de arrastre de fondo, polo tanto, tamén se pon en serio risco, nun risco moi evidente, a soberanía alimentaria.

Tamén falaba vostede dese documento relativo á política pesqueira común que presenta a Comisión Europea, que, en vez de propoñer unha reforma, nós cremos que abandonan esa idea de propoñer unha reforma da política pesqueira común, o que nós compartimos que é necesario abordar. Optan por profundar en aspectos medioambientais da actividade, que se converteron —aí coincidimos con vostede— no eixe central da súa aposta para a futura política pesqueira común —no eixe central das institucións comunitarias—. Esta prioridade deixa de lado, ou nun segundo plano, as cuestións económicas e sociais, que son os outros dous piares nos que debe sustentarse a política pesqueira común, cun necesario equilibrio entre os tres piares, ¿non? Polo tanto, de abordar retos como o relevo xeracional parece que se olvidan. A renovación e modernización da frota abórdana só nun dos aspectos. Non teñen



en conta as dificultades para manter a rendibilidade e a competitividade da actividade fronte a competidores de terceiros países e non teñen en conta a necesidade de garantir as condicións sociais e de emprego adecuadas. Polo tanto, reclamamos una visión construtiva, máis equilibrada, máis estratéxica, para conquistar un sector pesqueiro rendible, moderno, eficiente e sostible.

E, despois, no tocante aos outros dous informes, o Informe de funcionamento da Organización Común de Mercados...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: ...e a proposta sobre a descarbonización —e remato, presidente—, aínda que dicía que na proposta sobre descarbonización compartiamos algunha das liñas, botamos en falta nestes dous documentos que non sexan máis ambiciosos e que non sirvan realmente —sobre todo, no funcionamento da Organización Común de Mercados— para facer unha defensa férrea do produto pesqueiro comunitario, un apoio tamén ás organizacións de produtores e, dende logo, que poidamos limitar esa entrada de produtos con menos criterios medioambientais de terceiros países.

Polo tanto, queda moito traballo por diante antes de que se convertan en normas xurídicas. Dende logo, ao PSdeG vaino ter ao seu carón para traballar e defender o arrastre de fondo. Así o fixo onte o ministro Planas...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: ...no Consello de Ministros de Bruxelas.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE: Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Pérez Fernández.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Bo día, presidente, moitas grazas.

Bo día a todos e a todas.

Señora conselleira, bo día. Benvida outra vez.

Felicitámonos, señora conselleira, de que tomase nota das recomendacións que lle fixemos no último pleno e que veña comparecer aquí en concreto sobre este tema. Porque, se lembra vostede, citámoslle naquel momento —é dicir, hai apenas quince días— unha chea de cousas que pasaron no sector do mar desde hai cinco meses, que foi a última vez que vostede viñera comparecer aquí, e consideramos que sempre se está a tempo de rectificar. Agardamos, en todo caso, que siga tomando nota das nosas propostas, porque sempre son construtivas.



Por certo, aproveitamos —á parte destes catro informes que lle deixou ao señor presidente, que agardamos que nos pase copia— para pedirlle tamén o informe da Fundación, que presentaron no Consello Galego de Pesca. Porque logo vémonos obrigados a solicitar estas cousas polo artigo 9 e esperar meses a que nolas envíen. Entón, agardamos e sentimos, lamentamos, que non o trouxese xa con vostede e llo deixase ao presidente.

Ben, hoxe comparece, efectivamente, por un deses temas que nós lle citabamos no pleno anterior, e que non é nin máis nin menos que outra agresión, outra ofensiva —van tantas xa, ¿verdade?—, da Unión Europea ao sector pesqueiro galego; un sector que foi o máis potente no seu día —xa non o é, por desgraza— da Unión Europea, pero que segue a ser aínda dentro do Estado o máis potente, a pesar de todos os esforzos duns e doutros para minguar este sector e para incluso —case diría— destruílo.

En febreiro —como vostede dixo— a Comisión anunciou este paquete de medidas que, de se aprobaren finalmente, supoñerían realmente o toque definitivo, o toque de graza... Bueno, definitivo non, porque a verdade é que, efectivamente, a pesca galega, o sector pesqueiro galego, é iso que agora está tan de moda dicir, é resiliente; e, polo tanto, efectivamente, seguramente as superaría, pero, evidentemente, quedando con moitísimas menos unidades das que ten na actualidade, o que se suma a todas as que veu perdendo en todos estes anos.

Ben, neste paquete de medidas —como xa vostede explicou e, polo tanto, non me vou deter moito— estamos a falar, efectivamente, dunha descarbonización da frota, e nestes momentos non existen alternativas, e tampouco —incluso vostede o acaba de recoñecer— se contempla ningún tipo de financiamento precisamente para empezar a ver a luz ou emprender ese camiño da tan cacarexada descarbonización da frota.

Estamos a falar tamén dunha PPC que, efectivamente, non se quere reformar. Por certo, ¡quen os viu a vostedes e quen os ve co tema da política pesqueira común!, ¿verdade? ¡Quen os viu e quen os ve! Todo o que dicía o Bloque Nacionalista Galego ou moitas das cousas das que dixo aquí o Bloque Nacionalista Galego a respecto da política pesqueira común durante anos veñen a ser recollidas, practicamente —non todas, evidentemente—, agora na súa intervención. Xa digo, xa dixen antes, que sempre se está a tempo de rectificar. Se nos fai caso a nós, señora conselleira, estou segura de que a defensa do sector pesqueiro vai ser moito máis contundente do que é.

Pois, efectivamente, vénse falar dunha política pesqueira común que non se quere reformar. E, se non se quere reformar, o que significa para o sector pesqueiro galego é que imos seguir, desgraciadamente, perdendo buques e perdendo, polo tanto, empregos, ¿verdade?, neste sector. Estamos a falar da Organización Común dos Mercados, da que en realidade pouco se fala, e estamos a falar —que é do que máis se está falando neste momento— dun plan de acción. Bueno, ¿e que pretende este plan de acción? Pois pretende, polo visto, protexer e restaurar os ecosistemas mariños para unha pesca sostíbel, e propón protexer o 30 % das augas europeas de aquí a 2030. Pero, como vostede tamén dixo, e apurando xa de cara ao 2024, xa se lles está pedindo aos Estados membros que, en fin, definan as áreas onde se levaría a cabo, cando menos, o 20 % desa protección.



Ben, todo isto son recomendacións, efectivamente. Pero, a pesar de ser recomendacións, e vistos os antecedentes das actuacións da Unión Europea e dalgúns grupos tamén no Congreso dos Deputados e neste mesmo Parlamento, xa provocaron o rexeitamento de todo o mundo, ¿non? Provocaron o rexeitamento do Goberno do Estado, provocaron o rexeitamento da Xunta, do Consello Galego de Pesca, do propio sector, evidentemente, e incluso, señora conselleira, provocaron o rexeitamento deste Parlamento —e onte mesmo no Consello de Ministros de Pesca—. Non sei se sabe que na Comisión 8ª a semana pasada aprobamos unha iniciativa do Bloque Nacionalista Galego por unanimidade a respecto precisamente de rexeitar o plan de acción en concreto. Pero —e agora vén a parte que non é tan positiva, digamos— os preámbulos e as declaracións, así, grandilocuentes de todos os responsábeis políticos pois nós xa as coñecemos, xa nos soan a ditas e a repetidas en tantas ocasións. A última precisamente foi a prohibición das 87 zonas de pesca para o arrastre, que estaba pensada inicialmente para o arrastre pero que acabou precisamente ferindo gravemente a arte máis selectiva, que é o palangre de fondo. E, como digo, houbo declaracións grandilocuentes *de los unos y de los otros*, porque eu aínda lembro perfectamente —e está a hemeroteca aí, non é que a lembre eu— que vostede xurou e perxurou que, como iso fose adiante, presentaría un recurso. Pois ben, apenas deu vostede chegado para acompañar a outros, porque, si, dixó que a Xunta de Galiza presentaría recurso pero finalmente acabou incitando a que o presentasen outros e agora está por ver aínda o seu acompañamento —o acompañamento da Xunta, quero dicir—.

Con toda esta política que agora se nos avanza con estas catro comunicacións, coa que vimos de vivir coas vedas das 87 zonas, etc., pois parece que a protección esa da que fala a Unión Europea insistentemente, esa protección, ten que ser protexer o mar, pero protexelo da pesca. Porque a Unión Europea non é tan dilixente —e tampouco os partidos de ámbito estatal, o Partido Popular e o Partido Socialista—, por exemplo, en protexer os nosos mares de algo tan pouco beneficioso para o sector pesqueiro como, por exemplo, a implantación da eólica mariña. Claro, chama moito a atención que, por un lado, só se fale de protección, de protección e de protección, que se poñan trabas, efectivamente, para que se siga pescando nos caladoiros que son tradicionais, e que, por outro, se abran as portas de par en par ás grandes eléctricas e, polo tanto, se permita contemplar nuns POEM que se nos acaban de facer públicos hai poucas datas nada máis e nada menos que a ocupación potencial de 2.200 quilómetros cadrados para a eólica mariña nas costas galegas.

Entón aquí, evidentemente, dáse unha incoherencia e unha contradición, e non só da Unión Europea, ¡non só da Unión Europea! Aínda non a oímos a vostede —oímoslle declaracións moi confusas—, non a oímos a vostede definirse claramente a respecto da posíbel implantación da eólica mariña fronte ás nosas costas. É máis, o sector pesqueiro está pedindo reiteradamente a retirada dos POEM que se veñen de presentar. Por certo, critican vostedes —e o PSOE, evidentemente— unha e outra vez a Unión Europea por presentar todas estas cousas —e mais o tema do veto ás 87 zonas— sen informes rigorosos, sen informes científicos actualizados, etcétera, etcétera. E nós preguntámonos: ¿por que non están pedindo os uns e os outros os informes rigorosos que precisamente avalen que a eólica mariña non é compatible co sector pesqueiro —sobre todo, nos caladoiros do Cantábrico noroeste—? Non o entendemos. E son unha chea de incoherencias dun grupo e doutro que non cadran. *Mucha protección, mucha protección de la pesca* e do sector pesqueiro, pero, mentres protexemos por aquí e cri-



ticamos un comisario coma se fose el o autor de todos os males da Unión Europea —que o é de moitos—, aquí hai órganos e organismos dentro da Unión Europea que deciden, ¿verdade? Pois entón hai que ser coherentes e, se se piden informes, haberá que pedilos para todo se o que se pretende é protexer a pesca. E se o que se pretende é protexer a pesca, haberá que facer unha defensa a ultranza do sector pesqueiro, e non para unhas cousas, si, e para outras cousas, non. (*Aplausos.*) Porque acabaremos, señora conselleira, protexendo os mares dos pescadores, dos mariñeiros e dos barcos, pero deixáremolo ao libre albedrío, efectivamente, para a instalación doutras grandes empresas, doutras grandes industrias, que tamén acaban non só cos pescadores e cos buques, senón tamén cos ecosistemas mariños.

Eu non digo nada porque, evidentemente, seguramente teña incluso menos información ca vostede ao respecto. Pero, oia, en datas moi recentes —desde que se aprobaron os POEM e mesmo antes— os pescadores portugueses non fan máis que advertir precisamente os galegos do que lles pode vir enriba. E iso que a instalación de muíños nas costas portuguesas é experimental, é unha cousa moi pequena, nada, unha migalla ao lado do que nos pode vir, efectivamente, aos galegos e ás galegas.

Gustárame, señora conselleira, de verdade —xa que estamos en plan de protexer o sector pesqueiro—, que fale vostede coa mesma claridade coa que acaba de falar da política pesqueira común, do plan de acción, da descarbonización, da Organización Común de Mercados. Gustárame que falase coa mesma claridade de como se protexe o sector pesqueiro galego a respecto da eólica mariña. Gustárame saber se vostede concorda coa decisión ou coa reivindicación unánime do sector pesqueiro galego —non só o galego senón tamén o asturiano— a respecto da retirada dos POEM. Gustárame moito sabelo e que o dixese vostede con moita claridade porque, claro, neste tema hai moitas persoas, ¡moitas persoas!, neste país que están agardando precisamente claridade, ¡claridade! Non é este tema para andar a xogar e para dicir que *apoyamos al sector pesquero pero Galicia tiene mucho futuro en la eólica*. En fin, unha cousa non é incompatible coa outra.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Remato, presidente.

Aí si que non existe incompatibilidade. Onde existe incompatibilidade e incoherencia manifesta é na postura do Partido Popular e do Partido Socialista cando veñen aquí de defensores *del sector pesquero* e resulta que non teñen ningún problema en aprobar uns POEM sen ningún tipo de informe. (*Aplausos.*) E a Xunta de Galiza aínda hoxe non se manifestou a respecto da súa retirada. (*Aplausos.*)

Gustáranos moito saber a súa posición.

Moitas grazas, presidente. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pérez Fernández.

Agora imos saudar os alumnos de primeiro de bacharelato da Sardiñeira, da Coruña, que hoxe nos acompañan e visitan o Parlamento; e tamén aos seus profesores.



Benvidos ao noso Parlamento.

E agora, polo Grupo Parlamentario Popular, ten a palabra a señora Egerique.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Bos días.

Benvidos ao Parlamento tamén aos que están na tribuna.

Grazas, presidente.

E grazas, conselleira, tamén por acudir hoxe a dar conta do ritmo de traballo da Comisión Europea e informar desas catro propostas normativas, esa documentación tan ardua, a dar a súa opinión con argumentos e dar a cara aquí neste Parlamento, como fai habitualmente o seu equipo nas comisións cando se lle formulan preguntas de todo tipo e cando temos algún tipo de dúbida sobre o Goberno galego.

A verdade é que non gañamos para sustos —permítanme a expresión— coas decisións que nos chegan do comisario de Pesca e ao que o nome pois lle queda moi grande —mellor dito, sóbralle, porque cos océanos e co medio ambiente parece que ten suficiente e se esquece da pesca—. Nisto parece que estamos todos os grupos de acordo, que nos documentos e en todas as decisións da Unión Europea hai un denominador común, que é que impera o exaxeradamente ambientalista e que hai un extremo no que non se miden as consecuencias sociais, as consecuencias económicas e a importancia que ten o sector pesqueiro para unha comunidade autónoma como é Galicia.

As conclusións que poderíamos sacar —logo dunha reflexión e tras a lectura dunha liña de traballo da Comisión— é que non existen outros intereses, que existen outras prioridades, que non se aposta pola pesca —polo menos tal e como a entendemos— e que hai *lobbies* —vanme permitir tamén a expresión—, outros países que quizais pesen máis e que ademais deixan a España, Francia ou Portugal pois un pouco aos pés dos cabalos. Non xogamos na mesma liga e non recibimos o mesmo tratamento dunha Unión Europea que neste momento está sendo inxusta. Son países á deriva no tocante ao sector pesqueiro, e iso podémolo comprobar tamén no peixe que consumimos, porque cada vez temos que importalo máis, xa que nos poñen máis normas e máis restricións. E iso non o podemos permitir.

E eu lembro sempre —señora Pérez, non diga vostede agora que non defende o sector pesqueiro— a señora Quintana defendendo e falando xa hai anos da importancia dos tres factores, os económicos, os sociais, ademais de ambientais, para defender o sector pesqueiro galego.

Ben, as nosas frotas galegas —como dixo tamén a señora Otero— están xa sometidas a un regulamento moi estrito, outras non —iso é o inxusto no que podemos ver—. E, como tamén dixo, está limitado todo a nivel espacial e técnico. É certo que o ministro Planas facía onte unha intervención e daba a súa opinión —non falaba do arrastre, falaba de renovación das frotas, falaba do tema do mercado, do financiamento da política pesqueira común—. Decía tamén que hai países, como Islandia e Estados Unidos, nos que non se restrinxen con estas me-



didás e, polo tanto, que ao mellor podería haber algunhas frotas españolas que quixesen cambiar de bandeira. E tamén el expoñía nun discurso que eran inxustas estas decisións —como dixo vostede aquí hoxe, señora Otero—.

Pero eu teño que dicir que, se facemos unha fronte política común, temos que facer unha fronte política —e aquí eu voume permitir saír un pouco do plano institucional e meter xa o plano político—, unha fronte política común clara. Porque moitas veces non vemos clari- dade nos discursos do Bloque Nacionalista Galego, nos discursos do Partido Socialista; uns discursos en Galicia, outros en España, outros en Europa; uns discursos en Galicia por parte do Bloque Nacionalista Galego, e outros posicionamentos en Europa. E, se ben escoitamos aquí declaracións con vehemencia, non esquezamos onde está cadaquén. Eu teño que lem- brarlles outra vez desde esta tribuna que Ana Miranda está na Alianza Libre Europea/Verdes, partido do comisario que toma esas decisións, e, polo tanto, ela está dentro desa organiza- ción. E ¿por que di vostede que Ana Miranda ten que defender mellor os intereses da pesca de Galicia se realmente ese partido e esa agrupación é a que está atacando os intereses do sector pesqueiro de Galicia? Polo tanto, politicamente eu teño que poñer aquí as cousas en- riba da mesa.

Di vostede: «¡Quen os viu e quen os ve!». ¡Quen os viu e quen os ve a vostedes no Partido dos Verdes! Claro, entón dígano tamén. Non digan soamente o que queren dicir e o que lles interesa sobre o sector pesqueiro cando realmente nas institucións e no Parlamento Europeo están nese grupo político.

Sobre o Partido Socialista e o ministro Planas, moi ben, subscribimos as súas palabras, subs- cribimos os seus discursos, pero ¿que di Teresa Ribera?, ¿que di a ministra de Transición Ecolóxica? —que cada decisión que toma é un batacazo contra o sector pesqueiro de Gali- cia—. (Aplausos.) Nós queremos saber que opina tamén a señora Ribera. (Aplausos.)

Claro, eu, señora Quintana, meto este matiz porque me parece importante. E o presidente Macron, en Francia —el mesmo, como presidente—, dixo claramente que se ía opoñer a esta decisión con respecto á pesca do arrastre. Pero o presidente Sánchez está de perfil, ten- nos na súa mesa do Consello de Ministros un ministro que aparentemente defende o sector pesqueiro, que está na mesma liña na que podemos estar aquí en Galicia. Pero ten unha mi- nistra que opina aparentemente o contrario, que aplaude as decisións de Sinkevičius, que é profundamente ecoloxista pero que de repente aproba uns POEM sen falar con nós; que planta, señora Pérez, a eólica mariña sen case inmutarse e falar co sector pesqueiro. E eses están na mesma mesa do Consello de Ministros e son os dous ministros do Partido Socialista. Polo tanto, vostede di: «O PSdeG vai apoiar a Xunta de Galicia *en todo lo que pida*». Si, pero ¿que vai facer o Partido Socialista? ¿Que vai facer o Goberno de España? ¿Vai facer caso a Planas ou vai facerlle caso a Teresa Ribera?

Mire, esa é a gran incongruencia do Goberno de España. E nós, no Partido Popular, non temos discrepancias, (Murmurios.) non temos discrepancias, opinamos o mesmo no Parla- mento de Galicia, no Congreso de España e no Parlamento Europeo. E, ademais, podemos meter tamén neste debate outro matiz. Temos unha lei de pesca sostible que está xa en trá- mite e que eu creo que ten a balanza desorientada; porque, ao meu entender, o Mediterráneo



sae bastante máis beneficiado que todo o noroeste, tanto a costa cantábrica como atlántica. Polo tanto, iso tamén é dun goberno do Partido Socialista.

Entón, nós, como digo, se subscribimos as palabras do ministro Planas, queremos saber as palabras e as accións da ministra Ribera. Porque, sinceramente, ese Goberno de España e esa ministra tomou decisións ao longo do seu mandato que están facendo moito dano ao sector pesqueiro. E, polo tanto, do que temos que falar hoxe aquí é de Europa pero tamén dunha deriva ambientalista, que é precisamente a carteira que defende esa ministra en España.

Ben, hai países —como digo— que nos venden peixe, dos que nós importamos peixe, e logo na Unión Europea non nolo deixan pescar. Esa é a grande incongruencia, señora Quintana. E vostede, dende o punto de vista técnico e pola experiencia que ten, sabe perfectamente cal é a fronte común e como hai que traballar para defender os nosos intereses. E tamén no Goberno de España recomendan unha alimentación concreta, consumir peixe —que é moi importante—, pero tam-pouco dende ese punto de vista baixan o IVE do peixe. Néganse a baixar o IVE do peixe. Ese tamén é un factor que sería importante para o sector pesqueiro e para axudar tamén a que non se des-integre todo o que é o sector dende o punto de vista social e económico, que é moi importante.

Eu sigo facéndolle a mesma pregunta, señora Otero: ¿que di Pedro Sánchez? Eu quero que se molle, como Macron, para defender os intereses dun país enteiro. Hoxe estamos defendendo os intereses do sector pesqueiro de Galicia. Eu teño que dicir aquí que a fronte común está encarnada totalmente e representada pola señora Quintana e polo seu equipo, pola Con-sellería de Pesca, efectivamente, jefectivamente! (*Aplausos.*) E por iso é unha fronte común de verdade. É unha fronte común que xa dende hai tempo leva traballando polas melloras do papel da muller na pesca, pero con feitos e decisións para garantir a seguridade e o futuro das mulleres na pesca, non con pancartas nin con soflamas; con actos, con accións que ga-rantiron que agora as mulleres na pesca teñan unha garantía para o futuro.

Xa vén advertindo dende hai moito tempo que hai que ter en conta os aspectos sociais, eco-nómicos e sostibles tamén. ¡Quen os viu e quen os ve defendendo agora os discursos do Par-tido Popular!, que tanto tempo a señora Quintana xa leva poñendo enriba da mesa.

Xa vén advertindo dende hai moito tempo que hai que ter en conta todos os aspectos e que foi pioneira coa cogobernanza; cunha cogobernanza que ademais está reflectida totalmente no seo do Consello Galego de Pesca e sempre vén, ademais, con ditames e informes que veñen por parte do propio sector, que sempre busca e intenta acadar puntos de encontro e diálogo, que resiste ataques inxustificados en moitas ocasións ante medidas que vostedes dende a oposición solicitan.

Polo tanto, eu creo que nos seus discursos hai incongruencia. Nos discursos da señora Quin-tana, do Partido Popular, en xeral, e dos gobernos que precederon a este goberno socialista de Sánchez tamén hai unha coherencia. E hai un camiño que moitas veces non é doado pero que co tempo se ve que realmente foi de apoio ao sector pesqueiro, cunha conselleira que asesorou e asesora outras comunidades autónomas e rexións europeas na xestión da política pesqueira; que, como dicimos moitas veces, non fai política coa pesca senón que quere xes-tión, quere feitos e quere decisións que non hipotequen o futuro do sector pesqueiro.



Polo tanto, o Bloque Nacionalista Galego, moita vehemencia nos discursos; pero en Europa, da man dos Verdes, ¡da man dos Verdes! —sempre aliados—. No Partido Socialista temos a Planas, tamén moi coherente. Nós subscribimos as palabras de Planas, cremos que no discurso ten moita coherencia. Pero despois temos a Teresa Ribera —vanme permitir— de incendiaria. ¿Que di Sánchez, o presidente? ¿Para onde vai orientar el a balanza? ¿Que di o PSdeG? ¿Son vostedes máis de Planas? ¿Son máis de Ribera? ¿Depende do sector? ¿Depende da decisión? Claro, iso é unha incongruencia.

Nós cremos que vostedes veñen en contra do PP. Poden dicir que están en defensa do sector pesqueiro, pero é certo o de ¡quen os viu e quen os ve!, señora Pérez. Porque pouco a pouco vostedes foron dixerindo e foron adquirindo o discurso do Partido Popular de hai moitos anos, do Partido Popular de Galicia. E, polo tanto, a nós parécenos ben porque somos os máis sensatos e tamén —e vouno dicir dende a humildade— porque hai moito traballo detrás, non é froito dun día. E houbo que aguantar moitas críticas, houbo que aguantar moitas mentiras.

A señora Quintana estivo hoxe facendo este exercicio de exame deses documentos e ademais profundamente decepcionada —porque é certo que é unha decepción que teñamos en Europa un comisario que non entende o que somos e que non entende o que queremos—, pero eu confío no seu traballo, señora Quintana, e confío no traballo do seu equipo. E sei, ademais, que vostede vai seguir defendendo os intereses do sector pesqueiro en Galicia como fixo sempre.

Polo tanto, nada máis.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Egerique.

Réplica da conselleira do Mar.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Moitas grazas, presidente.

Señorías, o primeiro que quero facer é agradecer a defensa, por parte dos tres grupos, do sector pesqueiro. Creo que é importante que toda a sociedade comparta con todos nós ese apoio decidido na defensa dun sector que é vital, dende o punto de vista social e económico, para Galicia. *(Aplausos.)*

Algunhas matizacións si que me gustaría facer.

Señora Otero, eu espero que non lle quede ningunha dúbida. Procuo ser coherente en todos os actos da miña vida, e tamén no meu traballo día a día. Cando digo que estamos na defensa do sector pesqueiro, dígoos de corazón. Cando veño aquí a pedir o apoio dos tres grupos políticos na defensa do sector pesqueiro, é porque eu mesma estou apoiando o ministro Planas en todos os pasos que ten que dar nesa defensa do sector pesqueiro. Parece que vostede intentaba sementar algunha dúbida sobre a presentación do recurso da Comunidade Autónoma



de Galicia. Creo que iso xa o clarifiquei, pero, por se non quedou suficientemente claro, voulo contar.

Cando se fai público o veto ás 87 zonas, o primeiro que fixemos na Consellería é o que facemos sempre: convocar o Consello Galego de Pesca —ou a Comisión, neste caso non era o Pleno, era a comisión das artes afectadas por este veto— e ver os pasos que iamos adoptar. O sector pesqueiro pediunos que presentásemos o recurso. Algún representante do sector incluso chegou a dicir: «Aínda que perdamos, é preciso presentar o recurso». E adoptamos ese compromiso. Pero adoptamos un compromiso e convocamos os asesores xurídicos que máis saben desta materia. Os asesores xurídicos dixéronnos: É contraproducente que a Comunidade Autónoma presente un recurso porque non está lexitimada para presentalo. E, polo tanto, non llo van admitir e iso é un golpe para o sector pesqueiro. O lóxico é que o presente quen está lexitimado para presentar un recurso, que é o Estado. E, se hai algún sector que se considere afectado e que poida acreditar esa afección directa, o que pode facer a Xunta de Galicia é ir de coadxuvante desa organización que presente o recurso.

Nesta liña, o que fixemos dende Galicia foi, en primeiro lugar, convocar a todas as comunidades autónomas afectadas polo veto para manifestar publicamente todas o apoio ao ministro Planas na defensa dos intereses do sector pesqueiro. Era o que buscábamos e é o que conseguimos.

O segundo que fixemos foi elaborar todos os argumentos que puidemos para aportarllos ao Ministerio para que os utilizase na elaboración e na presentación dese recurso. E así se fixo.

E o terceiro que fixemos, unha vez que unha organización de produtores presentou o recurso —á que lle agradezo que tomase a decisión e tivese a valentía de presentalo—, foi que a Xunta de Galicia aprobou no Consello da Xunta precisamente a contratación dun gabinete de avogados para poder ir de coadxuvante co sector. Neste caso o prazo remataba o día 20 de marzo. Os avogados que temos contratados teñen unha prórroga de dez días e pedíronnos poder utilizar eses días para terminar de ultimar un documento que tenda a garantir a ganancia dese recurso. Polo tanto, señora Otero, nós estamos á disposición do que nos recomenda quen máis sabe neste caso, como é o despacho de avogados que temos contratado dende a Xunta de Galicia.

Señora Pérez, non mo tome a mal, pero eu creo que, se na miña xestión diaria tivese que esperar polas recomendacións do Bloque Nacionalista Galego, chegaría tarde. ¿Vostede cre que eu comparezo hoxe aquí por petición propia porque mo recomendou vostede a semana pasada? A miña petición de comparecencia está firmada o día 28 de febreiro, jo día 28 de febreiro! Non foi grazas ás súas recomendacións, senón que eu sei moi ben o que quero facer e como o teño que facer. (*Aplausos.*) Sei que necesito o respaldo dos tres grupos políticos de Galicia para defender o sector pesqueiro e iso é o que quero demandar. Pero tamén sei aquilo que defendo sempre, que é a gobernanza e, polo tanto, tamén convoquei o Consello Galego de Pesca, o día 6 de marzo, para con eles chegar a definir cales ían ser os pasos que hai que dar na defensa da frota pesqueira galega —neste caso ante o plan de acción que presentou o comisario—.

E o tema témolo todos moi claro, tanto o sector como, polo que acabo de ver, os tres grupos políticos. Entendemos que temos que posicionarnos diante de Bruxelas e así estamos tra-



ballando nos argumentos e nas liñas, e así lle expresei publicamente ao ministro Planas no consello consultivo que tivemos a semana pasada que ía ter todo o respaldo da Xunta de Galicia na defensa destes puntos no consello do día de onte, e tamén na busca de aliados para defender os intereses da frota pesqueira española.

Quero dicir que entre os temas que leva o presidente da Xunta para a reunión coa presidenta da Comisión están precisamente os temas de actualidade co sector pesqueiro. Así é que non lle caiba a menor dúbida de que sempre teremos o Partido Popular e o Goberno da Xunta de Galicia defendendo un sector tan importante para nós.

Dime que lle gustaría que hoxe trouxese tamén aquí o informe de Marlín. Ben, o informe é público. É fácil chegar a el dende a páxina da Consellería do Mar; pero non se preocupe que, se non o atopa, llo farei chegar. No momento en que volva para a Consellería xa llo remito.

Co tema da descarbonización, coincido con todos vostedes —eu creo que xa o manifestei publicamente un sinfín de veces—. O sector pesqueiro —e así o temos acreditado con informes elaborados pola Universidade de Santiago—, se ben é o sector da actividade de produción de alimentos que menos pegada de carbono ten, é dos primeiros que reconece que, se é posible que esta pegada de carbono poida reducirse aínda máis, están en disposición de facelo. Agora ben, para poder dar eses pasos adiante, a Administración comunitaria ten que adoptar unha serie de medidas. E entre esas medidas están, primeiro, buscar que tipo de combustible van poder utilizar os buques para o tema da descarbonización; segundo, que tipo de barcos teremos que construír para poder utilizar eses combustibles; e, terceiro, poñer un paquete de medidas económicas que permitan que o sector pesqueiro poida adaptarse a eses cambios, tanto no modelo de buques como no modelo de motores. A verdade é que eu teño as miñas dúbidas, porque, se conseguir un incremento de GT sociais para que se poida mellorar a habitabilidade a bordo dos buques xa é posto en cuestión pola propia Comisión Europea, dubido moito de que ese incremento de GT preciso para acometer a construción de novos buques que poidan levar motores máis grandes polo tipo de combustible que vaian utilizar sexa tamén financiado pola Comisión Europea. De calquera xeito, que non lle caiba a menor dúbida de que estes son os documentos de traballo nos que nós estamos implicados dende sempre e feitos públicos. E tamén coñece o sector que esta é a nosa liña de defensa.

Teño que dicir que nunha xuntanza que tiveron co vicepresidente da rexión de Bretaña me comentou que el tiña a mesma preocupación, que están facendo algunha experiencia para ver se os motores eléctricos é posible implementalos na frota. E, dende logo, a Xunta de Galicia está interesada en participar na redacción ou na elaboración ou na posta en marcha deses proxectos. E aí está xa o meu compromiso.

Di vostede, cando fala da PPC, que *¡quien me oyó y que quien me oye!* Os mesmos, o meu discurso non cambiou. Mire, cando se presentou o ditame para a reforma da política pesqueira común pola Xunta de Galicia, foi a primeira vez que se conseguiu que na política pesqueira común se falase dos tres eixos ao mesmo nivel —do social, do económico e do ambiental—. O que acontece é que, unha vez feita esa introdución na política pesqueira común, chegou un comisario, que pertence ao mesmo grupo no que están vostedes —como dicía a deputada señora Egerique—, que non entende ese equilibrio necesario entre o ambiental, o social e o



económico, que esqueceu o social e o económico e única e exclusivamente ten en conta o aspecto ambiental, pero de maneira torticera. Porque a min paréceme moi ben —e eu son bióloga e son das que defendo a necesidade de manter a biodiversidade e a necesidade de coidar o medio ambiente mariño, claro que si— pero hai que facelo con informes, con datos. No caso deste comisario está adoptando medidas que teñen impacto no medio ambiente sen ter os informes precisos e necesarios que acompañen esa decisión que está adoptando.

Vostede fálame de coherencia e a min gustárame que vostede tamén fose coherente. Cando nós chegamos ao Goberno no ano 2009, estaba naquel momento a debate a reforma da política pesqueira común. ¿Sabe vostede o traballo que nos deixaron feito? ¡Tres folios! Tres folios nos que non había ningunha medida, ningunha proposta, ningún punto de vista, nin se analizara ese documento con quen ten de verdade interese en recoñecer todo o que hai que poñer nese documento, que é o pleno do Consello Galego de Pesca. Esa é a súa coherencia. A nosa coherencia é que convocamos o Consello, que fixemos un ditame, un ditame que se aprobou por unanimidade, un ditame que veu a esta Cámara porque a pretensión da Xunta de Galicia era dicir: «Esta é a postura de Galicia». E ao final tivemos que dicir: Esta é a postura da Xunta de Galicia e do sector pesqueiro de Galicia porque, por desgraza, non houbo a suficiente altitude de miras para que o Bloque defendese un un ditame ao que se lle aprobaron absolutamente todas as recomendacións que facía o Bloque Nacionalista Galego —excepto no que tiña que ver coa acuicultura— e se lle aceptaron todas as recomendacións que facía o Partido Socialista. O Bloque votou en contra, o Partido Socialista abstívose. Iso é coherencia e isto é a incoherencia. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Vostede non estaba neste Parlamento, vostede non estaba, pero pertence a un grupo político que manifestou esa postura. Creo que non minto cando estou dicindo todo isto. Hai deputados aquí que estaban nesa Cámara no ano 2009.

Tamén me fala de que non son clara co tema da eólica mariña. Mire, se alguén traballou na liña de entender que non se podía dicir que non á eólica mariña porque si —é dicir, *me opongo porque si*— senón que, ao contrario, había que traballar para buscar a posibilidade de que se puidese desenvolver a eólica mariña en Galicia, esa foi a Xunta de Galicia. Constituímos un observatorio da eólica mariña co sector, tanto co sector pesqueiro como cos representantes dos interesados en desenvolver a tecnoloxía para que se poidan implantar os parques eólicos no medio mariño. A nosa liña foi sempre a mesma. Foi manifestada polo presidente Feijóo naquel momento, é manifestada polo presidente Rueda neste momento, é manifestada polo vicepresidente primeiro de Economía e Industria, sempre foi manifestada por min e foi manifestada polo sector. ¡Enerxía eólica si!, pero cunha liña vermella: que non afecte a actividade da frota pesqueira. E iso díxeno publicamente, dígoo hoxe aquí e dicímolo sempre, (*Aplausos.*) porque nós somos coherentes.

Nos POEM traballamos, presentamos alegacións aos documentos que nos aportaron do Ministerio de Transición Ecolóxica e non foi atendida ningunha das alegacións, que tiñan coherencia. ¿Que fixo o Observatorio da Eólica Mariña no seu conxunto? Decidiu presentar un plan experimental para poder ter eses datos dos que vostede fala e que nós sempre defendemos; un plan experimental que estaría ubicado en Langosteira co visto bo do sector pesqueiro. E nós presentamos ese proxecto para poder desenvolver un estudo que analizase as causas e os impactos que podía provocar o desenvolvemento deses parques eólicos no medio mariño.



Así é que, señora Pérez, coherencia pola nosa parte, toda. Sobre a incoherencia eu creo que deixei ben ás claras en mans de quen está. Eu pídolle o que lles vou pedir aos eurodeputados do Partido Popular, aos eurodeputados do Partido Socialista e á eurodeputada do Bloque Nacionalista Galego: que tamén nas institucións comunitarias manteñan o mesmo posicionamento que estamos mantendo neste Parlamento: a defensa a ultranza da actividade do sector pesqueiro *le pese a quien le pese*. Non podemos consentir que se critique a arte de pesca do arrastre polos danos que segundo eles está a facer no medio mariño pero que non se diga nada coas actuacións que está adoptando unha ONG como é Greenpeace ao botar rocas ao fondo do mar; que non sei se esas danan ou non danan os fondos de coral que poden existir nas zonas que eles pretenden protexer.

Máis nada polo momento.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Rolda especial de aclaracións.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Conselleira, vostede ao principio da súa primeira intervención facía referencia a que viña buscar esa fronte común para poder levar, trasladar, a imaxe real do noso sector e como está a desempeñar a súa actividade. Quería levar eses datos á Comisión Europea, buscaba esa fronte común. Eu díxenlle que o PSdeG ía estar a carón da Xunta de Galicia, pero a verdade é que a voceira do Partido Popular na súa intervención veu totalmente a intentar que non haxa ese acordo. Non sei con que intencións veu a esta Cámara. A verdade, señora Egerique, é que vostede, dos catro documentos, desas propostas da Comisión Europea, pouquiño ou nada falou ao respecto.

Eu volvo dicirlle que non compartimos o enfoque xeral das propostas da Comisión Europea. E, dende logo, señora Egerique, é o ministro Planas o que está facendo esa fronte común, o que está buscando esas alianzas. Eu, con todo respecto, señora Quintana, non a vin onte na foto en Bruxelas. Porque o que está a negociar e o que está a defender o sector pesqueiro, dende logo... *(Interrupcións.)* ¡Claro, pero é que dicía a voceira do Partido Popular que era vostede a que estaba a liderar esa fronte común! *(Aplausos.)* Polo tanto, vamos ser rigorosos, ¿non?

Vostede, cando eu falaba das actuacións que fixera a Xunta de Galicia no relativo a ese veto da Comisión Europea á pesca de fondo, dicía que non dixerá realmente que ían presentar o recurso independentemente do que fixese o Goberno central. As declaracións nos xornais están aí, señora conselleira. Vostede, nun primeiro momento, lanzouse a dicir: Independentemente do que faga o Goberno de España, a Xunta de Galicia presentará un recurso. É máis, non como coadxuvante. Vostede ao principio non dicía «como coadxuvante», dicía que a Xunta de Galicia interporía directamente ese recurso independentemente do que fixese



o Goberno de España. Despois dixo —porque están aí tamén as declaracións— que, se o Goberno de España non interpoñía ese recurso, o faría a Xunta de Galicia. E, despois, a última decisión que adoptou a Xunta de Galicia foi presentarse como parte coadxuvante no recurso que presentase o propio sector. Agradézolle que nos trasladase que foi concedida unha prórroga de dez días para poder presentarse como parte coadxuvante. Nós, nesa lealdade, entendemos que os recursos teñen que ir ben plantexados, ben fundamentados. E iso era o que lle dicíamos cando por parte do Goberno galego e tamén dalgún senador galego se estaba a urxir o Goberno central para que presentase ese recurso. Diciamos: ¡Vaíamos *piano, piano*, vamos fundamentar ben o recurso para que vaia o mellor fundamentado posible xuridicamente para que ese recurso chegue a bo porto! Nós entendemos que é un documento complexo, que fai falta tempo; e nós, nese sentido, comportámonos de modo moi distinto a como se comporta o Partido Popular. (*Aplausos.*)

Sáíron máis temas a colación, e, nomeadamente, o tema da eólica mariña. Aquí de novo o Bloque Nacionalista Galego sae dicindo tamén que o PSdeG non era coherente. Somos totalmente coherentes e mantemos a mesma actitude. Estes POEM son, ademais, uns documentos que o que definen son zonas potenciais para poder ubicar estas instalacións da eólica mariña, e haberá que avaliar proxecto por proxecto individualmente. E tamén nós temos unha liña vermella, que é que se respecten eses caladoiros onde pescan os nosos mariñeiros. Polo tanto o noso posicionamento é moi claro, señora Pérez. (*Aplausos.*) Vostede vén aquí a dicir que nós abrimos as portas ás eléctricas e que non somos coherentes. Mire, señora Pérez, ao mellor teñen que ser vostedes coherentes cando van con pancartas, por exemplo, a Alcoa a dicirlle que lle van garantir un prezo da enerxía competitivo e se opoñen despois a calquera tipo de implantación da enerxía renovable. (*Aplausos.*) Coméntenlles tamén aos traballadores de Alcoa que vostedes se opoñen frontalmente a que teñan un prezos da enerxía máis competitivos. Porque, mire, señora Pérez, vostede volveu vir hoxe aquí criticar o posicionamento do PSdeG no relativo á eólica mariña. Nós temos posicionamento. ¿Que é o que propoñen dende o Bloque Nacionalista Galego co tema da eólica mariña? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Cal é o seu...? Non, é que queremos coñecelo. Está moi ben vir aquí criticar a outros grupos políticos, pero por parte do BNG opóñense, ¿non? Porque o outro día a súa iniciativa era moi clara: retirar... Non, non era retirar os POEM, era non autorizar ningunha instalación de eólica mariña en todo o Cantábrico noroeste. Despois pedían informes. Polo tanto, a coherencia do Bloque Nacionalista Galego con este tema está máis que en dúbida, señora Pérez.

E, por dicir unha cousa tamén relativa a eses POEM, señora Egerique, vostede sabe que houbo diálogo, que houbo varias reunións entre a Xunta de Galicia e o propio Goberno central —ata dez reunións— para tratar o tema da eólica mariña. Señora conselleira, non é certo que non se aceptase ningunha das alegacións que chegaron de parte do Goberno galego relativas a ese documento final dos POEM. Foron todas aceptadas. A única que non se aceptou foi esa plataforma experimental en punta Langosteira, e vostede sábeo.

Polo tanto, hoxe non hai que vir aquí con medias verdades cando ao que vimos é a facer unha fronte común para defender a nosa frota do arrastre. Creo que eu, ademais, na miña primeira intervención deixei a man tendida, incluso con argumentos que se poden empregar nas institucións comunitarias para defender esa arte de pesca. Non podemos permitir máis ataques por parte da Comisión Europea ao noso sector pesqueiro.



O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: E, como dicía, o que eu lle pido tamén á Xunta de Galicia —que está moi ben que vostede hoxe veña aquí explicar e dar a súa opinión sobre eses catro documentos que presentou a Comisión Europea, e queda moito traballo por diante para que estes documentos finalmente sexan normas xurídicas— son tamén actuacións, non só titulares, señora conselleira, actuacións para coordinar e, dende logo, elaborar unha boa estratexia que permita que a Comisión Europea non leve adiante eses plans.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Otero.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista, a señora Pérez Fernández.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Señora Otero, vinte segundos. A súa posición a respecto da eólica mariña e de moitas outras cousas —léase Alcoa e demais— xa a definiu onte o seu portavoz e , polo tanto, eu non lle vou adicar máis tempo. «¡Vostedes son de vitrocerámica!» Esa é a súa posición. (*Aplausos.*) ¡Xa queda todo dito, queda todo o dito! Que habería que saber moi ben, habería que saber, a que se refiren con iso. ¡En fin, alá vostedes e as súas manifestacións!

E permítame, conselleira, outros vinte segundos antes de poñerme ao que me teño que poñer. Efectivamente, señora Egerique —¡xa cantas veces o dixemos aquí!, ¿non?—, di vostede que Ana Miranda está no partido dos Verdes/ALE. Xa llo expliquei noutras ocasións. Ana Miranda está no partido dos Verdes/ALE. ¿Saben en que partido está o Partido Popular? No dos verdes que encheron os nosos montes de muíños e que agora se volve disfrazar de verde para encher os nosos mares de muíños. ¡Neses verdes están vostedes, señora Egerique, neses verdes! (*Aplausos.*)

Señora conselleira, pásolle xa calquera cousa ¡eh! Incluso lle paso que veña aquí mentir e dicir que é coherente... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, si, perdoe un momento. Vén dicir que é coherente, pero é coherente coas súas propias mentiras. O cal está moi ben, cada un é coherente co que quere. Vostede, coas súas propias mentiras.

¡Como é capaz de dicir aquí...! Ben, non me sorprende, ¡eh!, porque xa van tantas que lle teño escoitado... ¿verdade? Pero ¡¿como é capaz de dicir aquí que vostede firmou a petición de comparecencia o 28 de febreiro?! ¡Como si la firmó el Día de Reyes! ¿Sabe cando temos nós a comunicación? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non, a min non me veña vostede con contos. ¿Vostede remitiunos aos grupos a súa petición firmada? ¡Non, claro, evidentemente! Pois a súa petición segundo este Parlamento, que é ao que todos e todas pertencemos, ¿verdade?, resulta que é do 14 de marzo, señora conselleira, non do 28 de febreiro. (*Aplausos.*) Ou sexa, pásolle por que minta. Polo que non lle podo pasar é por que nos queira facer aos demais pasar por mentireiros. Aí si que xa non lle cola, señora conselleira.



Ben, respecto do apoio dos grupos xa lle dixen na nosa primeira intervención que fomos o primeiro grupo desta Cámara que trouxo unha iniciativa á Comisión 8ª a semana pasada e que se aprobou aquí por unanimidade. E comenteille brevemente —porque xa vin que vostede a descoñecía por completo— o que basicamente pediamos nesa iniciativa. Entón ¿que máis apoio quere? A nosa posición é clara. Non temos lecturas entre liñas. Nós apoiamos con todo, ¡con todo!, o sector pesqueiro galego. Gustaríanos moito saber se vostedes apoian tamén ¡con todo! o sector pesqueiro galego. Porque xa llo dixen antes: vostedes teñen unha política —vostedes e o PSOE, ¿verdade?—... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, si, é o mesmo, exactamente o mesmo. Vostedes teñen unha política de apoiar o sector pesqueiro de día e de destruílo de noite. É como aquilo do doutor Jekyll e Mr. Hayde, ¿verdade? Pois vostedes actúan de día para as eléctricas e de noite tamén para as eléctricas destruindo o sector pesqueiro. *(Aplausos.)*

A nosa postura é clara a respecto do sector pesqueiro, sempre o foi. E, claro, non temos o seu pedigree. Non temos o seu pedigree porque vostede leva moitos anos, moitos, moitos anos, traballando polo sector da pesca galego. Pois xa vimos a onde nos trouxo a señora conselleira, xa vimos a onde nos trouxo vostede. Despois convídoa, se non ten présa, a que quede á moción da rexeneración dos bancos marisqueiros. Aí imos falar outra vez de mentiras, de mentiras constatadas ¿verdade?, e imos falar, efectivamente, do que significaron catorce anos de goberno do Partido Popular, de catorce anos, evidentemente, de defensa do sector pesqueiro galego.

E, por outra parte, tamén me gustaría que concretase. Porque vostede sobe aquí a pedir o apoio dos grupos políticos —que xa lle dixen na primeira intervención que ten todo o apoio do BNG—, pero vostede sempre nos pide o apoio, di que temos que apoiala a vostede, di que, se a apoiamos a vostede, apoiamos o sector pesqueiro. Non, permita, pero iso é interpretable. Pero, en todo caso, témola que apoiar a vostede a cegas, ¡a cegas!, señora Quintana. Porque vostede cánsase... Bueno, non se cansa porque persiste, pero vostede envía informes *urbi et orbi* a todos os sitios cantos hai menos aos grupos desta Cámara. Entón ¿que quere que lle apoiemos se non sabemos o que din os informes nos que se apoian vostedes para defender o sector pesqueiro galego?! ¿Que quere que lle apoiemos? A nosa postura é transparente. ¿Por que a súa non é transparente? Claro, vostede escúdase no Consello Galego de Pesca, e paréceme moi ben. Eles, polo menos, coñecen ese informe, pero o Bloque Nacionalista Galego descoñéceo por completo. Pedinllo na miña primeira intervención para que llo deixe vostede tamén ao presidente, ou para que nolo envíe. Quero dicir: ¿como pretende vostede que a apoiemos?, ¿sen máis?, ¿porque si?, ¿porque si?, *apoiamos a la señora Quintana porque es la que defiende la pesca gallega.* ¡Oia, pois ten vostede catorce anos ás súas costas nos que os datos din que non a defende moi ben, non a defende moi ben! *(Aplausos.)*

Polo tanto, nós non a imos apoiar a cegas, imos apoiar, como sempre fixemos, o sector pesqueiro galego, pero a vostede non a imos apoiar a cegas, non, senón cando nos mande vostede papeis e nos diga o que temos que apoiar, como fixemos co informe que nos mandou da PPC, ao que lle presentamos unha chea de emendas ¿lembra? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Perfectamente? Ben, pois antes, cando lle preguntei, pensei que se refería a ese co tema da votación. Ese, moi habilmente pola súa parte, non o trouxo aquí a votar.



O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Claro, porque sería bo tamén que vise a votación de todos os grupos. O PSOE xa nada, que non presentou ningunha emenda *y ya dijo que estaba de acuerdo con todo*. Bueno, pois ao mellor é un bo momento para debater esas emendas.

Señora conselleira, xa llo dixen antes, nós defendemos o sector pesqueiro galego en todos os casos, con coherencia, ¡con coherencia!, e non con coherencia coas mentiras, como vostede.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Remato, presidente.

E a nós gustaríanos, xa que non o fixo na segunda, que na terceira intervención, e xa que vostede di que a súa liña vermella respecto da eólica mariña —tamén o di o PSOE, pero ímolo deixar aí— é precisamente a defensa do sector pesqueiro, respondese a pregunta —que xa lla fixen antes—: ¿vai vostede, como pide o sector pesqueiro por unanimidade —¿non llo pediron no Consello Galego de Pesca?, ¿non aprobaron iso por unanimidade?—, pedir a retirada dos POEM?

Grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Egerique.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Ben, grazas presidente.

Señora Quintana, menos mal que temos un goberno estable en Galicia, porque xa ve vostede que entre o PSdeG e o Bloque Nacionalista Galego non se poñen de acordo nun tema tan importante para o futuro de Galicia. É máis, é que se botan, ademais, as culpas uns aos outros e non saben nin por onde están. E iso é o que ten intentar gobernar a golpe de pancarta, é o que ten facer propostas, así, un pouco sen pensar, en véspera dunhas eleccións municipais.

Onte é verdade que a señora Pontón lle dicía ao señor Luis Álvarez que se confundía de inimigo. Xa utilizan un termo co que nos dan a entender por onde van os tiros seus. Eles teñen un inimigo, que o Partido Popular. E digamos o que digamos, fagamos o que fagamos, fan unha fronte común contra o Partido Popular e non contra a xestión que se fai ou contra as decisións que se toman. ¿Sabe o que pasa? Que iso non é coherencia, porque agora os inimigos parece que son eles, son eles os inimigos en determinados temas. Pero resulta que o Bloque Nacionalista Galego respalda o Partido Socialista no Goberno de España e resulta que, cando chegamos aos resultados electorais en todos os concellos e deputacións, son os primeiros en xuntarse e unirse. Iso si, despois na xestión ¿que demostran?, na xestión ¿que demostran?

No sector pesqueiro, que é do que estamos falando hoxe —porque despois vostedes xa derivaron o tema—, no sector pesqueiro, ¿que demostraron durante o Bipartito? Un desastre.



O primeiro é que ninguén quería a carteira de pesca, nin PSOE nin Bloque —jah!, pesca non, iso é un marrón, iso non o queremos para nada—. E despois non se poñían de acordo. O que quixeron decidir foi o desguace da maioría da frota galega. Hoxe non teríamos frota, hoxe non a teríamos se seguíssemos o ritmo do Bipartito. E decidiron, ademais, pois moitas liñas de traballo que ían en contra da defensa das mulleres da pesca —porque despois tamén faremos dese tema, e no futuro—.

Entón, os feitos, a xestión, a política, as decisións na defensa do sector pesqueiro e os grandes logros veñen da man do Partido Popular de Galicia. Veñen da man do Partido Popular de Galicia e son feitos. Porque, miren, como lle dicía á señora Quintana, nós somos de economía, de pesca, de ambiente, de sostibilidade, somos tamén de tradicións, somos europeos e, sobre todo, somos defensores dos intereses de Galicia. E vostedes aquí, como se puido ver, son defensores do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego. Entón, en cada reduto que teñen vostedes intentan gardar a aparencia, pero buscan o interese do seu partido, os intereses partidistas, e nunca os intereses do sector pesqueiro.

Mire, señora Pérez, non busque onde non hai. Os trámites administrativos vostede tamén sabe como son, os trámites de todas as institucións, e dende que se asina un documento, se fai unha petición, se pide e vén a pleno, hai unha serie de trámites. Polo tanto, non diga vostede que está mentindo a señora Quintana neste tema, porque xa é rizar demasiado o rizo cos ataques persoais, é rizar demasiado o rizo.

Vou rematar xa, porque, mire, señora Pérez, vostede quereda que eu estivese dez minutos falando aquí dos documentos, quizais era o que quería vostede. Pero xa o fixo a señora Quintana, non vou dar conta diso. Eu digo aquí cousas que quero dicir porque, se non, quedan ocultas. E tamén hai que sabelas. Non me contestou sobre o que opina a señora Ribera deste tema. Segue sen contestarme. Porque son dous ministros que están na mesma mesa do Consello de Ministros de Sánchez e que van por liñas moi diferentes. E, se priman as decisións de Teresa Ribera, o sector pesqueiro desaparece tamén. Vai a Europa cunha liña de traballo que é diferente e contraria á que leva Planas. Entón, eu quero unha decisión e que se molle o presidente do Goberno para saber o que opina e se realmente vai defender os intereses da pesca da zona noroeste —a poder ser, da cornixa cantábrica e tamén da zona atlántica, que é o que nos inflúe a nós, o que nos inflúe aos galegos—.

E quero rematar cunhas declaracións que facía o presidente da Alianza Europea de Pesca onte, que dixo que, cada vez que se dá un paso adiante, é contra nós —dicíao el en nome do sector—. E dicía que interviñeran 27 países salvo a presidencia, que suele gardar unha aparente neutralidade, e que os 26 criticaron o Plan de acción, ¡os 26!, incluídos os países que non teñen mar, que entenden perfectamente esta realidade. E di que é moi preocupante isto, porque a semana pasada foi o Parlamento o que criticou moito o Plan de acción, e isto quere dicir que os dous elementos colexisladores da política pesqueira en Europa están en contra do que está facendo a Comisión pero que non se ve ningún cambio. Polo tanto, hai que ver que hai unha axenda política que probablemente está máis ao servizo da imaxe do comisario que do pragmatismo comunitario. E a imaxe do comisario é a imaxe da Alianza Libre Europea/Verdes, que nolo dixeran alí en persoa na visita que fixemos a Europa. Dixéronnolo alí claramente. O Bloque Nacionalista Galego está incluído nesta alianza. E, polo tanto, non se pode



aceptar un plan que é improvisado —dicía tamén o propio presidente da Axencia Europea de Pesca—, que vén sen ningún tipo de estudo e que nin sequera é unha lei. E, polo tanto, se queren cambiar a lei, hai que facelo no Parlamento, que é o que di a Comisión Europea.

Ben, señora Quintana, eu sei que vostede está nesta liña, que segue traballando. Expuxo aquí, ademais, no tempo que ten para facelo, un resumo deses documentos, e con toda lealdade ao Goberno de España —neste caso, como digo, ao señor Planas—. Aquí acúsana a vostede de se está ou non está na foto. A algúns só lles interesa a foto, non as conversas e o traballo interno. E, ademais, hai que ver cales son as decisións e as accións máis eficientes —polo menos, co tema dos recursos—. Está xa explicado por activa e por pasiva. E non hai que presentar vinte e cinco recursos por ser uns máis listos ca outros. Hai que ser leal ao Goberno español, que non o é o Bloque Nacionalista Galego nin o Partido Socialista de Galicia —que non sabe nin por onde anda—.

Entón, se a señora Quintana, como conselleira e representante de todos os galegos, di que vai apoiar o Goberno nese recurso, é o que di e é o que fai. E, polo tanto, vostedes, se queren enredar, poden seguir enredando. Eu creo que o sector pesqueiro —sigo coas palabras do presidente da Alianza de Pesca—, alén de plans de axuste de saída para quen queira, por exemplo, desguazar, non quere compensacións, quere poder manter os seus caladoiros, quere poder pescar, quere saber da Unión Europea, sabe da súa maneira de vivir e o único que quere é que o escoiten e que o entendan. E é o que vai facer o Goberno de Galicia coa conselleira Quintana á fronte. Polo tanto, terá todo o noso apoio.

E, pola miña banda, nada máis.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Egerique.

Peché da comparecencia pola conselleira do Mar.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, presidente.

Señorías, bos días.

Señora Pérez, déixolle aquí ao presidente o informe de MarInnleg. Van tres copias para os tres grupos. *(Murmurios)* Creo que nunca poderá dicir que ningún informe que lles teñan pedido á Consellería se lles denegou. Pero, bueno, é igual. Ás veces os intereses son vir aquí e facer unha grandilocuencia política. Non sei se con iso conseguen algo.

Señora Otero, mire, non son medias verdades cando digo que non nos tiveron en conta a maioría das alegacións que presentamos nos POEM. Non minto, é así. E así o recolleemos. É certo que se tiveron en consideración algunhas das alegacións que presentamos, pero non aquelas que tiñan incidencia directa na actividade pesqueira. E podemos —se quere vostede, ao terminar ou noutro momento— dicirlle: estas son as alegacións que presentamos e estas son as alegacións que nos tiveron en conta. Non vou entrar nese debate.



No que di sobre a foto, é evidente que quen ten as relacións coa Unión Europea é o Reino de España; polo tanto, quen nos representa nesas negociacións é o ministro. O que temos que facer os conselleiros —ou *consejeros* doutras comunidades autónomas— é axudar o ministro para que esa defensa que ten que facer do noso sector vaia na mellor dirección posible. Neste caso non sei se saíu na foto ou non saíu, pero a representación das comunidades autónomas correspóndelle ao *consejero* de Murcia. Cónstame que no consello consultivo que mantivemos a semana pasada o propio *consejero* falou dese apoio unánime ao ministro Planas na defensa dos intereses da frota pesqueira española. E non me cabe ningunha dúbida de que, independentemente de que saíse ou non saíse na foto, ten o apoio do *consejero* porque falaba en representación de todos os conselleiros das comunidades autónomas que temos litoral.

A fronte común si que a estamos a facer, e estamos buscando aliados e axudando o ministro Planas. Nós estivemos reunidos co vicepresidente da rexión de Bretaña, que é unha das rexións máis afectadas, e temos sintonía e liña de traballo aberta con eles. É certo que o vicepresidente da Bretaña nos comentaba a gran desilusión que tivo nun momento en que esperaba un maior apoio do Goberno francés a presentar ese recurso que non puideron presentar e que, polo tanto, tampouco a rexión de Bretaña puido presentar, como o estamos a facer dende Galicia; como dixemos e como o estamos a facer.

Señora Pérez, ¿é certo? ¿Mentín cando falei a primeira vez? Non mentín, equivoqueime. Non foi o 28 de febreiro cando pedín a miña comparecencia; foi o 24 de febreiro ás nove e vinte da mañá. (*Aplausos.*) Outra cousa distinta é cando se rexistren no Pleno (*A señora Pérez Fernández pronuncia palabras que non se perciben.*) (*Aplausos.*), pero vostede acúsame a min de vir aquí porque vostede me fixo unha recomendación. E eu o que lle digo é que antes de que vostede fixera a recomendación eu xa pedira a miña comparecencia. Rexístrase cando se pode rexistrar, pero eu son coherente. (*A señora Pérez Fernández pronuncia palabras que non se perciben.*) ¡Ah!, bueno, pero perdoe; é que eu non lle vou aceptar que diga que eu veño aquí por recomendación súa. Non, non, non, a miña a liña de traballo está clara e non ma vai poñer vostede en dúbida.

Aquí se hai alguén incoherente —volvo, digo e repito— é o Bloque Nacionalista Galego. (*Aplausos.*) E non hai máis que velo nas súas actuacións diarias. (*Aplausos.*) E estou aburrida xa de que me diga que nós mentimos e que non somos coherentes. (*Aplausos.*) Non hai máis que vela a vostede no periódico, como dicía a señoría Otero; dependendo do porto no que se atopen defenden unha postura ou outra. Xa non é que de día defendan unha e de noite outra, non; no mesmo día poden defender tres posturas distintas dependendo de onde se atopen. Así non van a ningunha parte.

Eu aconséllolles que, de verdade, falen cos representantes do sector. ¿Vostede acaba de dicir aquí que o Consello Galego de Pesca pedira na reunión que tivemos o día 6 de marzo a retirada dos POEM? ¿Vostede dixo iso? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Eu entendín que dixo: «faga o que lle dixo o Consello Galego de Pesca, que pediu a retirada dos POEM». (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Bueno, eu foi o que entendín. (*A señora Pérez Fernández pronuncia palabras que non se perciben.*) Vale, se é un erro acéptoo, porque o que se pediu no Consello Galego de Pesca foi que viñese a ministra de Transición Enerxética e Ecolóxica —xa non sei como se chama—, que viñese a señora Teresa Ribera a unha reunión ao Observatorio da Eólica Mariña



para explicar cales foron os informes que a levaron a tomar a decisión que tomou. Iso foi o que se acordou no Consello Galego de Pesca e iso é o que pedimos dende a Xunta de Galicia; non que se retirasen os POEM. Alguén no Consello Galego de Pesca si o pediu, pero non foi o que se aceptou no Consello Galego de Pesca, onde solemos aprobar todo por unanimidade.

Señora Pérez, señora Otero, señora Egerique, eu, sinceramente, nesta última intervención o único que quero é agradecer o que aquí hoxe se falou, o debate que se orixinou, e ver que toda Galicia está a defender un sector pesqueiro que precisa da unión de todos; non das liortas das siglas políticas.

Nesta liña, o partido que apoia o Goberno da Xunta de Galicia dende o ano 2009 vén apoiando —independentemente da cor política do ministro que estea na carteira do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación— sempre as decisións que van na defensa do sector pesqueiro e vén criticando sempre —independentemente da cor política— aquelas medidas que se poidan adoptar e que poidan ferir de morte o noso sector. Creo que esta liña de traballo é a que temos que seguir mantendo.

Eu comentaba co ministro Planas a semana pasada que un bo exemplo para poñer no Consello de Ministros que houbo no día de onte era o caso da sardiña. Cando no ano 2018 a Comisión Europea propuña unha veda de quince anos para esta especie, traballando coa ministra Tejerina fomos capaces de coincidir en presentar xunto con Portugal un plan de xestión que se nos aprobou na Unión Europea. Nese caso fomos quen, durante cinco anos, de manter a actividade da frota aínda que fose a un nivel moi baixo. E hoxe podemos dicir que tan só cinco anos despois a sardiña se atopa no rendemento máximo sostible.

Esas son as formas de defender o sector e esa é a nosa fórmula de traballo: sempre con rigor, sempre con todos os informes, tanto xurídicos como científicos, que poidan acreditar que imos no bo camiño. Creo, señora Pérez, que no tempo que estiveron no Bipartito non poden presumir do mesmo. Consequiron maior desguace de frota durante eses escasos catro anos e non conseguiron nin sequera un incremento de prezos nos produtos que se estaban sometendo á venda. Hoxe reducimos o desguace de frota e hoxe incrementamos o prezo medio dos nosos produtos nas lonxas. Creo que estamos na boa dirección, independentemente dos ataques que nos veñen de institucións de fóra de Galicia. Nesa liña, prométoles que imos seguir traballando.

Máis nada. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

(Aplausos.)

Pasamos ao punto 2 da orde do día, mocións.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Rosana Pérez Fernández, sobre a rexeneración dos bancos marisqueiros das rías

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.



Para formular a moción ten a palabra a señora Pérez Fernández.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

¡Canto sinto que a señora conselleira tivera que marchar! (*Murmurios.*) ¿Onde está? (*Murmurios.*) ¡Ah!, si, pero xa estaba para saír. (*Murmurios.*) Nada, nada, vostede quede, se quere; é dicir, vostede mesma. (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Exacto. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, si, evidentemente. Xa lle pasaremos un informe da intervención, (*Risos.*) como fai vostede. Xa lle pasaremos un informe. (*Aplausos.*)

Di a señora conselleira, entre outras moitas mentiras coherentes, que na época do Bipartito se desguazaron máis barcos que nos catorce anos que leva ela de conselleira; xa, xa, outro día traeremos o número de despezaementos. Pero o que non di é que leva non sei cantos anos —non o lembro agora de memoria; podemos mirar o dato— sen haber subvencións da Unión Europea para desguazar barcos. (*Aplausos.*) ¡Por iso ela non permite desguazar barcos! (*Aplausos.*)

Ben, e imos seguir falando de máis mentiras coherentes. Tamén a señora conselleira o outro día cando xa non tivo escapatoria —diante dos datos que nós lle estabamos dando a respecto da situación das rías— ao final acabou dicindo que non era que os datos que dabamos nós non fosen os que estaban en Pesca de Galicia; ¡dixo que non os sabiamos interpretar. E leo textualmente: «En xaneiro do ano 2023 vendéronse en lonxa 263 toneladas de ameixa e berberecho» —xaneiro de 2023—. En xaneiro do ano 2017 —cinco anos antes, por non irme máis atrás— segundo Pesca de Galicia vendéronse 423 toneladas de ameixa e berberecho, é dicir, 160 toneladas menos que no ano 2023. Xusto antes do ano 2023, é dicir, cando comezou a pandemia no ano 2020 —en xaneiro do ano 2020—, vendéronse 356; e no ano 2021 —en plena pandemia— vendéronse 297. Isto textualmente —logo collo alí as folliñas que imprimín— é o que di Pesca de Galicia. Que nolo interprete a conselleira, porque polo visto nós non sabemos sumar e restar.

Pero tamén din Pesca de Galicia e o Instituto Galego de Estatística que entre o ano 2011 e o ano 2021 —isto dino os datos que se poden ver na páxina— o volume de produción de ameixa e de berberecho se reduciu en 2.700 toneladas, nada máis e nada menos que 2.700 millóns de quilos. Pero, segundo a conselleira, non sabemos interpretar os datos. Pero os datos son estes; nós non os sabemos interpretar, pero estes son os datos da propia Xunta de Galicia. E a conselleira vén aquí fachendear de que leva catorce anos traballando polo sector pesqueiro e marisqueiro; pois aquí están os resultados do seu traballo e da súa constancia nese traballo.

E máis mentiras coherentes. Na interpelación do outro día falabamos aquí do problema do desaugamento dos encoros, por un lado e, por outro lado, do problema que pode chegar a significar a autorización de Augas de Galicia de verteduras de augas residuais industriais da mina de San Fins ao río Pesqueira. Pois a señora conselleira afirmou a respecto dos encoros —leo textualmente— aquí no Pleno anterior que «as comportas dos encoros ábreanse cando está subindo a marea para evitar que se produzan os aportes de auga doce no momento da baixamar». *Fin de la cita.*

Ben, outra vez mentiu descaradamente; iso si, coherentemente, ¡pero mentiu! Mentiu descaradamente outra vez. ¿E por que? Porque ela di, efectivamente, que só se abren os encoros



cando hai preamar porque en baixamar afectan máis. Pois miren, señorías, o horario de traballo, por exemplo, das mariscadoras e mariscadores de Noia o pasado 20 de decembro comezaba antes das seis da mañá e ata as 9:45. Como todo o mundo sabe —ou case todo o mundo sabe—, marisqueábase nas secas, é dicir, coa baixamar. Ben, pois ese día, o 20 de decembro, a Xunta de Galiza, a través do 112 —tamén teño aí o escrito do 112—, avisa da información que lle proporciona Naturgy a respecto da apertura das comportas do encoro do Tambre. E a apertura desas comportas —dicía ese aviso do 112— produciríase a partir das cinco e cuarto da mañá, é dicir, en plena baixamar; e non só en plena baixamar, senón en pleno momento de traballo dos mariscadores e mariscadoras, co risco que iso conleva. Polo tanto, mentira; mentira coherente, pero mentira neste Parlamento.

En fin, nós levamos tempo —e isto lle solicitamos na interpelación e é un dos puntos da nosa moción de hoxe—, solicitando un regulamento e un protocolo de baleirado dos encoros. Pois como levamos tempo solicitándoo e o Partido Popular e a Xunta de Galiza non atopaban ningún remexeron e remexeron e finalmente atoparon un. Atoparon un real decreto de dominio público hidráulico estatal do ano 1986 e viñéronnolo traer o outro día á Comisión de Pesca dicindo que xa estaba todo regulado porque existía ese real decreto.

Oian, Galiza ten competencia exclusiva en materia hidráulica en canto ás augas que discorren dentro do seu territorio. Ten unha lei de augas de 2010, ten un decreto de 2015 que desenvolve esa lei de 2010 e moita máis lexislación. E o Partido Popular tivo que ir buscar un real decreto estatal de 1986 para dicirnos, despois de tanto tempo, que os encoros xa estaban regulados porque o dicía ese real decreto. Pois ben, tampouco cola, porque nós o que queremos é que ese regulamento conste onde ten que constar, que é na lexislación galega, e na lexislación galega —que, volvo insistir, ten competencias a Xunta de Galiza sobre as augas que discorren dentro do seu territorio— non existe tal regulamento.

Non existe tal regulamento e, polo tanto, volvémoslle repetir e propoñémolo nesta moción: solicitamos un regulamento dos encoros que regule perfectamente como ten que ser o baleirado —non só o baleirado, senón tamén a limpeza de lodos deses encoros, por exemplo—, e que regule tamén as sancións que caerían sobre os infractores en caso de incumpriren ese regulamento. E tamén que regule as indemnizacións ao sector marisqueiro, que é o que vén sendo prexudicado precisamente por esa falta de regulamento, porque a Xunta de Galiza segue, tamén no caso dos encoros, a favorecer os mesmos que favorece co tema da eólica mariña; neste caso, no tema do encoro do Tambre, a Naturgy, ás grandes eléctricas. É, polo tanto, non ten ningún interese en facer ningún regulamento.

Pero imos con outra mentira coherente, coas minas de San Fins e a vertedura que acaba de autorizar Augas de Galiza. Mire, a conselleira dixo aquí no Pleno anterior —textual, leo—: «Non se está autorizando a mina; estase autorizando un sistema de depuración das augas que están nas balsas das minas». *Fin de la cita*. Pois outra vez mentira. Pero non só mentiu ela; ela repetiu a mentira do señor Conde do pleno anterior, que dixo iso. Pois ben, voulles ler un extracto precisamente desa autorización de Augas de Galiza; do punto 2.2. Fase de explotación do complexo —non fase de baleiramento das minas, senón fase de explotación do complexo—: «Os caudais máximos de vertidos de augas residuais industriais depuradas procedentes das instalacións xeradas na fase de explotación do complexo mineiro, logo da



finalización da fase de intensificación do baleirado das galerías, son os seguintes...». E dá unha serie de parámetros. ¡A propia autorización de verteduras de augas residuais de Augas de Galiza! E o señor vicepresidente Conde vén aquí mentir dicindo que non se está autorizando a explotación mineira e a señora conselleira do Mar vén repetir a mentira do señor vicepresidente. (Aplausos.)

¡É moi grave! É moi grave sobre todo no caso da conselleira do Mar, porque hai máis de cinco mil empregos en xogo e non se pode manipular deste xeito; do xeito en que o vén facendo o Partido Popular. Hai autorización para verteduras residuais industriais co obxectivo precisamente de poñer de novo a mina en funcionamento, tal e como recolle o punto 2.2. da autorización de Augas de Galiza.

Ben, non sabemos —e isto é o que lle pedimos tamén na moción de hoxe— se a Xunta de Galiza, á vista de todo isto e á vista de que xa hai recursos xudiciais presentados e recursos de alzada contra esa autorización, vai atender entre outros ao acordo unánime do Concello de Noia a respecto desta autorización de verteduras. O acordo do Concello de Noia di, entre outras cousas, con toda claridade que se paralice esa autorización.

E isto é o que nós trasladamos nesta moción, que xa o anticipamos o día da interpelación. E, ¿por que pedimos, á parte de todo isto que lles acabo de dicir, que se retire esa autorización? Pois porque está viciada de inicio, porque carece da preceptiva avaliación ambiental. Por moito que diga o señor Conde que está autorizando...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ...só a vertedura de augas e non a apertura da explotación mineira. Por iso o pedimos na nosa moción.

Remato, presidente.

Polo tanto, nós pensamos que facemos aquí unha petición razoable. Traslados outras, como a do Concello de Noia unanimemente, que nos parecen razoables, e eu creo que se o Partido Popular goberna para a xente debería votar a favor desta moción. Grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pérez Fernández.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Bo día a todos e todas.

Sobre a rexeneración dos bancos marisqueiros nas rías, que era sobre o que orixinalmente creo que trataba a moción e a iso dedica parte das partes resolutivas, dende o noso grupo queremos destacar que é un tema que, evidentemente, preocupa dende hai moito tempo. Preocupa a todos os grupos da Cámara e estamos convencidos de que tamén preocupa ao



Partido Popular, a pesar de que o Partido Popular nega a existencia dun problema cos bancos marisqueiros.

Para explicalo para o conxunto dos deputados e deputadas que non asisten habitualmente á Comisión 8ª —á que si asistimos os que nos corresponde—, o Partido Popular afirma con total naturalidade habitualmente que non hai un problema de perda de capacidade de produción marisqueira, que Galicia vai moi ben en termos de produción marisqueira, que é mentira todo aquilo que se poida afirmar sobre a perda de produción e sobre que teñamos menos capacidade de producir —non só en cantidade, senón en rendemento económico— e que iso todo é basicamente unha milonga. Afirman que cando se abren as campañas de marisqueo sempre hai queixas, pero que despois ao final os datos sempre din que vai todo ben. Todo isto é o que escoitamos habitualmente; un Partido Popular negacionista desta realidade.

E a evidencia —se un acode e fala co sector, vive no entorno do sector e comproba os problemas de mortalidade e os problemas de perda de capacidade á hora de producir, os problemas de venda nas lonxas e comproba como o sector está minguando nos últimos anos— é que, ademais do problema de que o sector mingüe, hai un problema negacionista enorme naquelas persoas e naqueles órganos que teñen que xestionar a situación das rías e a súa produtividade para o sector marisqueiro.

E, como isto parece que non é compartido polo Partido Popular, habitualmente ofrecemos unha serie de datos que nós cremos relevantes. A señora Pérez citou aquí algúns; eu voume permitir repetir os que habitualmente traslado na Comisión 8ª para o conxunto de todos os que estamos aquí, que creo que poden dar unha parte de contexto da situación. Permítanme citar algúns datos. Vou intentar ser non moi pesado con eles e ser o máis claro que sexa posible.

Miren, para a actividade marisqueira é necesario ter un Permex en Galicia —un permiso de explotación marisqueira—, que determina basicamente o número de persoas que se dedican a este sector. En 2009, xa que habitualmente para o Partido Popular é un ano fetiche, intérsalle moito e gústalle moito falar de 2009 —ultimamente a dereita está empezando a falar tamén de antes do 1975, o que é un pouco perigoso, pero o Partido Popular aquí queda en 2009—. En 2009 existían en Galicia, por redondear, seis mil quiñentos Permex, máis ou menos. Non é exacto o dato, pero seis mil quiñentos. O Goberno Feijóo, por entón o Goberno Feijóo, chegou e afirmou que chegarían a superar os oito mil Permex en Galicia co seu Goberno. Tiñamos seis mil quiñentos e afirmaron superar os oito mil. Hoxe estamos por baixo de catro mil e baixando. Estamos xa nunha situación en que non estabamos practicamente dende que empezaron a concederse os Permex.

Por tanto, temos unha perda do número directo de xente que vive do marisqueo. Poderían darse moitas explicacións, pero a partir disto nós o que plantexamos é avaliar como está o produto en si; imos avaliar cales son os datos. Algúns dos datos citounos a señora Pérez; nós pretendemos facelo en versión gráfica, porque aos que nos gustan os datos entendemos que tamén é moito máis sinxelo.

Entón, collemos dúas referencias: o ano pasado e o último ano prepandemia. Dígoos porque —permítanme esta digresión— a última semana na Comisión 8ª escoitamos como «o ma-



risqueo vai ben, porque estamos mellor que en 2020 e en 2021». Creo que todos os que están aquí presentes son capaces de entender que en 2020 e en 2021 existía algún pequeno problema sanitario, un detallíño, unha cousa que impedía que a produción fose a máis normal do mundo. En fin, era unha pandemia, un detalle menor, cousas insignificantes...

Pero, por dicilo así, témonos referido, no que corresponde ao marisqueo en Galicia, ao ano 2019 comparado co ano 2022. Miren, isto é a ameixa fina (*O señor Torrado amósalles un gráfico aos membros da Cámara.*) —trasládollo ao Partido Popular, sobre todo, porque é o que nega habitualmente a realidade—; en quilos e en produción económica estamos peor que en 2019. A verdade é que vostedes poden pensar que no gráfico a diferenza non é excesivamente grande; que estamos perdendo, pero non é grande. Pero, por se acaso, voulles pasar este outro, que é de ameixa babosa. (*O señor Torrado amósalles un gráfico aos membros da Cámara.*) Este xa é un pouco máis chamativo, porque estamos por debaixo do cincuenta por cento da produción en tres anos. Pero, por se non lles gusta, voulles pasar o da ameixa xapónica. (*O señor Torrado amósalles un gráfico aos membros da Cámara.*) Estamos un pouco por enriba do cincuenta por cento; isto debe ser una alegría enorme para o Partido Popular. Pero, por se acaso —falouse aquí especificamente de Noia, a ría referente do berberecho en Galicia é a de Noia—, voulles pasar a do berberecho; tamén por debaixo. (*O señor Torrado amósalles un gráfico aos membros da Cámara.*) Ao redor do sesenta por cento, producimos. É dicir, que de cada dez berberechos que se collían en 2019, hoxe só se collen seis.

Poderíamos seguir, pero temos menos xente mariscando, temos menos produto e obtemos a metade de rendemento do produto. Contestación do Partido Popular a isto: «todo é mentira, as cousas van moi ben». E isto é basicamente no que estamos, nun Partido Popular negacionista deste problema. E, por tanto, nós imos votar a favor desta iniciativa, defendendo as cuestións que levamos defendendo desde hai moito tempo. Porque esta iniciativa plantexa cousas tremendamente revolucionarias, señora Pérez; é vostede unha revolucionaria enorme. Vai vostede á guerra con esta iniciativa. Pide informes; unha cousa nunca vista. Eu escoitei aquí —voume permitir esta paréntese— dicir á conselleira de Pesca: «cada vez que se nos pide un informe, nós ofrecémolo».

Ben, eu vou repetir por vez número trinta e seis —diría eu— que os informes que xustificaron a decisión sobre a mexilla —que vaia cristo teñen vostedes montando coa mexilla, que non os cre ninguén; xa cabrearon vostedes a todo o mundo— foron prometidos constantemente por esta consellería aquí e nunca foron achegados a este Parlamento. (*Aplausos.*) Artigo 9 pedido. O Bloque Nacionalista Galego é certo que tamén os pediu e tampouco se lle remitiron, ata onde eu sei. Sempre prometidos, nunca pedidos. ¿Informes sobre as causas de perda de marisqueo en Galicia? Sempre pedidos, sempre prometidos, nunca tramitados, nunca ofrecidos a este Parlamento. Salvo que, neste moderno hábito de entregar ao presidente, algún deles caese por aquí e quedase metido nalgunha esquina e aí quedase arrinconado.

Pero, en todo caso, nós imos votar a favor desta revolucionaria iniciativa do BNG que pide informes. ¡Ousados e atrevidos, que piden informes a un goberno sobre a situación do marisqueo! Piden algunhas outras cuestións, para as que tamén imos votar a favor. Voume permitir explicar o porqué. Plantexan liñas de axuda e nós cremos que isto é relevante. O BNG plantexa estas liñas de axuda que nós cremos que son importantes. E gustaríanos facer dúas puntualizacións sobre isto.



En primeiro lugar, axudas para todos aqueles membros do sector que perden a súa produción nestes últimos tempos; para todos. Porque o Goberno da Xunta, neste plan *cicatero*, estalle negando axudas a unha parte do sector marisqueiro. Como se se lle puidesen poñer portas ao mar. Xa saben que ao campo non, pero ao mar tamén; xa os vou avisando. Pero, en todo caso, nós defendemos isto. Porque si que é certo que o sector marisqueiro está sendo axudado; está vindo o Goberno de España salvarlle o cu, sacarlle as castañas do lume ao Goberno Galego. ¿Por que? Porque está habilitando cesamentos da actividade, que así pode contribuír ás axudas a través do Goberno de España, mentres que o Goberno de Galicia está asubiando para outro lado e mirando para onde non debe. Ninguén sabe onde está a Consellería neste caso e o marisqueo segue pensando que na Consellería deben de estar de vacacións dende hai un ano e medio, aproximadamente, porque ninguén está atendendo a esta liña de axudas, que é necesaria ante as mortalidades que estamos vendo na ría de Arousa ou na ría de Noia, de máis do noventa por cento do produto en moitas ocasións.

Imos votar a favor, ademais, do protocolo sobre encoros. Nós levamos esta idea a semana pasada á Comisión 8ª, pero é unha idea que leva pululando —se me permiten a expresión— por este Parlamento dende hai tranquilamente unha década. É certo que recibimos unha notificación e que hai un protocolo que está dende o ano —creo que se citou— 1986. Eu creo que non había algún dos encoros e xa estaba a normativa posta, supostamente.

Pero o caso é que non hai ninguén que estea atendendo a que o baleirado dos encoros está provocando perdas enormes e millonarias no sector marisqueiro, ademais de provocar algúns problemas de seguridade. E isto é unha evidencia tamén que se vostedes estivesen en contacto co sector serían capaces de entender. Pero como vostedes lexislan e pensan que o sector se pode xestionar dende un despacho e cunha folla de Excel e un Google Maps, pois aí están vostedes mirando. Pero a realidade é que isto é un problema. Os propios encoros e os traballadores dos encoros asumen que é así de certo, pero o que din é que isto é un problema da nosa dirección. E aí é onde temos que traballar. Os encoros deben —porque é unha concesión autonómica— ter un protocolo e cumprilo, porque se non estarán traballando para o seu beneficio propio e por migallas; migallas de beneficio están prexudicando as rías enteiras cos seus bancos marisqueiros. Por tanto, estamos a favor.

E estamos a favor tamén do que se traslada aquí, da petición de informes. Novamente, moi bolchevique e revolucionaria a iniciativa de pedir informes; pero nestas estamos, en que hai que pedir informes porque o Goberno sempre dilata esta idea ou non os facilita sobre a situación da mina de San Fins.

E votaremos a favor tamén do acordo que se impulsou no Concello de Noia. Que non é exacto o que di, non é o texto literal que di aquí o Bloque Nacionalista Galego; digamos que non é o mesmo, pero imos dicir que é semellante. Non che é a mesma cousa, pero éche parecida. Pero digamos que a idea vai polo mesmo camiño e, por tanto, nós imos votar a favor.

Agora isto prodúcenos a curiosidade de saber que vai votar o PP. En Noia votou a favor disto, pero imos ver que vota aquí. Non sabemos se en Noia o PP é o mesmo que aquí e, polo tanto, gustaríanos sabelo. Porque habitualmente isto é moi interesante; van aos concellos, votan unha cousa e logo chegan aquí e votan outra. Incluso —permítanme— xente que son con-



celleiros e deputados votan distinto nun pleno que noutro. Isto xa é fabuloso e marabilloso, porque votan distinto; debe ser que en función de se o día é par ou impar pensan unha cousa ou outra. Xa saben, a estabilidade.

En todo caso, nós imos votar a favor deste acordo. Gustaríanos saber se o Partido Popular vai votar tamén a favor. Desexámoslle toda a sorte do mundo ao Bloque Nacionalista Galego con esta iniciativa; con todo o afecto lle transmitimos que temos algunha percepción de que pode non saír apoiada, pero oxalá si. Nós ímola impulsar e, por suposto, se o Bloque Nacionalista Galego consegue que saia adiante estaremos celebrando que poidamos ter, polo menos, o recoñecemento dun goberno que ata o de agora é negacionista e non recoñece que temos un problema co sector marisqueiro.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Moitas grazas, señor Torrado.

É agora a quenda do Grupo Parlamentario Popular. Ten a palabra a señora Egerique.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Grazas, vicepresidenta.

Señor Torrado, vostede, nas súas dotes divinatorias, é certo que adiviña que nós non imos apoiar esta iniciativa. Pero tamén teño que dicirlle que fai aquí vostede agora de deputado do Partido Socialista para suavizar esa tensión que existe entre o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Socialista de Galicia, agora que ata en roldas de prensa xa se botan en cara uns aos outros algunhas declaracións e decisións. Entón vén vostede aquí e fai ese papel. A verdade é que suavizou bastante o tema coa señora Pérez; a min paréceme moi ben.

Pero, realmente, a señora Pérez dicía que a señora Quintana escapaba, cando o Pleno pasado estivo aquí xa dando conta do que vostede lle interpelou. Esta moción é froito dunha interpelación á señora Quintana, que deu claras explicacións do que vostede lle preguntaba. E informou, entre outras cousas, de que a situación climatolóxica que experimentara Galicia no arranque deste ano fora excepcional. E, aínda que vostedes moitas veces crean que iso non é importante e que non ten moita relevancia, tamén a ten. Basta con acudir ao informe de Meteogalicia do pasado mes de xaneiro para saber que este reflicte que choveu case o dobre do habitual e, en concreto, o noventa e dous por cento máis; algo que ten que ver na situación actual na que estamos. Igual que ten que ver todo o contexto no que nos movemos agora e o contexto económico para falar tamén despois de datos.

Eu nesta moción vou falar punto por punto, porque a interpelación foi así todo moi de golpe, pero agora si que hai unha serie de puntos que vostedes piden ao Grupo Parlamentario Popular que apoie, pero que realmente nós non imos apoiar. Eu vou dicirlle por que.

No primeiro punto vostede pide levar a cabo unha avaliación das causas da baixa salinidade das augas das rías entre finais de 2022 e primeiros de 2023 e das súas consecuencias sobre os bancos marisqueiros afectados. Eu teño que dicirlle que a Xunta de Galicia xa fai un seguimento da mortalidade de moluscos infaunais e xa se avalían os rexistros das condicións



de salinidade. Xa está máis que feito. Tamén se fai un seguimento dos estados dos encoros e a climatoloxía de distintas formas tomando como fontes o seguimento de estacións hidrográficas propias, o seguimento das propias confrarías ou reportes de Meteogalicia, así como as gráficas dos encoros. É un tema, ademais, que ten factores que poden condicionalo, como dicimos que é o caso da meteoroloxía. E, polo tanto, ese seguimento xa está feito; ademais, dende hai moitos anos.

No punto 2 di vostede: «Partindo da avaliación dos técnicos da Consellería do Mar e dos das propias confrarías, convocar as axudas extraordinarias precisas para a rexeneración dos bancos marisqueiros afectados e para paliar a perda de ingresos do sector marisqueiro e das propias confrarías». Existen xa —con maiúsculas, digo, téñoos ben escrito aquí— este tipo de axudas para a rexeneración dos bancos.

Ademais, din vostedes que nós temos o 2009 como o ano fetiche. Nós temos o 2009 como o ano en que os galegos dixeron: imos fuxir un pouco deste Bipartito que non nos soluciona e só nos crea problemas e imos acudir outra vez ao Partido Popular, que é quen xestiona. E dende o ano 2009 ata hoxe, que é 2023, cunha política ademais continua e revalidada cada catro anos, fóronse rexenerando moitos bancos marisqueiros; logo podo darlle algún dato. Ademais, púxose fin e fíxose o cambio de moitas zonas C que hoxe xa non están nesa situación. Polo tanto, ímolo rexeitar, porque iso xa está en marcha.

En terceiro lugar, di vostede: «Elaborar no prazo máximo de seis meses unha regulación ou protocolo de desaugado e limpeza de encoros que evite a afectación á salinidade das rías e os bancos marisqueiros e que contemple sancións aos responsábeis no caso de incumprimento e indemnizacións ás persoas e entidades atinxidas». E paréceme que vostede aquí redacta xa unha posible lexislación ou unhas posibles sancións que se poderían determinar, pero é que isto xa é un pouco máis arduo. E no baleirado dos encoros xa existe isto que vostede pon aquí, os protocolos de traballo, e xa existen ademais as consecuencias e todo o que ten que levarse adiante.

Vou pararme algo máis e diríalle que é preciso ter en conta que en cada unha das zonas hidrográficas de Galicia existe unha comisión de desaugamento, como lle dixo tamén a conselleira o pasado Pleno, coa función de deliberar e formular as propostas sobre o réxime axeitado de enchedura e baleirado dos encoros da demarcación hidrográfica de Galicia Costa atendendo aos dereitos dos distintos usuarios. Destas comisións forman parte os representantes dos usuarios afectados, a Consellería do Mar e, no caso da zona centro, as confrarías de pescadores de San Bartolomé de Noia e Santiago Apóstolo de Carril.

As presas, ademais, teñen tamén unhas normas de explotación elaboradas polos seus titulares e que deben presentarse a Augas de Galicia para a súa aprobación. Inclúen o programa normal de enchedura, baleirado e resgardos e as actuacións específicas en caso de avenidas. É dicir, está todo xa máis que regulado e, ademais, cúmprese estritamente todo o que din estas normas.

As normas de explotación de cada encoro deben cumprir o artigo 10.4, que establece o principio básico de xestión das avenidas por parte dos encoros no RDPH, de cara a procurar que



o caudal máximo desaugado non supere o máximo caudal de entrada previsto. É dicir, iso xa está previsto.

Vostedes cren que saberían xestionar ou facer as cousas mellor, pero iso tal e como o pide vostede xa se está facendo. E abro comiñas, porque di: «Co fin de minimizar na medida do posible os danos augas abaixo dos encoros existentes no conxunto de operacións destinadas á xestión dunha avenida nun determinado tramo de río situado augas abaixo dun encoro ou sistema de encoros, as manobras dos órganos de desaugadoiro realizaranse co obxectivo de que o caudal máximo desaugado non supere ao longo do período de duración da avenida o máximo caudal de entrada estimado no devandito período, sen prexuízo das manobras que se realicen co obxectivo de aumentar a capacidade de regulación do encoro ou a súa propia seguridade mediante desencoramentos preventivos nin das obrigacións derivadas do cumprimento do réxime de caudais ecolóxicos». É un parágrafo engoroso, pero está claramente explicado e expresado. É o protocolo que se segue e que vostedes din que non se fai. Cren, ademais, que dándolle unha volta ao argumento, dándolle unha volta á petición, poderían facelo doutra maneira.

Non é posible desaugar en función dos ventos ou circunstancias que cambien a salinidade da ría. Polo tanto, é o que digo eu; hai situacións en determinados momentos, como foi esta última choiva abundante do mes de decembro, nas que as circunstancias varían. É diferente o desaugado de encoros, quizais, neste mes do que foi hai tres anos ou do que foi hai dous. Polo tanto, si que son condicionantes que teñen importancia.

Por tanto, para rematar: «Da auga que chega á desembocadura é moi pouca porcentaxe a que sae das presas. Ademais, estas presas laminan, polo que a auga que sae é menor que a que entra, e se non houbese encoro as puntas de caudal que chegaría na desembocadura en épocas de precipitacións serían maiores. Por outra banda, se o tamaño do encoro é pequeno en relación coas aportacións da conca a capacidade da eliminación das avenidas será moi pequena e, se ben consegue que o caudal máximo desaugado sexa inferior ou igual ao caudal máximo de entrada, o volume de auga de entrada e saída do encoro serán similares ao longo dun período de tempo». Esta é a explicación técnica, moi resumida, do que vostedes cren que non se fai e que si que se fai na Xunta de Galicia. Polo tanto, rexeitaremos tamén ese punto.

O punto 4 e o punto 5. No punto 4 di vostede: «Levar a cabo por parte da Consellería unha avaliación do impacto ambiental, económico e social que se podería producir no caso de non paralizarse a autorización de Augas de Galicia *bla, bla, bla, bla*». Como sempre, no caso da mina de San Fins xa poñendo por diante ou atisbando algo que non saben se será ou non será. É dicir, unha avaliación ambiental e económica poderíase producir no caso de non paralizarse a autorización. Vostede xa pon un condicionante aquí nesta petición e, polo tanto, nós non a imos aceptar, porque isto terá que seguir o seu curso como sempre.

E, por último: «Atender o acordo unánime da Corporación do Concello de Noia». A Xunta de Galicia —como digo— no tema da mina de San Fins, a través de Augas de Galicia autorizou o pasado 1 de febreiro a vertedura ao río Pesqueiras —xa o sabe vostede ben— de augas residuais depuradas procedentes da mina de San Fins situada en Vilacoba, no Concello de



Lousame, supeditada ao cumprimento de dezaioito requisitos e á atención estrita das normas de calidade ambiental. Polo tanto, está supeditado a todo iso e vostede non pode poñer como condicionante que xa iso ou non se vai cumprir ou non se vai ter en conta.

Polo tanto, estes son os puntos —porque vostede, tanto na interpelación como hoxe, fala en xeral do marisqueo— que temos que aprobar e nós imos votar en contra destes puntos.

Quero falar de datos. Vostedes din que temos como o ano fetiche o 2009. Pero eu quero falar, por exemplo, do ano 2017, que na serie dende o 2002 ata hoxe mesmo foi o ano no que houbo unha facturación maior, 508.672.109 euros en marisqueo e o prezo medio era de 2,39 euros. ¡O ano 2017! É que desde 2009, de marisco... —de marisco señor Torrado, efectivamente, de descargas en lonxa—. Entón, se vostede colle o ano 2017, do 2009 ao 2017, ¿que pasou? Non houbo xestión da Xunta de Galicia; non estaba porque as cousas ían ben. Claro, de 2017 a 2022 tamén temos un contexto, como di vostede; temos unha pandemia, temos unha situación máis complicada. Efectivamente, temos un encarecemento de moitos temas, ademais, que non son condicionantes e que non son dependentes da Xunta de Galicia. Polo tanto, hoxe estamos, podo dicirlle, no ano 2023 cun aumento dun prezo medio da descarga de bivalvos nas lonxas galegas dun trinta e tres por cento.

¿Que temos? Que no ano 2022 houbo un beneficio de 437.398.236, que baixa respecto a 2017; pero o prezo medio era de 3,26 euros, por riba. Polo tanto, esa xestión tamén é positiva. ¡É que acadamos o prezo maior en lonxa na serie histórica de todas as descargas de lonxa de marisco de bivalvos! Polo tanto, vostede ten puntos nos que discrepa e nos que cre que a Xunta de Galicia non actúa ben, e ademais di que mente e non é certo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, pero despois temos que, en termos de prezo, 2022 foi o ano da serie histórica cun maior prezo medio por quilo, señor Torrado, 3,26 euros. Vostede pode desde a súa bancada, pero aquí *(A señora Egerique Mosquera sinala reiteradamente a tribuna de oradores desde a que está a falar.)* non pode desmentir este tema. E a evolución dígolle eu que é dun trinta e tres por cento maior, porque é o prezo maior acadado de descargas en lonxa.

E a maiores, teño que rematar xa...

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Ten que terminar, señora Egerique.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: ...dicindo que os esforzos para mellorar a situación das nosas rías permitiron unha grande evolución da situación microbiolóxica, porque aquí non falan diso. En 2009 —ano fetiche, efectivamente— houbo unha política de recuperación dos bancos marisqueiros e das rías e investimentos destinados dende a Xunta de Galicia e dende os gobernos de España do Partido Popular para a rexeneración das rías.

Mire, vou dicirlle que...

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señora Egerique. Ten que rematar.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: ... —xa remato— as zonas C pasaron de ser máis do 15 por cento do total en 2009 a quedar no 7,5 por cento na actualidade. ¿Isto non é xestión axeitada



para os bancos marisqueiros? ¡Á metade! As zonas A, que representaban o 3 por cento do total hai 14 anos, no día de hoxe supoñen case o dezaseis por cento.

Polo tanto, vostede, nun contexto complicado —despois dunha pandemia, nunha situación ademais de contexto económico nacional complicado— colle ese punto e ataca unha xestión de política pesqueira da Xunta de Galicia que é moi positiva e que vai garantir o futuro dos bancos marisqueiros de moitas zonas de toda Galicia.

Pola miña banda nada máis.

Moitas grazas. (Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señora Egerique.

Antes de continuar imos saudar as alumnas e alumnos de terceiro da ESO do IES Punta Candieira de Cedeira. Benvidas ao Parlamento.

E agora é a quenda para pechar esta moción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Ten a palabra a señora Pérez Fernández.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, presidenta.

Só un momentinho para facer mención aos informes. Creo que nós tivemos un pouquiño máis de sorte que o PSOE ata o de agora —será porque somos un pouco máis insistentes— e algún informe nos chegou. Pero claro, algún; non todos.

E falando de informes aproveitamos —porque antes cando compareceu a conselleira non me dei conta— para solicitar por enésima vez —porque as levamos solicitando polo artigo 9 desde o ano 2021 e estamos agardando por elas— as famosas alegacións da Xunta de Galiza aos POEM que ninguén coñece salvo a conselleira do Mar e a Xunta de Galiza. Pedímolas no ano 2021 polo artigo 9, que é a vía que temos os grupos políticos para pedilo. Entón, eu non sei se hai que ir encadearse alí á porta da Consellería para que che dean esas alegacións aos POEM que ninguén coñece ou que hai que facer.

Imos ao texto, imos á proposta. Efectivamente, é moi revolucionario pedir informes; pero claro, hai que seguir pedíndoos, porque non sei se os fan —como di a Consellería que os fai—, pero dende logo aos demais non nos chegan. E, en todo caso, os datos que temos á nosa disposición, á falta de que nos cheguen os da Consellería, son os do Instituto Galego de Estatística e son os de Pesca de Galicia.

Aí eu lin antes... Moi ben señor Torrado, felicítooo polas barras que fixo aí. Foi unha pena que, como fai o Partido Popular, non as trouxese en cor; vese que eles teñen impresora... (O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben e amósalle un gráfico á señora Pérez Fernández.) ¡Ah! ¿Estaban en cor? Pois felicítooo dobremente. Claro, eu teño o listado pero non imprimir as barras. En todo caso, poñámolo en barras, en gráficas, en listado ou no que queiramos, o resultado é sempre o mesmo. E vólvollelo repetir: a conselleira dixo aquí que



nós non sabiamos interpretar os datos cando xa viu que non tiña escapatoria para dicir que non estabamos repetindo os datos que poñen nesas páxinas web.

E imos, finalmente, aos dous temas máis conflitivos. Un é o tema do baleirado dos encoros. A señora Egerique veu dicir aquí o mesmo que dixo o señor Balseiro o outro día, pero con outro ton, que foi lernos o artigo 10.4 dese regulamento que, señor Balseiro, regula, precisamente, o tema do baleirado dos encoros e que, insisto— xa o dixeran na miña primeira intervención—, é do ano 1976 e é un real decreto estatal, cando —insisto tamén— a Comunidade Autónoma, Galiza, ten competencias exclusivas desde hai moitos anos, pero ten, ademais, unha lei de augas desde o ano 2010 e varios decretos que a desenvolven a respecto das augas que discorren polo seu territorio e seguimos sen protocolo de baleirado.

Pero o que é máis grave e onde me quero centrar: imos supoñer que ese protocolo de baleirado que di o Partido Popular fose válido neste momento. Aí, señora Egerique, non regula nin o que pasa coas infraccións, se hai infraccións dese regulamento —supoñendo que fose ese que vostede di— e, dende logo, non regula o que pasa coas indemnizacións ou coas compensacións que os causantes do dano aos bancos marisqueiros terían que resarcir ás persoas afectadas. Pois este é outro tema hiperrevolucionario que está pedindo o Bloque Nacionalista Galego. É dicir, que Naturgy, a eléctrica que está producindo en concreto no encoro do Tambré —e tamén podemos falar do tema da ría da Arousa, que é o mesmo; aquí as empresas son catro, e hai miles de mariscadores, pero as grandes eléctricas amigas do Partido Popular só son catro—... Pois ben, ninguén sabe, segundo ese regulamento que leu aí vostede, que vai pasar se seguen infrinxindo a lei ou se seguen afectando os miles de mariscadores e mariscadoras do noso país.

E di vostede que se refire a outras épocas. Non, non, non fai falta ir moi atrás. Hai dous anos, no 2021, volveu pasar exactamente o mesmo —remato, presidenta— e volvémoslle solicitar unha cousa parecida a esta. Pois seguimos na mesma. Seguirá pasando, e as eléctricas seguiranse embolsando millóns de euros de beneficios, pero aos mariscadores e ás mariscadoras denegámoslles o paro biolóxico porque foron incapaces de traballar 120 días en dous anos, porque, evidentemente, entre outras cousas, os baleirados dos encoros matan o marisco. Esta é, precisamente, a realidade que temos no noso país.

E, finalmente, o tema de San Fins. Pínteno como queiran, pero o tema é que se autorizou por Augas de Galiza un vertido de augas residuais industriais de catro millóns de metros cúbicos de auga en dúas fases —en dúas fases—, e autorizouse na propia resolución —linlla antes—. Di que está autorizando, *a posteriori* deste vertido, a apertura da explotación.

Van votar vostedes en contra de, entre outras cuestións... Por certo, señor Torrado, comprobeino agora, é textual este punto. Ten máis puntos o acordo do Concello de Noia, pero este punto é textual. Ben, pois o Partido Popular vai votar en contra. Non sei a señora Ana Belén, que xa non a vexo por aí. Evidentemente, supoño que se ausentará na votación. E van votar en contra do que acordou unanimemente o Concello de Noia, que é recoñecer nula de pleno dereito a autorización de vertidos de augas residuais outorgada a San Fins.

Ben, pois queda claro unha vez máis...



A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Ten que rematar, señora Pérez.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ...de que lado está o Partido Popular, queda clarísimo: do lado do sector pesqueiro, do lado do sector marisqueiro, do lado do coidado do marisqueo e dos ecosistemas mariños, non, señora Egerique. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Moitas grazas, señora Pérez Fernández.

Pasamos agora á segunda moción do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de dona Noelia Otero Lago.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noelia Otero Lago, sobre a igualdade nos centros de ensino

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Ten a palabra, para defender esta moción —á que non se lle presentou ningunha emenda—, a señora Noelia Otero Lago.

A señora OTERO LAGO: Grazas, presidenta.

Bo día a todas e todos.

E un saúdo afectuoso especial ás alumnas e alumnos do IES Punta Candieira, de Cedeira, e ás docentes e aos docentes que hoxe os acompañan, dos que temos falado precisamente no ámbito educativo nesta lexislatura neste Parlamento pola súa defensa da necesidade de recursos. E de recursos, precisamente, no ámbito educativo, imos falar agora; un tema, ademais, que resulta absolutamente capital.

Lembrarán todas e todos vostedes que hai dúas semanas neste pleno, no debate da interpe-lación, exemplificabamos a necesidade de apostar pola igualdade de xeito serio e con recur-sos no plano educativo como pilar fundamental para construír unha sociedade igualitaria —que aínda non existe— e tamén para loitar dentro desa desigualdade contra as violencias, por exemplo sexuais. E nós, falando da necesidade de prevención e da detección, que todos os expertos e expertas coinciden en que está fundamentalmente no plano educativo, no ám-bito da educación—, dabamos un exemplo do acontecido en Navarra con ese caso dunha ne-niña de tan só 8 anos que, grazas a unha charla no colexio —diciu eu—, identificou que ela estaba a ser unha vítima de abusos de agresión sexual, e a raíz desa charla foi detido o seu agresor sexual de 49 anos.

Antes de volver sobre iso, sobre as cifras das violencias sexuais que padecemos as mulleres fundamentalmente e que padece a infancia —arredor do vinte por cento son os cálculos ofi-ciais que existen, e aínda que queiramos mirar cara a outro lado a infancia padece agresións e abusos sexuais—, antes de falar desas cifras, vimos dunha semana, duns días —porque dá igual cando trouxemos esta iniciativa, que non é oportunista, como dicía o conselleiro de Educación, porque nós falamos de educación afectivosexual e de igualdade mes tras mes neste Parlamento—, nos que abonda con ver —dixémolo moitas veces— o que acontecía. Todas e todos ficabamos sacudidos co acontecido, por exemplo, se falamos de agresións se-



xuais, que medran exponencialmente por parte de menores: o acontecido en Esparreguera, onde un menor foi detido por agredir unha compañeira; o acontecido tamén en El Vendrell, onde cinco mozos menores foron detidos por agredir dous compañeiros de tan só 12 anos; ou o acontecido —este foi o caso máis soado, do que xa está a falar nos últimos días, e todos coincidentes no tempo— en Badalona, onde unha menor de tan só 11 anos foi violada presuntamente por seis menores de idade. E o peor, ademais de todo isto, non é que a menor denunciase esa violación, senón que o vídeo da violación foi visionado por ducias e ducias de compañeiras e de compañeiros e ninguén dixo absolutamente nada.

E esta situación non é algo que estea a denunciar só o Partido Socialista neste Parlamento. Eu escoitaba unha entrevista a semana pasada do fiscal do Estado de Menores, Eduardo Esteban, na Cadea Ser, que dicía que estamos fallando na educación. Na Memoria da Fiscalía levamos dende o ano 2015 advertíndoo. Tamén o Instituto Nacional de Estatística recolle o aumento exponencial, sostido permanentemente no tempo —mínimo dende que se teñen as estatísticas oficiais dende o ano 2015—, de arredor dun 5 ou 10 por cento máis de agresións sexuais perpetradas por menores ou nas que as vítimas son menores; entre un 5 ou 10 por cento, e aumentando cada ano. Así está recollido na Memoria da Fiscalía. E diso estamos a falar: de prevención e de detección.

E quería falar de algo, porque xusto, ademais, hai unha semana —dáme igual que non estea metido neste asunto, pero é que a nós nos chega, e non podemos mirar para outro lado—, en Vigo, presentábase este libro. (*A señora Otero Lago mostra un libro.*) Chámase *A historia de Sara*. Eu asistín a esa presentación, da Editorial Galaxia, do autor Francisco Castro. O autor dicía que era o seu traballo máis persoal, porque el, Francisco Castro, padeceu agresión sexual —abusos— na súa infancia. Presentaba este libro xunto a Carme Adán, que todas e todos coñeceremos, porque, ademais dunha gran filósofa, ensaísta, muller das nosas letras, foi compañeira neste Parlamento, exdeputada deste Parlamento galego. Carme Adán dicía que era a súa presentación máis difícil, porque ela fora unha nena vítima de agresión sexual, de abusos sexuais, no seo da infancia. Non queremos falar moitas veces e poñer cifras, pero estou segura de que moitas máis dunha ou dun dos que estamos aquí fomos, como mulleres ou como nenos ou nenas, vítimas nalgún momento dalgún tipo de agresión sexual, porque as estatísticas oficiais din que entre o 5 e o 10 por cento da infancia sufriu nalgún momento da súa vida algún tipo de agresión sexual, e o 80 por cento destas agresións teñen lugar no ámbito máis cercano, próximo, familiar. ¿E imos deixar a prevención, a detección, nas mans unicamente —como di o conselleiro— das familias?

Claro que temos un problema como sociedade todas e todos. Este é un problema que non afecta só a nosa comunidade, afecta a nivel —insistimos— global, pero nós temos as competencias educativas. E aí, velaí, si hai coincidencia na necesidade de traballar de verdade e de fornecer todas as ferramentas a nivel de igualdade, de educación afectivosexual no ensino.

¿E por que traio este libro? Porque este libro fala, precisamente, do problema que ten a infancia, fundamentalmente as nenas —case o oitenta por cento son nenas as que sofren agresións sexuais—, do problema da falta das palabras. Este libro, que é para adultos e que ten unha ilustración marabillosa de Luz Beloso, fala coa linguaxe dunha nena de 6 anos que non sabe contar o que está sufrindo, que é algo no que coincidían Francisco Castro e Carme Adán.



Non hai palabras, non hai memoria, non hai recursos para contar —como a nena de Navarra— o que están a padecer. De aí a importancia de protexer a infancia, tanto que falamos agora das violencias sexuais contra as mulleres como arma arroxadiza na política, de darlles as palabras. E na ilustración vese unha nena que está cheirando algo, porque dicían que hai ausencia de palabras e que, se non lles damos as palabras e os recursos, esa educación afectivosexual, non hai forma de que o detecten. Por iso as agresións durante a infancia, e tamén nas mulleres, en moitos casos alónganse durante moitos, moitos anos, porque non se toma conciencia do que se está a padecer. E Sara non ten palabras, leva moitos anos calada. O que si dicía Carme Adán é que ela lembra como trauma os olores, porque é unha memoria moito máis primitiva, máis primaria. Dicía que tiña un trauma contra os olores da masculinidade, que foi o que lle quedou a ela, o que lle ficou despois de sufrir unha agresión sexual.

Dicía que me lembraba de defender esta interpelación e que nós traemos unha moción na que falamos, precisamente, deste asunto. Evidentemente, eu sei que todas e todos, se escoitamos a Carme Adán e a Francisco Castro falar da súa experiencia, non só como educadores, porque son ademais profesores, senón como vítimas, fícaríamos co estómago revolto, pero dicía Carme Adán: ¿que facemos?, ¿calar?, ¿mirar cara a outro lado?, que é o que levamos moito tempo facendo. Esta é unha lectura necesaria para dixerir, para visibilizar, e para que a partir de aí todas e todos saibamos da necesidade do papel de traballar como administración pública. A discriminación das mulleres, as desigualdades, as violencias, precisan de atención, de xestión, de feitos de todas e de todos e de respecto á magnitude do problema.

E nós falabamos do labor fundamental que ten a Consellería de Educación, que sempre bota balóns fóra e que fala das familias, da sociedade, pero que non implementa esa necesaria estratexia que nós estamos a demandar da igualdade para previr tamén as violencias machistas. É algo que están a denunciar non só as expertas e os expertos e que están a referendar os estudos e as investigacións que se fan na nosa comunidade, senón que os propios centros de ensino están a dicir que carecen absolutamente de recursos. Din que de nada vale, que son papel mollado as guías que se publican se non contan con recursos humanos e con recursos económicos —como dicíamos— para que a igualdade forme parte de verdade de cada poro do noso sistema educativo.

E, por outra banda, esta moción tamén ten outro piar básico, que anos e anos despois, e sabendo, ademais, que é unha obriga por lei —falabamos diso tamén a pasada semana, o venres, durante a Comisión de Igualdade, a Comisión de Seguimento de Políticas de Igualdade—, a responsable da Asociación de Mulleres na Administración pública falaba precisamente do cumprimento da lei, de dar exemplo como administración. A Xunta de Galicia ten a obriga de contar con plans de igualdade, por exemplo no ámbito da educación —como lle dicíamos ao conselleiro—. A inmensa maioría das docentes do ensino público, e sobre todo do ensino público non universitario, son mulleres, e levan anos demandando que se cumpra a lei e contar con ese I Plan de igualdade docente, que en pleno ano 2023 carecemos del na nosa comunidade.

Polo tanto, nós agardamos un pouco de reflexión, de tomar conciencia da magnitude do que estamos a falar, e se ben é certo que nalgún ámbito non é unha problemática exclusiva da nosa comunidade, nós aquí temos as competencias como para tomar conciencia —dicía—,



non mirar cara a outro lado e implementar unha verdadeira estratexia de igualdade no ámbito do ensino, porque estamos a falar nin máis nin menos que de evitar historias como as de Sara, entre outras cousas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Otero.

É agora a quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Ten a palabra a señora Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, presidenta.

Nelson Mandela, referente tamén da loita das e dos oprimidos, contra a discriminación e contra as inxustizas, dixo aquilo de que «a educación é a arma máis poderosa que se pode usar para cambiar o mundo». É evidente que o mundo é machista e que o mundo ten que ser transformado. Por iso a loita feminista, que cada vez é máis hexemónica na nosa sociedade, defende e dá un dos principais campos de batalla no ámbito do ensino, porque hai que erosionar o patriarcado para ter unha sociedade cada vez máis libre, e nese camiño a educación é fundamental.

Hoxe é innegable a importancia da coeducación, de educar sen diferenciar as mensaxes por sexo, de educar na eliminación de calquera desigualdade —sexa por orientación sexual ou por identidade de xénero— e de educar tamén na eliminación de calquera violencia machista. Educar, o ensino, o ambiente educativo, o que se pode facer nos centros é clave para que calquera neno ou nena abusado —como os casos que nos refería anteriormente a voceira do Partido Socialista— saiba que iso non é normal, saiba que hai axuda e que pode saír desa espiral de violencia.

Sobran no día de hoxe —insisto— datos cuantitativos e cualitativos que impiden negar a importancia da coeducación na nosa sociedade. Pero, aínda así, as raíces do patriarcado son como as da acacia, son unha gran mala herba, son tremendamente profundas, invasoras, finas pero fortes e extensas, difíciles de arrincar. E co machismo pois acontece o mesmo, por iso isto que estamos dicindo de que a coeducación debiera ser algo innegable e incuestionable no ámbito do ensino, pois realmente vemos como na nosa sociedade segue habendo negacionismo: o negacionismo á necesidade de máis igualdade e negacionismo de máis políticas de igualdade no ensino. O que aparentemente cada 8M vemos nos lazos lilas das institucións, nesas declaracións que denunciámos que son simplemente a escenificación de *paper washing*, non se corresponde sempre coa realidade; unha realidade na que hai bastante negacionismo. E hai dúas formas de poñer en práctica ese negacionismo: unha é á cara descuberta xa directamente, como fan os socios do Partido Popular, os de Vox, por exemplo; e, outra, é á cara tapada ou á cara á disimulada, que é facendo que se fai, pero non facendo todo o que se pode ou se debe facer. Iso é un pouco o que vén facendo a Xunta de Galiza nos últimos anos: moito menos do que se pode facer, moito menos do que teñen que facer, moito menos do que as súas leis —as súas propias leis— din que teñen que facer e moito menos do que se comprometen a facer neste Parlamento.



Esta iniciativa que trae hoxe o Partido Socialista é un deses exemplos. Porque hai un ano —recordábo a voceira socialista— aprobabamos unanimemente unha moción neste Parlamento galego onde xa se pedía o que veñen pedir hoxe, e incluso máis. Pedíase que antes do remate do 2022, por exemplo, estivese presentado neste Parlamento o seguinte Plan de conciliación e responsabilidade da Xunta e o seguinte Plan de actuacións en materia de igualdade no ámbito do ensino público. Facemos balance un ano despois e a realidade é que o resultado é cero-cero, nin unha soa das catro medidas que se pedían: nin avaliación, nin nova planificación, nin estudos sobre o uso dos tempos. É máis, nese tempo tramitouse a Lei do Instituto Galego de Estatística e votaron en contra de adiantar e seguir un cronograma propio galego para a enquisa de usos do tempo, non vaia ser que fóssemos avanzados nese ámbito. Vano facer, pero por mandato estatal europeo que, se non, quedaría tamén sen facer. Nin tampouco, en cuarto lugar, una campaña de sensibilización que se comprometeron a facer. Polo tanto, o saldo é cero-cero.

Isto lévanos a manifestar hoxe aquí unha serie de cuestións, que é que fundamentalmente, en política de ensino, o traballo a prol da igualdade avanza, pero avanza porque hai unha comunidade educativa que está na sociedade, que é permeable a ese avance social que ten o feminismo, e a Xunta vai por detrás, como vai o Partido Popular, absolutamente por detrás de calquera conquista social.

Eu hoxe quería falar de tres cuestións especialmente importantes no ámbito do ensino: a primeira, é ese plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos —ao que se refería a iniciativa—; a segunda, é o plan de igualdade do profesorado; e, a terceira, é en xeral o que ten a ver coa formación do profesorado e cos modelos educativos.

Comezando pola cuestión dos plans de actuación, pois quero dicir que co I Plan de actuación no ámbito da igualdade acontece como co Plan de corresponsabilidade. Son froito da existencia social do momento, desas grandes mobilizacións feministas que vivimos os últimos anos. A Xunta reaccionou, pero reaccionou cuns plans que parece ser que xa tiña pensado non cumprir, nin no que ten que ver coa fase de avaliación, porque iso é o que nos demostran eses dous plans. E non só iso, non hai investimento orzamentario e, polo tanto, agora, xa por riba de ver ese simulacro, confirmamos o outro día nas respostas de hai unhas semanas na Comisión de Ensino, pero tamén o outro día na respostas do conselleiro, que xa están nunha fase superior da autoxustificación desde o Partido Popular. Antes era: irase vendo, estase facendo, etcétera... Agora xa directamente din que como agora os centros de ensino teñen cada un un plan de igualdade específico, o Plan xeral xa non fai falta, xa todo se soluciona individualmente, en cada centro de ensino. Xa fóra do acientífico que é iso, que non inclúe unha avaliación *ex ante* nin *ex post*, que non aborda problemas que son globais como, por exemplo, por que na FP hai unha desigualdade tan ampla entre homes e mulleres —10 puntos, o 43,7 por cento de homes, fronte a un 33 por cento de mulleres, etc.—, xa apostan por fragmentar os problemas e din que son cuestións individuais de cada centro; pero é que, por riba, iso a Xunta de Galiza sabe que non está a ser suficiente.

Porque, efectivamente, no día de hoxe hai unha obriga de que existan eses plans de igualdade, e cada centro ten un. A cuestión é: ¿como se elaboran eses plans de igualdade? Pois, fundamentalmente, coa voluntariedade do profesorado: dun profesorado saturado, dun profesorado mingunte. Acabamos de ver aquí o alumnado do IES Punta Candieira —ao que



todo o mundo saudou con afecto—. Eu creo recordar que non hai tantos meses que estaba o meu compañeiro Ramón Fernández aquí defendendo que non se lles recortase profesorado, e o conselleiro de Educación xustificaba que era o que había que facer por cuestións demográficas. (*Aplausos.*) Entón, ese alumnado está moi necesitado seguramente de que o seu plan de igualdade —que igual é de hai dous ou tres anos— sexa actualizado, de que haxa un traballo, de se está a funcionar ou non, de que haxa unha posta en común, pero non é que non haxa xa suficiente profesorado para traballar nel porque ten un profesorado saturado, é que ese plan ten cero euros e cero apoio técnico da Consellaría ou dalgún estamento da Xunta de Galiza. Polo tanto, ese plan pode ser moi ben intencionado, pero seguramente a forza do día a día faga que o aproveitamento non sexa suficiente.

Iso a Xunta sábeo e non lle pon remedio, non lle pon remedio a problemas transversais. A cuestión é que hai moitas iniciativas ao longo do país —algúns xa históricas case como os comandos lilas de Vigo— que nos fan avanzar, que fan que uns centros vexan as iniciativas doutros, e, desde logo, hai un traballo importantísimo aí, pero o problema é que non hai unha Xunta que apoie, hai unha Xunta que obstaculiza; xa non é que apoie, é que obstaculiza. Porque, para comezar, a Xunta non cumpre a súa propia lei; non cumpre a súa propia lei, por exemplo, respecto da segunda cuestión da que eu quería falar, que tamén é importante e que é de traca: o Plan de igualdade do profesorado.

Aínda no pasado pleno denunciabamos aquí como hai dezaseis anos xa que se aprobou neste Parlamento esa Lei histórica do traballo en igualdade de Galiza, da que todos e todas presumimos pero o Partido Popular especialmente; e presumir está moi ben, pero estaba un pouco mellor que a desenvolvesen e que a cumprisen. Pero a cuestión é que nin na Administración pública en xeral nin tampouco na comunidade educativa as profesoras e profesores deste país teñen como traballadores e traballadoras públicos un plan de igualdade porque á Xunta non lle deu a gana, porque á Consellería de Educación non lle deu a gana nin de facer a diagnose; cuestión que, por exemplo, a Consellería de Sanidade fixo. Polo tanto, debéra caerlles a cara de vergoña porque incumpren as súas propias leis e obvian ese dereito que teñen tamén as traballadoras públicas de ter un plan de igualdade. A verdade é que non sorprende vendo incluso o propio organigrama da Consellería de Educación, que algo mellorou nos últimos dous anos, pero polo que se caracteriza tamén é por unha tremenda masculinización, pese a que é un ámbito de traballo tremendamente feminizado.

En terceiro lugar, quería referirme tamén en xeral ao que ten que ver coa formación do profesorado e cos modelos educativos —que era outra cuestión que saía aquí no debate da interpelación—. Primeiro, dos modelos educativos bastante pouco ten que presumir un goberno que ata hai dous días literalmente financiaba a segregación por sexos. Benvidos ao século XXI, a deixar de facelo, ou á falta de que lles obrigasen legalmente e xa non atopasen ningún buraco lexislativo para deixar de facelo. Veremos como seguen financiando encubertamente, igual que fan coa Red Madre e con outro tipo de organizacións antiabortistas, por exemplo, pese a que o aborto sexa un dereito neste país. Pero, en todo caso, isto quería comentalo para insistir nunha cuestión. O conselleiro xustificábase na transversalidade, pero é que a transversalidade da lei educativa non pode ser un caixón de xastre onde metamos igualdade, medio ambiente, etcétera, sen avaliar como se traballan eses eixos transversais no ámbito do ensino público. Iso non é desculpa para non facer plans específicos, e tampouco



a formación do profesorado, porque é optativa, e volvemos estar na voluntariedade; e non imos despatriarcalizar o ensino público, non imos dar claves aos seus profesionais para que interveñan adecuadamente se non hai unha formación mínima exixida.

Polo tanto, isto é o que hai, moito lazo para o 8 de marzo, pero despois a política real do Partido Popular fainos ir cara atrás. Porque o que se necesita é planificación, recursos humanos e tamén recursos orzamentarios. Polo tanto, están moi ben os lavados de cara e as desculpas que escoitamos no pasado pleno, pero mellor estaría que rectificasen vostedes e que aproveitasen o potencial que hai neste país —que é un país a favor das iniciativas de igualdade, que somos vangarda en moitos ámbitos e tamén en iniciativas que hai individuais e colectivas no ámbito do ensino público— para deixar de ser un obstáculo e ser parte da solución.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Díaz Mouteira.

A señora DÍAZ MOUTEIRA: Grazas, presidente.

Señorías, a Xunta de Galicia, a pesar do que acabamos de escoitar ás señorías da oposición, leva máis dunha década afianzando a construción dun bo clima nas aulas a través de planificación e a través de actuacións específicas que están a converter a Galicia nun exemplo, nun exemplo de boas prácticas. A Consellería de Educación asume o que lle corresponde, e afronta e traballa desde o seu ámbito a prol da igualdade e da coeducación. E isto é algo, señora Presas, innegable e é incuestionable. Hai un camiño percorrido, un camiño por percorrer, e nese camiño séguese a traballar.

Mire, señora Otero, podería empezar e rematar esta intervención do mesmo xeito e coa mesma frase: Galicia, primeira comunidade autónoma en concienciación e sensibilización en igualdade do alumnado. E este dato non o inventa esta deputada, senón que o reflicten os resultados do último Informe Pisa. ¿Que todo está mal, señorías? ¿Non lles parece que algo se estará a facer ben? ¿Non lles parece, señorías, que que sexa Galicia a primeira comunidade autónoma en concienciación e en sensibilización do alumnado en igualdade é a mellor nota e a mellor avaliación que tanto reclaman dun plan?

Pensando na miña intervención e repasando o pasado pleno e esa comisión á que se referían, a Comisión 4ª —da que eu aínda non formaba parte—, do 11 de febreiro, pois quedei con ganas de facer uns comentarios, e vou aproveitar esta oportunidade no Pleno desta Cámara. Sinceramente, señorías, voulles facer unha serie de comentarios que non son argumentario nin son un guión, son feitos reais: «¿Que tal no cole hoxe? Moi ben, mamá; hoxe tocume o rincón da casa»; «Con Diego enfadouse a profe porque non quixo planchar, porque na súa casa o fai a súa nai». Isto foi nun cole hai vinte e cinco anos. Pasados uns anos, unha avoa dille ao seu neto: «Estache ben a cousa, ti planchando e a túa moza no sofá vendo a televisión»; ou «Luís dálle un bico a Daniel e escóitase o seu pai por detrás: os nenos non



se dan bicos». E o caso de Navarra, que vostede xa citou tamén no Pleno, señora Otero. Só fai falta estar en contacto cos centros educativos de Galicia, porque nun centro escolar a semana pasada en Ourense, grazas a esa charlas de información e de orientación aos menores, puido detectarse tamén una actividade desafortunada e desgraciada.

Así que, ¿a que quero chegar con isto, señorías, con estes exemplos que acabo de pór? Pois a que a igualdade e a corresponsabilidade se levan traballando nos centros educativos dende hai moito, señora Otero. ¡Dende hai moito!, con distintos enfoques, de diferentes maneiras, en cada momento segundo o plan, con estratexias, con equipos, con recursos humanos e materiais; nos centros educativos de xeito integral, transversal e inclusivo.

Pero ¿cal é o quid da cuestión de a onde quero chegar? Que ese traballo da comunidade educativa, ese esforzo da comunidade educativa ten que ir necesariamente da man das familias, da presenza da igualdade e da loita contra a violencia dentro dos propios fogares das nenas de infantil, de primaria, de secundaria, de bacharelato, de FP e das universidades; da man do seu contorno de amizades, da televisión, da publicidade, das series, das películas, das letras das cancións, señorías. Todo isto suma. Nin calar nin mirar para outro lado. Estase a traballar. A educación é un factor fundamental para a igualdade, pero tamén é unha tarefa de todos, do conxunto da sociedade, que vostedes obvian nas súas intervencións, porque sempre din que a educación e a prevención son importantes. Claro que si, somos os primeiros en recoñecelo, pero todos temos que ir da man, ¡todos! De nada vale que se ensine algo nun centro educativo se despois no contorno dos nosos rapaces e rapazas se fai o contrario. Por iso que a experiencia apunta que o impulso da igualdade, a loita contra a violencia e a non discriminación van máis alá dun plan, porque Galicia foi pioneira con ese plan e foi ambiciosa con ese plan; impulsou medidas, dotou os centros de ferramentas educativas e alenounos para traballar e para seguir avanzando na igualdade real de xénero.

Vostedes remítense a datos, a fondos, á Fiscalía, a libros..., pero o resumo deses datos sempre é que esta consellería, esta Xunta de Galicia ou o Goberno galego é todo un desastre; ou non fai nada ou todo o que fai non vale para nada. Pois se así vostedes quedan a gusto é porque a realidade di todo o contrario. A realidade de Galicia é outra.

Esta deputada tamén foi ás fontes, tamén foi ás fontes da dirección de centros educativos, tanto do rural como do contorno urbano, e falou con mozos; falei con mozas, falei con nenos e nenas da súa experiencia nesta materia para ver que me podían contar. ¿E sabe o que me dixeron? Pois a verdade é que de entrada quedaron abraiados. Porque o que me dicían os mozos, os profes, os equipos directivos, os nenos, incluso unha nena de 3, 4 ou 5 anos é que traballan en igualdade en cada xornada lectiva. Dixéronme que pasa nos seus patios, porque xa non hai xogos de nenas nin de nenos, e que pasa coa lingua, que é unha linguaxe igualitaria, inclusiva, na propia biblioteca escolar, coa selección de libros, nas actividades escolares e extraescolares, e un longo etcétera.

Miren, señora Otero e señora Presas, a verdade é que o seu relato é previsible dende o punto e hora que para vostedes o Goberno non dá unha ao dereito, nin unha; e algo se está a facer ben. E como sempre —e aquí si que me quero remitir ao textual da súa moción—, ou case sempre, chegan tarde, señoría.



Mire, está a pedir na súa moción algo específico, algo que xa está previsto ou algo no que xa se está a traballar, e vouno ler textual: «Instar a Xunta de Galicia a presentar un novo plan de actuación ou estratexia para a igualdade nos centros educativos. O PSdeG coñece perfectamente —porque houbo presentación pública e debateuse en comisión e en pleno— que a Consellería está a abordar estas cuestións a través da Estratexia galega de convivencia 2025 e a futura Estratexia Galega de Inclusión Educativa.

E volvemos á moción. ¿Novo plan ou estratexia? Mire, señora Otero, unha non, dúas: a Estratexia Galega de Convivencia 2025 e a futura Estratexia Galega de Inclusión.

¿Como abordamos o tema que se trae hoxe a este pleno? Pois coa Estratexia galega 2025 e cun plan de coeducación, que abrangue esas análises de datos estatísticos con perspectiva de xénero e que afectan situacións de violencia en función do sexo; e desde a futura Estratexia galega de inclusión, onde se vai reforzar esa oferta formativa do profesorado no eido da coeducación, da igualdade e da orientación vocacional desde idades temperás para favorecer a igualdade de oportunidades entre sexos.

A Consellería, a Xunta de Galicia e o Goberno galego non están a mirar para outro lado. A Xunta de Galicia e a Consellería de Educación unhas veces lideran e outras veces complementan e apoian, porque é un tema transversal, que se está a traballar en todas as consellerías do Goberno galego, señora Otero; especialmente, como é claro, na Consellería de Emprego e de Igualdade, como a propia acción do conxunto da sociedade.

Polo tanto, as políticas de igualdade nos centros educativos son transversais tamén e están sostidas con recursos que lles facilita a Consellería, a través de transferencias de diñeiro, a centros que participan en convocatorias concretas e de recursos destinados á formación e a programas educativos no seu conxunto.

Piden na súa moción dotación económica suficiente e todos os recursos necesarios, pero algo que non fai o PSdeG é aclarar cal é a dotación que vostedes entenden suficiente nin cales son os recursos necesarios para unhas medidas que tampouco concretan nin explican; ou sexa, puro argumentario. Sempre piden máis recursos. Claro que son importantes os recursos —creo que non lle cabe a ninguén de nós a menor dúbida de que son importantes—, pero ás veces tamén hai que contar con recursos e cun modelo, e Galicia conta cun modelo educativo propio e diferenciado, que aborda as cuestións desde unha perspectiva integral e transversal nos centros educativos, a través dese deostado ou criticado —ou ao que se lle dá menos valor— Plan de igualdade que teñen os centros; un plan de igualdade individual, propio e adaptado ás súas propias características. Pero non só é ese plan de igualdade, señora Presas —e vostede sábeo, que está agora no mundo educativo—, senón que está tamén esa promoción da igualdade, esa sensibilización; previr e interferir fronte á violencia de xénero e a LGTBIfobia, que tamén se complementa, se reforza e apoia anualmente coas programacións anuais dos centros —e iso dito polas propias comunidades educativas—.

Despois tamén está a oferta formativa do profesorado. Pero, ¿que podemos dicir se máis do 75 por cento dos profesores teñen certificado o modo de formación específico na inclusión, convivencia e igualdade?



E falando de recursos, señora Otero, 5,5 millóns van para a Estratexia galega de convivencia escolar, que vai dotada con ese plan contra o acoso e o ciberacoso. Quizais o problema das súas señorías é que non valoran ou non dan suficientemente relevancia ao sistema educativo que temos en Galicia.

Galicia segue a traballar, segue a reforzar recursos, ferramentas, pero con eses recursos se proporcionan as comunidades educativas, e elas mesmas os transforman en iniciativas escolares para chegar a esa igualdade, a esa detección da violencia e a ese respecto pola diversidade afectivosexual.

Hai un amplo abano de programas educativos, e é que o profesorado é quen de facelos atractivos para os nosos rapaces, para conectar cos nosos rapaces, recorrendo ás máis diversas estratexias: música, pezas teatrais, cine, contos, a través do coñecemento do seu contorno... Galicia non está a presumir de nada nin saca peito con nada; ¡xa faltaría!, pero podería, porque —repito— é a primeira comunidade onde os alumnos están concienciados e sensibilizados no ámbito da igualdade.

Galicia, señorías, ten unha folla de ruta. Galicia ten estratexia e non só unha, dúas vai ter.

En definitiva, a Consellería de Educación mantén e segue mantendo un compromiso firme e decidido, señora Otero, cun modelo educativo que ten demostrado —e así se ten recoñecido— moi bos resultados; unha consellería que, evidentemente, non se conforma con eses bos resultados, senón que hai que seguir traballando. Hai que seguir traballando a prol da igualdade entre homes e mulleres, e na loita, por suposto, contra a violencia de xénero.

Pero no que insistimos desde este grupo parlamentario é en que esa loita non a podemos facer sós, senón coa necesaria implicación do conxunto da sociedade e, sen dúbida, por suposto, con este Grupo Parlamentario Popular. Non sei vostedes.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Díaz Mouteira.

Polo grupo autor da moción, a señora Otero.

A señora OTERO LAGO: Grazas.

Sempre digo que, por desgraza, temos que constatar o mesmo: que produce un desacougo. Dá igual que cambiemos o actor ou a actriz, a persoa que responde a este grupo parlamentario ou que participa no debate por parte do Partido Popular, xa sexa dende o grupo parlamentario ou dende o Goberno galego; un desacougo absoluto porque non se enteran nin do que estamos a falar. (*Aplausos.*) Mesturan, mesturan... Estamos fartas xa de ter que explicar algo tan básico. Teñen vostedes a responsabilidade do Goberno e as competencias dunha consellería como a de Educación, e tamén hai unha Consellería de Igualdade. Temos que explicar o máis básico porque mesturan vostedes o informe PISA, cando falamos de igualdade na educación, cando falamos de violencias machistas. Mesturan diversidade, medio am-



biente, efectivamente, LGTBIfobia, convivencia, racismo... Fan unha mestura e non se enteran —insisto— absolutamente de nada. Produce un gran desacougo ter que explicalo constantemente. Falan de educación, das familias e non saben falar do que teñen que falar e do que traemos aquí, que é de cumprir a lei, de cumprir as recomendacións da Organización Mundial da Saúde, da ONU, do que están a dicir dende a Fiscalía do Estado de Menores, do que están a amosar dende o Instituto Nacional de Estatística conforme a porcentaxe de sentenzas, o aumento de agresións de menores ou os casos de violencia machista entre menores, do que están a denunciar os centros de ensino, do que están a denunciar as investigacións elaboradas aquí, a pé de país, nos centros do ensino público galegos, dende a Universidade de Santiago de Compostela, dende a Fundación Barrié, etc.

Pero vén vostede con datos absolutamente rigorosísimos a desmentir os datos de investigacións científicas e oficiais que hai, porque falou vostede con alumnos, con alumnas e con profesores. Rigorosidade arredor dun tema tan sensible. Eu estou tan farta de defender este tema cambiando de estratexia, cambiando o ton, collendo datos de todas partes... É que é difícil, de verdade, tratar de chegar a un punto en común. E por iso pedía un pouco de mesura no que estamos a falar.

Primeiro Plan de igualdade nos centros educativos 2016–2020. Efectivamente, na interpelación o conselleiro se limita... Fala vostede de recursos e de que se fixeron cousas. Estamos fartas de preguntar por escrito, oralmente, de debater sobre que fixeron e sobre que recursos, porque os centros están a dicir que foron papel mollado. Tanto é así que, ademais de funcionar tan ben, non os renovan. Hai tres anos practicamente dese I Plan de igualdade nos centros educativos e está caducado; non sabemos, non hai ningún tipo de fiscalización nin avaliación. Di o conselleiro que funcionou moi ben, pero xa non facemos nada máis. Di: que cada centro elabore o seu propio plan de igualdade. Uns centros están a denunciar que non chegaron a tempo, que están desbordados, e dabamos o exemplo, efectivamente, do que aconteceu no instituto Punta Candieira, de Cedeira. Teñen menos recursos, máis alumnado con necesidades específicas e especiais, máis carga burocrática, máis incidencia de problemas de saúde mental, que tamén se están a vivir nos centros educativos na infancia na adolescencia. E están a soportalo todo co voluntarismo, co relacionado coa necesaria formación en igualdade do alumnado. Con voluntarismo, por unha banda. E punto número dous —que nada dixo vostede—, hai que cumprir a lei, ¡cumprir a lei!: Plan docente para as profesoras, maioritariamente; Plan de igualdade da profesión docente.

Máis dunha década despois, na Comisión de Igualdade de Seguimento para as Políticas da Muller o pasado venres, as ponentes todas inciden en que aquí, en Galicia, levamos máis dunha década incumprindo a lei na Administración pública en canto a plans de igualdade. ¿Que exemplo van dar vostedes ás empresas se son incapaces de cumprir, efectivamente, as súas propias leis, ¡as leis!?

Plan de igualdade docente. Nada me dixo del, nin nada dixo o conselleiro; de algo tan básico como iso. Segundo o señor Feijóo, xa no 2018 era algo inminente. O significado da palabra «inminente»: o de cumprir coas leis no ámbito da Administración pública.

Nós insistimos en que estamos arredor dun asunto absolutamente complicado e en que, ademais, as cousas non van a mellor. E o que non podemos ser é negacionistas en tantos ámbitos



das violencias machistas, en tantos ámbitos da igualdade, en como, ademais, estamos a retroceder. Hai moitísimas casuísticas das que podemos falar cun debate serio e sosegado, porque hai un debate mesmo a nivel internacional e europeo sobre a pornografía, sobre que facer ou non facer, etc., pero o que non podemos é caer, cando menos, no negacionismo do papel que ten a Administración pública e, nomeadamente no ámbito da educación, para prever as violencias machistas, as violencias sexuais e para protexer esa infancia.

Eu insistía, e recoñecía vostede o acontecido nun centro de Ourense. Pero é que iso non pode caer nunha actividade, nunha charla extraescolar e no voluntarismo do profesorado, en se o centro pode, se ten horas ou se ten recursos; recursos económicos, recursos de persoal... A igualdade debe formar parte de cada poro da pel do sistema educativo; non hai outra, ¡non hai outra!

Nós insistimos en que habería moitos máis aspectos que tratar, como a realidade das cifras de matriculación, a representación das mulleres en moitos campos profesionais, na investigación, a fenda salarial na nosa comunidade... Non estamos para presumir, de verdade. É que o informe PISA non é o comodín do público e menos arredor dun asunto absolutamente tan delicado.

Nós seguiremos dando a matraca con este asunto porque é absolutamente capital, se queremos avanzar cara a unha sociedade igualitaria, que a igualdade forme parte do sistema educativo; das familias tamén, da sociedade tamén, pero do sistema educativo é absolutamente fundamental. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Otero.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Otero Rodríguez, sobre a creación dun observatorio de igualdade de xénero no sector pesqueiro

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción ten a palabra a señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Bos días de novo.

Pois imos seguir a falar de igualdade. Anteriormente a miña compañeira falaba de igualdade no ámbito educativo, e nós imos falar de igualdade nun sector fundamental na nosa comunidade autónoma como é o sector pesqueiro.

Esta moción é consecuencia da interpelación que lle faciamos á conselleira de Igualdade no anterior pleno. É certo que o tema da igualdade no ámbito pesqueiro e, nomeadamente, a necesidade da creación dese Observatorio Galego de Igualdade no sector pesqueiro, foi debatido xa en varias ocasións nesta Cámara. Chegamos a acordos por unanimidade para levar adiante este observatorio e quedaron aí, en acordos, porque vimos que a Xunta de Galicia nada fixo.

O outro día a propia conselleira concordaba tamén con este grupo autor da iniciativa en que se ben é certo que as mulleres son incluso maioría en moitos dos eslabóns da cadea da in-



dustria do sector pesqueiro, sobre todo nas fases da comercialización e da transformación do peixe, pois esta maioría de mulleres despois non se ve representada no acceso a eses órganos de dirección, a eses órganos de representación, como poden ser, por exemplo, as federacións provinciais de confrarías de pescadores. E se todas coincidimos nese problema que hai desa infrarrepresentación das mulleres galegas neses órganos nos que se toman as decisións que afectan o seu día a día, se todas somos conscientes deste problema, agora tócanos actuar. E como dicía a miña compañeira Noelia Otero, non podemos mirar cara a outro lado, porque o problema está aí; está detectada esa infrarrepresentación das mulleres galegas nos órganos de representación, nos órganos de decisión tamén do sector pesqueiro galego. ¿E que imos facer nós, sobre todo as mulleres con representación política nesta comunidade autónoma? ¿Que imos facer?, ¿mirar cara a outro lado?, ¿esperar que os problemas se resolvan sós?

Polo tanto, nós hoxe traemos esta iniciativa, unha moción con puntos concretos, con dez puntos concretos, que hoxe sometemos a debate; puntos que non son idea do PSdeG, que son reivindicacións desas mulleres do mar, desas mulleres valentes, desas mulleres bravas. E todo o recoñecemento do PSdeG para estas mulleres que cada día se levantan para traballar, para levar cartos para as súas familias, pero, dende logo, que tamén dan a cara, dan un paso á fronte para reclamar os seus dereitos e, dende logo, para denunciar as inxustizas. Todo o noso recoñecemento para as mulleres do mar, (*Aplausos.*) e nomeadamente quero facer tamén un recoñecemento, unha vez máis, á única asociación galega, de ámbito galego, de mulleres da pesca, como é Mulleres Salgadas.

Na comparecencia da conselleira, a portavoz do Grupo Parlamentario Popular, cando falaba de políticas de igualdade no sector pesqueiro, miraba cara á nosa bancada e dicía que eramos moito de coller as pancartas. Dende logo que nós seguiremos collendo as pancartas para reclamar os dereitos das mulleres do mar, pero nós tamén estamos aí, onde se promoven e onde se aproban as leis, para mellorar a vida destas traballadoras. Porque vostede criticaba esa Lei de pesca sostible —que, señora Egerique, non está en tramitación, xa foi publicada esta fin de semana, e nada, en breves datas entrará en vigor—, e por primeira vez recoñcéronse coeficientes redutores a determinados colectivos do sector do mar, maioritariamente mulleres, que levaban moitísimos anos reclamando eses coeficientes redutores. (*Aplausos.*) Pois foi un goberno presidido por Pedro Sánchez o que recoñeceu e ampliou eses coeficientes redutores.

Polo tanto, non estamos só nas pancartas —que tamén seguiremos estando para reclamar eses dereitos—, estamos aí impulsando e promovendo esas normas que melloran o ámbito da igualdade das mulleres na pesca. E fomos nós tamén, o Partido Socialista, o que lles fixo ese recoñecemento de determinadas enfermidades profesionais para determinados colectivos do mar, maioritariamente mulleres, porque, ao parecer, o Partido Popular deixara todo feito. Pero cando Pedro Sánchez chegou ao Goberno non había nada para recoñecer esas enfermidades profesionais. (*Murmurios.*) Eu sei que pode doer, pero levan o selo do Partido Socialista. (*Aplausos.*)

Miren, hoxe precisamente o que pretendemos con esta moción, cos dez puntos concretos desta moción —que seguramente poderían ser máis; está aberto o debate para facer maiores propostas construtivas—, é buscar a implicación da Xunta de Galicia, porque na anterior



moción se falaba moito, por parte do Partido Popular, de recursos, de ferramentas, de normativas... Pois precisamente disto vai esta moción, de dotar de recursos, de dotar de ferramentas, de dotar de normativa para poder acadar esa igualdade no sector pesqueiro galego, porque non a hai. Porque se todos recoñecemos que máis das tres cuartas partes do sector do marisqueo a pé está composto por mulleres, que máis de 1.200 mulleres forman parte da acuicultura e que ata o 96 por cento nalgúns empresas de comercialización está formado por mulleres, o que é certo e que ninguén pon en dúbida —tamén o recoñece o propio Partido Popular e a propia Xunta de Galicia— é a infrarrepresentación que estas mulleres teñen nos órganos de representación e nos órganos de decisión do sector pesqueiro.

E voules dar un dato, no ano 1995 —estamos a falar xa de hai vinte e oito anos—, había dúas patroas maiores; ¡no ano 1995! Damos un salto ao ano 2023, ¿e saben cantas patroas maiores hai? Das 63 confrarías galegas, só tres mulleres presiden esas confrarías. Polo tanto, dende o ano 1995, hai vinte e oito anos, só conquerimos aumentar unha patroa maior. Esa é a realidade; esa é a foto fixa que hai no día de hoxe. É que, ademais, imos para atrás, porque nas anteriores eleccións ás confrarías resulta que había cinco patroas maiores; e hoxe, tres, que non chegan nin sequera ao 5 por cento. E din por parte da bancada do Partido Popular que son un pouco pesada cos datos, pero hai que dalos. Esa é a realidade dos feitos. ¿Iso é o que lle gusta ao Partido Popular?, ¿que de sesenta e tres patróns maiores só tres sexan patroas maiores? ¿Vostedes están a gusto?, ¿vostedes están tranquilos?, ¿vostedes xa din que non hai nada que facer con esa representación que teñen as mulleres neses órganos de representación e decisión?

Miren, chegamos a acadar unha cifra que tampouco era boa, pero chegou a haber doce patroas maiores, e hoxe estamos a falar de tres. Polo tanto, é preciso e urxente seguir poñendo este problema enriba da mesa. É urxente e é preciso visualizar a situación das mulleres nos órganos de representación e de decisión do sector. Débense de promover programas, dinamización e formación en igualdade naqueles espazos mixtos, e débese tamén empezar a falar —¿por que non?— de cotas destes órganos de representación. Aí xa sei que ao Partido Popular lle custa moito, cando falamos de cotas para as mulleres para poder estar representadas neses órganos de decisión e neses órganos de representación. Xa sei que ao Partido Popular lle doe ese anuncio de lei do Goberno socialista do presidente Pedro Sánchez para garantir a paridade na política e na empresa privada. Pero con esas medidas é realmente cando se facilita a vida das mulleres para conquerir esa tan ansiada igualdade. Está moi ben aquí dar apoio, facer un recoñecemento, pero despois, cando teñen posibilidades, cando teñen competencias, non son quen de levar adiante estas medidas.

Porque, miren, hoxe o que pedimos son uns puntinhos moi concretos, medidas concretas, para que non digan que somos moi ambiguos. O primeiro é unha vella reivindicación aprobada por unanimidade en varias ocasións nesta Cámara: dar cumprimento aos acordos acordados por unanimidade nesta Cámara e crear, coa necesaria aportación orzamentaria, o Observatorio de Igualdade do sector pesqueiro galego, formado por persoal técnico que estude, analice e estableza diagnósticos e medidas correctoras. Porque, claro, puntualizo isto de «persoal técnico» porque as propias mulleres do mar nin sequera queren estar elas nese observatorio. Elas o que queren é que se recaben datos, que no día de hoxe non temos, e que un persoal técnico con coñecemento na materia poida sacar as conclusións deses datos



que se recollen; observatorio, por certo, que debe ser con entidade propia e que non debe ser confundido co Estatuto da Muller Rural e do Mar, recollido neste Anteproxecto de lei de igualdade de Galicia. E puntualizamos isto na moción porque, despois da intervención da conselleira de Igualdade o outro día no pleno, que me dicía que este observatorio xa estaba recollido neste anteproxecto de lei, quero dicirlle que non, que non engane, que non minta e que non terxiverse a realidade, porque este observatorio non está aí constituído.

Pedimos tamén elaborar e implementar plans de formación obrigatorios en xénero, en igualdade, dende o feminismo, para os postos directivos das confrarías de pescadores de Galicia. Tamén o propio para as federacións provinciais e para a Federación Galega de Confrarías. Pedimos incluír a formación en igualdade dende un enfoque feminista na formación obrigatoria para a obtención do permex; crear un consello de mulleres do sector pesqueiro galego —este si creado, representado e no que formen parte as mulleres— que dea voz ás mulleres que traballan no mar en Galicia e facilite o seu acceso e participación no ámbito público e de representación do sector pesqueiro galego; establecer un plan de cotas nos órganos de representación do sector pesqueiro galego, empezando polo Consello Galego de Pesca e as federacións provinciais de confrarías galegas, de xeito análogo ao que xa se ten feito noutros sectores e que de maneira progresiva axude a mellorar o acceso das mulleres a estes órganos; revisar e modificar o sistema electoral que rexe os procesos das confrarías de pescadores, incluíndo elementos que garantan a paridade de xénero nas listas; revisar e modificar a actual Lei de confrarías de pescadores de Galicia, introducindo unha linguaxe inclusiva e con perspectiva de xénero, porque en pleno ano 2023...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: ...e se lemos —e remato presidente— a Lei de confrarías de pescadores, vemos que en ningunha parte recolle a figura de patroa maior, só fala de patróns maiores.

Tamén pedimos cambiar o nome das confrarías de pescadores por outro inclusivo que recoñeza a realidade actual da composición deste sector e, dende logo, incrementar o esforzo en tratar de maneira transversal a desigualdade de xénero do sector pesqueiro galego con medidas enfocadas á corresponsabilidade no traballo doméstico e no coidado de dependentes.

Se realmente o Partido Popular está comprometido coa igualdade das mulleres no sector pesqueiro, non terá ningún problema en apoiar estas dez propostas, que son moi concretas e que, dende logo, veñen das mulleres da pesca.

Pola miña parte, nada máis, e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora González Iglesias.

A señora GONZÁLEZ IGLESIAS: Bo día.

Grazas, presidente.



Antes de comezar, quería recomendarlle ao Partido Popular que vaian a terapia, porque ese trauma que teñen co Bipartito teñen que superalo; é un auténtico trauma e precisa terapia. (Aplausos.)

Escoitamos a miúdo o Partido Popular neste Parlamento acusarnos ao Bloque Nacionalista Galego de querer dar carnés de feminista, e non somos nós quen de semellante ousadía. É a sociedade, as galegas, as que valoran quen defende e traballa a prol da igualdade das mulleres, e vostedes, señoras deputadas do Partido Popular, non pasan a proba do algodón do feminismo. Porque o feminismo, a igualdade das mulleres, non se reivindica o 8 de marzo cun lazo lila, deféndese e trabállase os 365 días do ano.

As políticas do Goberno do Partido Popular en materia de igualdade non son máis que anuncios sen recursos para reverter as discriminacións e desigualdades que sufrimos as mulleres na Galiza. Non é feminista un goberno que veta a participación das mulleres nos consellos galegos. A conselleira do Mar, a señora Quintana, veta a entrada da única asociación de mulleres de carácter galego, a asociación Mulleres Salgadas, no Consello Galego da Pesca.

Non é feminista un goberno que permite que as redeiras —todas mulleres— teñan que traballar en condicións físicas e ambientais moi duras; condicións que poderían ser paliadas en moi gran medida con naves acondicionadas para o seu traballo. Unha simple grúa evitaríalles ter que mover a pulso redes moi pesadas. Non é feminista porque os portos galegos nos que están situadas esas naves son da competencia do Goberno do Partido Popular en Galiza, e este goberno non evita que as redeiras pasen frío, que movan as redes sen grúa ou que chova dentro das naves.

Non é feminista un goberno que mente cando fala de igualdade neste hemiciclo. A conselleira de Igualdade, a señora Lorenzana, mentiu o pasado pleno cando falou do Observatorio de Igualdade do sector pesqueiro galego. A conselleira mentiu cando dixo que o Anteproxecto de lei para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia xa recollía a creación deste observatorio. Mentiu porque a Comisión do Estatuto das Mulleres rurais e do Mar non ten absolutamente nada que ver co Observatorio, cuxa creación aprobamos por unanimidade neste hemiciclo.

A lei establece, no artigo 172, que a Comisión do Estatuto de Mulleres Rurais e do Mar se crea —e leo textualmente— «aos efectos de facilitar o cumprimento das disposicións establecidas no título V» —que non capítulo, que hai un erro— «do Estatuto das Mulleres Rurais e do Mar; unha comisión que ten claramente un carácter consultivo e que non se corresponde co aprobado neste hemiciclo cos votos a favor dos tres grupos, incluído o Partido Popular». O acordo ao que chegamos di textualmente: «Crear, coa necesaria achega orzamentaria, o Observatorio de Igualdade do sector pesqueiro galego, formado por persoal técnico que estude, analice e estableza diagnósticos e medidas correctoras que contribúan a mellorar a situación das galegas que traballan no mar ou en actividades relacionadas, prestando atención á escasa representación das mulleres en postos de dirección e representación. É dicir, o obxectivo da posta en marcha deste observatorio é poder dispoñer de datos claros para abordar, desde un enfoque de xénero, os factores que afectan os diferentes subsectores de actividades, analizándoos de xeito diferenciado, poñendo o foco naquelas situacións discriminatorias, pres-



tando atención aos aspectos máis relevantes en cada caso, e, ao mesmo tempo, imprimindo un carácter xeral que poida aplicarse a todo o colectivo de mulleres do sector».

É un insulto para as mulleres do mar que a señora Lorenzana banalice coa creación deste observatorio, sinalando que, se o problema é a denominación, se compromete a mudar o de «comisión» por «observatorio», cando non é nin parecido. Ademais, a lei recolle un único Estatuto das Mulleres Rurais e do Mar, cando as realidades son moi distintas, con problemáticas diferentes e, como consecuencia, con medidas e solucións distintas.

Por iso, é preciso diferenciar as dúas realidades con dous estatutos diferenciados, porque non é certo, a lei non recolle a creación dunha subcomisión do medio rural e dunha subcomisión do mar. A igualdade acádase poñendo o foco en cuestións como que as mulleres ocupen o espazo que lles corresponde nos espazos públicos e coa utilización dunha linguaxe inclusiva que nomee e dea visibilidade a todas as persoas que conforman un colectivo, incluídas as mulleres. A Consellería do Mar ten a potestade de integrar no Consello Galego de Pesca todas as asociacións de mulleres do sector, de maneira que ocupen o espazo que lles corresponde nun organismo que representa o sector do mar galego e conseguir así que sexa máis igualitario. É a conselleira quen designa as persoas que forman parte dese consello. Non é preciso ter unha lei para ampliar a representación das mulleres nese organismo. Se non o fai, é porque non quere.

Segundo os datos da Consellería do Mar, forman o Consello Galego de Pesca 54 persoas, das que 44 son homes e só 11 son mulleres, incluída a propia conselleira. Non é nin feminista, nin igualitario, nin paritario, e está na man da señora Quintana mudar esta situación.

Igualmente importante é como nomeamos estes organismos. É que o que non se nomea non existe, polo que é fundamental, como se fixo noutros sectores da sociedade, mudar a denominación das confrarías para que sexan máis inclusivas e máis igualitarias. O Anteproxecto de lei para igualdade non recolle ningunha medida efectiva para mudar esta situación. As ANPA, as asociacións veciñais, os colexios de avogacía, as organizacións sindicais, etc. xa deron o paso adiante pola igualdade cunha medida tan simple como mudar a súa denominación. É importante que o Goberno galego dea tamén ese paso adiante pola igualdade efectiva entre homes e mulleres no sector do mar e en diálogo coas propias confrarías, coas asociacións de mulleres do sector e coas mulleres do sector e que tome as medidas necesarias para mudar a denominación das confrarías de pescadoras, de pescadores, de maneira que sexan máis inclusivas e que integren todas as persoas do sector, incluídas as mulleres.

Os datos das últimas eleccións para a renovación de órganos de goberno das confrarías e federacións galegas de pescadores, nas que só 3 das 63 confrarías teñen á fronte unha muller, inciden nestas desigualdades. E incluso neste dato mentiu a conselleira Lourenzá. E leo textualmente o que dixo: «No Comité Executivo da Federación Galega, dos 4 representantes, a metade, o 50 por cento, son mulleres». ¡Mentira! O presidente é home; o vicepresidente primeiro, home; e o vicepresidente segundo, home. Dos 12 membros do Comité Executivo, hai 10 homes e 2 mulleres; o 16,66 por cento son mulleres. Non sei de onde sacou o dato a conselleira dese 50 por cento. Deben ser eses datos que manexa sempre o Partido Popular, que nunca coinciden cos que colgan das páxinas web das consellerías. (Aplausos.)



Miren, deputadas do Partido Popular, a igualdade non se acaba negando a realidade —no que verdadeiramente o Partido Popular é un experto—, a igualdade non se acaba poñendo un lazo lila o 8 de marzo; a igualdade acádase, como fixeron todas as mulleres que nos precederon, loitando día a día para dar pasos, acádase dando pasos adiante cara á igualdade real. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) Resulta difícil... (*Murmurios.*) Non, non todas as mulleres; as mulleres que nos precederon e loitaron polas igualdades, polos logros que conseguimos ata agora, pero queda moito camiño, e nese camiño están as asociacións de mulleres do mar e están todas as mulleres que traballan día a día no sector do mar. Para elas temos que seguir traballando os 365 do ano, con políticas feministas de verdade que camiñen cara á igualdade real das mulleres.

Por suposto, imos apoiar a iniciativa do Partido Socialista.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora González Iglesias.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Suárez Sarmiento.

A señora SUÁREZ SARMIENTO: Grazas, presidente.

Señora González, os que teñen un trauma co Bipartito son as galegas e aos galegos, por iso cada catro anos reforzan máis este Grupo Parlamentario Popular. (*Aplausos.*)

As mulleres están moi presentes en todos os eidos da cadea de valor da pesca e da acuicultura en Galicia. Mariñeiras, comercializadoras, armadoras, transformadoras, administradoras ou xestoras de empresas pesqueiras contribúen de maneira esencial ao desenvolvemento socioeconómico e ambiental da nosa comunidade, pero o seu papel aínda necesita moita visibilidade para acadar a igualdade real en termos de condicións laborais, salariais e de corresponsabilidade real.

A Xunta de Galicia é pioneira na promoción de políticas públicas e no impulso de instrumentos legais dirixidos a eliminar as distintas formas de discriminación por razóns de sexo e a avanzar na supresión dos atrancos que impiden o pleno desenvolvemento das mulleres nas diferentes esferas da vida.

Señorías, o Goberno galego ten moito camiño adiantado neste eido, pero tamén ten claro que é necesario seguir dando pasos na dirección correcta.

Para iso, a nosa comunidade conta co VIII Plan de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2022-2027, aprobado o mes de maio do ano pasado e dotado con 935,5 millóns de euros. Estes preto de mil millóns de euros constitúen o maior orzamento da historia galega para loitar contra as discriminacións das mulleres e reforzar as políticas autonómicas de igualdade. Este plan, en concordancia coa futura Lei galega de igualdade, conta con importantes novidades, como as que se refiren no ámbito 4, dedicado, precisamente, á procura da igualdade da muller nos eidos do sector primario: o sector do mar e o sector rural. Ese ámbito



recolle entre os seus principais retos o de eliminar os obstáculos que representan unha dobre discriminación para estes colectivos.

Seguindo esta liña, o 22 de xullo do ano 2022 a Xunta de Galicia publicou no seu Portal de Transparencia o proxecto de lei para a igualdade efectiva de mulleres e homes. A partir desa data, tanto a cidadanía en xeral como as entidades ou outras administracións puideron realizar as suxestións que consideraron oportunas ao texto. O período de información pública rematou no mes de agosto do ano pasado.

En paralelo a este período de suxestións, a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade enviou o texto do proxecto para o trámite de audiencia a diferentes entidades, como organizacións sindicais e empresariais, universidades, a Fegamp e ás entidades máis representativas de mulleres do medio rural para que puidesen realizar as súas aportacións. Quero aclarar que ao remate deste proceso de suxestións non se recibira nin unha soa alegación en relación con este observatorio do que estabamos a falar nesta iniciativa.

No día de hoxe, o proceso de aprobación da Lei de igualdade segue o seu curso. O documento trata de asuntos tan relevantes como a identificación da discriminación múltiple, a promoción da conciliación e do teletraballo, a procura da erradicación do teito de cristal ou a reforma da protección contra ataques machistas nas novas tecnoloxías. En canto se teñan revisadas as suxestións e rematen os informes preceptivos, o proxecto de lei seguirá o seu trámite e será trasladado a este Parlamento para o seu debate, momento no que os grupos poderán presentar alegacións. Pero, claro, isto leva tempo, porque o Goberno galego non aproba leis a golpe de decretazo, como fan en Madrid —que, por certo, ten os resultados que todos vemos despois—. Aquí, en Galicia, apróbanse as leis abrindo procesos de escoita e de diálogo e tendo en conta as suxestións dos colectivos afectados, dos grupos políticos e da cidadanía. *(Aplausos.)*

A Xunta traballa na actualidade no desenvolvemento do Estatuto da Muller Rural e do Mar en Galicia, que será integrado nesta nova lei autonómica de igualdade para darlle ese rango de norma superior e o maior amparo legal aos colectivos. Estatuto, señorías, que nós non confundimos en absoluto co Observatorio. Temos claro o que é o Observatorio e temos claro o que é o Estatuto. Vostedes igual teñen que darlle un repasiño ao texto da lei para aclarar conceptos.

Neste intre, quero deixar de manifesto que o Grupo Parlamentario Popular e o Goberno galego concordamos totalmente no punto 1 desta moción, xa o dixemos catro veces nesta Cámara. E, a todo isto, esas catro veces nas que falamos do Observatorio foron no último ano; a última vez, a señora Lorenzana, a Consellería de Emprego e Igualdade, neste mesmo estrado, hai quince días. Ela dixo si ao Observatorio, e para que non haxa dúbidas, se o problema é o nome, dixo si a que apareza a palabra «observatorio» na nova Lei de igualdade de Galicia.

Por certo, señora Otero, na Lei de igualdade tamén se contempla a participación de técnicos. Mire, no punto 2 do seu artigo 208, fálase «da presenza de persoas especialistas na materia e doutras eventualmente concernidas naqueles asuntos cuxa especificidade así o requira».



Como dixo a conselleira, non vaia ser que en vez de ler con atención o texto da lei, o que fixeran foi poñer no buscador a palabra «técnico» e non lle aparecera nese punto, pero creo que compartiremos que a palabra «técnico» e a palabra «especialista» en galego son sinónimos.

Ben, ata aquí a miña intervención no referente ao punto 1 dos acordos desta iniciativa, que lembro que vostedes titularon como: «Moción sobre a creación dun observatorio de igualdade de xénero no sector pesqueiro», aínda que despois, non se sabe por que, decidisen reducir o protagonismo deste observatorio ao 10 por cento do seu documento. De dez puntos que compoñen os seus acordos, só un fai referencia a este observatorio.

Ben, pois pasando aos nove puntos restantes que vostedes decidiron incluír nesta iniciativa, como digo, facendo nela un *totum revolutum* que en nada axuda o sector, vou tentar resumir as nosas diferenzas co seu texto.

Miren, vostedes falan de impoñer unha formación obrigatoria en materia de igualdade para os postos directivos das confrarías, federacións provinciais e para a Federación Galega de Confrarías. Ben, nós estamos totalmente de acordo coa necesidade e a conveniencia da formación en igualdade en todos os ámbitos, pero o que é imposible é o da obrigatoriedade. Explicarannos vostedes como obrigamos as persoas que conforman as xuntas directivas da confraría que fagan cursos en igualdade. A ver..., ¿como os obrigamos? Plantexen unha posibilidade que estea dentro da lei, claro.

Mire, no punto 1 desta moción pídese a creación do Observatorio de Igualdade; e, no punto 5, pídese a creación dun Consello de Mulleres do sector pesqueiro. Non lles vale o Estatuto, non lles vale a Comisión de Seguimento, non lles vale a Subcomisión de Muller do Mar, mesturando todo, que agora piden unha comisión cos mesmos obxectivos. Miren, eu creo que vostedes desvían a atención do realmente importante para o sector pesqueiro de Galicia. As mulleres do mar galego non necesitan cincuenta órganos que fagan o mesmo; as mulleres de Galicia necesitan feitos, e iso é o que lles proporciona o Goberno do Partido Popular. Repito, por iso nós estamos aí e vostedes están aí.

Polo que respecta ao Consello Galego de Pesca, o Decreto 123/2011, do 16 de xuño, que regula este órgano, xa contempla no punto 3 do seu artigo 4 a previsión de que a súa organización e composición se faga —abro comiñas— «procurando alcanzar unha presenza equilibrada de mulleres e homes na súa composición total».

Vostedes solicitan a feminización do nome das confrarías de pescadores. Neste aspecto lembrámoslles que as confrarías son corporacións de dereito público e que o seu nome figura nos seus estatutos. Para nomealas de distinta forma creo que petaron na porta equivocada, xa que isto compete a unha normativa básica do Estado. Se queren cambiarlles os nomes ás confrarías, con ou sen o apoio dos membros das confrarías, fágano en Madrid.

En consecuencia, e deixando de manifesto por quinta vez nesta Cámara a nosa concordancia coa creación do Observatorio, tamén debemos manifestar o noso desacordo coa manobra do PSdeG de incluír estes nove puntos restantes que nada teñen que ver co obxectivo da iniciativa e que lamentablemente nos levan a non poder apoiar esta moción.



En todo caso, quero transmitirles ás mulleres do mar de Galicia, ás ben chamadas Mulleres Salgadas, que poden estar tranquilas porque teñen o compromiso da Consellería de Emprego e Igualdade de que, tal e como elas mesmas piden e ela manifestou neste último pleno, a futura Lei de igualdade de Galicia vai contemplar a creación dun observatorio con ese nome que vai estar composto por persoal técnico ou especialista; e porque teñen o compromiso demostrado con feitos do Goberno galego de que seguirá traballando e lexislando para que as mulleres mariñeiras ocupen o lugar que lles corresponde nos órganos de decisión do sector da nosa comunidade e para que se respecten os seus dereitos en todos os ámbitos da vida.

E eu, como vexo que me queda aínda un segundiño, señora Otero, pediríalles que non volvan poñer como exemplo, en relación coas medidas de igualdade, o Goberno de España. Un Goberno que aproba as leis, que deixa fóra do cárcere violadores, pederastas e acosadores e que os beneficia nas súas penas, nas súas condenas, non esta autorizado para falar de igualdade, e menos para dar exemplo de nada.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo grupo autor da moción, a señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Señora Suárez, non podo estar máis de acordo con vostede en que petamos na porta equivocada. Porque queríamos falar de igualdade, petamos na porta da Xunta de Galicia e mirade co que nos acabamos de atopar. (*Aplausos.*) A verdade, señora Suárez, fraco favor lles fai coa súa intervención ás mulleres do sector pesqueiro galego. (*Aplausos.*) Entendo que a voceira de pesca do Partido Popular non viñera aquí a esta tribuna facer o papelón que vostede fixo.

Porque, mire, imos poñer os puntos sobre os is. Ao mellor, señora Suárez, o que tiña que facer vostede era ler ese Anteproxecto de lei de igualdade que presenta o Goberno galego e non tanto o argumentario que lle fixeron dende a Xunta de Galicia. (*Aplausos.*) Lea máis o Anteproxecto de lei de igualdade que presenta o Goberno galego. Porque o problema, señora Suárez, non é o de «técnico» ou «especialista», o problema é que nos mentiu —e díxoo tamén aquí a voceira do Bloque Nacionalista Galego—, que mentiu en sede parlamentaria a conselleira de Igualdade no anterior pleno. O Observatorio de Igualdade do sector pesqueiro galego, aprobado por unanimidade ata en dúas ocasións nesta Cámara, non aparece nese anteproxecto de lei, (*Aplausos.*) póñanse como se poñan. (*Aplausos.*) Non aparece. (*Aplausos.*) E están a confundir. Por iso ía así o primeiro punto da nosa iniciativa. Están a confundir o Observatorio cunha comisión, que non é o mesmo.

Polo tanto, señora Suárez, o problema non é a nomenclatura, o problema non é se é persoal técnico ou especialista, como vostedes falan. É que, ademais, o que piden as mulleres do mar é persoal técnico, pero non ese persoal técnico que pon a Xunta de Galicia, senón persoal técnico independente que poida analizar eses datos e sacar unhas conclusións verdadeiras. O problema é que o Observatorio non aparece no anteproxecto de lei, e vostedes hoxe aquí



—como fixo a conselleira no pleno pasado— están a mentir e a enganar as mulleres do mar. O Observatorio non é o mesmo que unha comisión.

Vostede tamén hoxe lle bota a culpa de que non apareza ese observatorio nese anteproxecto de lei á única asociación de mulleres galegas do sector pesqueiro, a Mulleres Salgadas, porque di que tiveron a oportunidade de presentar alegacións a ese anteproxecto de lei. Non se preocupe, señora Suárez, que cando ese anteproxecto de lei entre aquí, nesta Cámara, estará aquí, dende logo, o grupo parlamentario do PSdeG para presentar esa alegación e para que conteña o Observatorio Galego de Igualdade do sector pesqueiro, (*Aplausos.*) para que cumpran o acordo parlamentario acadado ata en dúas ocasións nesta Cámara. Deixen xa as mulleres do mar de Galicia. Xa están fartas de tantos recoñecementos, de tantas boas palabras.

Eu o que lles pediría, señorías do Partido Popular, e sobre todo as mulleres do Partido Popular, é que désemos a cara, que nos mollemos. Sabemos que ese é o problema que hai, que as mulleres están infrarrepresentadas neses órganos de decisión e neses órganos de representación.

Diciánme pola bancada do Partido Popular que era moi pesada dando os datos dese número de patroas maiores que hoxe temos en Galicia. Deberíanos de caer a cara de vergoña a todas as mulleres e a toda esta Cámara pola infrarrepresentación das mulleres neses órganos de decisión. (*Aplausos.*) Porque, miren, a min non me gustan —e estou segura de que a moitas das deputadas do Partido Popular non lles gustan— esas fotos que moitas veces saen nos xornais de homes de cando determinados membros do Goberno galego, ou incluso dos partidos políticos, nos reunimos co propio sector pesqueiro. Porque os que están nos postos de arriba, nos postos de decisión, nos postos de representación, son a maioría homes. ¿Como imos poder estar contentos con só 2 ou 3 patroas maiores?, ¿con que só o 16 por cento deses postos de patroas e vicepatroas maiores estean ocupados por mulleres? É que eu estou segura de que vostedes, señorías do Partido Popular e mulleres do Partido Popular, tampouco están de acordo; polo tanto, traballemos estas medidas.

É que hoxe do que van votar vostedes en contra é de medidas concretas que non son medidas do PSdeG, son medidas que veñen das mulleres da pesca. Son elas as que levan estas propostas a este Parlamento. Nós o único que facemos é darlles voz para que a Xunta de Galicia... Porque á única asociación de mulleres galegas da pesca, como dicía a representante do Bloque Nacionalista Galego, a conselleira do Mar, por activa e por pasiva, lle nega a entrada no Consello Galego de Pesca. Porque pode; se quere e ten vontade política, esa asociación pode estar alí representada e pode ser escoitada. Non teñen moitas maneiras, e o que fan é canalizar a través dos grupos parlamentarios as súas reivindicacións. Están en contra de elaborar e de implementar estes plans de igualdade. E dime vostede: é que, claro, ¿como imos facer iso? Pois con normas xurídicas. ¿Para que están os gobernos? Por exemplo, os mestres, por lei, teñen que ter esa formación en igualdade en cada materia. ¿Por que non nos mollamos e tamén involucramos o sector pesqueiro nesta formación en igualdade? ¿Por que? ¿Que ven mal de ter unha linguaxe inclusiva incluso nunha lei? É que a Lei de confrarías de pescadores nin sequera nomea estas mulleres. (*Murmurios.*) A realidade galega do sector pesqueiro hoxe en día é moi distinta á que está reflectida nas normas.



Miren, é que moitas das medidas que hoxe propoñemos nesta iniciativa non teñen nin se-
quera custo económico. E o Partido Popular, o Grupo Parlamentario Popular e a Xunta de
Galicia néganse a abrir ese debate. Pero, ¿que altura de miras...? Despois moito falan do fe-
minismo, de que a Consellería do Mar é do máis feminista; pero, cando hai que involucrarse,
nada de nada.

Polo tanto, mire, señora Suárez, está moi ben que vostede diga: as mulleres están moi pre-
sentes en toda a cadea do sector pesqueiro, o seu papel aínda precisa de moita visibilidade
para acadar esa igualdade. Claro que a Xunta ten claro que necesita seguir a dar pasos. Pois
precisamente esta moción...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: ...é para axudarlle á Xunta de Galicia a que siga a dar eses
pasos para conquistar a igualdade.

Polo tanto, hoxe vostedes, co seu voto en contra, unha vez máis, están dándolles as costas
a esas mulleres que cada día se levantan, ademais de para traballar, para reclamar os seus
dereitos e para denunciar as súas inxustizas.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Quero agradecer o voto afirmativo do Bloque Nacionalista Ga-
lego. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Rematados os debates sobre as mocións, procedemos á votación.

Votación das mocións

O señor PRESIDENTE: Comezamos votando a do Grupo Parlamentario do Bloque Naciona-
lista Galego, por iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández.

Votamos.

*Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Rosana Pérez Fer-
nández, sobre a rexeneración dos bancos marisqueiros das rías.*

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.



O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de dona Noelia Otero Lago.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noelia Otero Lago, sobre a igualdade nos centros de ensino.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: E, por último, votamos a do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de dona Patricia Otero Rodríguez.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Otero Rodríguez, sobre a creación dun observatorio de igualdade de xénero no sector pesqueiro.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: E suspendemos o pleno ata as dezaseis horas, catro da tarde.

Suspéndese a sesión ás dúas da tarde e retómase ás catro e tres minutos.

O señor PRESIDENTE: Boa tarde.

Reanudamos a sesión, co punto terceiro da orde do día, proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María González Albert e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa reparación dos danos causados polos incendios que se produciron en Galicia no mes de xullo de 2022

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora González Albert.

A señora GONZÁLEZ ALBERT: Boa tarde a todas e todos.



Imos falar, máis unha vez, de incendios forestais e das consecuencias dos incendios forestais. Este verán, a mediados de xullo, tiveron lugar neste país moitos lumes. Dous deses lumes, os máis grandes da historia de Galiza, foron os lumes do Courel e o de Valdeorras, e un terceiro tamén demoledor, no parque natural do Invernadoiro. Témolos falado varias veces: incendios convectivos, que desenvolveron unha potencia nunca vista até o de agora, até aquel momento, no noso país e que exterminaron todo canto atoparon ao seu paso: desde animais até montes, montes veciñais, soutos, carballeiras, infraestruturas, e até núcleos de poboación.

Eran mediados de xullo —como digo— e só neses tres grandes lumes que veño de mencionar arderon preto de 30.000 hectáreas, 30.000 hectáreas arrasadas. En total, neses corenta e cinco días de verán, arderon no noso país ao redor de 45.000 hectáreas e converteron este último verán de 2022 no peor verán en materia de incendios en Galiza nos últimos quince anos.

Foi un drama, foi un drama para o interior do noso país. Un interior que, como ben coñecen tanto o portavoz do Partido Socialista neste tema como o portavoz do Partido Popular, arrastra xa unha serie de problemas, tanto no sur de Lugo como —ía dicir— o leste da provincia de Ourense, pero eu creo que o conxunto da provincia de Ourense, —como digo— un conxunto de problemas, moitos deles derivados dun abandono de moitas décadas por sucesivos gobernos do Partido Popular.

Naquel momento entendemos que, movida primeiro pola gravidade do que acontecera, por que era innegable, pero tamén un pouco polo medo á resposta social que podían ter aqueles incendios, a Xunta actuou, sacou liñas de axudas varias —falamos disto na Comisión 7ª—, sacáronas con prontitude e sacáronas no DOG, nun DOG dese mesmo mes, o 29 de xullo publicáronse no DOG, unha batería de ordes e de resolucións de axudas que, en teoría, ou polo menos así o anunciou a Xunta, pretendían dar resposta ás graves consecuencias daqueles incendios.

Non as vou relatar, porque as coñecemos, pero había ordes da Consellería do Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, tanto para recuperar infraestruturas de uso público como para recuperar terreos ordenados, de tecores; despois, axudas da Consellería do Medio Rural, para danos tanto en explotacións forestais como agrícolas e gandeiras; axudas do Instituto Galego de Promoción Económica, para sufragar danos en establecementos comerciais, industriais, turísticos e mercantís; axudas do Instituto Galego da Vivenda e Solo, para reparar os danos causados tanto nas vivendas como no enxoval doméstico provocados por aqueles incendios. Con posterioridade a ese DOG de xullo, houbo até tres modificacións, ampliacións de crédito nalgunhas destas partidas. Polo, tanto ao final, entre os cinco organismos da Xunta de Galiza, falabamos de preto de 12 millóns de euros en axudas.

Nós, nese momento, cando por fin o conselleiro veu comparecer a este pleno despois dun par de meses chamando por el, como en sucesivos debates na Comisión de Medio Rural, amosamos as nosas reticencias con estas liñas de axudas, non polo feito en si da súa publicación, senón porque dun exame minucioso do que nelas se pedía, nos requisitos que nelas se reclamaban, entendiamos que moita xente, moitas persoas afectadas, moitas comunida-



des de montes afectadas, moita veciñanza afectada, incluso varios concellos afectados, non ían poder acollerse a moitas delas polos requisitos que nelas se pedían.

E dixemos tanto ao conselleiro como aos responsables do Partido Popular en comisión que miraran de facer unha modificación desas liñas de axuda, porque non se axustaban á realidade do territorio. E se o que se perseguía con elas era, realmente, solventar, na medida do posíbel, o destrozo que supuxeran eses incendios, había que modificar varios criterios desas liñas de axuda.

A resposta que obtivemos pois foron ouvidos xordos, as liñas de axuda non se modificaron e estamos onde estamos. E ¿onde estamos? Estamos a oito meses vista daqueles incendios e só hai que ir ao Courel, só hai que ir ao Invernadoiro e só hai que ir a Valdeorras: a maioría das árbores queimadas continúan no monte; os núcleos de poboación que arderon, unha grandísima parte deles, continúan cos cascallos e coas vivendas, pendellos construcións aínda queimadas; moitos dos outros que resultaron ardidos non puideron acollerse ás liñas de axuda, e non puideron acollerse porque non cumprían cos requisitos, porque un dos requisitos primeiros que puñan as liñas de axuda é que había que ter unha explotación dada de alta no Reaga.

Eu non sei, a verdade é que creo que unha boa parte deste hemisiciclo coñece a realidade do interior do noso país. A maior parte do monte da provincia de Ourense non está dado de alta en ningunha explotación forestal, por exemplo. Arderon soutos nos que non hai unha única persoa propietaria deles; arderon soutos nos que cada persoa pois ten un castiñeiro, dous castiñeiros, dez castiñeiros, nunha zona determinada, dispersos polos núcleos de poboación. Normalmente no 99 por cento é difícil saber a cantidade exacta, porque o outro día levamos estas preguntas á comisión correspondente e non obtivemos resposta a esta cuestión, pero é unha realidade que eu creo que podemos compartillar as xentes do interior de Galiza.

A maioría desas propiedades non están a nome dos seus titulares reais, por infinidade de motivos —falabámolo tamén o outro día—: pola emigración, por abandono, polo sistema da herdanza que temos no noso país. Entón, dáse unha realidade no noso interior na que dun castiñeiro que ardeu non aparece reflectido o nome do seu dono.

Entón, a nosa proposta era que, se a Xunta de Galiza realmente tiña interese por que o territorio se recuperara do acontecido, tiña que modificar estas liñas de axudas, se o que se buscaba con elas non era propaganda, se o que se buscaba con elas era dunha banda a vida no interior do noso país, doutra banda a resiliencia do territorio e, dunha terceira —e fundamental—, en lugares como, por exemplo —e vou volver mencionar este lugar, porque foi no que máis edificacións arderon—, na Veiga de Cascallá, na que arderon máis de trinta edificacións, recuperar un mínimo de vida, había que dar outro tipo de solucións.

Iso non foi así. Eu saquei o outro día en comisión unha foto, que eu quero volver sacar, porque eu creo que demostra moi ben o que alí aconteceu. Igual hai veces que perdemos a perspectiva. *(A señora González Albert mostra unha fotografía.)* Este é o centro urbano da Veiga de Cascallá. Eu, non sei, de verdade, reto a calquera a que busque; é que é unha zona de guerra, é unha zona de guerra. Esta foto é de hai dous venres. O martes pasado o Concello de Rubiá,



á que pertence a Veiga de Cascallá, despois de sete meses e medio, meteu unhas pas na Veiga de Cascallá, para retirar parte do cascallo, que non sabemos como se tratou, porque alí había lousa, había uralita, había moitas cousas que hai que tratar dunha forma axeitada. En todo caso, a única solución que atopou o concello foi derrubar o que alí había, derrubar a feito; creo que vostede o sabe, porque cónstame que falou con xente do territorio.

Entón, a solución é que aquí, onde había —eu non podo calcular— aproximadamente vinte edificacións, vai quedar un grandísimo soar, para parque; a proposta é facer un parque, facer un espazo de uso público, pero en ningún caso recuperar esas vivendas. Entón, ¿que futuro lle agarda á Veiga de Cascallá?, nuns espazos que xa estaban moi deteriorados, en que a xente, que vive fóra —é verdade que a maioría da xente vive fóra—, facía un esforzo por mantelas en pé, por volver ás súas aldeas as fins de semana, nas vacacións, cando podían. ¿Vai volver esa xente á Veiga de Cascallá, por exemplo?

Entón, esta é a nosa preocupación. E, desde logo, o outro día, en que levamos unha serie de preguntas á comisión, que a persoa que manda a Xunta de Galiza a responder a estas cuestións á comisión sexa o director xeral de Agricultura e Gandaría eu creo que dá boa medida do que lle interesa á Xunta de Galiza e á Consellería do Medio Rural esta cuestión, porque eu creo que había infinidade de cargos públicos da Xunta de Galicia que podían responder a estas cousas con máis coñecemento, sen máis, con máis coñecemento, como alí quedou demostrado.

¿A nosa preocupación inicial cal era —repito—? Que non se recuperase o territorio. E iso é o que estamos a ver. É máis, o director xeral de Agricultura en comisión dixo —e é certo— que a Lei de subvencións non o permite. Claro, hai que poñer os requisitos, e unha cousa que non está ao teu nome non a van subvencionar. Ata aí chegamos. Pero tamén é certo que, cando hai vontade política, a Xunta ten a capacidade de arbitrar ou de establecer ou outro tipo de mecanismos para realizar de primeira man o que non poden facer os particulares, por exemplo. E isto é unha cousa que a Xunta de Galiza non quixo facer aquí, salvo en lugares concretos, nos que si que se levou a cabo algún tipo de acción.

Outra cousa da queremos falar é do que pasou coas axudas que se están dando, como se están a xestionar esas axudas, que problema vai dar esa tramitación das axudas. Eu vou esperar a ver o que di o responsable do Partido Popular. Porque aquí pasa unha cousa —vou rematar xa, paréceme que me van reñir agora—, pero vou ler literalmente una frase que dixo o outro día o director xeral de Agricultura na comisión, porque eu creo que é realmente reveladora; el dixo: «Ultimamente está de moda por parte dalgúns partidos políticos facerlles crer aos cidadáns que o mero feito de que se convoquen unhas axudas e se presenten a elas xa teñen dereito absoluto a ser beneficiarios das mesmas. Esa é unha perversidade que están emitiendo, enganando a cidadanía e a sociedade.»

E eu creo que isto foi un efecto espello. Efectivamente, o que dixo o director xeral é unha verdade, é unha perversión dicirlle á xente que polo simple feito de convocar unhas axudas van ter dereito a elas. E isto é literalmente o que fixo o conselleiro do Medio Rural cando foron os incendios, e foi alí anunciar estas axudas. Cando el anunciou as axudas, por exemplo, para as explotacións forestais; el dixo: as subvencións van pedir que esteades no Reaga,



pedilas igual, porque aquí imos darlle subvencións a todo o mundo, porque o que nos importa —dixo el— é recuperar o territorio. ¿Que pasou agora, hai dous meses...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora GONZÁLEZ ALBERT: ...—remato xa, señor presidente— cando chegaron as resolucións? Pois que veñen denegadas, porque non figuran inscritos no Reaga. Esta é a realidade.

Entón, interésanos, de verdade, recuperar ese territorio, porque estamos a oito meses e aquilo é tremendo, é tremendo o que nos atopamos aí. E eu creo que Valdeorras, O Courel, O Invernadoiro, teñen a necesidade dun pouco de esperanza para ter un futuro e que a Xunta de Galiza, máis alá da propaganda —de verdade que eu entendo a propaganda— realice accións que repercutan no territorio, que permitan...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora GONZÁLEZ ALBERT: ...que a xente de alí poida manter a súa vida alí.

Máis nada por agora. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Rodríguez Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidente.

Boas tardes a todos e todas.

2022, 51.000 hectáreas queimadas en incendios con superficie superior ás 20 hectáreas. Ardía o parque natural do Invernadoiro, unha das xoias máis prezadas do patrimonio natural galego, e ademais finca propiedade da Xunta de Galicia, e un dos grandes pulmóns de Galicia; unha perda hoxe xa irreparable. Afectaron zonas protexidas como o espazo Rede Natura 2000 do Courel e o parque natural e serra da Enciña da Lastra e supuxeron unha catástrofe ecolóxica sen precedentes. Como dicía a portavoz do Bloque Nacionalista Galego, incendios como os de Valdeorras, unha paisaxe aínda hoxe desoladora, en Alixo, por exemplo, con 18 vivendas calcinadas; en Vilariño, en Éntoma; deixando, como dicía, danos en vivendas e propiedades, ao que hai que sumar o impacto medioambiental, así como no sector vitivinícola e na agricultura e na produción da castaña e do mel.

Concretamente, D. Juan Fernández, presidente da Rede Estatal do Castaño, da Asociación de Produtores e Exportadores de Produtos Agrosilvestres, sinalaba que nalgúns aldeas se perdera o 100 por cento da produción de castaña: Verín, Oímbra, Laza, Caldas de Reis, Boiro...

O Grupo Parlamentario Socialista pediulle explicacións ao conselleiro do Medio Rural e tamén á conselleira de Medio Ambiente do feito de non ter mudado de políticas a pesar das advertencias sindicais, de organizacións agrarias, de grupos políticos e de grupos ambien-



talistas. E hoxe, ás portas da Semana Santa, o Pladiga, sen pasar polo Consello Forestal, situación pola que lle preguntaremos ao Goberno galego o próximo venres na Comisión 7ª, de Agricultura e Montes.

E incidimos en que a causa da magnitude dos incendios que asolan Galicia é o abandono absoluto no que se atopa o noso rural, consecuencia do cal temos máis territorio improdutivo e cunha importante carga de biomasa.

Tampouco olvidemos o ano 2017, na ponte do Pilar. Galicia vivía un inferno, centos de incendios arrasaban en poucas horas 50.000 hectáreas, dúcias de núcleos de poboación foron postos en perigo e destruídos, poñendo en evidencia o caos dun monte mal xestionado. A peor consecuencia daquilo foron catro persoas falecidas.

Tres anos despois desa traxedia publicábase que cando se movían un pouco os sedimentos da Foz do Miñor se encontraban aínda as cinzas dos incendios, porque se verteron á ría 60.000 toneladas de cinzas. Non pode agora acontecer o mesmo cos pobos e co monte afectado polos incendios, señores e señoras do Partido Popular. A responsabilidade de recuperar a superficie do monte e paliar os danos recae principalmente na Xunta de Galicia.

Este grupo parlamentario rexistrou unha batería de iniciativas indicando que era preciso que por parte do Goberno galego se programaran medidas necesarias co fin de que se reducisen ao mínimo as perdas provocadas polos incendios. A actuación tería que ser o máis axiña posible, polos efectos dos incendios sobre os leitos dos ríos, afectando os caudais ecolóxicos, as zonas de marisqueo, etc., de conformidade coa lexislación actual, que establece entre os seus obxectivos a execución das actuacións silvícolas e o desenvolvemento da xestión sostible dos montes galegos, así como as medidas de salvagarda precisas para defender os ecosistemas forestais contra os incendios.

Doutra banda, os procesos de restauración das zonas queimadas realizaranse conforme criterios que determinen as necesidades e prioridades de actuación, planificados no espazo e no tempo, considerando aspectos forestais, ecolóxicos e socioeconómicos.

E preguntamos ao Goberno cando tiña previsto presentar o mapa de riscos consecuencia dos incendios previstos o ano 2022, cantas hectáreas arboradas arderon, a que especies e que clase de idade afectaron, que tipo de actuacións silvícolas preventivas teñen previsto realizar para defender os ecosistemas forestais e contra futuros incendios forestais, con que especies e que tipo de densidade utilizarán nas repoboacións forestais, que actuacións realizarán sobre os montes protectores, etc., aínda non contestadas.

A Xunta de Galicia debería dar conta á Cámara galega do mapa de riscos asociados aos incendios acaecidos no ano 2022, así como das medidas a adoptar nas zonas de actuación prioritaria, cun cronograma de actuacións e as consellerías que van levalo a cabo.

E, falando de axudas, certo é que a Xunta de Galicia actuou rápido no establecemento dunha batería de axudas urxentes, concretamente nas cinco liñas que non vou reproducir, porque xa o fixo a portavoz do BNG. Si comentar que a orde publicada pola Consellería de Medio



Ambiente, Territorio e Vivenda destinada a titulares de infraestruturas de uso público de medio natural dentro da Rede galega de espazos protexidos e reservas da biosfera afectados polos incendios forestais, cun importe de 550.000 euros (200.000 para montes veciñais en man común e 350.000 para concellos) nos parece insuficiente. Axudas para a primeira e segunda vivenda.

É certo que tamén a realidade do territorio, marcada polo abandono do interior de Galicia, provocou que moitos particulares non puideran solicitar as axudas, porque ou ben non podían aportar os títulos de propiedade —porque a problemática da propiedade descoñecida en Galicia é grave e hai que abordala polo Goberno galego— ou porque non se encontran de alta, como dicía María Albert, no Reaga, tal como se establece nas ordes de aplicación.

E por iso si consideramos necesario levar a cabo todas as accións necesarias para proceder á retirada dos escombros e limpeza das edificacións afectadas polos incendios de xullo de 2022 que non puideron acollerse a este decreto e levar a cabo todas as accións necesarias para proceder á retirada da madeira queimada, que aínda segue no territorio, recollida en montes privados e soutos que non puido ser beneficiaria tamén das axudas.

O Grupo Parlamentario Socialista cre que é preciso que o Goberno galego elabore un informe, por cada convocatoria de cada consellería para cada tipoloxía de danos, de cantas solicitudes quedaron sen atender e cal foi o motivo de non admitilas. A partir dese informe, analizar se existe a posibilidade de limitar requisitos en futuras convocatorias, porque arder por desgraza vai arder, para buscar a máxima simplificación e universalidade das axudas, ou se son requisitos obrigados por normativa de rango superior, ou se un cambio de enfoque das axudas no nivel de emerxencia ou na orixe dos fondos podería solventar o problema en futuras convocatorias. Desá forma evitaríamos que, cando se dea novamente unha situación de emerxencia, se tropezara na mesma pedra de dotar economicamente liñas de axudas pero que sexan inexecutables na práctica.

Tamén, respecto á actuación do Goberno central —e dígoo porque aludía á actuación do Goberno central o director de Gandaría na pasada Comisión de Agricultura e Montes—, un apuntamento: que sexa o director de Gandaría o que dea resposta á problemática de montes e planificación existente tras os incendios deste verán revela a importancia que este goberno lle adica a esta grave situación e mostra a carencia do mínimo respecto institucional exixible nun parlamento cara á oposición.

Resaltar que, ademais do apoio sobre o terreo nos labores de extinción que realizou obviamente o Goberno do Estado, o 22 de agosto o Consello de Ministros declaraba Galicia zona afectada gravemente por emerxencias de protección civil e aprobaba medidas para os afectados de todos os municipios polos que se estendían os vinte grandes incendios declarados na comunidade. O propio presidente, Pedro Sánchez, visitaba as zonas afectadas en Ourense, concretamente na comarca de Valdeorras, acompañado dunha ministra, da ministra para a Transición Ecolóxica, Teresa Ribera. Pola contra, non vimos eses días a conselleira de Medio Ambiente visitar as zonas afectadas. (*Aplausos.*) Son formas distintas de gobernar.

Incidía o presidente na importancia de converter as políticas ambientais en políticas de Estado, que transcendan lexislaturas e administracións, para facer fronte a unha emerxencia



climática letal. E, en agosto de 2022, como dicía, cumprindo o compromiso que o presidente avanzara na visita, o Consello de Ministros declarábaa zona ZEP e activaba un paquete de medidas que serviría para paliar as perdas polos incendios da nosa comunidade.

Xa o delegado do Goberno puña o foco, ademais, en que, máis alá destas medidas, era necesario seguir traballando na prevención para que esta situación non se volva repetir, porque a prevención, señores e señoras do Partido Popular, segue sendo a asignatura pendente desta comunidade. Fan falla cambios e iniciativas.

Tamén dicir que, á parte das axudas, o despregamento da UME, que puña a todos os medios para actuar de maneira coordinada contra os lumes na comunidade autónoma.

Estas axudas aprobadas eran con base nun regulamento que existe, como saben, con base no principio de solidariedade e de maneira subsidiaria e complementaria ás comunidades autónomas. Nesta liña eran liñas abundantes, como danos en vivenda, enseres, establecementos industriais, mercantís e de servizos, así como tamén axudas ás corporacións locais. E vou amentar unha liña: a liña de axudas do 50 por cento para danos en infraestruturas, redes viarias públicas, nos concellos, que é bastante máis do que a Xunta de Galicia aboou aos concellos polas inundacións de decembro e que pedía este grupo parlamentario.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Dacosta.

Grupo Parlamentario Popular, señor Armada.

O señor ARMADA PÉREZ: Moitas grazas, señor presidente.

Xa que estamos a falar de incendios forestais, gustaríame iniciar a miña intervención rendendo pois dende aquí tamén unha homenaxe, que foi a que o Fogga fixo este pasado venres no Xurés, descubriendo unha escultura en lembranza e homenaxe aos pilotos que perderon a vida no Xurés na extinción de incendios deste, tamén o piloto que perdeu a vida en Pena Trevinca, e estou seguro de que este monumento tamén vai para todas aquelas persoas que perderon a súa vida extinguindo os incendios forestais. Vaia dende aquí a nosa homenaxe. (*Aplausos.*)

O primeiro que se debe facer, antes de iniciar calquera alocución falando sobre todo desta desgraza que tivemos neste mes de xullo pasado, é agradecer o comportamento exemplar e o compromiso que amosaron dende o primeiro momento que sufrimos estes incendios todos os alcaldes e alcaldesas, as corporacións municipais —de diferentes signos políticos—, os traballadores da Administración local e autonómica, as forzas e corpos de seguridade do Estado, os GDR —que tiveron unha grande implicación coa veciñanza para tramitar todas as axudas que se plantexaron—, as asociacións e, por suposto, as veciñas e veciños que se viron afectados por estes lumes e que en moitos casos perderon bens que, dende logo, van ser xa irrecuperables. Todos, remando na mesma dirección e procurando recuperar unha normalidade e intentando mitigar os efectos dunha desgraza. A Administración autonómica, dende



o primeiro momento, arrimando o ombro —e iso témolo claro—, a través das diferentes accións e ordes de axudas que se convocaron.

A verdade é que lamento moito ler na súa exposición de motivos algo así como «ante o medo a unha posible resposta cidadá». ¿Como que «medo»? Chámenlle «responsabilidade». Neste momento actuouse con toda responsabilidade, porque nós sabemos que a vostedes lles tería gustado que non actuáramos coa celeridade que o fixemos e que posiblemente non sacáramos as axudas que sacamos, pero, desgraciadamente, esta vez non lles demos a vostedes ese pracer de crear esa crispación social, que é onde mellor se moven. E, desgraciadamente para vostedes, agora estamos a levar accións que intentan devolver a normalidade ao noso rural.

Está claro que se convocaron diferentes axudas. Por falar dalgunha delas, as de vivenda, cun investimento inicial de 3,2 millóns de euros, que, como ben dicía, foi aumentado en sucesivas convocatorias ata chegar aos 5,81 millóns de euros. Por suposto tamén, convocáronse axudas para infraestruturas de uso público, cun investimento que chegou ata os 550.000 euros, dos cales 350.000 euros foron para concellos e 200.000 para montes veciñais en man común. Tamén, por suposto, para o patrimonio natural nos tecores, e o investimento chegou a 300.000 euros.

Pero, claro, falaban vostedes de que non sabían como se podería implementar todas estas ordes de axudas e cal sería o balance. Pois, se queren, eu anticipolles unha serie de datos e de números que seguro que van ser moi ilustrativos.

E direilles que na provincia de Lugo se aprobaron 19, por un importe de máis dun millón de euros, 17 concretamente no Folgoso do Courel e 2 na Pobra do Brollón; polo tanto, todas as axudas que se tramitaron concedéronse. Na provincia de Ourense, 58 axudas, por importe de máis de 3 millóns de euros; e desas pódolles asegurar que están pagadas todas as axudas que correspondían a ruína e parte das de danos, en total 48, cun importe que case chega aos 3 millóns de euros e deixando 9 que agora mesmo están en plena xustificación pola execución de obras, cun importe de 113.000 euros.

Está claro que houbo unha serie de solicitantes que podían terse beneficiado destas axudas, pero pódolle asegurar que se intentaron facer todas as xestións posibles por parte do IGVS e por parte dos concellos, pero a verdade é que non foi posible.

E falaba vostede da Veiga de Cascallá. Sabe vostede que na Veiga de Cascallá se presentaron tamén solicitudes de axuda para vivendas. ¿Sabe exactamente cantas? Pois eu indícolle, fíxese: concedéronse 18 axudas, por importe de 869.000 euros, e unicamente se denegaron 5 axudas, e pódolle asegurar que nesas 5 axudas que están denegadas estase traballando agora mesmo con esa xente —cónstanos que se puxeron en contacto con eles— para que poidan cumprimentar unha documentación que, evidentemente, non presentaron e por iso a rexeitaron. Porque nós entendemos que non pode quedar absolutamente ninguén atrás.

E, por suposto, tamén nos gustaría resaltar ese protocolo de colaboración co sector dos pizarristas, dos louseiros, que se comprometeron a ofrecer un 40 por cento de desconto aos



afectados polos lumes deste verán en Valdeorras e no Courel no custo do material para a reconstrución dos tellados das vivendas.

E, ben, xa que estabamos a falar destas axudas, estou seguro de que, sobre a mesma vehe-
mencia coa que traen aquí estes temas tanto o Grupo do Bloque Nacionalista Galego como o
Partido Socialista, tamén terá moito que dicir que as axudas que plantexou o Goberno central,
porque eu creo que cando se presentan estas axudas, cando a orde se publica, estamos falando
de que é practicamente a finais deste ano, pero despois tamén estou seguro de que non estarán
moi de acordo coas contías, porque nos consta que son unas contías bastante deficientes, moi
mellorables, manifestamente mellorables. Polo tanto, eu estou seguro de que tanto o deputado
do Bloque Nacionalista Galego como seguro o do Partido Socialista de Galicia estarán petando
seguro na porta no Estado para que aumenten esas contías. E, sobre todo tamén, ¿sabe vostede
tamén como están chegando todas esas axudas que se solicitaron? Pois a inmensa maioría
están todas denegadas; e estes son os relatos que nos van trasladando a nós os afectados.

Se quere, tamén falamos das convocatorias das axudas agrícolas e gandeiras. Como ben sabe,
convocáronse en concorrencia non competitiva, cun esgotamento do crédito, que foi de 2
millóns de euros. ¿Para que? Para reposicións de bens, máquinas, equipamentos, pola perda
de produción agrícola —especialmente nas colleitas—, pola morte de gando ou a perda de
colmeas, ou a alimentación complementaria, pagando extensivo e colmeas, por suposto. Be-
neficiarios de axudas que tiñan que ser titulares de explotacións agrarias, unhas explotacións
agrarias que debían estar rexistradas —como ben dicían vostedes— no Reaga, e, por su-
posto, no caso de que as explotacións gandeiras tamén debían estar de alta no Reaga, así
como tamén os bens e os animais debían estar a nome do beneficiario ou da súa explotación,
ademais de estaren correctamente identificados.

O procedemento —creo que non fará falta que llelo relate—, loxicamente, fíxose con toda
a pulcritude e, por suposto, seguindo todos os procedementos legalmente previstos, de tal
maneira que podemos dicir que a resolución da axuda se deu o 29 de novembro deste ano,
cunha resolución complementaria o día 9 de xaneiro deste ano 2023, para incluír 6 novos
beneficiarios da liña 2 que foran excluídos da primeira resolución por un erro.

Parte dos pagamentos xa foron realizados e, noutros casos, estase agardando a que o bene-
ficiario xustifique a axuda. Polo tanto, estamos falando dunha execución real e, sobre todo,
unha execución que vostedes poden comprobar directamente falando cos beneficiarios.

Tamén, por suposto, convocáronse axudas dentro do forestal, e dispúxose tamén de 2 mi-
llóns de euros do orzamento, aprobándose un total de 34 expedientes. Por suposto que tamén
se fixeron actuacións forestais de emerxencia: na provincia de Lugo, con 300.00 euros; en
Vilariño de Conso e Carballeda de Valdeorras, por un importe de 400.000 euros; e actuacións
de emerxencia en Chandrexa, Laza e Lobeira tamén, por 400.000 euros. Tamén a Dirección
Xeral actuou con 1,3 millóns de euros en accións urxentes contra a erosión nas comarcas
afectadas polos incendios.

E, falando xa concretamente da súa proposta de resolución, concretamente no segundo
punto, cabería indicar que, complementariamente respecto a el, a Xunta —como ben vostede



sabe e se anunciou na súa terra, en Valdeorras— alí a Xunta plantexa a convocatoria dunha liña de axudas para garantir a replantación de castiñeiros afectados polos incendios deste pasado verán. E está claro que se vai dotar do presuposto preciso para cubrir a replantación destes castiñeiros como complemento ás axudas convocadas naquel mes de xullo para a reposición desas explotacións forestais.

Pódense solicitar agora mesmo 3,6 millóns de euros para impulsar plantacións de castaño, para a restitución de castiñeiros tradicionais, así como 9 millóns de euros para maquinaria forestal, como a destinada á transformación da castaña. Habilítanse nesta orde, tal como vostedes plantexaban, que dicían que esa xente que quedara fóra por estar fóra do Reaga, pero que son propietarios ou incluso alugan nestes lugares, nestes castiñeiros, dúas liñas de axudas sen requisito de superficie mínima de actuación, unha para a tala, recollida, estelado ou retirada de pés de árbores danados polos incendios, desbroce dos castiñeiros ou plantación de novos pés de castiñeiros, en relevo dos exemplares danados, así como outra liña máis para a reparación dos danos causados polos incendios en pistas forestais limítrofes ou interiores ou nos peches dos soutos.

Polo tanto, nós entendemos que ese segundo punto queda bastante xustificado con esta orde de axudas. Eu si que a convidaría a que, en caso de que esta orde non saia adiante, evidentemente non sexan beneficiados eses que vostede di que agora mesmo quedaron fóra do Reaga, pois, loxicamente, volveremos plantexar, porque nós imos seguir estando vixiantes. E teña moi claro que nós imos seguir pedindo os datos e, sobre todo, que vaian chegando as axudas a quen ten que chegar. E ¿iso como se fai? Pois loxicamente falando con quen lle estaba a dicir: cos alcaldes, coas corporacións, coas asociacións, cos GDR e, por suposto, cos principais afectados.

Nós entendemos que nestas actuacións que se fan por parte da Xunta de Galicia sempre «pau se rema, pau se non rema». Pero eu penso que esta vez non hai unha xustificación clara para plantexar esta proposición non de lei. Así que, polo tanto, se lles parece, imos deixar o lume e imos deixar que o fume, sobre todo, o provoque o lume.

Nada máis, moitas grazas (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo autor da proposición non de lei, señora González Albert.

A señora GONZÁLEZ ALBERT: Antes de máis, grazas ao Partido Socialista polo apoio a esta iniciativa. Déixoo aí.

Señor Armada —sabe que lle teño aprecio persoal, eu creo que o sabe—, ¡que diga vostede aquí que nós vimos vender fume...! Pasaron oito meses dos incendios, oito meses dos incendios. ¿Como están eses soutos?, ¿como están eses montes?, ¿como están eses núcleos de poboación? É que llo ensino eu. (*A señora González Albert mostra unhas fotografías.*) Sobredo, venres pasado, así está Sobredo, no Courel, ¿vale? A Veiga de Cascallá, quince días, así; así está A Veiga de Cascallá hai quince días, agora xa non, agora o concello meteu unha pa e agora está así, así, oito meses despois.



E o problema disto é que vostedes lograron —fíxese ben o que lle vou dicir— convencer a xente de que non hai nada que facer. E ¿que pide agora a veciñanza da Veiga de Cascallá? Xa non piden recuperación, non piden volver á vida na súa contorna, no seu núcleo. ¿Que piden agora na Veiga de Cascallá? Pois que lle quiten o escombros. Esta é a máxima aspiración que teñen hoxe na Veiga de Cascallá, porque non aspiran a nada máis, porque nada máis atoparon en oito meses. ¿Visitas do conselleiro do Medio Rural?, ¿visitas da conselleira de Medio Ambiente? As que faga falta. Paneis: a casa de Pepe, a casa de Tomás. ¿Onde están as casas? *(A señora González Albert mostra unha fotografía.)* Están aquí, están aquí as casas, o que queda delas, o que queda delas.

E eu non vou entrar, de verdade, nisto. Vostede repetiu aquí o que dixo o director xeral de Agricultura o outro día na comisión; eu díxenlle ao director xeral se el se ratificaba nas súas palabras e vostede ratificounas aquí. Vostede dixo aquí que as axudas que están pendentes de pagamento son unicamente aquelas nas que falta xustificar o aboamento dos traballos, a execución dos traballos, a certificación dos traballos, do cal se infire que todas aquelas axudas que foron cobradas, efectivamente, é porque executaron eses traballos, é porque se executaron eses traballos, ¿de acordo? Vale. Pois eu, de verdade, espero non estar na pel dos técnicos das consellerías cando haxa que xustificar esas subvencións. E vostede sabe do que lle estou a falar.

Porque o problema é que na Veiga de Cascallá non vai vivir ninguén, porque onde había vinte casas agora hai un soar, e conseguiron enfrontar a veciñanza, porque algúns aceptaron a proposta do concello, e a única proposta do concello foi: imos meter nós unha pa, xa que a Xunta non o fai, imos meter unha pa sete meses e medio despois e tirar con todo, imos facer un parque, unha zona pública. E houbo veciños que se negan, con razón, porque é a casa da súa familia. ¿Non a teñen ao seu nome? Non, non. ¿E a solución é que se veña abaixo todo?, ¿esa é a solución? Pero esa é a realidade que temos alí, é a realidade que hai no Courel.

E que eu, de verdade, non necesito que mo conten, porque o vivo en primeira persoa, porque por desgraza coñezo a xente á que lle ardeu a casa, teño amigos aos que lles ardeu a casa, teño amigos aos que lles arderon tres casas (a deles, a dos pais e a dos tíos). Entón, non necesito que mo conten, eu vívoo, e como vive a xente alí. ¿E como vive a xente da Veiga de Cascallá? E, efectivamente, hai quince días, cando entraron as pas alí, tamén foron uns técnicos e cambiaban dous cartaces de acceso ao pobo, os paneis para dicir onde están, cambiaron dous, os outros catro xa quedaron alí. Di a veciñanza da Veiga de Cascallá: ¿van volver? Pois non o sabemos, porque os cables de telefonía están tirados nas hortas, os cables de electricidade están tirados polos campos, e estamos a oito meses. E sae o conselleiro e vai o martes pasado, efectivamente, xornada de pleno deste hemiciclo —que a el non lle gusta vir ao Parlamento, sobre todo desde que non é deputado—, pero el vai alí anunciar unhas axudas que son a réplica exacta daquelas axudas ás que non se puido acoller a veciñanza. Porque el dixo literalmente: «axudas para abordar a reposición das explotacións forestais, agrícolas e gandeiras danadas polos lumes»; é dicir, exactamente os mesmos requisitos aos que non se puideron acoller hai sete meses.

E o que nós dicimos, e dixemos desde o momento cero: ¿foron rápidas coas axudas? Si. ¿Nós que dixemos no minuto cero? Modifiquen as axudas. Está ben que as sacaran. Modifíquenlas para que a xente realmente se poida acoller a elas. E, se non poden acollerse porque a lei non o permite, arbitren outros métodos. E se nós non lle podemos dar unha axuda para rehabilitar



unha vivenda a unha persoa da que resulta que a vivenda está a nome do seu tataravó, que hai moitas alí, e nós non podemos, arbitren outra alternativa, dean solucións, dean alternativas, a través dos concellos, a través da propia Xunta, faciliten a vida no interior.

A comarca de Valdeorras —agora estaba revisando coa miña compañeira de escano— nos últimos dezaseis anos perdeu cinco mil habitantes, o que supuña un 15 por cento da poboación. Xa non lle digo o que perdeu O Courel, porque dá pavor. E ¿que lle ofrecen desde a Xunta de Galiza do Partido Popular ao Courel, a Valdeorras, ao Macizo central?, ¿que lles ofrecen? Como eses castiñeiros non teñen dono, porque non teñen dono, pero na Lei de recuperación agraria si que buscaron unha alternativa; aquí non, aquí non.

Entón, eu creo que, de verdade, é que non se pode vir aquí así, e eu creo que na miña primeira intervención fun, de verdade, conciliadora. As propostas que propoñemos son de mínimos absolutos: que retiren o cascallo, que retiren a madeira queimada; non se pode pedir menos; e nin iso. Entón, vir aquí oito meses despois sacar peito disto... *(A señora González Albert mostra unha fotografía.)*

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora GONZÁLEZ ALBERT: E estamos en primavera. E se vostede veu aquí e fixo o mesmo relatorio que fixo o director xeral o outro día, pois quedamos como estabamos.

De verdade, teñen a posibilidade de solucionar unha parte do grave problema que alí se deu, unha parte. Entón, intenten, de verdade, facer de Goberno de Galiza por unha vez.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Marta Nóvoa Iglesias e seis deputados/as máis, sobre a demanda que debe facer a Xunta de Galicia ante o Goberno central para garantir investimentos estratéxicos no sector téxtil en Galicia

O señor PRESIDENTE: Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista e outra do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Martín Seco García, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a amosar o seu apoio ao sector téxtil do noso país, impulsando os seus proxectos de modernización e colaborando co sector para acudir ás diferentes liñas dos PERTE convocadas polo Goberno do Estado.»)



(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do deputado Ramón Fernández Alfonzo, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a negociar co goberno central un marco xusto para Galiza no contexto do Plan de Recuperación, transformación e resiliencia, que garanta os seguintes principios:

1. Máximo respecto ás competencias exclusivas de Galiza, e nomeadamente as relativas ao fomento e á planificación da actividade económica na Galiza, así como na Industria, tal como recolle o noso Estatuto de autonomía.
2. Descentralización dos fondos e da súa xestión e execución.
3. Garantir a adxudicación dunha porcentaxe dos fondos superior ao que vimos recibindo doutros programas europeos que reparte o goberno central, en base á situación demográfica, medioambiental, industrial, entre outras. O Parlamento galego elaborará de xeito participativo un informe que dea soporte ás reivindicacións económicas da Xunta nas negociacións co Estado.
4. Democratizar e fomentar a participación e a transparencia respecto da definición e da execución de proxectos, prioridades e políticas a impulsar a través do Consello Económico e Social de Galiza e do propio Parlamento galego.
5. Garantir que a recepción dos fondos públicos para a reactivación da economía non supoñen detrimento de dereitos ou recorte dos servizos públicos.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Sanz.

A señora SANZ ARIAS: Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

Aproveito, en primeiro lugar, para dar a benvida ao presidente e ao secretario xeral da Confederación de Industrias Têxtils de Galicia, Cointega Clúster Galego Têxtil, que asisten hoxe a este debate desde a tribuna do público do Parlamento, e tamén para desculpar a ausencia do alcalde do Concello de Palas de Rei, que estaba en Santiago pero tivo que ausentarse por un asunto persoal.

Ben, Cointega e Concello de Palas de Rei, institucións moi directamente afectadas polos asuntos que debatemos nesta iniciativa, porque hoxe toca falar do futuro do sector têxtil galego, que ten a súa máxima representación en Cointega, e porque hoxe toca falar do futuro do proxecto de Altri, no concello de Palas de Rei, que ten a súa máxima representación na figura do seu alcalde.



Señorías, a importancia do sector téxtil-moda en Galicia é indubidable. Xunto con Cataluña e coa Comunidade de Madrid, Galicia é unha das comunidades autónomas con maior peso desta actividade e, por tanto, unha das comunidades ás que máis afectará, para ben ou para mal, como evolucionen as materias que hoxe debatemos.

Os datos falan por si mesmos: o téxtil lidera a xeración de riqueza en Galicia, aportando o 22,85 por cento do noso valor engadido bruto; de cada 100 euros de riqueza que se producen en Galicia, case 23 proceden do sector téxtil. O téxtil contrata en Galicia máis de 42.000 persoas, cun peso sobre o total do emprego galego do 10,94 por cento, e no que destaca especialmente o peso do emprego feminino, que representa o 76,77 por cento; isto supón ademais que o 8,21 por cento de todo o emprego feminino de Galicia está no sector téxtil.

Este sector posúe 928 empresas, das que o 90,64 por cento son pequenas, o 4,34 por cento medianas e o 5,02 por cento grandes, conformando un sistema produtivo cunha alta capacidade xeradora tanto de riqueza como de ingresos. Isto é debido en gran medida á presenza do grupo galego Inditex, con 22 empresas do conglomerado que desempeñan a súa actividade empresarial no sector téxtil, pero tamén grazas á presenza de empresas como Alba Conde, Adolfo Domínguez, Bimba y Lola, Florentino, Selmark, Roberto Verino e moitas máis que integran o Clúster Téxtil Moda de Galicia Cointega e que levan trinta e cinco anos traballando coa clara meta de aumentar a competitividade e a excelencia no sector. Competitividade e excedencia, obxectivos para os que saben que contan co apoio do Goberno galego e do Grupo Parlamentario Popular e esperemos que co apoio do resto dos grupos, polo menos na iniciativa que hoxe debatemos.

Pero o sector tamén ten que afrontar importantes retos no futuro inmediato; un dos principais, o impacto no medio ambiente. Os téxtiles son o tecido da vida cotiá, non están só na roupa; hai téxtil no mobiliario, en aparatos médicos, de protección, nos edificios ou nos medios de transporte. O consumo europeo de téxtiles ten o cuarto maior impacto sobre o medio ambiente, só por detrás da vivenda, da alimentación ou da mobilidade. Ademais, o téxtil é o terceiro sector en uso de auga e de solo e o quinto en uso de materias primas primarias e en emisións de gases de efecto invernadoiro. Isto fai urxente tomar medidas para cambiar a forma en que se producen e consomen os produtos téxtiles.

Señorías, a moda rápida xa non está de moda. De feito, a Comisión Europea adoptou o pasado 30 de marzo de 2022 a Estratexia da Unión Europea para a circularidade e sostibilidade dos produtos téxtiles. Cun horizonte temporal en 2030, a Unión Europea pretende que todos os produtos téxtiles comercializados na Unión Europea sexan duradeiros, reparables e fabricados en gran parte a base de fibras recicladas, libres de substancias perigosas e producidos con respecto aos dereitos sociais e ao medio ambiente; que os produtores asuman a responsabilidade dos seus produtos ao longo de toda a cadea de valor; que os consumidores poidan gozar máis tempo dos téxtiles asequibles e de alta calidade; e que estean amplamente dispoñibles os servizos de reutilización e de reparación.

Para acadar este futuro, a Comisión adoptará varias medidas recollidas na estratexia, como, por exemplo, establecerá novos requisitos de deseño ecolóxico, dotará dun pasaporte dixital os produtos téxtiles, establecerá controis estritos ao branqueo ecolóxico ou implantará medi-



das respecto á liberación non intencionada de microplásticos dos produtos téxtiles, xa que as fibras sintéticas son a principal fonte de liberación destes microplásticos no medio ambiente.

Ben, e se ata o momento falei sobre a importancia do sector téxtil en Galicia e sobre os cambios aos que se enfrontará a moi curto prazo, cómpre agora preguntarse cal é a visión do sector, que visión ten sobre esta cuestión. Pois as empresas do téxtil están firmemente comprometidas coa necesidade do cambio no xeito de traballar. Son conscientes de que os consumidores demandan produtos cada vez máis sostibles e de que queren coñecer a súa orixe e as condicións en que foron elaborados. Segundo unha enquisa elaborada polo grupo The Economist, o 60 por cento dos líderes da industria considera que a sostibilidade é xa o segundo obxectivo estratéxico prioritario para os seus negocios, só por detrás da experiencia do cliente. Ante este escenario, os fondos europeos Next Generation configúranse como una ventá de oportunidade histórica para afrontar a transformación e o futuro do téxtil, máis, se cabe, nun escenario marcado pola saída da pandemia, pola invasión rusa de Ucraína, polo encarecemento dos custos e polas perspectivas de desaceleración.

Hai pouco máis dun ano, e por primeira vez, todo o sector unía as súas forzas para presentar un proxecto coa intención de que se aprobase un PERTE específico para o téxtil que servise para impulsar a súa reindustrialización e traer produción de volta a España; un plan liderado pola Confederación Moda España e o Consello Intertéxtil Español e no que tamén participou de modo moi activo o Clúster de Moda de Galicia. Este PERTE tiña como obxectivo lograr investimentos por valor de entre 11.000 e 12.000 millóns de euros mediante a colaboración público-privada.

Pese á importancia destas cifras e pese a que o proxecto conseguiu unir as vontades tanto das grandes empresas como das pemes, o Goberno central decidiu sen previo aviso aparcarse este PERTE e como única alternativa a este gran proxecto ofrece a participación desta industria no PERTE de economía circular, onde introduciu unha pequena partida específica para o téxtil de 100 millóns de euros, que aínda non se ten nin sequera convocado. A realidade resulta, polo tanto, dramática. Dixeron «non» a un proxecto que contaba coa participación e a cooperación de todo o sector e que esperaba acadar miles de millóns de euros para afrontar os grandes retos e manter a industria téxtil no lugar que hoxe ocupa. E, fronte a iso, ofrecen unha alternativa raquíutica con apenas 100 millóns para toda España, que en absoluto permitirá a esta industria afrontar os grandes desafíos que ten por diante.

Unha decisión drástica sobre a que o Goberno central, como vén sendo habitual, non ofreceu ningunha explicación. Estamos ante unha mostra máis da distribución dos fondos europeos que Moncloa intentou acaparar para si e caracterizada pola lentitude e pola falta de transparencia. E unha das consecuencias máis inmediatas desta decisión do Goberno de Sánchez é que se está poñendo en risco un dos principais proxectos transformadores de Galicia, o proxecto de Altri en Palas de Rei.

Altri é un proxecto de economía circular cun investimento de 800 millóns de euros e que exige a plena colaboración de todas as administracións para que se leve adiante con garantías: o Goberno central, cos fondos europeos; a Xunta de Galicia, axudando na tramitación administrativa, e xa o ten declarado desde o mes de decembro proxecto industrial estraté-



xico; e o Concello de Palas de Rei, que tamén ten un labor moi importante no desenvolvemento da iniciativa.

Ben, ante esta situación, o Goberno central está a poñer en risco 2.500 empregos vinculados a este proxecto e a posibilidade de abastecer de materia prima sostible o sector téxtil coa produción de 200.000 toneladas de eliocel ao ano reciclando roupa e reciclando madeira dos nosos bosques, dos bosques galegos. Xunta, Concello de Palas de Rei e Altri teñen demostrado desde o primeiro momento a súa máxima implicación para conseguir que a fábrica de fibras téxtiles sexa unha realidade. Neste punto desde o Grupo Parlamentario Popular agradecemos especialmente o firme compromiso que a empresa vén amosando con esta terra, un punto de partida moi importante, porque estamos ante un proxecto estratéxico para Galicia, de especial interese para a provincia de Lugo, para Palas de Rei e para o sector forestal e téxtil no seu conxunto.

Señorías, Altri quere executar o seu proxecto en Galicia, pero estase encontrando con que o Goberno de Sánchez non aproba o PERTE específico para o sector téxtil no que encaixaría. Altri estase encontrando con que a única alternativa de financiamento que se lle ofrece é fraccionar o proxecto en dezasete microproxectos para presentar en diferentes PERTE.

Señorías, especialmente señorías do Grupo Socialista, o tempo pasa e, se non se ofrece unha solución ao financiamento do proxecto, a súa implantación pode estar en perigo. Presionen en Madrid, porque o Goberno de Sánchez debe aclarar se finalmente se vai posicionar ou non a favor de Altri. Estamos ante un proxecto pioneiro que une dous sectores estratéxicos no Noroeste peninsular, que son o forestal e o téxtil, e estase correndo o risco de perder a oportunidade de implantar en Galicia unha iniciativa única en toda Europa; e, así mesmo, estase correndo o risco de perder os fondos necesarios para a transformación dun sector chave neste país como sector téxtil-moda.

Polo tanto, a través desta iniciativa o que estamos a pedir é que dean un paso adiante, que voten a favor do emprego, que voten a favor de Altri e que voten a favor do sector téxtil en Galicia.

Máis nada, moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Sanz.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Seco García.

O señor SECO GARCÍA: Grazas, presidente.

Boa tarde a todos e todas.

O Partido Popular, igual que fixo a semana pasada na Comisión de Industria, en todas as iniciativas que presenta nesta materia volve enfocar todos os seus esforzos en facerlle oposición ao Goberno do Estado, porque certamente é máis doado tombarse a contemplar e criticar o que fan outros que facer algo construtivo.



Miren, o mellor exemplo da política industrial da Xunta de Galicia é o que estamos a vivir estes días coa situación da empresa Ganomagoga, en Ponteareas, unha empresa dedicada á construción de compoñentes eólicos, que ve como uns douscentos traballadores poden quedar sen traballo xusto neste momento de *boom* de implantación de enerxía eólica en Galicia, tanto na terrestre como no futuro na Mariña; un *boom* que deixa moito beneficio para as empresas foráneas do sector enerxético pero que, como se pode observar neste caso, e tamén cando como sucedeu con Gamesa Siemens, nas Somozas, ou Vestas, en Viveiro, non redonda nun aumento da actividade e o emprego do sector industrial, e todo por un mal modelo do Partido Popular á fronte do Goberno galego.

Agora os seus esforzos, señorías do Partido Popular, están en desacreditar os fondos europeos e a xestión que fai destes o Goberno do Estado. E non é nada novo. É o que fixeron, por desgraza, dende a aparición do coronavirus, cando o presidente comezou a pedirlle á Unión Europea un cambio de orientación da política económica para coordinar esforzos para a recuperación. Mentres o presidente Sánchez pedía una mobilización histórica de recursos —como podemos ver nas noticias de marzo do ano 2020 (*O señor Seco García mostra un documento.*)—, aquí andaba o Partido Popular gustaríanos pensar que apoiando o seu país, pero non: os seus esforzos estaban orientados a obstaculizar a chegada destes fondos, tal como dicían tamén as noticias que aparecían nos medios en xuño de 2020: «*El PP trata de obstaculizar las ayudas de Europa al Gobierno de España*». (Aplausos.)

Tal como dicía o exministro do Partido Popular Cristóbal Montoro: «*deixa que caia España, que xa a levantaremos nós*». Nun Partido Popular que cre que España é da súa propiedade e que segue sen asumir... (*O señor Balseiro Orol pronuncia palabras que non se perciben.*) —si, señor Balseiro, escoite— que tivo que marchar hai cinco anos do Goberno ao ser condenado como partícipe a título lucrativo dunha trama criminal para levar os cartos de todos os cidadáns españois, (Aplausos.) (*Murmurios.*) un Partido Popular que fixo, fai e fará calquera cousa para recuperar o poder aínda que sexa contra o benestar dos nosos cidadáns.

No PP son incapaces de elaborar un proxecto solvente e cada día que pasa vésele máis nesas mans da extrema dereita á que non saben dicirlle que non nin tan sequera no día de hoxe nese vodevil de moción de censura que quere poñernos de presidente un home sen proxecto de 89 anos. Pero non só tratan de boicotear o seu país en Europa. Tamén o fixeron en España votando en contra do Real decreto lei polo que se regulaba a chegada destes fondos europeos. Pero, para a súa desgraza, ven como as institucións europeas respaldan a xestión que se está a facer dende o Goberno de España dos fondos europeos. E escoiten a súa compañeira de partido en Europa, a presidenta da Comisión Europea, Ursula von der Leyen, cando eloxia a xestión do Goberno español e di que o noso país lidera na Unión Europea o despregamento dos investimentos do seu plan nacional, sendo o único país membro da Unión Europea que xa recibiu tres pagos do orzamento comunitario, por un total de 37.000 millóns de euros, e prevese que o seguinte pago, de 7.000 millóns de euros, se materialice no segundo semestre de 2023.

E fíxense que ata esta comisión de eurodeputados, na súa maior parte pertencentes á familia do Partido Popular, que hai pouco visitou España, e que vostedes trataban de confundir con aqueles homes de negro que viñan paralizar os fondos europeos por unha mala xestión do



Goberno do Estado, marcharon sen detectar infraccións e destacando que España era líder na execución dos ditos fondos.

¿Ata onde queren chegar, señorías do Partido Popular? España avanza, ten un goberno en coalición estable, como demostran múltiples leis, decretos e orzamentos aprobados ano tras ano; fai políticas económicas cun resultado notable, tal como indican os datos e as institucións europeas; e avanza en dereitos para os nosos cidadáns, dentro dunha secuencia de crises internacionais xeradas polo coronavirus e despois a guerra de Putin.

E, ¡como non!, neste contexto de patriotismo, o Partido Popular de Galicia, con Rueda á fronte, un dos alumnos avantaxados do señor Feijóo, non ía ser menos que o seu mestre gastando todas as súas enerxías en facerlle oposición ao Goberno do Estado, en vez de gastalas en facer políticas útiles para os galegos e galegas, que temos que soportar en Galicia uns índices de produción industrial que día a día nos distancian cada vez máis da media estatal.

Hoxe veñen dicir que o Goberno de España abandona o sector téxtil por non ter un PERTE específico para o dito sector e que por culpa desta situación estamos a poñer en risco a actividade, o emprego do sector en Galicia. Iso díxoo vostede. E eu e toda Galicia preguntámonos onde está a Xunta de Galicia e o seu Goberno para articular medidas de apoio ao sector téxtil de Galicia. ¿Onde está o investimento e o apoio do Goberno galego á modernización industrial deste sector? ¿Que poñen dende o Goberno galego, máis aló de observar, como cronistas, o que fan ou deixan de facer dende outras administracións, cuns fondos europeos que vostedes tratan de boicotear sistematicamente? Axilizan trámites, señores do Partido Popular, segundo dixeran aquí.

Señorías do Partido Popular, o noso grupo non vai votar en contra dunha petición dun PERTE para este sector, pero vostedes saben que non hai PERTE específicos para todos os sectores do noso país. Estes foron decididos para impulsar grandes iniciativas que contribúan claramente á transformación da economía española e identifiquen os sectores como áreas clave para o futuro da economía española.

O sector téxtil é un sector sólido e referente no noso país, e por iso se identificou de forma específica no PERTE de economía circular, cunha partida específica de 100 millóns de euros para este sector, que debe modernizar os seus procesos de economía circular nos procesos de produción.

Pero non só no relativo ao PERTE de economía circular, señorías do Partido Popular. Se realmente están implicados máis alá desa simplificación de trámites administrativos, o Goberno galego debiera apoiar e impulsar aqueles proxectos que poidan competir nas doce liñas de PERTE establecidas polo Goberno de España e nas cales o sector téxtil tamén pode conquistar fondos.

Un sector téxtil que, ademais, tamén estivo beneficiado por outras medidas do Goberno, como foron as axudas ao sector gasintensivo e outras medidas anteriores do Goberno para compensar o custo da enerxía que estaba a golpear a toda Europa; iso si, cun Partido Popular, como sempre, votando en contra destas medidas, en alianza cos seus amigos das eléctricas.



Por outra banda, eu entendo que os preocupe o pouco desenvolvemento que teñen as súas iniciativas estrela chamadas «proxectos tractores» e que, pese a crear unha sociedade mixta na que forma parte a Xunta de Galicia, non foron capaces de que estas iniciativas sexan a día de hoxe unha realidade.

O seu proxecto de economía circular para xerar biogás e fertilizantes dos puríns das nosas granxas é un proxecto contestado por todo o sector gandeiro por aberrante, señor Puy. Así é. Nunha terra que é deficitaria do abono natural e que vostedes, en vez de preocuparse como xestionalo e que este non contamine, tratan de convencernos de que a solución está en circular auga por toda Galicia, para logo ter que importar fertilizantes químicos doutros países, e aínda non entenderon que os xurros ben xestionados son unha solución para as terras e a economía dos gandeiros e non un problema.

E sobre outro proxecto, de fibras téxtiles de Altri, que din vostedes —din— que se vai instalar en Palas de Rei, fíxense vostedes: a idea non é mala, é unha idea moi boa. Temos materia prima no noso territorio, teñen vostedes un socio industrial solvente e con experiencia e teñen os posibles compradores do seu produto en empresas de aquí, como, por exemplo, a internacional Inditex. O que non entendemos ninguén é que con estes mimbres a día de hoxe non deran posto a andar un proxecto que xa anunciou o señor Feijóo no seu derradeiro debate do estado da Autonomía hai case dous anos.

E fíxense que comezo a pensar que este anuncio comeza a parecerse moito ao que fixeran coa suposta chegada de Pemex a Galicia no ano 2012. Porque a día de hoxe, señorías do Partido Popular, ¿poden vostedes mostrarme con datos, con datos que se poidan ler, que o Goberno galego teña adquirido solo para facer a planta de fibras téxtiles en Palas de Rei? ¿Ou simplemente foi un anuncio sen compromisos para que agora deixen toda a responsabilidade de que este investimento chega a Galicia se o proxecto ten financiamento europeo, e aí, si, intentar tapar unha vez máis a súa falla absoluta de xestión, sendo o noso país o responsable da metade de toda a produción de madeira de toda España e contar coa maior empresa do sector téxtil deste país?

Oxalá me equivoque, porque a implantación desta planta sería moi boa para Galicia. Pero a realidade di que hoxe, e despois de décadas gobernando Galicia, foron incapaces de que, sendo Galicia o maior produtor de madeira e de leite de toda España, os proxectos para a transformación destas materias non fosen sempre para fóra do noso territorio.

Señorías do Partido Popular, fagan algo máis que mirar para Madrid e axilizar trámites administrativos —ese é o gran compromiso do Goberno galego— e demostren que Altri, que o Altri de 2023 de Alfonso Rueda non é o Pemex de 2012 de Núñez Feijóo.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Martín Seco.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Fernández Alfonzo.

O señor FERNÁNDEZ ALFONZO: Moi boa tarde a todos e a todas.



Como en todas as anteriores ocasións nas que o BNG ocupa esta tribuna do Parlamento para falar dos fondos de recuperación económica, facémolo con ánimo construtivo —de aí a nosa emenda— e coa seriedade e co rigor que a cuestión demanda. Mágoa que non poida dicirse o mesmo do Partido Popular, aínda que non cause xa sorpresa ningunha.

En primeiro lugar, sinalar un erro na exposición de motivos da súa iniciativa, na que se di que a facturación do sector téxtil supón o 37 por cento do PIB da Galiza, cando, segundo datos do ano 2022, todo o sector industrial no seu conxunto representa o 15,5 por cento do PIB. Mais isto non é o importante, un erro pode cometelo calquera. En todo caso, a importancia do sector téxtil na Galiza é de tal dimensión e tan evidente que fai innecesario abundar en datos estatísticos.

O que si ten importancia, moita importancia, é o feito de que esta xa é a terceira proposición diferente sobre a xestión dos PERTE que nos trae o Partido Popular a este parlamento nos últimos meses, a terceira proposición diferente.

A primeira —e a máis atrevida— foi aquela na que reclamaban ao Goberno do Estado o que denominaron vostedes un PERTE singular, que traspasara os fondos necesarios a Galiza para dar viabilidade aos proxectos industriais priorizados pola Comunidade Autónoma; algo así como: déannos a nós os cartos para que poidamos xestionar nós desde aquí.

Isto, como digo, se cadra, foi atrevido de máis para o Partido Popular, porque a partir de aí nas súas iniciativas sobre fondos Next Generation quedaron vostedes na defensa dunha co-gobernanza real e efectiva dos fondos Next Generation destinados á industria; algo así como unha petición subsidiaria da anterior: se non nos dan a nós os cartos, déixennos participar nos organismos que os xestionan. Un paso atrás.

E o de hoxe xa non é un paso atrás, é un salto ao baleiro. Despois de «déannos a nós os cartos», despois de «déixennos participar nos organismos de xestión», chega este «fagan un PERTE para o sector téxtil», así, sen máis, renunciando xa totalmente a que o Goberno galego pinte nada no asunto.

E isto para nós é o que realmente ten importancia deste debate, porque, como dicía de inicio, ninguén vai poñer en dúbida neste parlamento a importancia do sector téxtil na Galiza, desde logo non o BNG. Desde logo tampouco ninguén vai poñer en cuestión que 100 millóns de euros para toda a industria téxtil do Estado español é unha cantidade ridícula.

Mais a iniciativa que traen hoxe vostedes aquí significa degradar o Goberno galego; unha iniciativa calcada dun comunicado do Partido Popular a nivel estatal, que calcaron á súa vez dunhas manifestacións das asociacións empresariais do sector téxtil tamén a nivel estatal. E nós preguntámonos se este é o traballo que lle corresponde facer ao Goberno galego. Nós pensamos que non, estamos convencidos e convencidas, este non é o traballo que lle corresponde facer ao Goberno galego.

Estamos en crise, por se non se decataron. Existen uns fondos destinados á recuperación económica, un volume importante de fondos públicos que os gobernos teñen a responsabi-



lidade de xestionar ben; e iso quere dicir xestionalos equitativamente. A equidade na distribución dos fondos é fundamental por moitas razóns, mais, sobre todo, porque cando toque devolvelos non nos van preguntar canto recibimos. Vannos pasar a factura sen preguntar, a mesma factura para todos e todas con independencia do que recibiramos. Isto debería telo moi presente sobre todo o Goberno galego. Este si é traballo do Goberno galego e, en consecuencia, preocuparse e ocuparse en garantir a máxima captación de fondos públicos para Galiza. Garantir que cando nos toque pagar a factura estaremos en condicións de facelo, porque os fondos foron correctamente xestionados, cumpriron co seu obxectivo de impulsar a recuperación económica do país, xeraron riqueza, fortalecieron a nosa sociedade, e así poderemos estar, efectivamente, en condicións de pagar a factura.

En caso contrario, se non captamos fondos, se non impulsamos a nosa economía, a factura, cando chegue, que chegará, máis cedo que tarde, vai ser un problema grave. Ese é o traballo que lle corresponde ao Goberno galego: captar o máximo de volume de fondos para Galiza e destinalos a impulsar sectores estratéxicos ou axudar sectores ou persoas en crise.

Por iso que o Goberno galego replique así, sen máis, esa petición do Partido Popular estatal de que se impulse un PERTE para o sector téxtil a nivel estatal, sen preocuparse de que papel vai xogar Galiza nese PERTE nin de cales son as necesidades nin as apostas do téxtil galego, é unha deixación de funcións, é unha degradación do Goberno galego abraiante, sobre todo tendo en conta o que sabemos de como se están repartindo eses fondos até o de agora.

Fíxense no que din os datos oficiais do propio Ministerio de Facenda sobre a execución de fondos.

En primeiro lugar, fondos que o Estado adxudicou para a xestión directa por parte das comunidades autónomas. Galiza tería recibido 1.647 millóns de euros, dun total de 30.370, o que significa o 5,44 por cento do total que o Estado adxudicou para a xestión directa por parte das comunidades autónomas; 5,44 por cento dos fondos adxudicados para a xestión directa.

Insisto nisto por dúas razóns. A primeira, porque está por debaixo do 5,65 por cento que representa hoxe en día a poboación galega sobre a poboación total do Estado español. E, a segunda, porque estes fondos adxudicados para a xestión directa son os únicos que ofrecen datos territorializados obxectivamente. Por exemplo, da información que tamén dá o Ministerio de Facenda sobre a execución dos fondos que xestiona directamente o Estado sen pasar polos gobernos autonómicos, poderíamos chegar á conclusión de que dun total de 23.300 millóns a Galiza tocáronlle 1.175, o que representaría o 5,04 por cento, é dicir, unha porcentaxe aínda menor que a dos fondos adxudicados ás comunidades autónomas. Pero isto non está de todo claro.

Existen fondos destinados, por exemplo, a incentivos fiscais ou a axudas para a contratación, que non responden a criterios territoriais e xa se verá que efecto producen.

E en canto aos PERTE, en principio tamén vai ser difícil coñecer en detalle a distribución territorial do investimento, xa que sobre o papel nos proxectos participan varias empresas grandes e pequenas de diferentes comunidades autónomas. Pero estas dificultades iniciais



para discernir onde van ter impacto económicos os PERTE van ser unicamente iniciais, sobre o papel, porque en canto comecen a executarse os proxectos saberemos, efectivamente, onde se concretan, onde crean emprego e onde despregan os seus efectos tractores.

De feito, estas son as cuestións que loxicamente están acaparando o interese dos medios de comunicación. E vou citar tres exemplos, apenas tres, en tres ámbitos especialmente importantes para a industria galega.

En primeiro lugar, o PERTE para o vehículo eléctrico. Poucas persoas saberán con exactitude cantas empresas participan nel ou a porcentaxe de axudas que lle corresponde a cada unha, pero todos e todas temos claro que a fábrica de baterías vaise construír en Sagunto.

En segundo lugar, o PERTE para enerxías renovábeis, hidróxeno e almacenamento. Todas as diferentes convocatorias, todas, de carácter concorrente; todas agás unha, unha unicamente, con nome e apelidos, que é o convenio para a creación do Centro Ibérico de Investigación en Almacenamento Enerxético, que se vai instalar en Estremadura e que se trata dun investimento cualitativamente estratéxico e cunha capacidade excepcional para converterse por si mesmo nun polo de atracción para moitas outras empresas do sector.

Ou, en terceiro lugar, o PERTE para a descarbonización da industria, do que xa sabemos que máis da terceira parte dos fondos van destinados para o proxecto de ArcelorMittal en Asturias.

Este é o contexto, isto é o que está a pasar coa repartición dos fondos. Aqueles que se poden examinar con obxectividade, aqueles que se poden territorializar non chegan ao noso país nas porcentaxes que precisamos e nos correspondería. E aqueloutros que o Goberno do Estado se reservou ou secuestrou para xestionar directamente están claramente beneficiando outros territorios.

O sector téxtil precisa dun PERTE, pois claro, pero aos galegos e ás galegas non nos resulta indiferente como se faga, e moito menos con estes precedentes na repartición dos fondos e con estoutros precedentes que lles vou citar sobre a crise do sector téxtil aquí na Galiza.

As afiliacións á Seguridade Social no sector da industria téxtil, sen contar o comercio, o último día de febreiro eran 10.129 persoas, un 35 por cento menos que cando o señor Feixóo chegou á presidencia da Xunta de Galicia no ano 2009, un 35 por cento menos. É un sector moi importante para nós e é un sector que sufriu profundas transformacións nestes últimos catorce anos, un sector no que perdemos un 35 por cento de afiliacións e un sector que vai seguir evoluíndo e transformándose. O Goberno galego debería ter un plan para impulsar o sector téxtil no noso país, pero, o máis importante aínda, o Goberno galego debería ter claro cal é o modelo de xestión dos fondos que defende; ¿cal é o seu modelo de xestión?

Non é serio, señores e señoras do Partido Popular, un goberno con tres propostas distintas, tan distintas, e, ademais, nesa secuencia descendente, mingunte, até a renuncia total a xogar ningún papel na xestión dos fondos e na planificación das políticas de recuperación. Non están vostedes á altura das circunstancias. Galiza precisa deses fondos tanto ou máis



que calquera outro territorio do Estado español, e temos dereito. Non nos convertan vostedes en cidadáns de segunda, non nos degraden a todos e a todas.

Díganlle ao presidente Rueda que deixe de facer o ridículo polo mundo adiante, que hai mellores maneiras de darse a coñecer. Nós desde o BNG propoñémoslle unha: que constrúa acordos de país sobre cal é o modelo que debe reclamar Galiza; que constrúa neste parlamento acordos entre as tres forzas políticas e que os defenda a capa e espada; e que governe, que faga valer Galiza, e xa verá que axiña se fala del en todas partes, sen confundilo con gardaespaldas de ninguén. E, nese traballo, desde logo, poderá contar co BNG.

Máis nada e obrigado. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Sanz.

A señora SANZ ARIAS: Grazas, presidente.

Señorías, desde o punto de vista empresarial estamos nun momento histórico para a provincia de Lugo e para Galicia, nun momento histórico para o sector forestal galego e para o sector téxtil galego. Temos a materia prima, temos demanda crecente de materias circulares no sector téxtil, temos proxecto, temos empresa coa decisión de investimento moi avanzada, temos o apoio da Administración da Xunta de Galicia e do Concello de Palas de Rei. Existe unha cantidade inxente de fondos europeos en cuxa filosofía medioambiental e circular encaixa perfectamente o proxecto de Altri.

E, tendo todo isto, que é o verdadeiramente complexo, o único que non temos, señor Seco, é o apoio do Goberno de Sánchez. *(Aplausos.)* Non temos resposta respecto a se os fondos europeos financiarán ou non o proxecto de Altri. É moi difícil de comprender: ter chegado a este punto, ter avanzado tanto e agora estar ante unha fase crítica, polo silencio do Goberno central.

Pero, señorías, ¿que está pasando cos fondos europeos en España? Pídenos fe cega na súa distribución, non explican nin canto nin cando nin como se van repartir. E o que imos sabendo, de onde chegan, non nos gusta. Os fondos Next Generation supoñen unha oportunidade única para a transformación do país e lamentablemente o paso do tempo estanos demostrando que non están sendo suficientemente aproveitados, pola opacidade, pola tardanza en convocar e resolver, porque son fondos centralizados polo Goberno de España, grazas á axuda inestimable que tivo o PSOE con Vox, e tamén pola repartición inxusta, decidida de xeito unilateral polo Goberno central, que toma decisións tan arbitrarias como conceder axudas directas ás comunidades de Cataluña e Valencia para o vehículo eléctrico, por importe de 120 millóns de euros; que toma decisións tan arbitrarias como comprometer fondos do PERTE de descarbonización á comunidade de Asturias, PERTE aínda non convocado pero xa comprometido para unha comunidade por 460 millóns de euros, pero que non toma ningunha decisión sobre un proxecto maduro, sólido e viable como é o de Altri, pechando a porta a unha iniciativa que pode xerar 2.500 empregos en Galicia.



Neste contexto é sorprendente a actitude dos partidos da oposición deste parlamento. A lexislatura comezou a andar case á vez coa aprobación polo Consello Europeo dos fondos Next Generation, alá polo 21 de xullo do ano 2020, e o Goberno galego comezou a traballar nunha candidatura galega de proxectos incluso antes a raíz do traballo do comité de expertos económicos.

Desde o principio os partidos da oposición pedían coñecer os proxectos que se estaban desenvolvendo. En aras a traballar con transparencia, o vicepresidente primeiro compareceu dúas veces e entregou á oposición neste parlamento un listado cos proxectos nos que se estaba traballando. A demanda de información da oposición era permanente. Eu pregúntome: ¿para que tiñan tanto interese en coñecer os proxectos se agora, que os coñecen, existen e están desenvolvidos e listos para implantarse, non axudan en nada?

Lembro aquí as palabras da anterior voceira dos Socialistas que levou a iniciativa sobre Altri cando dicía literalmente: «Comprométome dende o Grupo Parlamentario Socialista a traballar a prol de que estes fondos Next Generation cheguen para axudar neste proxecto. Señorías, o PSdeG, na responsabilidade de goberno, ten na súa man cumprir o seu compromiso e facer que os fondos cheguen a Altri. É simplemente unha cuestión de vontade política».

Remato xa. A industria téxtil galega é sinónimo de calidade, sinónimo de deseño, de estar sempre á vangarda das últimas tendencias no mundo da moda. A industria téxtil galega lidera a xeración de riqueza desta comunidade e por ese motivo contará con todo o apoio deste grupo parlamentario e do Goberno galego para conseguir o financiamento necesario para a súa transformación. Pero necesitamos que todas as administracións voguen a favor e non poñan pedras no camiño.

Respecto a Altri, estamos nun momento histórico, cunha oportunidade única de transformar os sectores téxtil e forestal de Galicia e non descansaremos nin un só segundo ata que consigamos que o proxecto se execute na nosa comunidade. Non obstante, a situación actual é moi delicada, tal e como explicaba o seu CEO, o señor José Pina, nunhas recentes declaracións. Señor Seco, isto dío a empresa, non o di o Grupo Popular: *«Hemos encontrado dentro de Impulsa y de la Xunta de Galicia la cobertura necesaria, hemos seleccionado una ubicación que se ajuste a las características del proyecto, pero ahora estamos en la fase más crítica de la preparación del mismo, la que tiene que ver con la financiación»*. Ese é o escollo, señor Seco, esa é a realidade. O momento é crítico porque a decisión final sobre o proxecto se tomará a finais deste semestre.

Señorías da oposición, teñan altura de miras, pensen en Galicia, pensen nas xeracións futuras e apoien esta iniciativa que aposta polo mellor da nosa industria e polo potencial do forestal e do rural galego.

Remato xa. Sobre as emendas, sobre ambas, dicir que ambas poñen de manifesto a falta de compromiso da oposición co sector téxtil galego.

Respecto ao PSdeG, señor Seco, non falou case nada na súa intervención sobre o PERTE do téxtil, falou de todo menos do que nos ocupa. O único que pretenden é non molestar o Goberno central, pero gustaríanos saber que liñas de PERTE se refiren na súa emenda, porque



non sabemos a que se refire, e gustaríame saber se xustifica ante un sector estratéxico como é o sector téxtil que non teña un PERTE específico e teña que trocar eses proxectos integrais para conseguir financiamento.

Respecto ao BNG, señor Alfonso, esta PNL ten un obxecto moi concreto, que é apoiar a industria téxtil e apoiar o proxecto de Altri, algo que non parece interesarlle, porque en ningún dos cinco puntos da súa emenda fai mención ao sector. Non utiliza a palabra «téxtil» en toda a súa emenda, que é de substitución, por certo.

E, simplemente, dicirlle tamén que o PERTE non o pediu o Goberno, que parece que na súa intervención era unha idea nosa. Non, non, non me debeu de escoitar. O PERTE pediuno todo o sector unido, e por primeira vez, grandes, pequenas e medianas empresas do sector téxtil a nivel nacional, co apoio do clúster galego.

Respecto a outros temas que pon na súa emenda, pois poderemos estar de acordo nalgún punto, pero foron debatidos noutras iniciativas; aí teñen outras rexistradas, nas que se poderá debater, polo cal consideramos que hoxe toca defender o téxtil, hoxe toca defender Altri, polo que mantemos o texto da PNL tal e como está.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Balseiro Orol e seis deputados/as máis, sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España respecto da reconstrución do viaduto do Castro, da autovía do Noroeste

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do deputado Luís Bará Torres, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición:

Engadir dous novos puntos na parte resolutiva co seguinte texto:

«4. Cree unha comisión de seguimento das obras, con participación da administración central, da Xunta, dos concellos e dos sectores económicos e sociais directamente afectados. Esta comisión convocarase periodicamente e nela darase conta de toda a información de interese e das principais decisións en relación coas causas do derrubo e coa reconstrución dos viadutos.

5. Cree unha comisión de investigación sobre as causas do colapso do viaduto do Castro e as posíbeis responsabilidades derivadas da mala execución das obras e do incorrecto mantemento das mesmas.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei, ten a palabra o señor Balseiro.



O señor BALSEIRO OROL: Moitas grazas, señor presidente.

Unha vez máis no Grupo Popular vémonos na obriga de traer ao Pleno do Parlamento unha iniciativa relacionada co desplome do viaduto do Castro, nas proximidades da localidade lucense de Pedrafita do Cebreiro. Son moitos os motivos que fan que esta infraestrutura, de titularidade estatal, continúe de plena actualidade, e todos eles teñen o Goberno de Pedro Sánchez como protagonista, é dicir, triste protagonista, para ser máis exactos, dun desprezo e desatención continuada do presidente socialista ás demandas de Galicia.

Permítanme formular tres afirmacións incontestables. A primeira: cando xa transcorreron nove meses desde o colapso na A-6, o Goberno Sánchez non foi quen de recuperar a circulación por esta autovía. A segunda: tampouco está a ser capaz de ofrecer unha solución alternativa viable, cos consecuentes prexuizos. E, en terceiro lugar, o ministerio actúa con absoluto escurantismo sobre as causas, sobre as obras de reparación e sobre o calendario e as solucións.

Señorías, permítanme afondar nestes aspectos.

Vemos con preocupación que esta infraestrutura de comunicación coa Meseta, esencial para Galicia, non é prioritaria para o Goberno de España, e iso a pesar de que arredor da metade do tráfico que entraba a Galicia o facía por esta autovía.

En segundo lugar, como dicía, tampouco é capaz de ofrecer unha solución alternativa aceptable. O desvío provisional establecido desde o ministerio é a crónica dun fracaso anunciado. Levamos meses advertindo do risco que supón para os usuarios ese tramo, que non reúne as condicións necesarias para o intenso tráfico que soporta e provoca dificultades enormes de circulación, especialmente para o transporte de mercadorías, o que se traduce nun encarecemento de custos de produción das empresas galegas. E vímolos recentemente: o accidente dun camión a semana pasada, a punto de precipitarse polas ladeiras deste desvío, fixo que retrocederamos máis de medio século no tempo; demos un paso máis cara ao pasado; implicou o peche non só da autovía senón tamén da N-6 e dirixir o tráfico pola vella estrada nacional, vehículos pesados incluídos, que non está adaptada para asumir este nivel de tráfico.

A terceira afirmación incontestable ten que ver coa falta de información. Pese aos mandatos unánimes acadados neste parlamento, co voto incluso do Partido Socialista no Congreso dos Deputados, Sánchez segue a facer oídos xordos. O Ministerio socialista non ofrece información nin actúa coa transparencia de vida. Non informa, a pesar de que se comprometeu, nin a Xunta nin os concellos da zona. É unha constatación que continúa co escurantismo, evita a información sobre as novidades e os avances que se están producindo e aínda hoxe non ofrece unha explicación convincente sobre as causas, ou incluso manexa datos contraditorios. Permítanme que me deteña neste punto porque é naquel no que hoxe queremos incidir na nosa iniciativa.

Como fixo a Xunta de Galicia, pedímoslle ao Ministerio que clarifique cal é o calendario que manexa para a reconstrución total da A-6 na súa entrada a Galicia. As previsións do Ministerio, que coñecemos pola prensa sobre a reconstrución completa da A-6, din que o viaduto



en sentido a Madrid estará en 2023 e o de sentido á Coruña, en 2024. Como comprenderán son totalmente inverosímiles. Nove meses despois deste colapso, o Goberno está tan só empezando coas demolicións e pretende facernos crer que o ano que vén vai ter reconstruídas integramente as dúas calzadas. Pero é que, ademais, o desprezo de Sánchez a Galicia tamén ten que ver coa forma na que está programando esta reconstrución. Hai que lembrar que o viaduto da A-6 en sentido á Coruña non se vai tramitar pola vía de emerxencia, o que fai completamente imposible que o traballo estea concluído o ano que vén, e supón un atraso inaceptable dos prazos.

Antes da presidencia de Pedro Sánchez, á que chegou coa axuda e co voto favorable do Bloque Nacionalista Galego, Galicia tiña unha autovía de acceso á Meseta polo norte con cinco carrís, e non nos imos conformar cunha vía de tan só dous carrís nin podemos nin debemos conformarnos coa reconstrución dun único viaduto a curto prazo.

Señorías, votando a favor desta iniciativa pedimos que se acometa a reconstrución simultánea dos dous viadutos da A-6, e estamos por que esa reconstrución se faga polo procedemento de emerxencia para axilizar os prazos. Non se trata, como pretende facer crer o Goberno de España, dunha cuestión de seguridade, senón que se trata dunha cuestión de prioridades e de falta de vontade política no caso galego porque en todas as infraestruturas viarias de relevancia os viadutos paralelos se executan ao mesmo tempo.

Señorías, aos grupos da oposición éncheselles a boca dicindo que defenden Galicia. Hoxe están en disposición de facelo, votando a favor da nosa iniciativa que, de lograr o apoio de todos os grupos políticos, pasa a ser un mandato unánime ao Goberno de Pedro Sánchez. Agora, tamén quero deixar claro que de nada vale votar unha cousa aquí se despois, desde a Moncloa, os socialistas fan outra diferente. O Ministerio de Transportes afronta de forma diferente os seus erros en Galicia que noutras comunidades, onde ofrece cesamentos, intentos de explicacións e promesas de compensacións, mentres que aquí non se atende nin se nos escoita. Vímolos cos FEVE, cos atrasos dos tres AVRIL, coa suba das peaxes nas autoestradas estatais..., polo que, comprenderán vostedes que Sánchez maltrata Galicia porque cando se trata da nosa comunidade fai o contrario do que promete, e os votos prestados ao Partido Socialista acaban por ser un voto de conformidade e un voto regalado a Sánchez. Polo tanto, pedímoslles a socialistas e a nacionalistas un cambio de actitude, que deixen de mirar para o seu propio embigo e que o fagan cara ao límite da provincia de Lugo con Castela e León. É dicir, pedímoslles que cumbran con Galicia.

Señorías, non é aceptable que nove meses despois deste viaduto non teñamos a información, non teñamos os prazos, e aínda por encima a información que se dá por parte de quen a ten que dar do Goberno de España, porque non deixa de ser unha vía de competencia estatal, sexa confusa. Non é normal.

E non imos explicar por que ese viaduto se vén abaixo (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) porque iso... ¡Non, non! Iso xa o diremos na réplica, (*Risos.*) xa o diremos na réplica. Ímolos escoitar primeiro a vostedes porque —supoño que— como vostedes son Goberno en Madrid, vostedes teñen moita máis información que a que ten o Grupo Popular, e entón como vostedes teñen moita máis información, en función da información que nos digan, así será a réplica.



Nada máis e moitas grazas, señor presidente. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Balseiro.

Quenda dos restantes grupos parlamentarios.

Neste caso, polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra don Xosé Luís Bará Torres

O señor BARÁ TORRES: Moi boa tarde.

Desde o BNG imos facer tamén algunhas afirmacións. Procurarei non repetir xa algunhas das ideas que expuxo o señor Balseiro.

A primeira afirmación é que a xestión da crise provocada polo afundimento do viaduto da A-6, por parte do Goberno central, deixa moito que desexar. É unha xestión manifestamente deficiente e moi mellorábel, sendo conscientes de que é un asunto que ten a súa complexidade e a súa dificultade. Alguén dixo que non se xestionaría igual se fose no Guadarrama e creo que é unha cuestión que todo o mundo pode compartir. Houbo unha reacción absolutamente lenta, que non estivo á altura, as alternativas dos desvíos foron —podemos dicir— unha auténtica chapuza, con continuos parches e improvisacións, e aí están os resultados á vista. Tamén temos que dicir que a proposta da reconstrución deses viadutos, en canto á forma e aos tempos, é absolutamente inaceptábel. É absolutamente inaceptábel que se fale dunha reconstrución, pola vía da urxencia, do viaduto en dirección a Madrid e, porén, dunha reconstrución, pola vía ordinaria, do viaduto en dirección á Coruña, o que nos levaría tres ou catro anos. E parécenos, ademais, insultante que os cargos do Ministerio veñan de xira aquí, a Galiza, e que teñan o coallo de dicir publicamente que se vai abrir un viaduto este ano ou o ano que vén, cando os feitos nos levan a uns prazos de tres ou catro anos. E por iso reclamamos prazos claros, críbeis e do menor tempo posíbel.

A segunda afirmación é que é tamén moi mellorábel a coordinación e a información por parte do Goberno central, desde logo, a información, as institucións, os gobernos e, concretamente, o Goberno galego. Nós pensamos que o Goberno galego merece todo o respecto institucional por parte do Goberno central, e aquí non se está actuando co mínimo respecto institucional exixíbel. E vemos como hai visitas e xiras electorais de cargos do Goberno que non cumpren os mínimos. Pero, ¡claro!, o colmo é que o Partido Popular e a Xunta xustamente se indignen con isto, cando o Partido Popular e a Xunta son o número un en materia de falta de respecto institucional. Vostedes son campións en materia de utilización partidista das institucións públicas. Entón, señorías do Partido Popular, vostedes non lle teñen que dar leccións a ninguén, non lle poden dar leccións a ninguén nesta materia.

E despois hai tamén outra afirmación clara, que é o que poderíamos chamar a sobreactuación do Partido Popular e da Xunta nesta cuestión que merecería un Mestre Mateo no reparto dos premios que houbo nos pasados días. Vemos unha reacción airada, impetuosa; unha reacción —podémolo dicir— de carraxe por parte da Xunta, da conselleira, dos portavoces do Partido Popular... E, ¡claro!, o problema é que vostedes se comportan como tigres rabiosos que rabu-



ñan coas súas gadoupas cando goberna o Partido Socialista en Madrid, e despois se comportan como gatiños cando goberna o Partido Popular. (*Aplausos.*) Ese é o problema, e é que vostedes teñen dobre moral política, e xa nos gustaría velos con esa carraxe, con esa rabia, cando, por exemplo, pasou o que pasou coa AP-9, coa estafa de Audasa que lles cobraba as peaxes á xente despois de estar unha hora agardando nas peaxes. Daquela, vostedes ¡chitón!, calados, silencio compracente. ¿Saben como se chama isto? Iso chámase fariseísmo e chámase dobre moral do Partido Popular. E ¿saben por que pasa isto? Porque a vostedes non lles interesa Galiza. Vostedes o que defenden son os intereses do Partido Popular en Madrid, os intereses electorais do Partido Popular. Vostedes van a Madrid os luns, danlles as ordes, danlles o argumentario, despois traballan para o señor Feixóo como autómatas teledirixidos desde Madrid. E, ademais, vostedes son unha especie de doutor Jekyll e místico Hyde, porque, ¡claro!, fan moito ruído e moito alboroto aquí en Galiza; fan moitas fotos e moitas iniciativas, pero despois imos ver o que fan no Congreso e no Senado e resulta que este tema está desaparecido.

Eu preocupeime de mirar as iniciativas dos senadores por designación autonómica nomeados por este Parlamento sobre esta materia, ¿e saben cantas iniciativas fixeron? Cero. ¿Saben cantas iniciativas defenderon no Senado sobre esta materia o señor Tellado e señor Feixóo? Cero. Bueno, o señor Feixóo presentou catro preguntas no Pleno do Senado nestes dez meses, e ningunha sobre Galiza. ¡Fíxense! É un señor senador por designación autonómica e aínda falta á primeira iniciativa sobre Galiza. Este é o respecto que teñen a Galiza neste Parlamento (*Aplausos.*) os senadores de designación autonómica.

E miren, o BNG comparte esta iniciativa, como non podía ser doutra maneira —xa o fixemos así outras veces que veu aquí a debate—, e vai apoiala porque, ademais, coincide con outras moitas iniciativas tamén rexistradas por este grupo, rexistradas polo noso deputado Néstor Rego en Madrid, pero queremos ir máis alá. Non nos chega co que propoñen vostedes.

Fixemos unha emenda para engadir, para mellorar, para completar esta proposta. Unha emenda que ten dúas partes: na primeira pídesse unha comisión de seguimento sobre o desenvolvemento das obras para que se dea toda a información en tempo real a todas as partes interesadas, e que non se actúe con partidismo, como está facendo o Goberno central. E na segunda pídesse que se cree unha comisión de investigación sobre as causas do derrubamento do viaduto da A-6, (*O señor Bará Torres levanta un documento que mostra ao resto da Cámara.*) porque realmente a información que se deriva dos informes que se fixeron públicos —e son aínda informes preliminares— é alarmante, é altamente preocupante. Son informes de dúas consultoras que falan, por exemplo, da mala calidade do formigón na construción do viaduto. MC2 di: «*Los valores obtenidos de contenido en cemento del hormigón son atípicamente bajos*». É dicir, aquí había vicios construtivos, problemas de construción da obra que hai que resolver, que hai que aclarar e sobre os que hai que pedir responsabilidades. Fálase da corrosión provocada pola ausencia dun sistema de impermeabilización no taboleiro e tamén dos problemas causados pola hidrodemolición e polos propios traballos de reparación do viaduto. E fálase, ademais, de que había un informe do ano 2013 que xa advertía destes problemas, e non se fixo nada. E non lle digo quen estaba gobernando no ano 2013, vostedes saberán relacionar.

Pero aquí hai responsábeis para todo o mundo. Por iso, tal vez haxa tanto silencio e tanta negativa, tanto veto como fixeron vostedes cando o BNG presentou nas Cortes, no Congreso,



unha petición dunha comisión de investigación. Supoño que non terá nada malo investigar sobre esta materia. Porén, ¿saben que pasou? Que foi vetada por PP, PSOE, e Vox, que non queren que se investiguen estas cuestións que aparecen reflectidas en estudos ou informes, con absoluta claridade, que falan de mala calidade construtiva. E advirten tamén dun problema do propio deseño deste viaduto, cunha tipoloxía da construción que agora xa non se utiliza. Todo isto custou moitísimo diñeiro porque esta obra custou máis de cen millóns de euros, cos modificados e coas indemnizacións que lles houbo que facer ás empresas. Tampouco fai falta espraiairse —xa o fixemos noutras ocasións— sobre cales son estas empresas, FCC e ACS, sobre os vínculos que teñen co poder e co propio Partido Popular. Ao mellor isto tamén explica cousas. Sobre todo isto ten que haber claridade, ten que haber transparencia, ten que haber información, ten que haber unha investigación —porque nos xogamos moito— sobre a adxudicación e a construción do viaduto, sobre a certificación e a recepción das obras, sobre a falta de mantemento e conservación. E tamén ten que haber responsabilidades por parte da Administración, que permitiu isto, e por parte das empresas construtoras, que fixeron as cousas mal. E alguén ten que asumir responsabilidades por toda esta cuestión.

E moi importante, é prioritaria a reconstrución dos viadutos, pero aquí hai que reconstruír máis cousas, señor Balseiro e señorías do Partido Popular: hai que reconstruír tamén a exemplaridade da Administración que caeu ao chan con este derrubamento; hai que reconstruír a confianza e a credibilidade da contratación pública e todos os amaños e componendas que foron denunciados publicamente, sinalados e multados pola Comisión da Competencia; e hai que reparar os danos causados ao erario público por todas estas formas de actuar irregulares.

Polo tanto, apoien as nosas emendas, e todas e todos, e Galiza tamén, sairán gañando.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Bará.

Turno para o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Ten a palabra dona Patricia Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidenta.

Boas tardes, señorías.

Dicía o señor Balseiro, ao comezo da súa intervención, que non era novo que debatésemos sobre este tema neste Parlamento, sobre o derrubamento do viaduto da A-6. É certo que nós dende un primeiro momento apoiamos as iniciativas que tamén trouxo a debate o Grupo Parlamentario Popular. Naquel momento, o que pedía, sobre todo, era que se investigasen tamén esas causas do derrubamento do viaduto da A-6. Nós coincidíamos daquela co Grupo Parlamentario Popular en que era preciso investigar as causas. Iamos un pouquiño máis lonxe, xa que dicíamos que incluso, despois de investigar as causas desas conclusións, se saía que había responsabilidades era preciso que se depurasen tamén esas responsabilidades, porque nós coincidíamos en que é un feito que se desplomou un viaduto construído hai ape-



nas vinte anos, que algo fallou —iso está claro— e en que era necesario investigar as causas e, dende logo, darlles unha solución: primeiro, unha solución alternativa e despois unha solución definitiva a este derrubamento.

Pero incluso o señor Balseiro, ao final da súa intervención, dicía algo así como: «Non imos explicar por que este viaduto se veu abaixo». Pois eu rétoo, señor Balseiro, a que explique vostede aquí nesta tribuna por que este viaduto se veu abaixo, porque seguramente vostedes, o Partido Popular, teñen moito que dicir neste caso: ¿quen adxudicou esas obras? ¿quen levou a cabo esas obras nese viaduto da A-6? Entón, ¡claro!, o señor Balseiro primeiro di que «non imos dicir nada; despois, na réplica, poderemos falar». Pois eu rétoo, señor Balseiro, porque o Partido Popular ten moito que dicir porque foi ese grupo o que estaba no Goberno cando se levaron adiante estas obras. (*Aplausos.*) ¡Fale, señor Balseiro! ¡Non teña medo! ¡Veña, fale! Vostede que xa puxo en dúbida, meténdolles medo aos cidadáns coa seguridade destas infraestruturas.

Pero miren, vaia por diante que nós imos votar a favor da iniciativa que hoxe trae a debate o Partido Popular porque cremos que é necesario dar unha solución a este problema xerado e hai que facer a reconstrución deste viaduto. Pero mire, non podemos coincidir con vostede no terceiro punto —aínda que imos apoiar a súa iniciativa—, cando di que se actúe con transparencia e se ofrezca información para manter os galegos ao día, porque nun primeiro momento o señor Balseiro dicía que non se tiña información e despois xa falaba de prazos, de que un dos viadutos ía estar listo no ano 2023 e o outro no ano 2024. Polo tanto, señor Balseiro, aclárese: ¿teñen ou non teñen esa información que vostede di que non teñen? Eu voullo recalcar. O Ministerio xa terminou a demolición do viaduto do Castro —vostede dicía que nin sequera empezara coas demolicións— no trazado da A-6 en sentido a Madrid e procederá de forma inminente a facer o propio co taboleiro da ponte na dirección á Coruña, traballando co obxectivo de restablecer o tráfico en condicións normais no menor tempo posible.

O viaduto en sentido a Madrid —xa o dicía vostede— quedará aberto este ano 2023, e o Ministerio traballa cos mesmos prazos, de modo que ten previsto abrir ao tráfico o viaduto en dirección a Madrid este ano, mentres que a liña en sentido á Coruña abrirá no ano 2024. Polo tanto, estase a traballar coa maior emerxencia e coa maior urxencia que permite a lexislación, e a intención é repoñer no menor tempo posible toda esta actuación na A-6.

Polo tanto, vaia por diante que imos votar a favor, dende logo, priorizando en todo momento a seguridade en relación coas obras polo derrubamento neste viaduto. Pero ¡claro!, señor Balseiro, vostede facía tres afirmacións que dicían que eran incuestionables en relación co Goberno central e co viaduto da A-6. Eu podo dicirlle que a esas mesmas tres afirmacións podemos darlles a volta e dicir que son tres afirmacións tamén rotundas que se poden aplicar á Xunta de Galicia co que aconteceu na estrada autonómica de Folgoso do Courel. Pero cunha diferenza, vostede falaba de que o derrubamento do viaduto da A-6 foi hai nove meses, e eu teño que dicirlle que o que aconteceu nesta estrada de titularidade autonómica foi hai un ano.

Polo tanto, o mesmo que lle pedimos ao Goberno central pidámosllo tamén á Xunta de Galicia, para que con toda urxencia arranxe a estrada autonómica de Folgoso que leva dende marzo de 2022 cortada por un afundimento. (*Aplausos.*) Señor Balseiro, pidamos a mesma dilixencia a unha Administración e á outra, porque o señor Balseiro dicía que non había pra-



zos para a reconstrución destes viadutos da A-6 e despois daba as datas de 2023 e 2024. Eu quero recordarlle que tampouco hai datas para a reconstrución do que aconteceu na estrada autonómica de Folgoso do Courel.

Se miramos os orzamentos que presentou o Goberno galego nesta Cámara, podemos chegar á conclusión de que ata o ano 2025 esta estrada non estará rematada porque así é o que orzaron nos orzamentos da Xunta de Galicia. É necesario e urxente dotar esta vía autonómica de muros de contención e de elementos de seguridade propios dunha vía destas características. Asuman, dunha vez por todas, a obra desta estrada afundida en marzo de 2022 —hai un ano, señor Balseiro—. Van moi lentos. Pídenlle axilidade ao Goberno central —que nós tamén lla pedimos— na reconstrución dos viadutos da A-6, pero vostedes tardaron corenta e catro días en habilitar un desvío alternativo en Folgoso do Courel.

E, ademais, a mediados do mes pasado coñeciamos os efectos dos temporais dos meses de decembro e de xaneiro que a Xunta de Galicia non dera a coñecer antes, posiblemente porque os novos correntamentos de terra e desprazamentos de calzada non deixaban en moi bo lugar a súa xestión na estrada autonómica LU-651, vía fundamental tamén para a comarca do Courel. O mal estado desta estrada, entre os puntos quilométricos dezaioito e vinte e nove, precisa de novas obras de reparación, xa que esta situación na estrada do Courel —vostede falaba dos cortes e das repercusións, dos custos económicos para os vehículos que circulan pola A-6— está a provocar cortes na vía que obrigan os vehículos pesados a facer un tramo alternativo cun rodeo de trinta quilómetros coas molestias e co incremento de custos que isto supón.

Este exemplo, o que están a facer vostedes dende a Xunta de Galicia coa estrada do Courel, é como actúa a Xunta de Galicia, isto é, meros anuncios, simples anuncios, medias verdades, titulares en prensa, pero a estrada segue sen arranxar.

A verdade é que vostede segue unha liña moi parecida á que seguiu o director xeral de Infraestruturas do Goberno autonómico da Xunta de Galicia a pasada fin de semana, poñendo o foco tamén nesa inseguridade, dicindo que era necesario volver confiar na seguridade das infraestruturas estatais. Olvidábase totalmente das infraestruturas autonómicas e dicía que non había prazos para a A-6 —vostede deu os prazos—. Entón o director xeral de Infraestruturas mentiu ou mente vostede porque vostede chegou aquí a falar dos anos 2023 e 2024.

Dicía que tampouco había prazos para o derrubamento que tivo lugar na nacional 642, na nosa comarca, Señor Balseiro, aí á altura da Areoura, da praia de Foz. E vostede, coma min, sabe que o Goberno central actuou coa máxima urxencia e coa máxima dilixencia dende un primeiro momento. Xa esa mesma fin de semana quedou articulada unha alternativa provisional para poder entrar a Burela e saír de Burela. E mesmo o Goberno central acaba de poñer en funcionamento, onte mesmo, unha nova fase na execución destas citadas obras, para realizar a escavación do ancho total da plataforma actual da nacional 642 para gañar o acceso á obra de drenaxe. Unha vez identificada a orixe do colapso e a afectación á conducción, procederase a súa reparación. Polo tanto, onte mesmo se abría un novo desvío provisional.

Esta mesma semana está previsto que se abra ao tráfico un ramal provisional de entrada na localidade de Burela pola avenida Arcadio Pardiñas para os vehículos que circulan en sentido



a Viveiro. Esperemos que estes traballos de reparación da obra de drenaxe, que xa están postos en funcionamento, rematen o máis rápido posible. Era un acordo ao que chegamos, hai pouco, nesta Cámara, no que ademais de pedir eses impulsos á VAC Costa Norte e tamén á autovía da Mariña, pediamos esa obra de emerxencia na nacional 642. É algo que está a cumprir ese mandato parlamentario, é algo que está a cumprir o Goberno central. Pedímoslle á Xunta de Galicia que cumpra tamén outros acordos parlamentarios e que tome en serio o arranxo da estrada do Courel.

Dende logo —como dicía—, imos votar a favor da iniciativa que hoxe traen a debate, pero deixen de mentir dicindo que non teñen información sobre prazos porque, na súa intervención, vostede chegou a falar deses dous prazos.

Polo tanto, a mesma dilixencia que lle piden ao Goberno central, pídánlla tamén á Xunta de Galicia coas infraestruturas da súa competencia, e así, dende logo, pedindo o mesmo compromiso ou a unha Administración ou á outra, si que poderemos beneficiar os galegos e as galegas.

Pola miña parte nada máis e moitas grazas (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señora Otero.

Pecha o autor da proposición non de lei.

Ten a palabra, novamente, o señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: Moitas grazas, señora presidenta.

Señora Otero, eu terminaba a miña intervención dicindo que esperaba escoitala a vostede porque vostede forma parte dun grupo e dun partido que é o que sustenta a acción de Goberno conxuntamente con Podemos a nivel nacional. Eu pensei que vostede ía traer aquí, á tribuna do Parlamento, moita máis información que a que trouxo.

A min si que me deixou preocupado porque vostede nomeou moito máis o Courel que a nacional sexta. Non sei se vostede estaba confusa ao falar. (*A señora Otero Rodríguez: A A-6.*) Bueno, neste caso a A-6. Non sei se vostede estaba confusa ao falar da provincia de Lugo, pero eu dígolle unha cousa a vostede: ¿por que vostede non trae unha iniciativa a este Parlamento? Porque a vexo constantemente preocupada polo Courel cando lle falamos da A-6. ¿Por que non trae unha iniciativa a este Parlamento (*A señora Otero Rodríguez asente.*) e debatemos sobre a estrada do Courel? ¿Sabe por que non a trae? Porque o que está dicindo vostede —xa a trouxo. Si, si, si...—..., o que está dicindo vostede non se corresponde coa verdade.

Pero hoxe non toca falar do Courel —con todo o respecto para os veciños do Courel—, hoxe toca falar da A-6.

E miren, chegar á tribuna do Parlamento e dicir que se a construción, que se o Partido Popular... É que a vostedes olvidóuselles un dato porque o viaduto non colapsou así como así.



O viaduto colapsou despois de que un Goberno de Podemos e do Partido Socialista gastase 26 millóns de euros, ¡26 millóns de euros!, nesas posibles deficiencias que di vostede —¡que as debía ter!—, porque senón xa me dirán vostedes para que gastaron 26 millóns de euros. E cando estaba a piques de abril, o viaduto colapsou.

¡Ah!, pero se non lles vale iso, a mesma empresa que fixo o proxecto para facer esa reparación de 26 millóns de euros é a que dá a solución de por que colapsou o viaduto. ¿Que lle parece? *(Murmurios.)* Non, a mesma empresa que fixo o proxecto... *(Murmurios.)* Non estou falando... Xa sei que hai dúas empresas. Estou falando da empresa que fixo o proxecto, non da empresa que fixo a obra. A empresa que fixo o proxecto pola que caeu o viaduto é a mesma que dá a solución de por que caeu ese viaduto.

E di vostede: vostede deu prazos. Estaba vostede pouco atenta. Vostede é unha persoa rigorosa, sabe que sempre o digo, pero vira pouco atenta na intervención. Claro, é normal, porque ¡menudo papelón lle tocou facer a vostede!, ¡menudo papelón!

Porque eu dixen que os prazos os coñecemos polos medios de comunicación. A vostede, sinceramente —ou a vostedes como grupos—, ¿parécelles normal que os viadutos non se fagan simultáneos? ¿Parécelles normal? ¿Parécelles normal que veña unha grúa e ao ano ou dous anos haxa que traer a mesma grúa porque non se fan eses viadutos simultáneos? ¿A vostede parécelle normal que na autovía, por exemplo, Lugo-Santiago, se estean facendo os viadutos como se están facendo? ¿Fanse simultáneos ou non? ¿E fanse simultáneos en todas as obras relevantes si ou non? ¿Por que ten que ser diferente na A-6?, ¿por que ten que ser diferente? Pois, intentarei, se é posible, que alguén mo explique.

E, señor Bará, que un nacionalista veña á tribuna do Parlamento e fale como falou vostede de «campións da utilización das institucións», a verdade é que me deixa un pouco preocupado. Porque o campión da utilización das institucións máis grande que vin, de momento, de toda a historia da democracia, é o nacionalismo galego. E voulle explicar por que. *(Murmurios.)* Agora llo vou explicar, si. A vostede, que sempre está moi ao quite, *(Risos.)* *(Murmurios.)* voulle explicar eu por que.

Di que non cre nas deputacións. Son vostedes os que non cren nas deputacións. Iso si, en Galicia cogoñernan en tres de catro. ¡Se chegan a crer, coidado! Andan nos coches oficiais e cobran a final de mes. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡E non cren nelas eh, non cren nelas! ¡O día que crean nelas, tela marinera!

Mire, eu ben sei que é normal que vostede diga que non sei cantos senadores galegos do Partido Popular non meteron iniciativa nin non sei que. Claro, porque vostede fala pola súa propia casa. E, claro, na súa casa ou a mete un, que é o que teñen, ou non a mete ningún. Pero no Grupo Popular non pasa iso, porque o Grupo Popular ten banquillo e poden... *(Murmurios.)*

Pero recórdolle unha cousa, que vostede non dixo. O único deputado que teñen vostedes en Madrid pediu a comparecencia da ministra catro veces. Vostedes apoiaron o Goberno actual de Madrid. ¿Sabe cantas veces compareceu a ministra a petición do deputado que ten o Blo-



que Nacionalista Galego no Congreso? Ningunha. ¡Ningunha! Entón, non veña vostede aquí presumir á tribuna do Parlamento.

O PP levou iniciativas da A-6 tanto no Congreso coma no Senado.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: Non sei cantas iniciativas da A-6 levan vostedes.

Polo cal, señorías, isto é o que temos. O que temos é un viaduto que colapsa despois de investir 26 millóns de euros. Di vostede: Non, é que xa derrubaron unha parte do viaduto. ¡Só faltaría, despois de nove meses! Esa é a realidade.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: Termino, señora presidenta, agradecendo o voto, por suposto, favorable do Partido Socialista.

E termino. Voume posicionar sobre a emenda...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Si, sobre a emenda, por favor.

O señor BALSEIRO OROL: O que nos interesa a nós neste momento son os prazos de apertura dese viaduto. Polo cal, non imos aceptar a emenda do Bloque Nacionalista Galego.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Continuamos.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Eduardo Ojea Arias e D^a Patricia Otero Rodríguez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para presentar un informe respecto das cantidades executadas e os logros acadados co desenvolvemento das liñas estratéxicas do Pacto de vivenda de Galicia 2021-2025

A señora PRESIDENTA (Candia López): A esta proposición non de lei presentouse unha emenda por parte do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de dona María Begoña Freire.

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa da deputada María Begoña Freire Vázquez, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débese substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:



«O Parlamento de Galicia insta a Goberno galego a presentar, antes de que remate o ano 2023, un informe no que se detallen:

1. As cantidades executadas, tanto no ano 2021 como no 2022, en cada unha das liñas estratéxicas do Pacto Social pola Vivenda de Galicia 2021-2025.
2. As actuacións concretas e logros acadados en cada un dos programas e accións nos que se desenvolven as liñas estratéxicas que conforman dito pacto».)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular a proposición ten a palabra, por dez minutos, don Eduardo Ojea.

O señor OJEA ARIAS: Grazas, presidenta.

Boas tardes, señorías.

A Constitución española do 1978 consagra o dereito á vivenda no artigo 47 entre os principios reitores da política social e económica, dentro dos dereitos e deberes fundamentais, ao establecer que todos os españois teñen dereito a gozar dunha vivenda digna e adecuada e que os poderes públicos promoverán as condicións necesarias e establecerán as normas pertinentes para facer efectivo este dereito, regulando a utilización do chan de acordo cos intereses xerais para impedir a súa especulación.

A Constitución, como é evidente, non se limita a regular o contido deste dereito —é dicir, a gozar dunha vivenda digna e adecuada—, senón que require unha actividade positiva para a súa efectividade real, cun verdadeiro mandato aos poderes públicos para que garantan a súa eficacia.

No artigo 27.3 do Estatuto de autonomía de Galicia establécese a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de vivenda. En cumprimento do desenvolvemento desa competencia, a Xunta establece políticas activas para dar cumprimento ao mandato constitucional.

Con respecto ás políticas activas en materia de vivenda, o Goberno galego aprobou o Pacto de vivenda de Galicia 2021-2025, no que se expón a necesidade de elaborar unha programación estratéxica que se adapte ás peculiaridades da nosa comunidade e constitúa unha guía de orientación das actuacións futuras do Instituto Galego de Vivenda e Solo na que se definan as directrices básicas de política de vivenda e solo na comunidade autónoma e se materialicen en función das dispoñibilidades orzamentarias existentes en cada exercicio a través do desenvolvemento normativo que sexa preciso.

Segundo o Goberno galego, o obxectivo deste pacto é mobilizar 1.080 millóns de euros entre fondos públicos e privados, e así chegar a 70.000 familias. A Xunta destinará 473 millóns de euros nos seguintes cinco anos. Entendemos que se referirán aos procedentes de distintas administracións e que estarán incluídos os 82,2 millóns de fondos estatais, os 17 millóns do Ministerio para a Transición Ecolóxica para o fomento da eficiencia enerxética, os 2 millóns



do Pacto de Estado contra a violencia de xénero para políticas de vivenda, os 110 millóns de euros de fondos europeos e os ingresos propios a través IGVS, que sumarán 215 millóns de euros nese período; cantidades certamente importantes.

Este pacto impulsa accións como os incentivos fiscais, o Bono de Alugueiro Social —que xa se aplicaba—, e engade doce accións novas, como a concesión de axudas de ata 20.000 euros para a adquisición de vivendas de protección, así como a creación dun programa de alugueiro con opción de compra para menores de 35 anos a base de incentivar os propietarios das vivendas con axudas de 8.000 euros para que manteñan estas posibilidades os cinco primeiros anos. Pretende que máis vivendas baleiras entren no mercado do alugueiro aportando axudas de 8.000 mil euros aos propietarios que cedan durante dez anos a súa vivenda á Xunta, que se encargará do seu mantemento e de asegurar o cobro do alugueiro. Os promotores públicos e privados deberán asumir o compromiso de rexeneración dos espazos urbanos cunha política de vivenda que poña en valor os elementos arquitectónicos, estéticos e de paisaxe.

A construción de vivenda protexida e a súa adxudicación aos colectivos máis vulnerables debería ser unha prioridade, así como facer unha boa política de alugueiro. No que vai de lexislatura son 468 as vivendas de protección rematadas. Segundo datos do Ministerio de Transporte, no ano 2021 foron 66 e no primeiro semestre do 2022 había 12 vivendas de promoción pública. Así, este pacto debe fomentar a construción de vivendas, sobre todo en núcleos rurais, especialmente naqueles concellos con saldo demográfico negativo, para apostar por un reequilibrio territorial.

É fundamental incentivar as vivendas e pór vivendas ao dispor dos máis xoves en núcleos e localidades de menos de cinco mil habitantes para recuperar o dinamismo demográfico, dando cobertura a un arrendamento accesible, para lograr a emancipación das persoas novas, priorizando as familias con fillos. Débese fomentar a accesibilidade á vivenda para persoas en situación de vulnerabilidade no medio rural. A mellora do reto demográfico pasa por priorizar o acceso á vivenda, coas condicións de mellora de habitabilidade.

Dende a sinatura do pacto por parte das entidades asinantes a sociedade mundial sufriu cambios sociais, económicos e sanitarios que paralizaron en seco o crecemento. A covid, a guerra de Ucraína, o prezo da enerxía, a inflación descontrolada e agora a subida dos tipos de intereses dos préstamos hipotecarios xeran un desequilibrio nas economías das familias máis vulnerables. A vivenda xa era un problema antes, e agora agudizouse máis. De aí que todas as administracións deben adicarlle máis atención nos seus orzamentos.

En Galicia hai unha realidade que vén marcada polos máis de quince mil demandantes no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda de Galicia, que leva máis de cinco anos colapsado. O 83 por cento deles solicita vivendas de promoción pública. O número de demandantes de vivendas de alugueiro no Rexistro da Xunta triplica os inmobles ofertados, e o mercado de alugueiro en todas as urbes galegas está moi lonxe de dar resposta ao número de solicitudes inscritas no Rexistro da Xunta.

Este plan do que estamos a falar identifica catro liñas estratéxicas. A modo resumido, unha delas é o acceso á vivenda con programas que inclúen: promoción pública de vivendas, cons-



trucción de vivenda pública e de promoción pública, acceso á vivenda en propiedade ou en alugueiro, promoción de vivenda protexida, axudas á adquisición e ao alugueiro de vivendas, a prevención da exclusión residencial co Bono de Alugueiro Social para vítimas de violencia de xénero, a reparación de infravivendas e a atención a colectivos vulnerables e a persoas sen fogar.

Tería unha segunda, que sería: rehabilitación, rexeneración e renovacións urbanas, que inclúen programas como a rehabilitación directa, a axuda a particulares, a axuda aos concellos, as ARI, Rexurbe e actuacións no Consorcio de Vigo e nos núcleos rurais.

Unha terceira liña estratéxica é o solo residencial, o solo para vivendas de promoción autonómica e a adxudicación destes solos para vivendas de protección autonómica.

E unha cuarta liña serían medidas en materia de vivenda e rehabilitación.

O certo é que este plan, a diferenza do anterior Plan galego de rehabilitación, alugueiro e mellora de acceso á vivenda 2015-2021, coñecido como Plan RehaVIta, non prevé indicadores de seguimento nin os seus valores asociados, o que o sitúa nun limbo de inconcreción que ampara calquera desenvolvemento por parte da Xunta por errático, insuficiente ou ineficiente que sexa.

O pacto actual supón un erro desde o punto de vista máis elemental de desenvolvemento de políticas públicas, ao descoñecer —por non estar explicados— os aspectos e valores concretos que se pretendían acadar, o que impide levar a cabo a avaliación da implementación; é dicir, a avaliación esta de acreditada conveniencia, posto que é o que permite coñecer a adecuación práctica do marco teórico e efectuar, de ser necesario, as modificacións necesarias cando se constate que a aplicación práctica non se corresponde cos obxectivos que se pretendían acadar.

Un dos escasos —por non dicir o único— elementos que se concretan é o relativo ao orzamento do ano 2021 para o desenvolvemento do plan, no que se establecen as seguintes cantidades: para a liña estratéxica de acceso á vivenda, 28.138.296 euros; para a liña estratéxica rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas, 35.462.189 euros; para a liña de solo residencial, 8.330.000; e para a liña doutras medidas, 640.279,64 euros.

A marzo de 2023 a ausencia de indicadores de seguimento distintos do orzamento por liñas do ano 2021, así como os seus valores asociados, impide facer unha análise correcta tanto das actuacións concretas e logros acadados en cada un dos programas como das accións recollidas neste pacto asinado no 2021.

Por todo iso, o Grupo Socialista presenta a seguinte proposición para instar o Goberno galego a que presente, primeiro, un informe no que se detallen as cantidades executadas, tanto no ano 2021 coma no 2022, en cada unha das liñas estratéxicas do pacto; ou sexa, que se presentaran antes do remate do 2021 e no 2022. E, en segundo lugar, as actuacións concretas e logros acadados en cada un dos programas e accións nos que se desenvolven estas liñas estratéxicas que conforman o dito pacto.



Pola miña parte, nada máis.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Ten a palabra, polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, dona María Begoña Freire Vázquez.

A señora FREIRE VÁZQUEZ: Grazas, presidenta.

Boas tardes a todos e a todas, señorías.

Citan os socialistas na súa iniciativa e tamén referiron aquí a Constitución española o Estatuto de autonomía de Galicia, que, efectivamente, no seu artigo 27.3 vén establecer a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de vivenda. Atrévense os socialistas a citar a Constitución española e o noso Estatuto, cando o Goberno de Pedro Sánchez está tramitando no Congreso unha lei estatal de vivenda inconstitucional, que cercena o noso Estatuto de autonomía, ao invadir competencias exclusivas que Galicia ten nesta materia. Sinceramente, hai que ter moita cara, señoras e señores socialistas. O mesmo que o Bloque Nacionalista Galego, que tivo a oportunidade de posicionarse a favor de Galicia na votación das emendas á totalidade ao proxecto e non o fixo, boicoteando tamén a Galicia e o noso Estatuto. Por certo, posición contraria ao do PNV, que si se posicionou rexeitando a intromisión do Estado nas competencias das comunidades autónomas.

Este é outro exemplo da dobre cara que ten o Bloque Nacionalista Galego. Segundo lle conveña, aquí en Galicia é un partido autonómico que se proclama nacionalista, e alí, en Madrid, é un mero número ao servizo de Sánchez e do seu goberno de coalición, avalando o intento intervencionista do Estado; ese Estado centralista que tanto deostan, pero coa boca pequena, caladiños e baixando as orellas.

O voceiro socialista refírese ao Pacto social pola vivenda de Galicia 2021-2025, un plan estratéxico do que se dotou Galicia, que está claramente ameazado por esa futura Lei estatal de vivenda e sobre o que máis adiante afondarei; Pacto social pola vivenda que naceu no marco do Observatorio da Xunta de Galicia, onde están representados todos os axentes que máis saben da vivenda en Galicia e que é resultado da participación, da mellora continua e da experiencia de todos os axentes e das súas achegas. É un plan que marca as liñas estratéxicas a seguir no cumprimento do mandato constitucional para acadar o obxectivo de apoiar as persoas e as familias na consecución dunha vivenda digna e, especialmente, para apoiar os que máis dificultades teñen, as persoas máis vulnerables.

O documento está estruturado en catro liñas estratéxicas, como tamén refería o voceiro socialista; cada unha delas con programas e accións concretas a desenvolver, e combina medidas xa implantadas no anterior plan e que deron bo resultado con novas medidas novidosas. É un amplo catálogo de programas, de axudas ao alugueiro para colectivos vulnerables, para o colectivo xeral, para a mocidade, e axudas para a adquisición de vivenda para mozos, para vivendas protexidas, para adquisición en conxuntos históricos no rural,



axudas para a rehabilitación, para a mellora da eficiencia enerxética, para accesibilidade, axudas para a construción de vivenda protexida, para a construción de vivenda pública, axudas aos concellos e un longo etcétera.

É un plan pensado para apoiar, como tamén sinalaba o voceiro socialista, e beneficiar 70.000 familias e que prevé mobilizar máis de 1.100 millóns de euros e contribuír a crear 30.000 postos de traballo. Ano a ano a ano, señorías, a Xunta de Galicia aproba o orzamento para traballar na folla de ruta marcada polo Pacto Social pola vivenda. Neste ano 2023 o incremento foi dun 13,85 por cento respecto do ano anterior e temos un crecemento sostido nesta lexislatura de máis dun 46,5 por cento.

Teño escoitado o Partido Socialista de Galicia, ao respecto do Pacto social pola vivenda 2021-2025, dicir —e dígoos textual—: «A orientación deste plan a nós parécenos basicamente correcta, porque ademais está aliñada con plans que se teñen posto en funcionamento en distintas comunidades autónomas, con independencia incluso de cal sexa a orientación política dos gobernos que a sustentan, e incluso a orientación tamén está aliñada con programas que se teñen posto en funcionamento noutros estados, noutros países avanzados.». Pero, como apuntaba antes, señorías, este Pacto social pola vivenda do que se dotou Galicia, que a vostedes, señores do Partido Socialista de Galicia, lles parece correcto, está ameazado por esa futura lei estatal; ameazado porque o Goberno central pretende asumir competencias sobre a vivenda protexida, a xestión do parque público residencial de titularidade autonómica e os períodos de protección que afectarán todo o parte público, e porque tamén o Estado pretende regular aspectos como o establecemento de zonas tensionadas, a limitación dos prezos do alugueiro ou que a ocupación ilegal de vivendas sexa unha vía preferente para acceder ao parque público residencial, co que non estamos de acordo.

O BNG, sempre no seo do debate, propón medidas intervencionistas, intervir o mercado inmobiliario, intervir os prezos do mercado con mecanismos como poden ser a presión fiscal ou incluso a expropiación, e nós, señorías, temos claro o noso modelo. Nós non compartimos as medidas restritivas e penalizadoras que pretende a Lei estatal do PSOE-Podemos e o BNG. Nós entendemos que debe afondarse nas medidas destinadas a incentivar a posta no mercado do alugueiro de novas vivendas para incrementar a oferta, o que consecuentemente tería un efecto positivo sobre os prezos. E isto está en consonancia co que sinalan os expertos que analizaron este tipo de experiencias noutros países da UE e incluso en Barcelona e que xa o veñen advertindo desde hai tempo. Provocouse o efecto contrario: retraer a oferta e aumentar os prezos.

A respecto do informe que solicitan e ao que se refire a proposición, como suporán, o IGVS fai unha avaliación continua, un seguimento continuo, das diferentes accións e programas para poder reavaliar, no seu caso. O director do Instituto Galego de Vivenda e Solo explicou con moita concreción e claridade recentemente, na Comisión 2ª deste Parlamento, señor Ojea, como se computaban os fondos en materia de vivenda para efectos de execución orzamentaria, distinguindo entre os fondos de execución anual, os fondos da Comunidade Autónoma e os fondos de execución plurianual principalmente vinculados ás transferencias finalistas do Estado e aos plans de vivenda. Explicou que existen actuacións e axudas que se executan no mesmo ano en que se convocan e outras que, lóxicamente, se executan de forma



plurianual, e, que ademais, as convocatorias plurianuais poden ter a súa contía repartida entre varios orzamentos os anos nos que se vai aplicar ou todo o ano da convocatoria.

Entón, deberíamos saber que moitas das actuacións e axudas incluídas no Pacto social pola vivenda de Galicia son plurianuais e, polo tanto, as iniciadas ou concedidas entre 2021 e 2022 están aínda en execución. Incluso algunhas axudas continuarán vixentes varios anos despois do remate do 2023, como son as actuacións en contornos residenciais de rehabilitación programada.

Pois ben, en resumo, penso que se entende que no momento actual non é factible realizar un balance global dos dous primeiros anos do Pacto social pola vivenda, xa que, como comprenderán, o informe non daría unha imaxe real dos obxectivos acadados cos investimentos orzados.

É certo —e niso estamos completamente de acordo— que tampouco parece apropiado agardar varios anos para coñecer as cifras definitivas do plan, polo que o que propoñemos é que ese informe de avaliación dos dous primeiros anos do plan se presente a finais do presente ano 2023, e así incluíría xa información sobre as actuacións e axudas con anualidades no 2022, no que quedarían pendentes de pechar os datos correspondentes a aquelas que se prolongan máis aló de finais deste ano.

Este é o senso da emenda de substitución que presentamos dende este Grupo Parlamentario Popular: que ese informe se presente antes de que remate o ano 2023 e non antes de que remate este período de sesións. Estamos a falar unicamente dunha diferenza de cinco meses, e desa forma os diferentes grupos parlamentarios, conforme o que explicamos, teremos un informe máis completo e detallado e dispoñemos dunha información máis axustada e real, o que, como saben, non sería posible cando están abertas varias convocatorias e pendentes de pechar os datos da súa execución. Esperamos, logo, o seu posicionamento sobre a emenda.

E non podo rematar sen poñer algúns exemplos que son tamén claros indicadores do que pasa coa vivenda protexida e coa vivenda pública. A Xunta, como saben, programou dende hai anos a ampliación do ámbito residencial de San Paio de Navia, en Vigo, onde se prevén construír 1.600 vivendas protexidas. Levamos catro anos esperando orzar 8 millóns de euros ano ao ano e necesitado facer modificacións orzamentarias para utilizalas noutras finalidades, debido aos atrancos do Concello de Vigo na aprobación dos proxectos de urbanización. Xa o dixemos en moitas ocasións, non se pode tardar máis de tres anos para aprobar un plan parcial e non se pode tardar máis de dous anos para aprobar un proxecto de urbanización.

E outro exemplo —e xa remato—: barrio de Xuxán, na Coruña, antigo Parque Ofimático. O Goberno municipal bipartito PSOE-BNG decidiu adxudicar en maio de 2011 as obras de urbanización do ámbito residencial á empresa Acciona; 45 millóns de euros en plena campaña electoral o mesmo día da xornada de reflexión, en contra do criterio manifestado pola Xunta e polos promotores, que conxuntamente ostentaban a titularidade de practicamente o cen por cento do solo. Consecuencia: recurso xudicial, anulación do proxecto de adxudicación das obras de urbanización, resolución do contrato e sentenza do ano 2015. Este é outro exemplo de mala política e de mala xestión, que tivo graves, gravísimas consecuencias para



os veciños e veciñas da Coruña e que supuxo anos de atrancos e de graves problemas. Tivo que ser a Xunta de Galicia, que impulsou acordos entre o Concello e os promotores nos anos 2016 e 2021, gobernando no Concello da Coruña a Marea Atlántica e o Partido Socialista, a que adiantou cotas de urbanización, 7,9 millóns de euros, para que o Concello puidese contratar, executar parte da urbanización ao seu cargo e desbloquear así os graves problemas existentes no desenvolvemento de solo residencial.

Hoxe os veciños da Coruña vemos como o barrio de Xuxán avanza, que están construídos edificios por cooperativas de vivendas, que están construídas vivendas públicas polo Instituto Galego da Vivenda e Solo e que se segue a construír, pero o camiño percorrido foi longo. ¿Cantos anos pasaron dende esa mala política, esa mala decisión, señores do PSOE e do BNG? Deixo que busquen a resposta.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Ten agora a palabra, polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, dona Alexandra Fernández Gómez.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Moi boa tarde.

Logo de dous anos xa de funcionamento do Plan de vivenda que concibiu a Xunta para este período de 2021-2025, xa podemos comezar a ver cales son os resultados dese plan, non sen antes recordar que xa dende este grupo parlamentario, cando se presentou ese plan, advertiamos dunha serie de defectos que hoxe se están xa a confirmar. O primeiro é que este plan establecía unha política continuísta co anterior Plan de vivenda e que non abordaba os problemas fundamentais que temos hoxe en materia de vivenda, como é, por exemplo, o aumento dos prezos do alugueiro. E así foi a inacción da Xunta, por exemplo, nesta materia; contribuíu a que o prezo do alugueiro seguisse disparándose nos últimos anos. No 2020 o prezo medio dos alugueiros en Galiza estaba en 438 euros, hoxe está en 474 euros, o que supón un aumento dun 7 por cento en apenas tres anos; un aumento, ademais, que se ve agravado nas cidades, onde ascendeu sobre un 10 por cento en só tres anos.

Tamén criticamos no seu momento que este Pacto de vivenda 2021-2025 carecía de concreción e de obxectivos específicos. Dixémosllelo no seu momento. Isto non é un plan, isto é un panfleto de propaganda, porque non hai ningún tipo de obxectivos concretos, só son epígrafes con declaracións vagas e moi xerais.

Se ao anterior Plan de vivenda xa lle faltaba concreción e polo menos tiña vinte indicadores para, polo menos, saber cara a onde tiña que camiñar ese plan, pois o que fixo o Partido Popular con este novo plan é cargarse todo obxectivo concreto. Este, en realidade, é un plan que podemos chamar «o plan dos cero compromisos», que se traduce, ademais, no plan dos cero resultados, como veremos máis adiante. E un exemplo disto, por exemplo, é o que propón en materia de vivenda de promoción pública este plan. Non sabemos nin canta vivenda de promoción pública debe haber nin onde debe estar nin como. É simplemente unha



epígrafe que di que hai que facer vivenda pública nada máis. Non hai ningún tipo de plan detrás deste Pacto social da vivenda. Planificar isto é redactar titulares. E a consecuencia disto acabámola de ver na intervención da portavoz do Partido Popular, que vén aquí gabarse da política de vivenda de promoción pública, por exemplo, no Plan de Navia, cando o que din os informes é que a maioría das persoas que están no Rexistro de Demandantes de Vivenda o que piden é vivenda de promoción pública. Máis do 80 por cento pide vivenda de promoción pública, non vivenda privada, porque ten uns prezos máis accesibles. ¿E que vai facer o Partido Popular nesa promoción do desenvolvemento de Navia? Facer 80 vivendas de promoción pública das 1.600 vivendas que se van desenvolver. E iso é porque vostedes non planifican, non teñen ningún tipo de orientación sobre cara a onde ten que ir a vivenda de promoción pública.

A min sorpréndeme que vostedes veñan aquí gabarse do Plan sectorial de Navia, cando vostedes dende o propio Observatorio de Vivenda de Galicia acaban de publicar un informe que fala de cara a onde hai que orientar a vivenda de promoción pública, que ten que ser que fundamentalmente todo o desenvolvemento de vivenda por parte do Instituto Galego de Vivenda e Solo ten que ser de promoción pública, e vostedes mesmos fan o contrario cando desas 1.600 vivendas só o 80 van ser de promoción pública.

Pero, en todo caso, a pregunta que se faría calquera vendo a falta de obxectivos concretos deste Pacto social é por que o Goberno do Partido Popular se empeña en non fixar obxectivos do seu propio plan. Pois a resposta é evidente: porque non pensan desenvolver nada e porque saben de antemán que os resultados van ser un fiasco, igual que o foron os do anterior plan. E, por iso, o esforzo da Consellería céntrase non en lograr compromisos, senón en enmascarar as trolas que queren coar coa propaganda, coa ocultación de información e incluso coa manipulación de datos.

Hoxe queremos aproveitar esta intervención para dar datos e para revelar como o Goberno manipula resultados e como se cociñan as mentiras na Consellería.

Vaíamos cos datos, imos ver que fixo a Xunta durante a primeira anualidade deste Plan de vivenda.

En materia de rehabilitación, tiñan un programa para a reparación de vivendas de promoción pública, do que deixaron 400.000 euros sen executar dos dous millóns que comprometeran.

Do Programa Rexurbe, programa estrela da rehabilitación da Xunta de Galicia, o crédito inicial eran 10 millóns de euros; executados, 3. Deixaron case o setenta por cento do orzamento sen executar, e iso é o que explica que o Partido Popular en campaña electoral prometa 3.000 vivendas baixo este programa e que hoxe en día haxa 9 inmobles rehabilitados, porque vostedes non executan o que prometen.

Das axudas á rehabilitación de infravivenda, deixaron 100.000 euros sen executar dunha partida ridícula de 370.000.

Das axudas á rehabilitación de vivendas de mestres, de 2 millóns de euros anunciados, deixaron máis da metade sen executar.



No programa Rehaluga —atención, porque este é o programa estrela da Consellería de Vivenda para abordar o problema da vivenda baleira—, o crédito inicial eran 150.000 euros; executado, cero euros; nin as convocaron no 2021, nin as convocaron no 2022. Esta é a política do Partido Popular, onde cada ano presentan uns orzamentos que son absolutamente falseados, porque logo non os cumpren.

E, en materia de acceso á vivenda, temos máis do mesmo. Para a construción de vivenda de promoción pública, había un crédito inicial de case oito millóns de euros, e executaron catro millóns de euros. ¿Alguén cre que sobra vivenda pública en Galicia para deixar a metade desta partida sen executar? ¿Alguén cre que con catro millóns de euros se pode facer vivenda pública suficiente para abordar o problema que temos quince mil persoas inscritas no Rexistro de Demandantes de Vivenda? (Aplausos.)

Para o Programa de fomento do alugueiro con dereito a compra —este tamén é un dos anuncios estrela da Xunta de Galicia, porque supostamente este é o programa que vai resolver o problema da emancipación da xuventude en Galicia—, o crédito inicial é de 150.000 mil euros; executados, cero euros; cero euros para este programa.

Pero volveremos aquí debater de emancipación, volveremos debater deste problema e vostedes sacarán os galóns de que teñen este programa, pero se non ten fondos, se non se executa, absolutamente nada. Nin dotan de orzamento, nin executan as políticas propias da Xunta, pero tampouco o fan coas medidas do Plan estatal de vivenda 2018-2021. Vemos exactamente o mesmo *modus operandi*: dos 5,4 millóns de euros aos que se comprometeron nos orzamentos para os programas de acceso á vivenda, executaron 2; dos 3,8 millóns de euros que se comprometeron para empresas privadas, outorgaron 1,2 —menos da terceira parte—; do millón destinado a familias, apenas gastaron 700.000, e do millón de euros que se ía destinar a entidades sen ánimo de lucro e aos concellos outorgaron cero euros.

Hai que recordarlles que a situación de partida xa era mala, porque xa vostedes lle meteran un recortazo ao orzamento en materia de vivenda, porque agora mesmo hai o 50 por cento do que se investía durante o Bipartito en materia de vivenda. Pero, á parte dese recortazo, o problema é que logo nin executan, e non executar nin o que vén definido no Plan estatal supuxo que se denegasen axudas á emancipación da xente moza, a pesar de que lles quedaban fondos e de que se deixasen parte dos poucos fondos que había para o Bono de Alugueiro Social sen outorgar. Non executar, non investir significa deixar moita xente privada de acceder aos recursos públicos. E no 2022 a cousa non mellorou, senón que foi a peor, porque directamente nin convocaron as axudas ao alugueiro.

Ante estes datos explícase ben por que a Xunta trata de ocultalos, e para iso, se fai falta, manipulan a información que traen a esta Cámara. Miren, este é o informe de avaliación do anterior Plan de vivenda que entregou a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda nesta Cámara aos grupos parlamentarios. (A señora Fernández Gómez amosa un documento.) Pois ben, contén información corrompida para tratar de ocultar o desastre máis absoluto desa consellería. O Plan de vivenda marcábase, inicialmente, lograr en seis anos a licitación de 870 vivendas de promoción pública, e neste informe de avaliación de resultados dise que houbo 858 vivendas de promoción pública licitadas e 908 adxudicadas. Calquera pensará



que os resultados non son tan malos, se se prevían 870 novas vivendas de promoción pública e se licitaron 858, pero resulta que se escarvamos un pouco vemos que estes datos son puro trilerismo, porque o que están contabilizando non son as novas vivendas públicas licitadas, senón todos os cambios de inquilino de vivendas que xa existían. Isto é o mesmo que computar como novas prazas dunha residencia de maiores cada novo usuario que entra, ou computar como novas prazas de centros educativos aqueles alumnos que se incorporan cada ano. E ante un feito tan grave, fixemos un traballo de investigación de cada un dos expedientes de adxudicación e só puidemos certificar que desas 858 licitacións de vivenda pública só 39 foron realmente adxudicacións dunha nova vivenda de promoción pública. É dicir, que prometeron 858 novas vivendas públicas e non chegaron nin ás 40 en seis anos. (*Aplausos.*) Ante tal escándalo, o que recibimos foi o silencio por parte da Xunta de Galicia cando lle preguntamos ao director xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo sobre esta cuestión; negouse —como digo— a responder.

Namentres, ¿que fai o Partido Popular? Propaganda, moita propaganda. Aquí temos o delegado territorial da Xunta en Ourense (*A señora Fernández Gómez amosa un documento que contén unha fotografía.*) facendo unha foto coa entrega de chaves de dúas novas vivendas. Aquí podemos ver como di: «A Xunta entrega dúas novas vivendas de promoción pública en réxime de alugueiro». Esta é a nota de prensa saída da Consellería. Pero é que, en realidade, as dúas vivendas que entregaron non son novas, tiñan máis de dez anos cando entregaron as chaves; o único que pasou é que cambiaron de inquilinos esas vivendas e entraron outros. ¿Alguén imaxina o delegado territorial da Xunta anunciando como novas prazas públicas nun centro educativo ou nun centro sanitario o cambio do usuario da mesma praza? Pois isto é ao que se dedica o Partido Popular en materia de vivenda. (*Aplausos.*) E aquí temos o delegado da Xunta territorial en Ourense, un ano despois, (*A señora Fernández Gómez amosa un documento que contén unha fotografía.*) entregando de novo as mesmas chaves dos mesmos pisos e dicindo que a Xunta adxudica dúas novas vivendas públicas no mesmo sitio. É dicir, que o delegado territorial se dedica a entregar en bucle as mesmas chaves, e, cada vez que se entregan, a Xunta pretende coarnos que se contabilicen e se computen como unha nova vivenda pública.

En conclusión, o Goberno non cumpre, o Goberno fai propaganda falsa, o Goberno entrega documentación corrompida nesta Cámara e o Goberno manipula e engana sen escrúpulos.

Concordamos coa iniciativa en que a Xunta ten que mellorar bastante en transparencia, en que Xunta ten que render contas, e por iso imos apoiar toda iniciativa que camiñe neste sentido. Pero, dende logo, advertímoslle ao Partido Popular que imos estar moi atentos ás chapuzas e aos informes que entregan nesta Cámara. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Para o peche, ten a palabra novamente o autor da proposición non de lei, don Eduardo Ojea.

O señor OJEA ARIAS: Benvida dona Alejandra Fernández pola súa reincorporación.

Simplemente quero comentar que nós, o Partido Socialista, partimos de que a vivenda é o quinto pilar que sustenta o Estado do benestar. As administracións deben facer normas que



reforcen o acceso a vivendas a prezos accesibles, deben protexer de situacións de vulnerabilidade e tamén combater a especulación inmobiliaria.

A Xunta aprobou nos anos 2015-2020 un Plan galego de rehabilitación co nome de RehaVita, cunha mobilización de 600 millóns de euros, co fin de chegar a 152.000 persoas. Tamén tiña catro eixos: o acceso á vivenda, a rehabilitación de vivendas e renovacións urbanas, a prevención da exclusión residencial e outras medidas.

Neste período adxudicáronse máis de novecentas vivendas —daquela maneira— e só 93 foron en Ourense —chama a atención—, fronte ás máis de duascientas nas demais provincias: en Lugo, Pontevedra e A Coruña. Un estudo deses datos puxo de manifesto que nese período o 82 por cento desas vivendas adxudicadas eran para o alugueiro. Pódese afirmar que esa porcentaxe, a marzo de 2023, segue igual.

En 2021-2025, asínase pola Xunta —como acabamos de ver— un novo pacto de vivendas que tiña catro liñas estratéxicas: acceso á vivenda, rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas, solo residencial e outras medidas en materia de vivenda e rehabilitación. Presenta en cada liña eixos e programas, todos de gran calado, como promoción pública de vivendas, construción de vivendas públicas, acceso á vivenda en propiedade ou en alugueiro, promoción de vivenda protexida, adxudicación e alugueiro de vivenda, Bono de Alugueiro Social, Bono de vítimas de violencia de xénero, reparación de infravivendas, atención, etc. Moitos programas, pero nós non coñecemos nin o resultado no día de hoxe.

A Xunta contaba con construír no ano 2022 2.293 vivendas, das que 512 eran de promoción pública; 65 rehabilitacións a través do Plan Rexurbe e 1.716 vivendas públicas en relación co solo residencial. En marzo de 2023, a ausencia de indicadores de seguimento distintos do orzamento por liñas do ano 2021, así como os seus valores asociados, impide saber con exactitude canto hai de verdade nas afirmacións feitas polo señor Feijóo, presidente da Xunta, na presentación do anterior pacto.

A realidade en Galicia no día de hoxe é que un terzo dos habitantes das grandes cidades con ingresos familiares debaixo dos 1.500 euros viven de alugueiro. A porcentaxe de poboación que vive de alugueiro está a aumentar, sendo máis elevada nas familias con rendas reducidas nas zonas urbanas, e, sobre todo, entre a mocidade. Este sector é o que se está a ver máis afectado polo alto incremento dos prezos nos últimos anos. Hai un aumento do 30 por cento do prezo da vivenda desde 2015. De aí a urxencia de construír vivenda de promoción pública para dedicala ao alugueiro en persoas vulnerables ou en risco de pobreza. O esforzo financeiro de media que necesitan os galegos e as galegas para unha vivenda é de case o trinta por cento dos seus ingresos. Preto do nove por cento das persoas non pode pagar a fin de mes a renda que teñen. O alugueiro dun piso tipo en Galicia aumentou un 8,1 por cento nun ano e de xaneiro a febreiro subiu un 1,1 por cento.

Os prezos da vivenda en propiedade seguen á alza, e o mesmo sucede cos alugueiros. Fóra das sete grandes cidades galegas, hai 1.745 vivendas susceptibles de ser arrendadas. A vi-



venda usada tamén sofre alteracións importantes; o prezo aumentou un 2,9 por cento en febreiro en Galicia. A nivel nacional, o prezo por metro cadrado aumentou un 5,8 por cento dende febreiro de 2022. A suba do euríbor e o endurecemento do financiamento hipotecario deixa máis dun 56 por cento das unidades familiares galegas fóra dos segmentos de poboación que poden ter unha vivenda en propiedade, co que o incremento da demanda en vivendas e en arrendamentos nos próximos anos está garantido.

Segundo a Federación de Empresas Inmobiliarias, Galicia necesita con urxencia máis de vinte mil vivendas de protección oficial no mercado da vivenda como plan de choque para atender as necesidades de quen non pode ter unha vivenda en propiedade no mercado libre e ten dificultades para chegar a fin de mes polo custo do alugueiro. Ademais, subliña as dificultades que atopan os mozos e mozas de menos de 29 anos.

Para intentar minimizar os problemas é necesaria a colaboración entre as administracións central, autonómica e local, con políticas activas en materia de vivenda e con programas que se axusten á realidade galega. Para levalos a cabo é moi importante a xestión e, sobre todo, a execución dos programas en tempo e forma. Unha vez coñecidos os datos de execución orzamentaria do terceiro trimestre do ano 2022, en todas as consellerías resultan moi preocupantes os datos referidos á vivenda. A Xunta de Galicia debe avanzar na execución dos fondos europeos, xa que de aí dependen os novos investimentos.

Quero dicir tamén que aceptamos a emenda do Partido Popular. Pensamos que vén completar un pouco o que dixo a voceira.

Pola miña parte, nada máis, e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Pasamos á seguinte proposición non de lei.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e D^a Marina Ortega Otero, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para aumentar os recursos humanos na área de saúde mental do sistema sanitario público, nomeadamente nas unidades infantoxuvenís

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Montserrat Prado Cores, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Substituír o texto do punto 2 polo seguinte:

«2. Realizar todas as medidas precisas para garantir a capacidade e calidade docente para atender a formación d@s profesionais relacionados coa saúde mental (EIR, PIR, MIR) para convocar o número de prazas necesaria para equiparnos coa rateos dos países da nosa contorna.»

Emenda de adición.



Engadir dous novos puntos co seguinte texto:

<<6. Creación nos Centros de Saúde de Atención Primaria de prazas de psicólogos clínicos.>>

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición ten a palabra o señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Un 40 por cento dos homes galegos afirma ter ou ter sufrido un problema de saúde mental ou da conduta na súa vida; increméntase ese dato nas mulleres ata un 50 por cento. Unha de cada dúas mulleres galegas afirma ter ou ter sufrido un problema de saúde mental. Galicia é a comunidade autónoma de España con maior consumo de tranquilizantes e antidepressivos, e temos absolutamente normalizado que persoas que podemos estar aquí, persoas que nos poden estar vendo, persoas que nos poden ver na retransmisión, traballadores desta casa ou calquera persoa que nós coñecemos, en moitos deses casos necesitan incluso medicamentos para durmir ou medicamentos ao principio do día. Coñecemos persoas que se medican en termos de saúde mental, e témolo absolutamente normalizado, e non é normal. Son datos da Sociedade Española de Saúde Pública e da Administración Sanitaria.

En termos infantoxuvenís, nos menores de idade e nas idades de adultos máis mozos, a Organización Mundial da Saúde afirma que, só contabilizando os países occidentais e máis desenvolvidos, pola dificultade que ten obter datos en saúde mental noutros lugares onde é moito máis difícil recabar os datos, só focalizándoo niso —onde teoricamente vivimos os privilexiados con respecto á parte do mundo que o vivimos—, unha de cada sete persoas desa idade, menor de idade ou adultos mozos, sofre hoxe un problema de saúde mental.

Save the Children apunta que dende o inicio da pandemia se multiplicaron por tres as consultas en termos de saúde mental ou problemas de conduta nestas idades máis temperás. A Asociación Española de Pediatría en Atención Primaria alerta de que dende o 2020 se duplicaron os suicidios en menores de 15 anos.

Hoxe na franxa de idade de 15 a 30 anos o suicidio xa tristemente compite por ser a primeira causa de morte, cos accidentes de tráfico. Temos un gravísimo problema, gravísimo. ¿Temos medios e modelo asistencial para afrontalo? En Galicia non. Galicia ten hoxe unha media de espera de máis de catro meses por unha consulta de saúde mental. Se calquera persoa ten a necesidade de ser vista por un profesional de saúde mental e vostedes coñecesen ese caso dalgunha persoa próxima porque llelo comentase, seguro que vostedes estarían pensando nun psicólogo privado. Ninguén de vostedes pensaría nun psicólogo, nun psiquiatra ou nun enfermeiro de saúde mental, nun profesional do sistema público, ninguén, porque non é posible ter unha asistencia garantida en termos de saúde mental, non é posible unha primeira cita en máis de catro meses, é absolutamente imposible.

Hoxe en Galicia as persoas non teñen garantido o servizo de saúde mental, non estamos dando o dereito á saúde que os cidadáns merecen. ¿Por que ocorre isto? Porque Galicia ten a peor ratio de profesionais en todas as categorías en saúde mental, a peor ratio de profesionais de toda España. Máis de catro meses para unha primeira consulta.



Pero é máis —e creo que é obrigatorio citalo—: a última convocatoria formativa de profesionais —aquela sobre a que escoitamos habitualmente seguro que pola insistencia do Partido Popular; todas as señorías desta cámara coñecen o dato de que queremos máis MIR, queremos máis MIR para ter máis profesionais— ofrece ao Goberno de Galicia a posibilidade de convocar un número de prazas formativas en psiquiatría, de prazas formativas en psicoloxía, de prazas formativas en enfermería de saúde mental. Galicia non esgotou ningunha das tres.

Vólvolles lembrar: temos a peor ratio de profesionais en cada unha desas categorías de toda España e nin sequera vostedes deciden formar todos os posibles. Están renunciando a formar profesionais en saúde mental, onde temos —insisto— a peor ratio de toda España. E isto provoca eses datos que sabemos sobre farmacoloxía, ser a comunidade autónoma que máis consome en farmacoloxía e ter os datos que temos en termos de saúde mental tan preocupantes, porque as cousas non pasan porque si.

Temos, ademais, un problema grave no modelo asistencial. Galicia non sabe como quere atender as persoas que teñen un problema de saúde mental, non o sabe. Durante moitos anos presumiuse, dirixentes sanitarios neste país presumiron de pechar centros psiquiátricos. E a pregunta é: ¿por que e para que? ¿Por que se presume e para que se pecha? Hoxe Galicia só ten practicamente moi pouquiños espazos —ou un grande basicamente— que concentra os enfermos crónicos que adoitan estar internos, nunhas condicións ademais que nalgúns dos casos son —ímolo dicir para non ser moi excesivamente dramáticos— francamente mellorables. Pero non temos a capacidade de ter no sistema, na rede asistencial galega, centros que se non queríamos ter grandes centros e se pecharon, a alternativa que deberíamos ter tomado como país era ter centros atomizados no territorio, porque facilita moitas cuestións.

Por exemplo, a integración social de moitos pacientes, especialmente en idades infantoxuvenís, onde é moito máis posible, dentro das dificultades, integrarse novamente no ritmo de vida. Cando unha persoa sofre problemas de saúde mental aos 16, aos 18 ou aos 20 anos, é máis fácil, se está ubicada no territorio, ter a posibilidade de reintegrarse.

Porque ¿que pasa coas persoas que sendo de calquera punto de Galicia acaban internadas nun período «x» —semanas, meses— nun centro psiquiátrico poñamos en Santiago de Compostela? Que non poden despois de meses volver con tanta facilidade e reintegrarse. ¿E que tende a ocorrer? Que son pacientes que saen e volven entrar, saen e volven entrar no sistema. Porque non estamos dando unha saída real ás persoas ás que debemos de poder atender, porque non temos modelo asistencial, porque a saúde mental en Galicia leva moitos anos vivindo pechaba, escondida, e canto máis lonxe mellor, para que non apareza.

Temos, ademais, un problema non só cos crónicos, cos agudos, en idades infantoxuvenís. Hoxe en Galicia hai 11 camas para persoas menores de idade, en idades infantoxuvenís que teñen un problema agudo de saúde mental, un episodio crítico, que necesiten ser internados nun hospital por uns días, por un día, por unha semana. Se o necesitan, hai 11 camas en toda Galicia. Non é asumible esta situación. Porque non é normal e non é nada bo dende o punto de vista clínico internar unha persoa de 16 anos cun problema grave de saúde mental, cun



episodio crítico agudo, na mesma habitación que unha persoa que ten 60 anos e que ten o episodio agudo número 136 da súa vida. Porque —sexamos realistas— non é posible tratar igual e, por tanto, a imaxe e a comparativa é peor para esa persoa máis nova, porque é moito máis difícil, porque é practicamente imposible. Non estamos dando saída a esas persoas.

E, por tanto, nós levamos dende hai moitos anos defendendo a necesidade de traballar en termos de saúde mental e traendo a este parlamento propostas, intentando sacar algunhas aprobadas, intentando defender que aquelas que non se queren aprobar son absolutamente necesarias. E temos tido a vontade demostrada neste parlamento de aprobar algunhas iniciativas, de ceder en moitas ocasións para aprobar algunhas cousas por unanimidade.

Si, existiron algúns exemplos, existen acordos parlamentarios que así o demostran. Por exemplo, hai agora mesmo dous anos, marzo de 2021, este parlamento, despois de que o Partido Popular pedise rebaixar as exixencias dalgúns puntos, aprobou unha iniciativa que defendemos dende o noso grupo —que tiven a oportunidade de defender— para mellorar algunhas cuestións de saúde mental. E —vou lembrar— en termos de persoal falabamos en 2021 de contratar e formar os profesionais necesarios para equipararnos en 2024 —¡que lonxe parecía entón!— á media de España; nin sequera pediamos máis que equipararnos á media. Aquilo, que foi votado tamén polo Partido Popular, non se cumpriu nin sequera no primeiro ano. Existía un compromiso de contratación no primeiro ano, 120 prazas; non chegaron nin a 100. Obviamente, non só estamos moi lonxe senón que seguimos encabezando por debaixo a ratio de profesionais de toda España.

Defendemos naquel momento que tiñamos que ter inmediatamente, da maneira máis rápida posible, unha unidade de hospitalización infantoxuvenil, para aumentar esas 11 camas que existen en Santiago. E ubicabámola onde hai décadas que en Galicia se vén falando de que é necesario, en Vigo, no Hospital Álvaro Cunqueiro. Aprobouse aquí que esa unidade estaría lista e posta para funcionar a finais do ano 2021. Curiosamente, onte o conselleiro aínda visitaba as obras; eu levo contadas sete visitas coas súas sete notas de prensa e os seus sete anuncios de que se vai poñer en marcha, pero alí aínda non hai ningunha cama, por suposto ningunha persoa.

Defendéronse outras cousas que xa non teñen que ver tanto coa iniciativa, pero permítanme lembrarllas: aprobouse aquí unha unidade de psicoxeriatría en Ourense, a provincia máis envellecida de España; non hai nin o recordo daquilo. Aprobouse a mellora do Hospital de Conxo nas circunstancias que eran sinaladas polo Defensor do Pobo, circunstancias que non se melloraron e que volveron merecer un informe moi crítico. E tamén se aprobou absorber os servizos municipalizados; en saúde mental hoxe os concellos están tendo que dar servizos municipalizados en termos de condutas adictivas, que vostedes dende o Partido Popular aproban aquí, que teñen que absorber dende o Sergas, porque son pacientes igual que calquera outro, pero é que o Sergas non quere; e, por tanto, son pacientes de segunda, incluso recoñecidos polo Sergas, que non quere contratar os profesionais e absorber os sistemas. E agora que estamos en campaña municipal eu pediría a todos os que son candidatos que defendan esta idea: que hai que absorber por parte do Sergas e non comelos dende o punto de vista dos concellos, que non lles corresponde, servizos sanitarios, porque é unha competencia autonómica.



Así que nós propuxemos todo isto. Foi votado por unanimidade. A pregunta é: ¿foi votado para evitar una foto mala ou foi votado por vontade de cumprir? Por vontade de cumprir, demostrado que non. Por tanto, nós desexamos e hoxe propoñemos aquí nesta iniciativa...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TORRADO QUINTELA: ...—remato xa— propostas en termos de recursos humanos, propostas en termos da creación destas unidades de saúde mental para infantoxuvenil.

E propoñemos algunhas melloras en termos de coñecemento para avanzar en cuestións que son e que nos afectan gravemente, como os grupos de coñecemento e de información sobre como afrontar o suicidio, onde en Galicia temos profesionais de recoñecido prestixio nacional e internacional.

Poñámonos a iso, porque temos un gravísimo problema e vostedes están aínda gobernando sen cabeza sobre esta cuestión e nós pretendemos axudar a que o fagan ben.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Boa tarde.

Grazas, presidente.

E boa tarde a todas as persoas que nos acompañan desde a tribuna, aínda que non sexa para esta iniciativa.

A atención á situación da saúde mental en Galiza ten sido unha das ocupacións do Bloque Nacionalista Galego desde hai moito tempo. Levamos moito tempo dicindo que, se as galegas e os galegos non temos garantido o dereito á asistencia sanitaria de calidade en xeral, a atención á saúde mental aínda moito menos. É unha das grandes esquecidas dos catorce anos de políticas sanitarias do Partido Popular na Xunta de Galiza. E a esta altura do ano 2023 en moitos dos aspectos aínda o Partido Popular está na fase de anuncios e promesas. Non ten actuado, non ten atendido as necesidades, non planificou, non adicou o orzamento preciso nin para a prevención nin para a intervención.

Algo desde logo incomprensible e tendo en conta os datos —o propoñente da iniciativa fixo referencia a algúns, pero podemos coller calquera informe de calquera entidade—, que absolutamente todos determinan que os problemas de saúde mental van en aumento. Que era unha auténtica preocupación antes da pandemia, mais que coa pandemia os datos disparáronse, que son miles as persoas que demandan atención aos seus problemas de saúde mental.



É preocupante en xeral, mais, efectivamente, os datos en canto aos sectores máis vulnerables —como poden ser as mulleres ou como pode ser a mocidade— van aínda máis en aumento. Podemos falar no caso da mocidade de cuestións de trastornos da conduta, da conduta alimentaria, da afectividade, déficit de atención e hiperactividade; ou das máis preocupantes, que son as condutas autolesivas e intentos de suicidio.

Os últimos datos feitos públicos polo Imelga a respecto dos datos de suicidio en Galiza son alarmantes, porque consolidan a triste realidade de que estamos á cabeza do Estado en número de suicidios, desde logo, un *ranking* que creo que sería bo que desde o Goberno se tomara nota e actuara para non ser os campións neste drama.

Desde o ano 2010 ao ano 2021 en Galiza quitáronse a vida 3.083 persoas; no último ano, 331. E os datos é que deses 331 aumentou o número de mulleres, que se no ano 2019 foron 91, no 2021 xa foron 107, é dicir, 16 máis; e no caso da mocidade, destes 331 no ano pasado 34 foron menores de 30 anos.

Ese é un auténtico drama, que debería levar a que o Goberno da nosa nación tomara nota, porque, ademais, todos os datos, a empezar pola Organización Mundial da Saúde, din que por cada suicidio consumado hai como mínimo unha media de entre vinte e trinta intentos que non se consumaron.

Ben, pois tamén todos os datos indican que a saúde mental, os problemas de saúde mental, son a pandemia poscovid.

E, diante desta situación, ¿con que nos atopamos? O que dixeran ao principio: que o Goberno do Partido Popular nin actuou nin planificou e segue sen facelo. Houbo que agardar ata o ano 2017 para que publicaran o I Plan de prevención do suicidio en Galiza; digo en Galiza porque nin sequera era de Galiza, porque era unha pequena actualización do plan do Estado. ¿Cal é o tema? Que á altura deste 2023 pois non hai medidas, non hai practicamente orzamento, non temos coñecemento de que se faga seguimento, de que haxa informe de como se está implementando.

Ao igual que o Plan de saúde mental 2020-2024, teoricamente dotado con 23 millóns de euros, que correspondería unha media de 21 millóns de euros cada ano. Mais vemos como que, orzamento tras orzamento da Xunta de Galiza, practicamente non hai nin un terzo destes 21 millóns de euros e tampouco nin avaliación nin seguimento nin saber realmente como se está actuando.

Se todos os postos de traballo contemplados nese Plan de atención á saúde mental 2020-2024 se efectivizaran, que de momento non é o caso, serían 241, estaríase na metade do persoal que os propios estudos da Xunta de hai vinte e cinco anos —da Xunta Fraga Iribarne, de hai vinte e cinco anos— establecían; é dicir, nin sequera estaríamos na metade desa cantidade. E significarían os que hai agora o 68 por cento do que sería preciso, o 49 por cento en psiquiatría, o 50 por cento nas enfermerías especialistas en saúde mental que sería necesario ou o 27 por cento en traballo social ou o 32 por cento en terapia ocupacional; é dicir, manifestamente insuficiente.



Polo tanto, dous elementos planificadores como eran o Plan de atención ao suicidio ou o de saúde mental, tardíos, insuficientes, mais que non deixan de ser papel mollado.

Polo tanto, temos que dicir, desgraciadamente, que ter asistencia aos problemas de saúde mental é un luxo ao alcance de moi poucos, porque na sanidade pública é tremendamente difícil que pres-ten esa atención, porque as listas de espera son tremendas, porque as listas de espera publicadas polo Sergas —as últimas, en xuño do ano 2022, tiñan que telas publicado en decembro do ano 2022, non as teñen publicado— están practicamente en dez mil persoas agardando por unha pri-meira consulta de psiquiatría. Logo as consultas sucesivas tardan meses, co cal con iso non se presta a atención que minimamente necesitan as persoas, cando se tardan meses en chegar, e cando logo as sucesivas, que en moitos casos terían que ser ás veces, no caso de atención ao sui-cidio, dunha semana ou quince días, volven tardar tres ou catro meses ou incluso máis diso.

Polo tanto, non hai a atención na sanidade pública, e quen pode pagala vai á sanidade pri-vada, que evidentemente os sectores máis vulnerables non poden pagar esas consultas.

Creo que os datos que acabo de dar son tremendamente esclarecedores de cal é a situación. E, efectivamente, estamos á cola do Estado en taxa por profesionais, estamos por debaixo da media do Estado, pero é que o Estado non é referencia de nada, porque no Estado español estase moi por debaixo da media dos países do contorno, do que é a Unión Europea.

Poñemos, por exemplo, psicólogos clínicos por 100.000 mil habitantes. Na Unión Europea hai unha media de 38; podemos falar no Estado de 6 e en Galicia non chega nin a 5. É dicir, esta-mos á cola do Estado, pero é que o do Estado é manifestamente mellorable. No caso de Suecia é dez veces máis que a media do Estado, e incluso Portugal, que parece que sempre o temos aí como o patinho feo, ten o dobre que o Estado español, e evidentemente máis que Galiza.

Podemos falar de psiquiatras, exactamente o mesmo. No Estado hai arredor de 10 psiquiatras por 100.000 habitantes, mais é a metade do que hai en Noruega ou en Francia ou en Suecia ou cinco veces menos do que ten Suíza.

Polo tanto, desde logo, é totalmente insuficiente. Tempos de espera inaceptables e, polo tanto, as consecuencias das políticas do Partido Popular teñen como resultado case dez mil persoas agardando por unha primeira consulta de psiquiatría.

Estamos á cabeza en número de suicidios do Estado, estamos á cabeza en consumo de psi-cofármacos; é dicir, o Estado está á cabeza da Unión Europea en consumo de psicofármacos e Galiza á cabeza do Estado; é dicir, datos brutais.

E estamos á cola en número de profesionais.

É evidente que, con estes datos e con esta folla de ruta, non se van solucionar os problemas de saúde mental que teñen os galegos e galegas.

E por iso imos apoiar a iniciativa que trae hoxe o Partido Socialista, que en determinadas cuestións aborda temas que o BNG xa trouxo aquí, e que o Partido Popular votou en contra



sempre, como a unidade de hospitalización infantoxuvenil que demandamos unha por área sanitaria, que, efectivamente, podemos poñer por exemplo a área sanitaria de Vigo, que o actual presidente do Parlamento, que xa leva uns anos de presidente do Parlamento e, por tanto, que non é voceiro de sanidade, cando era voceiro de sanidade xa nos deu como inminente que entraba en funcionamento a unidade de hospitalización infantoxuvenil de Vigo, e non sei cantos anos despois, bastantes, pois segue sen ser unha realidade.

Ou o tema da unidade de prevención do suicidio, unha como mínimo por área sanitaria, pero dotadas, que haxa como mínimo unha e, ademais, co persoal suficiente, que non é o caso.

Podemos falar da necesidade de que en atención primaria haxa psicólogos clínicos.

Digo que imos votar a favor, mais presentamos unha emenda por unha serie de cuestións que vou explicar. No punto 2 o Partido Socialista di que se convoquen todas as prazas de formación especializada relacionadas coa saúde mental ata como mínimo equiparar a media do Estado español. Como acabo de dicir, equipararse á media do Estado non é garantía absolutamente de que haxa profesionais suficientes para atender as necesidades que teñen os galegos e as galegas. Por iso fixemos unha modificación deste punto, e o que pedimos é que se tomen todas as medidas precisas para garantir a capacidade e calidade docente da formación, porque, efectivamente, en Galiza déixanse prazas sen cubrir. A media é de 4 e de 5 durante os últimos seis-sete anos e incluso este ano, con todos estes déficits, con este drama que viven miles de galegos e galegas, déixase incluso 1 praza sen convocar. É necesario ter prazas suficientes para poder ofertalas e logo que se poidan convocar todas.

Logo engadimos dous puntos: un, a creación nos centros de saúde de atención primaria das prazas de psicólogos clínicos. Non me vou cansar de repetir que todos os informes din que entre o 25 por cento e o 30 por cento das consultas que chegan á atención primaria teñen que ver con problemas de saúde mental, co cal é fundamental que haxa psicoloxía clínica en atención primaria para atender e detectar a tempo eses problemas, sen que cheguen á fase aguda, á fase crónica. Efectivamente, os dispositivos son totalmente insuficientes. E aí estamos totalmente de acordo, imos votar a favor desa cuestión. Pero o que tamén é certo é que é necesario que no eixo do sistema como é a atención primaria haxa recursos suficientes para detectar os problemas e que non se convertan en agudos, en graves.

E logo pois tamén unha cuestión que nos parece básica, que é orzamento. O orzamento da Xunta de Galiza de sanidade para a saúde mental é pírrico, e na maior parte o que hai é para botarlle ao lombo das entidades privadas para que se fagan cargo. Polo tanto, o que demandamos é que como mínimo se faga unha modificación orzamentaria para dividir 83 millóns de euros en catro anos, que dá 21 millóns de euros cada ano; que, como mínimo, se faga a modificación orzamentaria para que neste ano 2023 se destinen 21 millóns de euros, que foi o que dixo o Partido Popular que ía destinar.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.



A señora PRADO CORES: Polo tanto, imos votar a favor, pero presentamos estas emendas que cremos que abordan algunha cuestión que non estaba contemplada na moción que presenta o Partido Socialista.

Moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario Popular, señora Rodríguez-Vispo.

A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Boa tarde, señoras e señores deputados.

Pois ben, despois do que acabamos de escoitar, dende o Grupo Popular temos que deixar claro que este tema da saúde mental infantoxuvenil é un tema que nos preocupa fondamente. Consideramos que é un tema moi serio, e non só polo sufrimento que leva consigo tanto para os xoves que padecen este tipo de enfermidades como para os seus familiares, os seus amigos, senón tamén porque é un problema que, ademais, á vista dos datos que imos coñecendo, experimentou un crecemento nos últimos anos. Se sempre foi importante atender á saúde mental infantoxuvenil, pois agora está claro que o é aínda máis.

Despois da pandemia da covid-19, sabemos que as pandemias infecciosas se asocian moitas veces con sintomatoloxía ansiosa, depresiva e postraumática na poboación infantoxuvenil. E nós —dicía— somos conscientes desta situación e de que estamos ante un tema de máxima prioridade clínica, mediática e social. E o Goberno galego —foi xa no 2020—, alertado polos profesionais sanitarios sobre os problemas que puideran xurdir despois da pandemia, por isto comezou no ano 2020 a implantación do Plan de saúde mental de Galicia poscovid para o período 2020-2024, un plan cuxo obxectivo principal é realizar accións que melloren a asistencia dos trastornos mentais, así como diminuír o impacto destas doenzas tanto nas persoas que as sofren como nos seus achegados; un plan no que se lle deu especial relevancia a reforzar os recursos de atención á saúde mental na infancia e na adolescencia, que é o tema que precisamente nos ocupa hoxe. E, precisamente, foi así polo impacto que tivo a pandemia nesta poboación.

Por iso, dos cinco eixos que ten o plan, o número 4 é a saúde mental na infancia e na adolescencia. E neste eixo contéplanse varias actuacións, entre elas a creación dos hospitais de día infantoxuvenís en todas as áreas sanitarias. Un reto enorme, que está cumprindo o Goberno galego, ese goberno que non se ocupa da saúde mental, como acabamos de escoitar aquí polos señores da oposición.

Pois ese goberno que non fai nada, que non se ocupa da saúde mental, no último ano e medio puxo en marcha os hospitais de día de Vigo, de Santiago, de Ourense e de Lugo. Neste ano comezará a funcionar o de Ferrol e o da Coruña e no 2024 o hospital de día de Pontevedra. Ese goberno que —repito— din vostedes que non fai nada e que non se preocupa pola saúde mental do xoves galegos.



En cada unha destas unidades en marcha contratouse un novo psiquiatra, un psicólogo clínico, un traballador social e outro traballador de enfermería especializada. E, así mesmo, nas unidades que dispoñen tamén de programas de alimentación, incorporáronse tamén terapeutas ocupacionais. Estas unidades, como vostedes saben, son moi importantes, porque o que fan é evitar os ingresos dos rapaces e das rapazas a través de terapias intensivas, e, para aqueles cuxos ingresos non se poden evitar, o plan prevé reforzar a capacidade da sanidade pública galega, e por iso comprometeuse a segunda unidade de hospitalización infantojuvenil, que se suma á de Santiago e que —como vostede mesmo acaba de dicir— onte en Vigo o conselleiro de Sanidade anunciou que o Cunqueiro estreará tras o verán a unidade de ingreso en saúde mental para menores; será a data da posta en funcionamento desta área despois do verán.

E esta unidade contará con 20 profesionais, 2 psiquiatras, 1 psicólogo, 7 enfermeiras, 1 traballador social, 1 terapeuta ocupacional e 8 TCAE e o equipo será contratado —vén na prensa (*A señora Rodríguez-Vispo Rodríguez mostra un documento.*)— a través do concurso de méritos que permite precisamente a Lei de medidas extraordinarias para prazas de difícil cobertura, esa lei que a vostedes non lles gusta nunca que falemos dela, porque votaron en contra tanto vostedes como o Grupo do Bloque Nacionalista Galego, pero esa lei que, precisamente, permite que nestes momentos, en que é necesario cubrir unha serie de prazas que, como a mesma lei di, son de difícil cobertura, tiñamos a posibilidade de que se cubran e tiñamos a posibilidade de dar esa asistencia aos galegos e galegas que a necesitan, que doutra forma non poderíamos facelo.

En relación co tema dos recursos humanos, estamos de acordo en que hai que aumentar o número de profesionais na área de saúde mental, xa que é certo que a ratio de profesionais tanto de psiquiatría como de psicoloxía e enfermería especializada pois é menor que a media de España. Pero o certo tamén é que un dos primeiros obxectivos do Plan de saúde mental foi precisamente tratar de perseguir esa converxencia coa media española.

Entre 2020 e 2022 creáronse 163 prazas —están xa cubertas 130— e nos orzamentos para este 2023 volveuse contemplar a creación de 61 novas prazas. Con este novo aumento, o Goberno galego xa leva investido en persoal de saúde mental... Falaba a señora... Prado —esquecínme do seu nome polo momento, señora Prado— de que o orzamento era moi pequeno. Pois lévanse investido, soamente en persoal de saúde mental, 10 millóns de euros máis do orzamento do que tiñamos en 2019. Enseguida nos esquecemos das pesetas, pero pensen que 10 millóns de euros non é unha cantidade pequena.

Faise necesario, dende logo, seguir aumentando as prazas que fagan efectiva esa converxencia e planificar precisamente as novas contratacións e ter en conta a reposición tamén das xubilacións.

Tamén estamos de acordo en que se oferten todas as prazas de formación acreditadas en todas as áreas sanitarias.

Respecto do punto terceiro da súa iniciativa, relativo ás unidades de hospitalización infantojuvenil en cada área, pensamos tamén que o avance dos hospitais de día en todas as áreas



é un avance grande e que debería en principio ser suficiente coas unidades de Santiago e Vigo para os casos máis graves, adaptando así espazos nas unidades de hospitalización pediátrica do resto das áreas ás necesidades de hospitalización infantoxuvenil.

Respecto do punto 4, entendemos que é moi importante aumentar e optimizar os recursos materiais entre as unidades de pediatría e de saúde mental e que é necesario precisamente introducir esa xestión de peticións electrónicas nas consultas de saúde mental infantoxuvenil e evitar precisamente ese traslado de información analóxico entre os servizos de pediatría e de saúde mental, que a verdade é que é certo que se restrinxe a información moitas veces que a pediatra inclúe na propia petición e, ademais, podería incumplir a Lei de protección de datos.

Falando de datos, datos que alertan do aumento dos problemas de saúde mental en idades temperás, datos que deron aquí vostedes, tanto a señora Prado como o señor Torrado, non vou repetilos, pero as taxas de suicidio de menores de 15 anos é un problema que nos preocupa seriamente a todos; son datos tremendos. O Goberno galego, dende logo, traballa na prevención da conduta suicida na infancia, porque xa en colaboración coa Consellería de Educación nós en Galicia si que temos un protocolo de prevención e actuación nos ámbitos sanitario e educativo ante o risco suicida infantoxuvenil.

Nós temos colaboración en Galicia, no noso Goberno, entre a Consellería de Educación e a Consellería de Sanidade, unha gran colaboración, e ao mellor a ministra de Sanidade de España non está tan preocupada por este tema da saúde mental infantoxuvenil, porque nesta mesma semana: *El PP lleva al suicidio a debate y fuerza al Congreso a elaborar un protocolo de salud mental para niños y adolescentes, dadas las cifras tremendas que hay a nivel de toda España de suicidios en niños y adolescentes.* Parece que se fai necesario elevar un protocolo de saúde para as comunidades autónomas, sobre todo as que non o teñan, que funcione a nivel nacional. E a ministra de Educación, a ministra do Goberno socialista, debe consideralo un tema serio.

O Goberno galego si que considera este tema moi serio e por iso dispoñemos deste protocolo e grazas a el precisamente temos vías rápidas de derivación en saúde mental que garanten a atención dos nenos, e isto paréceme moi importante. Hai un código, que é o código Agarrimo, que pon en contacto precisamente dentro deste sistema de alerta escolar e permite que se active o 061 ante unha situación de urxencia. É un programa que realmente garante a atención da saúde infantoxuvenil na nosa Comunidade.

Nós no que non estamos de acordo na iniciativa é na creación dun grupo de traballo sobre suicidios, señor Torrado, porque pensamos que este plan de prevención de suicidio de Galicia xa preveu a creación dun consello interdepartamental de prevención do suicidio, que se reúne periodicamente e que, ademais, se ocupa deste tema e se podería ocupar, e pensamos que sería duplicar organismos. E agora sobre crear un grupo de traballo, dado o momento en que vivimos e dada a importancia precisamente destes datos, o necesario é poñerse a traballar canto antes.

É certo que é un problema que todos os que estamos aquí queremos solucionar, iso é verdade.



E xa para finalizar, nós dende logo estaríamos dispostos a votar a favor de catro dos cinco puntos que compoñen a iniciativa que presenta o Grupo Socialista, porque ao final todos nós perseguimos o mesmo obxectivo, que non é outro que previr e tratar os problemas de saúde mental nos que poidan verse afectados os nosos xoves.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Torrado

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Por intentar non deixar nada atrás, comezo pola emenda do BNG, a cuxa voceira lle agradezo claramente a tendencia favorable á iniciativa. E sobre a emenda, que son tres. En primeiro lugar, entendo da primeira parte da emenda que demanda que podíamos entender que se poidan demandar máis prazas, porque as existentes, se existen as prazas esas que o Partido Popular despois non convoca, se existen, é porque teñen a capacitación suficiente para ser formadas. Polo tanto, vou poñer unha pequena matización para que se note que son prazas a maiores e podíamos asumilo como engádegas.

E despois propón dúas cousas que nós entendemos matizables: a incorporación de psicólogos clínicos á atención primaria. Si, os psicólogos na atención primaria, si, pero non soamente os psicólogos. Os servizos de saúde mental son completos, nós entendémolos como completos. Os propios profesionais apuntan que son como completos. O Colexio de Psicólogos defende e entende que deben de estar dentro do servizo completo de saúde mental. Dígollo por aquilo de que eu son psicólogo, tampouco lle quería formar esta cuestión así, pero desarborar a psicoloxía do completo do servizo de saúde mental é perder a capacidade asistencial do conxunto do equipo. Nós cremos moito nos equipos multidisciplinares, e, por tanto, non é tan fácil incorporar só psicólogo senón o conxunto do equipo, a pesar que despois o equipo pode funcionar de varias maneiras e que sexa o psicólogo o que estea máis presente en atención primaria ou non, pero necesitamos vincular os equipos completos. Por iso non só psicólogo, se non o entendemos desta maneira.

E, en terceiro lugar, imos defender sempre, claro, o aumento de investimento, pero vos tede axusta, señora Prado, ao modelo que ten o Partido Popular do Plan de saúde mental poscovid. É que nós o que non compartimos é ese plan, que en realidade non ten modelo asistencial, non plantexa obxectivos reais, non sabe a onde van. Entón, incorporarlle orzamentos a un plan que non ten moito xeito tampouco... Ben, se me permite —xa sei que é un tema moi delicado, permítanme esta paréntese—, investimentos si pero non así. Entón, cremos nese investimento, pero non para ese plan, porque non cremos na idea de incorporar investimento a un plan que non ten definición. Se o plan é malo, ¿para que darlle máis recursos? Imos intentar dar os recursos para o que estea ben. Pero, en todo caso, voulle propoñer esa idea para matizar e incorporar á parte das engádegas, e cremos que suman.



E, sobre o Partido Popular, vostede manifestou aquí, señora Vispo, que van votar a favor ou que pretende votar a favor de moitas cousas. Por intentar ser rápido, voulle só citar unha cuestión. Cando nós presentamos hai dúas semanas esta iniciativa, ese mesmo día dende o seu grupo acusáronnos —a min tamén persoalmente— de frivolizar con este tema. E vostede vén aquí agora dicir que van votar a favor. Nós frivolizamos con este tema pero vostedes queren votar a favor. Antes de sacar a lingua a pastar por aí algúns, pois pénseno un pouco, porque, se van votar a favor, entón ¿que sentido ten dicir que estamos frivolizando? Debe ser que vostede está máis ou menos de acordo co que propoñemos e, por tanto, non estamos frivolizando, senón que estamos indo ao asunto.

Vostede non quere votar a favor da cuestión que reafirma a necesidade de estudar sobre suicidios, baseado en que tamén no resto de España hai problemas. Mire, o da competencia autonómica eu voulo expresar doutra maneira. En Islandia está o problema máis grave de suicidios de toda Europa. ¿Imos esperar en Galicia a que os irlandeses poñan un plan ou podemos ir adiantando nós algo? Porque a nós inflúennos tanto os datos de Islandia como os de Mallorca. Por tanto, non é un problema dun programa estatal, é unha cuestión de aquí que non temos suficientemente tratado. (*Aplausos.*)

E sobre recursos humanos, aprobamos hai dous anos que tres anos despois, é dicir, o ano que vén, estaríamos igualados á media de toda España. Vostedes votaron a favor e non o cumpriron. Propoñemos o mesmo agora e quere votar a favor. ¿Para a foto ou para cumprir? Se é para a foto, non; se é para cumprir, estamos de acordo.

Vostedes votan agora convocar todas as prazas formativas en saúde mental, pero hai catro meses vostedes non convocaron todas. Está de acordo comigo en dicirlle ao seu Goberno que se equivocou á hora de convocar as prazas. ¿Porque vota para a foto ou para cumprir? Se é para a foto, non; se é para cumprir, si. Entón, digámoslle xuntos ao Goberno que fixo mal, porque é o que está votando.

Non me confunda a unidade de hospitalización infantoxuvenil con hospitais de día. O que está votando aquí son unidades de hospitalización infantoxuvenís nas sete áreas sanitarias. Non me conte despois que imos falar de hospitais de día e que dan por cuberto con iso. Eu dígoo porque, se vostede quere votar a favor, é unha posibilidade moi boa de sacar un acordo. Pero non vaia ser que non estean entendendo ben do que están votando a favor.

E claro que estamos de acordo en que se contraten profesionais, pero ben, non precarizados e non con peores contratos, que é o que fai esa lei que vostedes propuxeron, que propuxeron unha lei para contratar peor e por iso estamos en contra.

En definitiva, señora Vispo, señores do Partido Popular, a nós o corpo pediríanos dicirllas: miren, se votaron hai dous anos cousas que incumpriron, ¿para que imos permitir que voten a favor outra vez?, porque dá a sensación de que é para a foto. Pero o noso traballo non é facer o que nos pide o corpo, nós estamos aquí para intentar sacar acordos e estamos aquí para intentar saír adiante e estamos aquí para facer propostas. E se vostedes agora fan este propósito de emenda, que parece que están facendo, sobre que efectivamente non cumpriron



e efectivamente van votar a favor cousas que o seu Goberno está facendo distintas e por tanto estamos pedíndolle que se emende, nós imos facilitarlles que voten a favor.

E a separación que nos pide a señora Vispo ímola facilitar, imos facilitar os acordos. Iso si, dentro de dous anos, que igual non estamos aquí, señora Vispo, nin vostede e mais eu, ou si estamos os dous ou está un e non está a outro, ou o que sexa, eu desexo que a quen estea no debate aquí dentro duns anos non lle poidan vir outra vez a dicir que votaron a favor e non o cumpriron, porque entón daquela, igual sexa eu ou sexa outro, vaille dicir que xa entón nin cumprir nin a foto nin nada. E entón a ver se somos capaces de que esta vez si voten a favor.

Pasen ao seguinte punto, que é cumprir o que prometen, que vostedes prometen moi ben pero cumpren moi mal.

Moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Pontón Mondelo e dezaioito deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para manter a actividade e o emprego do grupo Ganomagoga

O señor PRESIDENTE: Hai unha autoemenda do propio grupo que a propón.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do deputado Ramón Fernández Alfonso, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 50946 (11/PNP-004210).

Emenda de adición.

Engadir ao final da parte resolutiva o seguinte texto:

«...e por solicitar formalmente a incorporación do IGAPE e da Dirección xeral de relacións laborais á mesas ou mesas de negociación dos EREs anunciados.»)

O señor PRESIDENTE: Para a defensa da proposición non de lei, ten a palabra o señor Fernández Alfonso.

O señor FERNÁNDEZ ALFONZO: Boa tarde, novamente, a todos e a todas.

Permitan que saúde especialmente e dea a benvida ao persoal da empresa Ganomagoga que vai asistir a este debate desde a tribuna do Parlamento.

Un debate que trae o Grupo Parlamentario do BNG sobre a crise, o anuncio de peche do grupo de empresas Ganomagoga e o despedimento das case duasetas persoas que traballan en talleres Ganomagoga, Aplimega, Ganomagoga Logistics e Cedval.



Un debate sobre unha nova crise empresarial do sector industrial galego que necesariamente debe ser contextualizado, porque 15.000 empregos destruídos no sector industrial desde que o señor Feixóo chegou ao Goberno hai case catorce anos, 15.000 empregos destruídos dá para falar, dá para cualificar a situación, como mínimo, de grave crise industrial, cando non de desertización industrial directamente.

E, coma sempre que se colle unha serie histórica tan ampla, neste caso os case catorce anos de goberno do Partido Popular, pode haber variacións nalgún momento, mais neste caso a tendencia é constante. De feito, neste último ano destruíronse 3.300 empregos no sector industrial na Galiza. Non o di o BNG, son datos dos organismos oficiais. E non hai sector industrial que se salve desta tendencia, nin sequera as renovables, malia ter que escoitar un día tras outro que vai ser o noso maná, que na Galiza imos vivir todos e todas do traballo dos polígonos eólicos terrestres e marítimos. Non obstante, no tempo que levamos nesta lexislatura pecharon as dúas fábricas máis emblemáticas de compoñentes eólicos da Galiza, a de Siemens Gamesa nas Somozas e a de Vestas en Viveiro; digo máis emblemáticas polo feito de pertencer a dúas grandes empresas, dous tecnólogos dos que hoxe se denominan líderes mundiais.

Ganomagoga tamén é unha empresa emblemática nas comarcas de Vigo e do Condado, é a empresa industrial máis grande de Pontearreas e do Condado, é unha histórica do sector metalúrxico da comarca de Vigo, con actividade no naval, na fabricación de grandes pezas de caldeirería, na montaxe e mantemento industrial, aínda que desde hai xa bastantes anos a maior parte da súa actividade estaba vinculada ao sector eólico.

Non é tan coñecida para o público galego como Siemens ou Vestas, pero foi a escollida polo grupo industrial Gestamp, un dos grandes grupos industriais do Estado español, con beneficios de 260 millóns de euros o ano pasado, para impulsar o seu negocio de renovábeis. E da man de Ganomagoga, no ano 2008, montaron una fábrica de torres eólicas no Carballiño, que foi a primeira dunha empresa que hoxe se chama GRI Industrias Renovábeis, e que conta con 16 fábricas en oito países. De feito, algún dos traballadores que nos acompañan hoxe desde a tribuna andaron por Brasil, Sudáfrica ou Arxentina ensinando procesos e protocolos ao persoal deses países para a posta en marcha das fábricas. Despois veu a disolución desa sociedade entre Ganomagoga e Gestamp, e como resultado deses acordos de disolución quedou un compromiso de Ganomagoga de traballar en exclusiva para Gestamp.

Descoñecemos os detalles e as razóns deste acordo, mais o feito é que a día de hoxe a actividade de Ganomagoga está vinculada nun 80 por cento aos traballos que lles mandan desde a fábrica de GRI no Carballiño, case todos de fabricación de tramos de torres eólicas para Vestas e, en menor proporción, para outros clientes, nalgunha ocasión tamén pezas das *jackets* que Windar fabrica en Navantia-Fene para a eólica mariña.

E, dun xeito sorpresivo, este grupo de empresas, con beneficios até o ano 2021 —cando menos na máis grande e referencia do grupo— e con plans e investimentos realizados para aumentar a súa produción, anuncia o peche de todas as súas empresas vinculadas ao sector eólico e o despedimento do 100 por cento do seu persoal. E isto vén de acontecer en plena barra libre para a instalación de polígonos eólicos no noso país. E despois hai quen



cuestiona que desde o BNG cualifiquemos todo este proceso como de espolio enerxético; 11.000 megawatts en tramitación, contando cos de tramitación estatal e galega, máis de 3.000 xa autorizados, que son case outros tantos como os que hai xa en funcionamento. E na Galiza pechan as empresas dedicadas a construír os compoñentes para o sector eólico.

Creo, honestamente, que tanto o Partido Popular como o Partido Socialista lle deben unha explicación ao persoal de Ganomagoga (*Aplausos*). ¿Por que rexeitan todas as demandas, todas as propostas do BNG para que Galiza teña plenas competencias na autorización de instalacións de xeración eléctrica? ¿Por que rexeitan todas as demandas e propostas do BNG para que esas autorizacións para instalar polígonos eólicos na Galiza leven aparelhada a obriga de impulsar proxectos industriais asociados no noso territorio? ¿Por que rexeitan calquera intento de realizar unha planificación racional e sustentábel da instalación e desenvolvemento das enerxías renovábeis que xere riqueza e emprego no noso país?

Estas son cuestións que debemos ter moi presentes sempre que falemos da crise industrial, porque hai quen ten moito interese en facernos ver que non existen alternativas a este modelo de barra libre, de pase e sírvase, que, efectivamente, pode ser moi beneficioso para as grandes empresas eléctricas e para aquelas outras que apareceron coa esperanza de dar un pelotazo. Mais o resultado final para Galiza, o resultado final para a sociedade galega está ben á vista: desmantelamento do noso sector industrial, perda de capacidades e destrución de emprego; neste caso, 200 persoas na picota, que grazas á normativa laboral —tampouco podemos esquecerlo: aprobada por M. Rajoy no ano 2012 e preservada polo actual Goberno PSOE-Podemos—, estarán despedidas no prazo dun mes sen que o Goberno teña que aprobar nada.

Resulta moi curioso e moi contraditorio que, cando se fala de instalar unha nova empresa, os gobernos están case obrigados a darlle todas as facilidades necesarias e mesmo axudas económicas pola transcendencia social desa empresa e o seu impacto positivo no emprego e no territorio. Pero, cando unha empresa anuncia un peche, isto é un problema exclusivamente empresarial, no que o Goberno non debe meterse por respecto á liberdade empresarial. Cando unha empresa pecha, desaparecen as consideracións económicas e sociais do peche no emprego e no territorio.

É un discurso elaborado, traballado e afinado polos partidos da dereita liberal, que pouco a pouco foi facéndose hexemónico e que hoxe campa comodamente entre a opinión pública como se non houberse alternativa, acollido tamén por organizacións que historicamente se definiron de esquerdas, até o punto de que —fíxense vostedes— hoxe hai que pedir autorización do Goberno para facer unha manifestación pero non para pechar unha empresa. (*Aplausos*.)

Pero isto non foi sempre así. Antes da reforma do Partido Popular, a empresa tiña que solicitar autorización governativa para realizar un despedimento colectivo, con peche ou sen peche da empresa. E tampouco é un debate pechado a día de hoxe. Aínda a semana pasada —xusto o martes da semana pasada— votouse no Congreso dos Deputados en Madrid unha proposición de lei do BNG, Esquerra Republicana e Bildu que levaba por título: Lei para a recuperación e a ampliación de dereitos laborais, e que, entre outras cousas, propoñía recu-



perar esa obriga de que as empresas tiveran que solicitar autorización governativa para realizar despedimentos colectivos.

Na votación do martes da semana pasada non se votaba un texto definitivo, senón que se votaba a toma en consideración ou entrada do texto da lei no Congreso para a súa tramitación e, polo tanto, podía ser obxecto de debate e modificacións. Pero a nosa proposición non contou coa maioría suficiente para iniciar ese camiño. O Partido Popular, o PSOE, Ciudadanos e Vox votaron en contra. Así que hoxe, en casos como este, dun despedimento colectivo, temos o marco legal que nos deixou o señor M. Rajoy no ano 2012, e con isto temos que procurar solucións para estas 200 persoas.

O Goberno galego debe procurar solucións que eviten que se perda esa capacidade industrial e eses 200 empregos —débello—, persoas —como dicía— experimentadas e cualificadas nun sector que debería precisar desas capacidades e desas persoas cualificadas. E os instrumentos cos que conta o Goberno galego son, basicamente, o Igape, como instrumento de apoio financeiro ao tecido empresarial galego, e a Dirección Xeral de Relacións Laborais, que, aínda sen competencias para denegar un ERE, segue a ser a autoridade laboral competente e conserva a capacidade para intermediar entre as partes negociadoras, para colaborar coa Inspección de Traballo para emitir informes e recomendacións e para participar na propia mesa negociadora como mediadora.

E iso é o que hoxe traemos a debate e votación: que o Igape e a Dirección Xeral de Relacións Laborais soliciten a súa participación na mesa ou mesas de negociación, sobre todo por una razón: por unha información que dá á propia dirección da empresa, que é a súa intención de solicitar concurso voluntario de acredores, mais coa intención clara, manifesta, de chegar a ese concurso sen persoal na empresa. E isto choca, é un golpe duro para o persoal da empresa, sobre todo sendo público o interese dalgún grupo empresarial por facerse coa empresa, o que non é de estrañar.

Mais o que debería facer a Xunta de Galiza é garantir a posibilidade de que, para o caso de producirse a venda da unidade produtiva, esa venda inclúa o persoal. Noutras palabras, o que debe facer a Xunta é desprezar todo o que estea na súa man para protexer os empregos destas 200 persoas. E para iso —insisto— é fundamental á participación directa tanto do Igape como da Dirección Xeral de Relacións Laborais nas negociacións, non só para fiscalizar contas e documentación dun proceso que resulta sospeitoso por inesperado, senón tamén para poñer todos os seus medios á disposición dunha solución a esta nova crise, ben a través desta mesma empresa ou a través doutra que asuma o cadro de persoal.

Esta solicitude foi enviada pola representación do persoal tanto ao Igape como á Dirección Xeral de Relacións Laborais, e nós, pola nosa parte, facémola propia, incorporándoa á iniciativa que traemos hoxe a esta cámara.

Máis nada polo de agora, e obrigado. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Alfonso.



Diríxome aos invitados. Ao mellor non os informaron, pero non se pode dende a tribuna de invitados facer nin xestos de aprobación nin de desaprobación. Entón, por favor, pídolles que non o fagan. Grazas.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Castro.

A señora CASTRO REY: Grazas, presidente.

Boas tardes.

Antes de nada, de iniciar a miña intervención, quero saudar a todos os traballadores da empresa Ganomagoga, representantes sindicais, tanto aos que se atopan aquí dentro do hemisiciclo no debate como os que se atopan fóra ou nos seus concellos, e trasladarlles todos os nosos ánimos e apoio dende o Grupo Socialista, a nosa total colaboración para axudar ata onde nos sexa posible a que se manteña actividade nesta empresa (*Aplausos.*) e se garanta a continuidade dos seus postos de traballo.

Pois ben, en relación con este tema, recoñecer que dende o Grupo Socialista amosamos a nosa sorpresa, a nosa sorpresa pola rapidez coa que se sucederon estes acontecementos, pola situación na que está a afrontar neste momento a empresa, xa que estamos a falar dunha empresa vinculada a un sector, o eólico, que se atopa nun momento expansivo no noso territorio e en xeral en toda a Unión Europea.

Isto fainos desconfiar sobre a realidade da situación na que se atopa esta empresa, sobre todo se temos en conta o balance económico dos últimos anos, salvo este balance de 2022, ao que non tivemos aínda acceso. Pero, polo tanto, dende o Grupo Socialista instamos o Goberno da Xunta a que analice polo miúdo se existen causas reais que xustifiquen este peche e se pode, realmente, evitarse o mesmo.

E pedimos tamén a este goberno, como administración competente, que se implique. Vemos a Rueda e o conselleiro de Industria que pasan de puntillas, están a pasar estes días de puntillas neste tema, e queremos dende aquí dicirlle que eses traballadores son menos en número que os de Alcoa, pero os seus postos de traballo son iguais de importantes, iguais de importantes, e poden chegar a facer o mesmo ruído na rúa que os traballadores de Alcoa.

E, ademais, estamos a falar tamén dunha empresa clave para a comarca do Condado, unha empresa de capital galego. Polo tanto, a implicación pasa —como dicía antes— por analizar no primeiro momento a veracidade da situación na que se atopa a empresa e, no seu caso, buscar un investidor que poida manter a unidade produtiva da mesma.

Mirade, remontémonos cinco anos atrás. A Xunta de Galicia no ano 2018 declaraba a incidencia supramunicipal desta empresa, co fin de permitir, de autorizar a esta empresa unha solicitude de ampliación da mesma, que era inviable coa normativa municipal. E o que se pretendía dende a empresa era incrementar un 45 por cento da superficie, xustificando esa solicitude de ampliación na proxección económica desta industria, que prevía ampliar os seus procesos produtivos e o número de traballos para a sede de Pontearreas ata 125.



Prevía autorización —que foi autorizada posteriormente—, o Igape emitiu un informe de valoración onde analizaba como contribuía esta empresa ao desenvolvemento económico de Galicia, e neste informe do Igape chegábase a tres conclusións. A primeira dicía: «A empresa Ganomagoga é unha empresa líder e referente en implantación de procesos industriais innovadores e contribúe ao desenvolvemento sostible, social e económico de Galicia». Nunha segunda conclusión dicía: «Os sectores estratéxicos para talleres Ganomagoga» —que eran as enerxías renovables, a automoción e, en menor medida, o naval— «son eidos da actividade prioritarios para Galicia, especialmente cara á súa modernización tecnolóxica e penetración no territorio». E, por último, concluía e informaba favorablemente esta declaración dicindo: «...pola importancia do sector nos programas e estratexias da Xunta de Galicia e para a economía galega, xunto ao seu impacto e valor no eido da sostibilidade».

Hoxe, cinco anos despois, nun momento decisivo para a empresa, para a continuidade da mesma, a situación da empresa é crítica, e eu quixen facer fincapé nesta declaración e neste informe do Igape para evitar que agora o Partido Popular bote balóns fóra e dende o Partido Popular queiran restarlle importancia ao peche desta empresa, e exixirlle con isto ao Goberno da Xunta que se implique, que se implique en atopar unha solución que evite o cesamento da actividade produtiva e a perda destes postos de traballo, por tratarse —como eles afirmaban hai cinco anos— dun sector estratéxico e clave para o desenvolvemento económico de Galicia.

Esta empresa —como dicía— forma parte dos eidos da actividade prioritarios en Galicia, pero tamén representa un dos principais activos económicos para esta comarca, para a comarca do Condado, polo número de empregos que xera. Ademais, estamos a falar aquí de empregos dos que no 85 por cento se trata de persoal cualificado, con formación especializada nun sector, no que temos unha ausencia grave de capital humano, ata o punto —como dicía o voceiro do BNG— que moitos deses traballadores impartiron formación en grandes empresas, xa non noutras comunidades autónomas, senón tamén a nivel internacional; un capital humano que é galego, e galego e con formación específica. E non podemos, polo tanto, permitir que se perda nin se deslocalice.

A Xunta ten que implicarse. Solucións e esforzos é o que están a demandar os traballadores, e aquí só valen solucións, non valen nin notas de prensa nin discursos baleiros, non vale enganar os traballadores.

Falamos moitas veces neste hemiciclo do artigo 30 do Estatuto de autonomía, e hoxe temos que volver repetilo. Ese artigo outorga á Xunta de Galicia competencia exclusiva en materia de desenvolvemento industrial. E teremos que seguir repetindo isto ata que o Goberno da Xunta sexa capaz de elaborar algún tipo de política industrial e deixe de agochar e de delegar as súas competencias.

En materia industrial este goberno leva unha década deixando ver pasar o ataúde por diante da súa porta. Dicíao o voceiro do BNG: 15.000 postos de traballo industrial perdéronse nesta década do Goberno do Partido Popular. E no ano 2009, durante o Goberno do Bipartito de Emilio Pérez Touriño —que tamén que lles gusta moito lembrar aos representantes do Partido Popular—, pois lémbrolles agora que o emprego industrial representaba o 7,1 por cento



do conxunto de España, e agora mesmo non chega ao 6,6 por cento. A produción en Galicia vai en caída libre: un 2,2 por cento na pasada lexislatura fronte ao 0,4 por cento no conxunto de España. E lémbrolles tamén como deixaron caer empresas tan estratéxicas e importantes para a economía galega como Gamesa, Vulcano, Barreras, Conservas Cuca..., e podería seguir. Non deixen, por favor, que Ganomagoga teña a mesma sorte.

Levamos unha década de involución da Administración galega, xa que a Xunta deixa ir as empresas porque non as tutela a pesar de ser competente. Ganomagoga é unha empresa —repito— de capital galego nunha comarca que en xeral perde poboación e ten unha elevada taxa de paro. E pertence ademais ao que ten que ser un sector clave en Galicia. Xa o dicía Jeremy Rifkin, que falaba dese *Green New Deal* global, que era ese pacto verde que permitiría a transición cara a unhas fontes de produción sostibles. E, ademais, tamén dicía que as rexións eran un elemento clave para isto e teñen que ter un papel activo, cousa que o Goberno da Xunta pois non está a facer, aínda que todos sabemos que a este goberno a loita polo cambio climático lle gusta moito no papel.

E eu repito moito isto cando falo normalmente de residuos e de economía circular, pero hoxe podo extrapolalo a este discurso no eido da industria, e só temos que lembrar esa Axenda da competitividade galega, esa Galicia Industria 4.0 que aprobou no ano 2015 o Goberno da Xunta a bombo e platillo cunha campaña mediática das que lle gustan facer. E tiña dous obxectivos para 2020 —para o 2020, ou sexa, que xa imos tarde—, e estes obxectivos eran o crecemento da industria ata o 20 por cento do PIB galego —e aínda estamos no 18 por cento— cun peso industrial ademais centrado na Coruña e Vigo —e grazas, señor Amancio, porque se non...—, e, por outro lado, a creación de cinco mil postos de traballo na industria. E a realidade —como dicíamos antes— é que se destrúe de forma progresiva emprego neste sector. Uns obxectivos, polo tanto, completamente incumpridos.

E as consecuencias podemos velas claramente, por exemplo no *ranking* de competitividade rexional da Unión Europea —que hai uns días coñecíamos—, como se reflectían no mesmo as dificultades que asfixian a Galicia, que dicía que cedía 16 postos e caía ata o número 197 das 268 rexións europeas avaliadas, cun suspenso en mercado laboral e innovación, que son columnas vertebrais do noso tecido industrial. Non ten ningún sentido permitir que pechen empresas de futuro como as relacionadas coas enerxías renovables.

Nós hoxe imos apoiar esta moción, porque compartimos o contido do peticionado na mesma, incluso nesa engádegas, nesa transacción á que imos chegar, solicitando que a Xunta interveña neses ERE para fiscalizar o labor desta empresa, que vemos bastante cuestionable neste momento.

Pero tamén —e para rematar xa case—, pois dígolles ás señorías do BNG o mesmo que lles dixon te o meu portavoz: que non se pode defender a lareira e cociñar con vitrocerámica. (*Aplausos.*) Non se pode defender os traballos vinculados á enerxía eólica e despois, de forma frontal e sistemática, pretender que pechen e paralizar todos os proxectos eólicos que existen en Galicia.

E, por último, ao Partido Popular, xestionen o presente e o futuro da cidadanía galega e asuman as súas competencias. E a Xunta ten que participar neste proceso e non deixen caer a empresa. Póñanse as pilas.



E máis nada, moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Castro.

Grupo Parlamentario Popular, señora Rodríguez Carrera.

A señora RODRÍGUEZ CARRERA: Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

En primeiro lugar, quero saudar a todos os traballadores do grupo Ganomagoga que hoxe nos acompañan. Quero mostrarlles o apoio do Grupo Parlamentario Popular e o meu en particular a todo o grupo de empresas de Ganomagoga e amosar o noso apoio solidario cos seus traballadores e as súas traballadoras.

A empresa tivo os seus inicios no meu concello, no concello de Mos, no que segue presente, aínda que a súa maior actividade se desenrola no concello limítrofe de Pontearreas, ademais do Porriño e en Vigo.

Como vostede dixo, o grupo Ganomagoga dá emprego a aproximadamente douscentos traballadores e a maior parte do seu negocio concéntrase ao redor do sector eólico, tal como din na súa iniciativa.

Mire, señor Fernández, ¡canta demagogia e case eu o crin! Non me tome a mal cando lles digo que non deixan de sorprendeme. Que agora veña aquí preocupándose polo peche das empresas, ou o que vostedes veñen dicir: falta total de planificación por parte da Xunta de Galicia, falta de impulso ao noso desenvolvemento industrial... Sexan sinceros: a falta de impulso téñena vostedes. ¿Explicáronlles aos traballadores de Ganomagoga que vostedes veñen a este parlamento dicir «eólicos non»? Señor Fernández Alfonso, o 80 por cento da actividade da empresa concéntrase no sector eólico; se vostedes predican «eólicos non», ¿para quen van traballar os empregados de Ganomagoga? (*Aplausos.*)

Nós, no Partido Popular, pensamos que a industria de Galicia merece seguir xerando actividade e emprego. Pero vou por partes, porque quero que os traballadores de Ganomagoga que nos están a escoitar e que nos están a mirar e que nos acompañan saiban a realidade e lles quede moi claro que a posición deste Grupo Parlamentario Popular é a oposición á intención que ten ao respecto o Bloque Nacionalista.

A Xunta estivo presente, dende o minuto un, tivo unha reunión co grupo Ganomagoga, onde participaron por parte dos traballadores o presidente do comité e representantes sindicais das federacións de industria de Comisións Obreiras e da CIG, e por parte da Xunta de Galicia asistiron a esa reunión a Dirección Xeral de Relacións Laborais, a Dirección Xeral de Emprendemento e o Igape.

Como antes xa dixen, o grupo Ganomagoga está integrado por catro empresas, das cales os comités das catro sentaron coa Xunta de Galicia. Neste encontro a Dirección Xeral de Rela-



cións Laborais púxose á disposición para o acompañamento que poidan necesitar e comprometeuse a velar pola boa fe da negociación que deben iniciar nos próximos días traballadores e empresas —insisto: traballadores e empresas—. O inmediato é a negociación do ERE, na que a autoridade laboral pode ofrecer asesoramento e mediación. Por parte do Igape, este órgano tivo contactos coa empresa e ofrecéronselle mecanismos para intentar acadar o mantemento do emprego e a busca de investidores solventes.

Neste sentido —como puido coñecer vostede polos medios de comunicación ou lle confirmarían os propios traballadores—, a Vicepresidencia Primeira confirma que a Xunta leva semanas buscando posibles interesados coa finalidade de preservar o emprego e a actividade industrial. Polo tanto, igual vostede o descoñecía, pero quero pensar, señor Fernández, que non o sabía, porque a Xunta de Galicia xa está a manter actuacións e xa está a manter reunións coas partes afectadas e xa está a traballar polo mantemento do emprego de Ganomagoga, como non pode ser doutro xeito. (*Aplausos.*) E vostedes, aínda que tarde, piden o mesmo que xa está a desenvolver a Xunta de Galicia. Estao a desenvolver desde o minuto un e así o seguirá a facer —insisto: así o seguirá a facer— ata atopar unha solución para a empresa e para todos os traballadores e traballadores e as súas familias.

Señorías, ¿e vostedes veñen agora de defensores das empresas? Benvidos, nunca é tarde, pero eu creo que veñen con moita demagogia. Ao Grupo Popular non nos sobran as empresas galegas, non nos sobra Ganomagoga, impórtanos Ganomagoga; impórtanos Ence en Pontevedra, Endesa nas Pontes, Alcoa, e, por suposto, as empresas do litoral ameazadas polas imposicións da Lei do cambio climático.

Pero mire —voulle dicir unha cousa—, do mesmo xeito o BNG e tamén o Partido Socialista están a alimentar que se vaian empresas ubicadas; por citar un exemplo que me é próximo, empresas ubicadas no concello de Mos, no polígono de Monte Faquiña, parroquia de Tameiga, na mesma parroquia mosense onde tivo os seus inicios Ganomagoga, de onde eu son, de Tameiga. Pois ¿como permite que se vaian? Preguntámonos como vostedes permiten que se vaian. Pois moi fácil, non apoiándoas, así de simple; non apoiando as empresas e non apoiando os seus traballadores.

Mire, a algunha destas empresas, asentadas desde hai máis de cincuenta anos, quéreselles incrementar un canon anual polo uso do terreo ata o 1.200 por cento por imposición da directiva da Comunidade de Montes de Tameiga, (*Murmurios.*) que tanto o BNG como o PSOE apoian. Falamos de 800 empregos directos que se poden perder en Mos. Amosámoslles todo o noso apoio ás empresas, traballadores e familias afectadas, que me consta o apoio incondicional do Goberno mosense. ¿Onde están vostedes? Miren o que acaban de dicir nesta tribuna, nada teñen que ver coa realidade. ¿Que lles van dicir agora aos traballadores de Ganomagoga?

Insisto: no Grupo Popular pensamos e defendemos que a industria de Galicia merece seguir xerando actividade e emprego en transición xusta cos avances tecnolóxicos que se produzan. Hai que seguir insistindo no importante que é traballar con unidade e certezas, escoitándonos. Esperamos que as forzas políticas da oposición non aproveiten en Galicia estas crises laborais como arma contra a Xunta. Ao meu entender, erran no seu discurso. Señores, toca



unidade, unidade política e unidade institucional. E quero pensar que realmente lles importa Ganomagoga e así o desexo. Non vou pensar que é unha estratexia electoralista.

Á Xunta de Galicia e ao seu Grupo Parlamentario Popular si lle importa e si a preocupa e seguirá ao seu carón, comprometéndose a velar pola boa fe da negociación. A Xunta de Galicia vai apoiar a empresa e vai apoiar os seus traballadores e traballadoras, porque a política do Partido Popular é unha política de feitos, de solucións; é unha política de apoio ao interese social, como poden ser os traballadores do grupo Ganomagoga.

En realidade, coa proposta de acordo propoñemos unha transacción que vou pasar a relatar, esperando acadar o consenso de toda a Cámara. E o que non podemos aceptar é que nos pidan incumprir a lexislación vixente. O acordo definitivo diría así: «O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a impulsar todas cantas actuacións sexan precisas para retomar a actividade e o emprego do grupo de empresas Ganomagoga, a comezar, de xeito urxente, por reunirse con todas as partes afectadas, nomeadamente coa representación do seu cadro de persoal, e por solicitar formalmente a incorporación da Xunta de Galicia á mesa ou mesas de negociación dos ERE anunciados».

Como saben, a negociación dun ERE é un proceso regulado concretamente no artigo 55 do Estatuto dos traballadores, regulado tanto nos aspectos de tramitación formal no relativo ao período de consultas e na composición da mesa de negociación. Polo tanto, o BNG sabe perfectamente que non pode solicitar formalmente a incorporación do Igape, sen competencias no ámbito laboral, e que a Dirección Xeral de Relacións Laborais neste procedemento si poderá intervir —e, de feito, estao a facer— para intermediar, asesorar ou prestar asistencia técnica. De aí que nós presentemos esta transacción.

Hai, polo tanto, unha vontade evidente e inequívoca de colaboración da Xunta, intermediando e asesorando, aínda que formalmente a Xunta non sexa parte da comisión negociadora, que —insisto— está conformada por traballadores e empresa. Afirmar o contrario —vostedes sábeno— sería faltar á verdade. Non cabe ningunha dúbida de que a Xunta de Galicia seguirá a mostrar todo o seu apoio á continuidade da empresa, está e estará en contacto permanente cos traballadores para velar pola defensa dos seus empregos, sempre cumprindo co establecido na lexislación vixente.

E esteamos á altura do que esteamos, os traballadores pídenos, e está na súa man, e na man de todo o Partido Socialista, que esta iniciativa saia aprobada por unanimidade; esteamos á altura, todos xuntos, por respecto aos traballadores e traballadoras de Ganomagoga.

Señor Fernández, a nosa man está tendida. Espero que entre todos consigamos unha solución máis pronto que tarde, unha solución que permita a continuidade do grupo Ganomagoga.

Nada máis, presidente, moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Carrera.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Fernández Alfonzo.



O señor FERNÁNDEZ ALFONZO: Obrigado, señor presidente.

Ben, a verdade é que case deixan a un sen palabras.

O PSOE, coa lareira e a vitrocerámica; a verdade é que dá a impresión de estar dando voltas ao redor da mesa e aínda non saben onde sentar. *(Aplausos.)* Miren ben iso, porque igual quedan sen cadeira.

En canto á portavoz do PP, fágolle tamén unha pregunta: ¿de verdade pensa que os traballadores e traballadoras do grupo Ganomagoga, que acaban de recibir una carta preavisándoo do seu despedimento, lle van crer que o seu modelo de desenvolvemento eólico garante postos de traballo? *(Aplausos.)* Creo que podía facer vostede un intento mellor.

Ben, antes de máis, queremos anunciar que aceptamos cambiar «Igape e dirección xeral» por «Xunta de Galiza», aínda recomendando, por ben dunha solución áxil, que, cando menos, unha das persoas que asista en representación da Xunta, se é que finalmente asiste, sexa do Igape. E quero engadir que as partes obrigadas a negociar de boa fe non teñen ou non deberían ter motivo ningún para negarse a que o Igape participe directamente nesa representación, sobre todo para evitar demoras e confusións innecesarias.

E, ademais, quero insistir moi brevemente en dúas cuestións. En primeiro lugar, a necesidade que temos como país de aproveitar os nosos recursos para xerar riqueza, emprego e calidade de vida. Estou a falar do vento, do recurso eólico. Unha necesidade que en calquera país do mundo que se prece, con autoestima e con conciencia social no sentido da necesidade de construír entre todos e todas, mais tamén para todos e todas, sería unha prioridade do Goberno, xusto ao contrario do que fai o Partido Popular, que parece que nos quere reducir a ser un Camiño de Santiago entre muíños eólicos.

Este non é o modelo dos países máis avanzados, por máis que se empeñe o Partido Popular en convencernos. Os países avanzados e os países con aspiracións coidan e cultivan a súa industria e aproveitan calquera oportunidade para facela partícipe, para integrala nos grandes proxectos de país, nas grandes transformacións e nos grandes plans estratéxicos. Nós, Galiza, estamos nese escenario, na porta de entrada a ese futuro. Podemos entrar con industria ou podemos deixala atrás. Que se enriquezan outros países, que se enriquezan as grandes corporacións eléctricas, que se enriquezan eses *pillos* que sempre houbo, como lle gusta dicir ao señor Feixóo, e quedar nós para fornecer electricidade barata sen tirar proveito ningún do que está claro que é un recurso valioso que debería cualificarse como público e que debería xerar beneficios para toda a sociedade. *(Aplausos.)*

E, por outra banda, vai sendo moita hora de derrogar aquela reforma laboral do Partido Popular, que basicamente o que fixo foi eliminar certas previsións da normativa laboral destinadas a compensar unhas relacións laborais que son por definición desiguais, reducindo o nivel de protección dos traballadores e traballadoras, ao mesmo tempo que renunciou a que os gobernos teñan algunha capacidade de intervención nos procesos de negociación dos despedimentos colectivos. Unha intervención que, ademais de compensar a desigual posición de forza entre empresa e traballadores nas mesas de negociación, representaba unha opor-



tunidade para fiscalizar e intervir nestes procesos, así como para modular e para propoñer solucións en procesos potencialmente moi conflitivos e con consecuencias económicas e sociais negativas e non desexadas.

Como, por exemplo, o caso deste ERE de Ganomagoga, que, como dicía de inicio, é a empresa industrial máis grande da comarca do Condado, unha empresa que vive da demanda que lle chega da fábrica de GRI do Carballiño, que, por certo, ten previsto facer un ERTE temporal durante catro meses deste ano, porque conta con ter traballo a partir do ano que vén, na mesma liña precisamente na que hoxe se manifesta nos medios de comunicación o presidente da asociación empresarial eólica, que, ademais de pedir planificación, advirte que, despois dunha caída de pedidos, agora veñen de dispararse. Nós agardamos que os pedidos cheguen a Ganomagoga máis cedo que tarde e coidamos que a participación da Xunta pode axudar, pode colaborar na procura de solucións temporais para o persoal da empresa.

E quero chamar a atención sobre a premura e urxencia de que actúe a Xunta de Galiza, porque os procesos de negociación están iniciados e nas empresas do grupo, con menos de 50 traballadores e traballadoras, o prazo é de quince días; quince días para pechar unha empresa.

E, para rematar, quero insistir na importancia das dúas cuestións básicas que comentaba no inicio: planificación para tirar o máximo proveito dos nosos recursos e participación dos gobernos nos procesos de despedimentos colectivos, recuperando a normativa anterior á reforma do Partido Popular do ano 2012; dúas cuestións que deberan estar na axenda de calquera goberno que teña a aspiración de ser algo máis que un mero acompañante xordo e mudo, un goberno que acompañe a xente á porta do paro.

Máis nada e obrigado. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Alfonso.

Rematado o debate das proposicións non de lei, procedemos á votación.

Votación das proposicións non de lei

O señor PRESIDENTE: Comezamos votando a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego por iniciativa de dona María González Albert.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María González Albert e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa reparación dos danos causados polos incendios que se produciron en Galicia no mes de xullo de 2022.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.



En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular por iniciativa de dona Cristina Sanz.

Non se aceptan as emendas do Grupo Parlamentario Socialista e do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Marta Nóvoa Iglesias e seis deputados/as máis, sobre a demanda que debe facer a Xunta de Galicia ante o Goberno central para garantir investimentos estratéxicos no sector téxtil en Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 58; abstencións, 14.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular por iniciativa de don José Manuel Balseiro.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Balseiro Orol e seis deputados/as máis, sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España respecto da reconstrución do viaduto do Castro, da autovía do Noroeste.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 72.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista por iniciativa de don Eduardo Ojea.

Acéptase a emenda do Grupo Parlamentario Popular.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Eduardo Ojea Arias e D^a Patricia Otero Rodríguez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para presentar un informe respecto das cantidades executadas e os logros acadados co desenvolvemento das liñas estratéxicas do Pacto de vivenda de Galicia 2021-2025.



Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 72.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista por iniciativa de don Julio Torrado.

Acéptase a emenda como engádegas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego no seu primeiro punto e aceptou tamén a votación por puntos do Grupo Parlamentario Popular.

¿Que puntos quere separar?

Déanlle voz ao escano da señora Rodríguez-Vispo.

A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ: Nós queríamos separar o punto 5º da iniciativa, os catro primeiros, e o punto 5. Acéptase a engádegas de 6 e 7 e por separado 5, 6 e 7...

O señor PRESIDENTE: ¿Como?

A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ: ...e os catro primeiros. (*Murmurios.*)

Dous bloques: os catro primeiros e o 5, 6 e 7. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Pero é que o 6 e o 7 non os aceptou, (*Murmurios.*) creo.

A ver, a ver se nos entendemos.

Déanlle voz ao escano do señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Si, das tres emendas do Bloque Nacionalista Galego aceptamos a primeira como engádegas...,

O señor PRESIDENTE: Correcto.

O señor TORRADO QUINTELA: ...o que sería un punto 6 en realidade. E entendo que o Partido Popular quere separar os catro primeiros e os outros por outro lado. Se é iso, non hai problema. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: A ver... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non hai, non hai. Imos ver, señora Rodríguez-Vispo, el comentou que acepta a emenda do Bloque Nacionalista Galego como engádegas ao primeiro punto. Entón, iso sería un novo punto engadido aí, e entón hai que separalo. Entón, sería separar un punto e os cinco restantes. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)



¿Non? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Que fale un, por favor, que fale o autor da iniciativa. Xa está. Repítao, porque ela non sei se o ten claro. *(Murmurios.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A ver, ¿telo claro? Di cal queres separar. ¿Cal queres separar? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ: O punto 5, o punto 5 separado.

O señor PRESIDENTE: É que iso é o que estou dicindo eu, é que confunden vostedes. Ela di unha cousa e vostedes din outra. ¿Que punto quere separar vostede?, ¿que punto quere separar? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Co dedo, se é necesario.

A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ: Non. 1, 2, 3 e 4, xuntos.

O señor PRESIDENTE: Si.

A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ: Iso nun bloque. E o resto da iniciativa, noutro bloque. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Só queda un. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Votamos en primeiro lugar 1, 2, 3 e 4. *(Murmurios.)* Vale, pois veña, imos votar.

Votamos.

Votación do texto transaccionado dos puntos 1, 2, 3 e 4 da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e D^a Marina Ortega Otero, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para aumentar os recursos humanos na área de saúde mental do sistema sanitario público, nomeadamente nas unidades infantoxuvenís.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 72.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobados estes puntos da proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos o resto dos puntos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Ben, o resto, por se as moscas. *(Murmurios.)* Polo que se falou aquí. O resto dos puntos. Votamos. *(Murmurios.)* Claro, o que queda.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei, agás os puntos xa votados (1, 2, 3 e 4), do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e D^a Marina Ortega Otero, sobre as actuacións que



debe levar a cabo a Xunta de Galicia para aumentar os recursos humanos na área de saúde mental do sistema sanitario público, nomeadamente nas unidades infantoxuvenís.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitados os restantes puntos desta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: E, por último, votamos a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego por iniciativa do señor Fernández Alfonzo.

Hai unha proposta de transacción. ¿Acéptase a transacción?

Para os invitados, é a que leu o Grupo Parlamentario Popular. Iso é o que se vai votar. (*Pro-núncianse palabras que non se perciben.*). Ben, foi a transacción que leu ela, desde aquí. (*Pro-núncianse palabras que non se perciben.*) A iniciativa é do Bloque, efectivamente. (*Murmurios.*)

Votamos.

Votación do texto autoemendado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Pontón Mondelo e dezaioito deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para manter a actividade e o emprego do Grupo Ganomagoga.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 71.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Non hai máis asuntos hoxe. Suspendemos ata mañá.


Suspéndese a sesión ás oito e dezanove minutos do serán.



RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Aira Díaz, María del Carmen	(BNG)	39. Pardo López, Adrián	(P)
2. Álvarez Martínez, Luis Manuel	(S)	40. Pazos Couñago, José Alberto	(P)
3. Amigo Díaz, María Encarnación	(P)	41. Pérez Domínguez, Fernando	(P)
4. Arangüena Fernández, Pablo	(S)	42. Pérez Fernández, Rosana	(BNG)
5. Arias Rodríguez, Raquel	(P)	43. Pérez López, Daniel	(BNG)
6. Armada Pérez, José Antonio	(P)	44. Pérez López, Noelia	(P)
7. Balseiro Orol, José Manuel	(P)	45. Pomar Tojo, Carmen María	(P)
8. Bará Torres, Xosé Luís	(BNG)	46. Pontón Mondelo, Ana	(BNG)
9. Caballero Miguez, Gonzalo	(S)	47. Porro Martínez, María Corina	(P)
10. Cachafeiro Anta, Belén	(P)	48. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
11. Calvo Pouso, Diego	(P)	49. Prado del Río, Paula	(P)
12. Candia López, María Elena	(P)	50. Prado Patiño Jesús Miguel	(P)
13. Carballo Páez, Ramón	(P)	51. Presas Bergantiños, Noa	(BNG)
14. Carreira Pazos, Iria	(BNG)	52. Puy Fraga, Pedro	(P)
15. Castro García, Daniel	(BNG)	53. Queixas Zas, Mercedes	(BNG)
16. Castro Rey, Paloma	(S)	54. Rey Varela, José Manuel	(P)
17. Conde López, Francisco José	(P)	55. Ríos Santomé, Paulo	(BNG)
18. Díaz Mouteira, María Sol	(P)	56. Rivas Cruz, Xosé Luís	(BNG)
19. Díaz Varela, Noa Susana	(S)	57. Rodeiro Tato, Ovidio	(P)
20. Egerique Mosquera, Teresa	(P)	58. Rodil Fernández, Olalla	(BNG)
21. Fernández Alfonzo, Ramón	(BNG)	59. Rodríguez Carrera, María Felisa	(P)
22. Fernández Gómez, Alexandra	(BNG)	60. Rodríguez Dacosta, María del Carmen	(S)
23. Ferro Iglesias, José Luis	(P)	61. Rodríguez Pérez, Moisés	(P)
24. Freire Vázquez, María Begoña	(P)	62. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(P)
25. Gallego Sanromán, María Leticia	(S)	63. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	(S)
26. García Vidal, Ana Belén	(P)	64. Rueda Valenzuela, Alfonso	(P)
27. Gómez Salgado, Carlos	(P)	65. Salido Maroño, María Belén	(P)
28. González Albert, María	(BNG)	66. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(P)
29. González Iglesias, María do Carme	(BNG)	67. Santos Costa, Manuel	(P)
30. López Sánchez, Rosalía	(P)	68. Sanz Arias, Cristina	(P)
31. Lourenzo Sobral, Manuel Antonio	(BNG)	69. Seco García, Martín	(S)
32. Lorenzo Gómez, Rubén	(P)	70. Suárez Sarmiento, María Elena	(P)
33. Murillo Solís, María Guadalupe	(P)	71. Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago	(BNG)
34. Nóvoa Iglesias, Marta	(P)	72. Torrado Quintela, Julio	(S)
35. Ojea Arias, Eduardo	(S)	73. Vázquez Domínguez, Sandra	(P)
36. Ortega Otero, Marina	(S)	74. Vega Pérez, Daniel	(P)
37. Otero Lago, Noelia	(S)	75. Vereza Fraiz, Borja	(P)
38. Otero Rodríguez, Patricia	(S)		





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

